

TESE DE DOUTORAMENTO

**Recintos Fortificados
en Altura na costa
atlántica galega.
Estudo arqueolóxico**

Mario Fernández-Pereiro

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E
HISTORIA DA ARTE - E5061P01

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2018





DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

Recintos Fortificados en Altura na costa atlántica galega. Estudo arqueolóxico

D. Mario Fernández Pereiro

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
- 4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Compostela, 31 de Outubro de 2018

Asdo. Mario Fernández Pereiro





AUTORIZACIÓN DOS DIRECTORES DA TESE

Recintos Fortificados en Altura na costa atlántica galega. Estudo arqueolóxico

D. José Miguel Andrade Cernadas

D. José Carlos Sánchez-Pardo

INFORMAN:

*Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D. **Mario Fernández Pereiro**, baixo a nosa dirección, e autorizamos a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directores desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Compostela, a 31 de Outubro de 2018

Asdo.
**José Miguel Andrade
Cernadas**

Asdo.
José Carlos Sánchez-Pardo







Resumo

Na costa atlántica da Galiza, no noroeste da Península Ibérica, existe unha concentración de xacementos fortificados con características similares entre eles, que non poden ser clasificados nin coma castros, entendidos estes como poboados da Idade do Ferro, nin coma castelos da Plena ou Baixa Idade Media, e que habitualmente foron datados entre os séc. V-X e.c. Estes xacementos apenas coñecen estudos arqueolóxicos en profundidade, polo tanto, os datos existentes sobre eles son parciais ou nulos.

O presente estudo escolle unha pequena mostra destes xacementos para tentar clarificar datos até o de agora descoñecidos, como as súas cronoloxía de ocupación e a súa funcionalidade ou o seu contexto social.

Este achegamento, ao contrario que os anteriores, basease nunha metodoloxía principalmente arqueolóxica, sendo empregadas técnicas de teledetección, prospección en campo, estudo de materiais i escavación arqueolóxica. En base a estas técnicas, foi posíbel analizar cada asentamento dende un punto de vista da Arqueoloxía da Arquitectura coma dende a Arqueoloxía da Paisaxe.

Os resultados desta investigación permiten identificar esta tipoloxía de asentamentos fortificados e acoutar os seus momentos de ocupación, para o noroeste peninsular, nos séc. V e VIII-IX e.c., relacionándoos cos momentos de transición existentes entre a desaparición dunha estrutura de poder estatal previa e a configuración e consolidación da seguinte.

Resumen

En la costa atlántica gallega, en el noroeste de la Península Ibérica, existe una concentración de sitios fortificados con características similares entre sí, que no pueden clasificarse como castros, entendidos como los de la Edad del Hierro, ni como Castillos de la Plena o de la Baja Edad Media, y que habitualmente han sido fechados entre los ss. V-X e.c. Estos sitios apenas conocen estudios arqueológicos en profundidad, por lo tanto, los datos existentes sobre ellos son parciales o nulos.

El presente estudio elige una pequeña muestra de estos sitios para tratar aclarar datos hasta ahora desconocidos, como su cronología de ocupación y su funcionalidad o su contexto social.

Este enfoque, al contrario que los anteriores, se base en una metodología principalmente arqueológica, utilizando técnicas de teledetección, prospección en campo, estudio de materiales y excavación arqueológica. En base a estas técnicas fue posible analizar cada asentamiento tanto desde un punto de vista de la Arqueología de la Arquitectura como a partir de la Arqueología del Paisaje.

Los resultados de esta investigación nos permiten identificar esta tipología de asentamientos fortificados y acotar sus momentos de ocupación, en el noroeste de la península, hacia nosotros. V e VIII-IX e.c, relacionándolos con los momentos de transición entre la desaparición de una estructura de poder estatal previa y la configuración y consolidación del siguiente.

Abstract

Along the Atlantic coast of Galiza, in the northwest part of the Iberian Peninsula, a concentration of fortified sites with similar characteristics among them do exist. These sites can not be classified as Iron Age hillforts, neither as Central Middle Ages castles, and traditionally they have been dated between the 5th-10th centuries AD. These sites have scarcely been explored from archaeological perspectives, and therefore, we have very little evidence about them.

The present study will focus on a small sample of these sites in order to obtain new information about them, like its occupation chronology, functionality or social context.

This approach, unlike the previous ones, will be based mainly on archaeological methodology, using remote sensing techniques, field survey, material culture study and archaeological excavation. Based on these techniques, it has been possible to analyze each one of these sites from the point of view of the Archeology of Architecture and Landscape Archeology.

The results of this investigation allow us to identify this typology of fortified settlements and to understand their moments of occupation in this area, which correspond to 5th century AD as well as 8th-9th centuries AD. These chronologies are related to moments of transition between the disappearance of a previous state power structure and the configuration and consolidation of the following one.



**Recintos Fortificados en Altura
na costa atlántica galega.
Estudo arqueolóxico**





Agradecimentos

Diolopaghe gente!

Coma disse alguma vez alguém que sabe muito mais sábio do que sou eu: as tarefas som coletivas, mais os erros som individuais. Pelo tanto, quero agradecer a toda a gente que me ajudou a realizar este Trabalho.

Penso que toda a gente aqui mencionada saberá porque o é, de nom ser assim, perguntai-me! E bem seguro que me esqueço de alguém, pelo tanto, desculpas por antecipado.

Antes de nada, e em lugar preferente, agradecer aos meus diretores: Jose Miguel Andrade Cernadas e Jose Carlos Sánchez Pardo. Se nom chega ser por eles, esta Tese nom existiria. Obrigado pelos apontamentos, correções, broncas e mensagens. Obrigado por esse férreo controle, mais também por essa liberdade para percorrer o meu caminho. De voltar quatro anos atrás, voltaria escolher-vos como diretores e reitores para realizarem esta investigaçom. Penso que fica tudo dito.

Assim mesmo, e sem seguir umha ordem lógica (mais lá da aleatoriedade): Celtia, Diego, Fran, Beni, Oria, Tânia, Patxi, Vero, Samu, Teje, Laura etc. Todas vós, arqueólogas, centríficas, amigas. Fostes a ajuda imprescindível resistindo-me estes anos. Desculpai-me pelas minhas tolémias. Obrigado pelos conselhos e pelos bons momentos. Diolopaghe! Seguiremos fazendo ciência no futuro, ou isso espero. Tampouco podó esquecer-me da gente que andivemos no Tana (Erik, Marcos, Maje, Rebeca e Jose) ou das delirantes do Sputnik Labrego (Alex, Antonio ou Olalla, assim como as já mencionadas anteriormente). Por muita mais ciência! E, igualmente, obrigado a todas as investigadoras do

grupo Síncrisis, especialmente a Marco Virgilio e a Pedro López Barja.

Paco e Aarom; Polis e a gente de Nimrod (*Semper Fi*); às delirantes da *Sessiom Vermú* (Andrea, Aina, Marcos e Alberte, temos que nos juntar para umha boa foliada); a Danie e Matilde do *Cañahueca* (por fazer mais agradável esta etapa universitária) Miriam, Diego, Lara, Ivam etc. Todas vós, ainda que nom o esperedes, também aportastes muito a este trabalho. É-che o que há!

A todas essas comunidades locais que sodes resistentes e resilientes contra o estado, especial mençom à gente dos montes de Trevinca, às paróquias de Casaio e Soutadoiro: Francisco, César, María Bar, María Tenda, Seve, Alfredo, Sidra etc. Aprendo demasiado de vós!

A todas as que defendem a nossa Cultura e a nossa Terra. Venceremos nós!

Rematando, obrigado Ma e Pa. Por ajudar-me e por guiar-me. Também, dendê aqui, quero recordar ao nosso Ponchinho.

Obrigado Beatriz. Já sabes, Por sempre!

Mário Saturnino Fernández-Pereiro

Na Terra,

Outubro 2018

Introdución

Esta Tese Doutoral estrutúrase en base a unha cuestión: que son, que función teñen e en que contexto histórico social se encadran unha serie de asentamentos fortificados en altura situados na chamada Depresión Meridiana, no occidente da Galiza. Aínda que existían algúns achegamentos previos a este tema, nunca se lle adicara unha análise en profundidade dende a Arqueoloxía.

Partindo dun coñecemento moi fragmentado e irregular sobre este tipo de lugares, escollemos unha mostra limitada de xacementos e realizamos un traballo intensivo en cada un dos mesmos. As novas (e non tan novas) técnicas de prospección dixital e as (máis) *tradicionais* de prospección superficial de campo permitiron construír unha serie de planimetrías detalladas de cada asentamento fortificado, sempre dependendo da conservación de cada un deles. A partir disto, estudamos e comparamos as súas características arquitectónicas e, a maiores, a súa inserción na paisaxe.

Unha vez realizado todo este traballo intensivo sobre todo o conxunto de lugares, chegaba o momento de considerar cal era a súa razón de existencia. Os estudos sobre a materialidade arqueolóxica precisan da súa inclusión dentro dun discurso histórico, é dicir, contextualizar os achádegos. De non facer isto, cousa relativamente habitual na Arqueoloxía Galaica, sería o mesmo que facer ren: quilos de datos sen contexto. A metáfora máis acertada sería coma escavar un xacemento e meter en sacas todos os materiais, independentemente da súa orixe e do seu contexto, aplicando calquera criterio arbitrario, coma o estético ou formal. A quen se lle ocorrería?

Aplicando esta metáfora, facer todo este traballo sen tentar, polo menos, realizar un traballo de interpretación dos datos sería algo ridículo. Polo tanto, isto foi o que tentamos no final deste texto. Procuramos explicar o porqué, nalgún momento da nosa Historia, existiu a necesidade, por parte de alguén, de construír e ocupar estes recintos fortificados en altura.

Somos moi conscientes do reducido e parcial dos datos que obtivemos ao longo deste traballo, a falta de estudos previos é unha lacra moi forte, e tamén de que as conclusións, malia basearse en datos e análises arqueolóxicas propias, tamén sofren unha forte influencia das comparacións con outros lugares da Península ou da Europa Occidental, nomeadamente dos contextos coñecidos do val do Douro ou do arco mediterráneo do estado francés.

De todos modos, a intención deste traballo era, e é, comezar a andar os primeiros pasos e rozar o camiño da definición desta realidade arqueolóxica, destes recintos fortificados en altura, destes asentamentos fortificados *indefinidos*. Ou polo menos intentalo.

Índice

Agradecementos.....	1
Introdución.....	3
Índice	5
Índice de Láminas.....	13
I. Na procura dunha teoría e unha praxe para o estudo de asentamentos fortificados indefinidos.....	23
Introdución.....	25
Capítulo 1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?	27
1.1. O noso <i>indefinido</i> obxecto de estudo	27
1.2. Estado da cuestión	29
1.3. Marco Xeográfico: A Depresión Meridiana	35
1.4. Un Marco Cronolóxico que tamén é <i>indefinido</i>	41
1.5. Ferramentas para a <i>definición</i> : o Marco teórico.....	43
1.6. Fontes históricas	45
1.6.1. Fontes históricas primarias para o estudo dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	45
1.6.2. Fontes históricas secundarias para o estudo dos asentamentos fortificados indefinidos	46
1.7. Principio de exhaustividade	47
1.8. Estrutura do traballo.....	48
Capítulo 2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> ao longo da Depresión Meridiana	49
2.1. Catálogo de asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> na Depresión Meridiana.....	50
2.2. Conclusións arredor do catálogo de Asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	60
Capítulo 3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> na Depresión Meridiana	61

3.1.	Sobre as fontes da información.....	61
3.2.	Metodoloxía de análise documental.....	62
3.3.	Metodoloxía do uso e xestión das Tecnoloxías de Información Xeográfica (TIXs)	63
3.3.1.	Software e orixe dos datos empregados	64
3.3.2.	Uso das TIXs como ferramenta de prospección	65
3.3.3.	Uso das TIXs como ferramenta para a análise espacial	68
3.3.4.	Problemáticas encontradas no uso das TIXs para a prospección e análise dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	70
3.3.5.	Método de representación e resultados.....	74
3.4.	Metodoloxía de Prospección Arqueolóxica	74
3.5.	Metodoloxía de Escavación Arqueolóxica.....	79
3.6.	Metodoloxía de Estudo e Manipulación da Cultura Material Móbel	81
3.7.	Sobre as representacións da evidencia arqueolóxica.....	82
II. Cara unha caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos na Depresión Meridiana		85
Introdución.....		87
Capítulo 4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> na Zona Sur da Depresión Meridiana		91
4.1.	Monte Aloia	94
4.1.1.	Localización	94
4.1.2.	Referencias previas	98
4.1.3.	Intervencións Arqueolóxicas	100
4.1.4.	Arquitectura e Cultura Material.....	103
4.1.5.	Interpretación	109
4.2.	Monte das Penizas	112
4.2.1.	Localización	112
4.2.2.	Referencias previas	115
4.2.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	116
4.2.4.	Interpretación	120
4.3.	Faro de Budiño	123
4.3.1.	Localización	123
4.3.2.	Referencias previas	126
4.3.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	127
4.3.4.	Interpretación	135
4.4.	Alto de San Cibrán.....	139
4.4.1.	Localización	139
4.4.2.	Referencias previas	142
4.4.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	142
4.4.4.	Interpretación	145

4.5.	A Fortaleza do Galiñeiro.....	147
4.5.1.	Localización	147
4.5.2.	Referencias previas	152
4.5.3.	Intervencións Arqueolóxicas	153
4.5.4.	Arquitectura e Cultura Material.....	156
4.5.5.	Interpretación	160

Capítulo 5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana 163

5.1.	Castro Valente	165
5.1.1.	Localización	165
5.1.2.	Referencias previas	169
5.1.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	173
5.1.4.	Interpretación	178
5.2.	Castelo Redondo.....	180
5.2.1.	Localización	180
5.2.2.	Referencias previas	183
5.2.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	183
5.2.4.	Interpretación	187
5.3.	Castromaior.....	189
5.3.1.	Localización	189
5.3.2.	Referencias previas	192
5.3.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	192
5.3.4.	Interpretación	196
5.4.	Castelo de San Marcos.....	198
5.4.1.	Localización	198
5.4.2.	Referencias previas	201
5.4.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	201
5.4.4.	Interpretación	205
5.5.	Castelo de Portomeiro.....	207
5.5.1.	Localización	207
5.5.2.	Referencias previas	210
5.5.3.	Arquitectura e Cultura Material.....	210
5.5.4.	Interpretación	213

Capítulo 6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño 215

6.1.	Antecedentes e obxectivos da intervención no asentamento fortificado <i>indefinido</i> do Faro de Budiño.....	216
6.2.	Resultados arqueolóxicos da intervención no asentamento fortificado <i>indefinido</i> do Faro de Budiño.....	219
6.2.1.	Sector norte	219
6.2.2.	Sector sur.....	222
6.2.3.	Fin da intervención. Tapado parcial e final	224
6.3.	Datacións absolutas.....	225
6.4.	Interpretación da intervención arqueolóxica	226

6.5.	Análise da Cultura Material Móbel.....	228
6.6.	Interpretación cronolóxica	229
6.7.	Divulgación da intervención arqueolóxica.....	231
6.7.1.	Conferencias.....	231
6.7.2.	Aberto por obras.....	232
6.7.3.	Divulgación por Redes Sociais e medios de comunicación	233
Capítulo 7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados indefinidos da Depresión Meridiana 235		
7.1.	Estudos previos sobre a Cultura Material Móbel para a <i>Gallaecia Occidental</i> dos séc. V a IX.....	236
7.2.	Evidencias da Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> da <i>Gallaecia Occidental</i>	238
7.2.1.	Monte Aloia	238
7.2.2.	Monte das Penizas	239
7.2.3.	Faro de Budiño	239
7.2.4.	Alto de San Cibrán	240
7.2.5.	Fortaleza do Galiñeiro	241
7.2.6.	Castro Valente	242
7.2.7.	Castelo Redondo	244
7.2.8.	Castromaior	244
7.2.9.	Castelo de San Marcos	244
7.2.10.	Castelo de Portomeiro	245
7.3.	Conclusións arredor das evidencias de Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados indefinidos da <i>Gallaecia Occidental</i>	246
Capítulo 8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados indefinidos 249		
8.1.	Dicionario de termos arquitectónicos	249
8.2.	Análise da fábrica dos sistemas defensivos dos asentamentos fortificados indefinidos	252
8.3.	Formas tipolóxicas recorrentes nos sistemas defensivos 255	
8.3.1.	A configuración dos sistemas defensivos	255
8.3.1.1.	Un único recinto	256
8.3.1.2.	Varios recintos concéntricos.....	258
8.3.2.	A configuración dos accesos principais.....	261
8.3.2.1.	Acceso con lenzo murario anexo	262
8.3.2.2.	Acceso a través de liñas defensivas paralelas ..	263
8.3.3.	Breve apunte sobre as configuracións dos accesos	266
8.4.	Extensión dos recintos fortificados e niveis de habitabilidade	268
8.5.	Arquitectura intramuros nos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	269
8.6.	Existencia de edificios relixiosos.....	270

8.7. As ocupacións actuais: afeccións e conservación dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	271
---	-----

Capítulo 9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais 275

9.1. Análises de visibilidade dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	275
9.1.1. Análise de visibilidade a longa distancia.....	275
9.1.1.1. Zona Sur da Depresión Meridiana	276
9.1.1.2. Zona Norte da Depresión Meridiana	281
9.1.2. Análise de visibilidade a media distancia.....	286
9.1.2.1. Zona Sur da Depresión Meridiana	286
9.1.2.2. Zona Norte da Depresión Meridiana	291
9.1.3. Análise de visibilidade a curta distancia.....	296
9.1.4. Análise de intervisibilidade	296
9.1.5. Análise de Visibilidade Acumulada	300
9.1.6. Conclusións a respecto das análises de visibilidade e intervisibilidade.....	302
9.2. Análise de accesibilidade e escabrosidade aos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	303
9.2.1. Zona Sur da Depresión Meridiana.....	305
9.2.2. Zona Norte da Depresión Meridiana	311
9.2.3. Conclusións a respecto das análises de accesibilidade e escabrosidade	318
9.3. Acceso a fontes de auga.....	318
9.4. Análise dos usos potenciais do terreo próximo aos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	319

III. Definindo o Indefinido 323

Introdución..... 325

Capítulo 10. Cara unha caracterización básica dos asentamentos fortificados *indefinidos* 327

10.1. Características da localización dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> na <i>Gallaecia Occidental</i>	328
10.1.1. Máxima altura relativa.....	329
10.1.2. Xeomorfoloxía propia	329
10.1.3. Proximidade a vías de tránsito naturais	330
10.1.4. Presenza visual	330
10.1.5. Control visual	330
10.1.6. Escabrosidade e dificultade de acceso.....	331
10.1.7. Lugares improditivos a nivel agrícola	331
10.2. Características arquitectónicas dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> na <i>Gallaecia Occidental</i>	332
10.2.1. A superficie ocupada	332
10.2.2. O aproveitamento xeral do medio natural	333
10.2.3. A artificialización local do medio natural	333

10.2.4.	A tipoloxía construtiva dos sistemas defensivos ...	333
10.2.5.	O espazo intramuros	335
10.2.6.	A importancia das fontes de auga.....	335
10.3.	Características dos materiais móbeis relacionados cos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> na <i>Gallaecia Occidental</i>	336

Capítulo 11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* 337

11.1.	Castros e <i>cultura castrexa</i> . Un combo inseparábel?	338
11.1.1.	Os castros durante a (mal)denominada <i>cultura castrexa</i>	338
11.1.2.	Os Castros ante a chegada do poder romano	340
11.1.3.	Castros alén da <i>cultura castrexa</i> . Será isto posíbel?	342
11.2.	Sobre o problema de terminoloxía	345
11.2.1.	De <i>castros</i> e asentamentos fortificados	345
11.2.2.	... da Antigüidade Tardía ou Alta Idade Media. ...	350
11.3.	A importancia do marco espacial.....	352

Capítulo 12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental* 353

12.1.	O(s) momento(s) de ocupación dos asentamentos fortificados	353
12.1.1.	En que momento(s) poden ser ocupados estes asentamentos fortificados.....	354
12.1.2.	Hipótese(s) de ocupación para os asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	357
12.2.	O porque e para que se recuperou a paisaxe fortificada na Antigüidade Tardía e na Alta Idade Media?	360
12.2.1.	Asentamentos fortificados ocupados no séc. V e.c.....	361
12.2.1.1.	Da Resistencia.....	362
12.2.1.2.	... á Resiliencia.....	365
12.2.2.	Asentamentos fortificados do séc. VIII-IX e.c.	366
12.2.2.1.	Durante o séc. VIII	366
12.2.2.2.	Durante o séc. IX	369
12.3.	A relación entre a sociedade e os asentamentos fortificados	370

Capítulo 13. Conclusións e Visión de futuro..... 375

Bibliografía..... 385

Anexos.....417

Anexo I. Material gráfico de cada Asentamento Fortificado	419
Anexo II. Documentación sobre a Intervención no Faro de Budiño	471
Anexo III. Análise cerámico	487





Índice de Láminas

Lámina 01	Visualización do noroeste peninsular co espazo denominado como <i>Gallaecia Occidental</i> sinalado	37
Lámina 02	Visualización da Depresión Meridiana sobre MDT	38
Lámina 03	Zonas de estudo dentro da Depresión Meridiana. A esquerda, o Val da Louriña e a dereita, o Val da Amaía	40
Lámina 04	Listado de asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> arredor da Depresión Meridiana.....	50
Lámina 05	Asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> arredor da Depresión Meridiana.....	51
Lámina 06	Series de Ortofotografías empregadas ao longo do traballo, co seu formato orixinal, data de realización e escala/resolución. Fonte: <i>Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia</i> (IDEG)	66
Lámina 07	Mostra das análises visuais de curta, media e longa distancia para o asentamento fortificado do Faro de Budiño	69
Lámina 08	A contorna do Castelo de Portomeiro. Alteración da paisaxe nos últimos sesenta anos	73
Lámina 09	Asentamento fortificado do Monte Aloia. Metodoloxía de prospección do recinto exterior en base aos datos obtidos a través da Teledetección Dixital.....	76
Lámina 10	<i>Exemplo de ficha de documentación empregada nos traballos de prospección arqueolóxica en campo</i>	78
Lámina 11	Vista do recinto defensivo do asentamento fortificado de Castro Valente, na súa esquina noroeste. Evidencias cubertas pola vexetación.	79
Lámina 12	Exemplo de representación da evidencia arqueolóxica no asentamento fortificado do Monte Aloia.....	82
Lámina 13	Localización da mostra dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	88
Lámina 14	Situación dos Asentamentos da Zona Sur da Depresión Meridiana.....	92
Lámina 15	Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Monte Aloia.....	95
Lámina 16	Modelo Dixital de Pendentes (MDP) do Monte Aloia	96
Lámina 17	Ortofotografía do Monte Aloia. PNOA 2014.	98

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

Lámina 18	Extracto onde se fai referencia á Fortaleza do Monte Aloia (Huerta y Vega, 1733).....	100
Lámina 19	Planimetría das sondaxes arqueolóxicas do ano 2001 na Fortaleza do Monte Aloia, cedida para a difusión por J.J. Perles Fontao	102
Lámina 20	Planimetría da Fortaleza do Monte Aloia realizada por Garrido (1987, p. 17).....	105
Lámina 21	Penedo denominado “Cama de San Xiao” na Fortaleza do Monte Aloia.	107
Lámina 22	Alzado de varios lenzo murais da Fortaleza do Monte Aloia realizado por Garrido (1987, p. 20).....	108
Lámina 23	Planimetría do Asentamento Fortificado do Monte Aloia ...	111
Lámina 24	Vista do Monte das Penizas dende o Faro de Budiño, situado ao norte.	112
Lámina 25	Ortofotografía do Monte das Penizas. PNOA 2014.....	114
Lámina 26	<i>Sky-View Factor</i> (SVF) do Monte das Penizas.....	115
Lámina 27	Vista do suposto trazado da muralla, no seu lateral noroeste, do asentamento fortificado do Monte das Penizas.	117
Lámina 28	Traballos de rebaixe no afloramento noroccidental do Monte das Penizas. Ao fondo, na esquerda da imaxe, o asentamento do Faro de Budiño.	118
Lámina 29	Vista do interior do asentamento fortificado do Monte das Penizas. Acumulación de material latericio: cachotaría e fragmentos de <i>tegulae</i>	119
Lámina 30	Vista da situada ao pé do trazado da muralla do asentamento fortificado do Monte das Penizas.....	120
Lámina 31	Planimetría do Asentamento Fortificado do Monte das Penizas.	121
Lámina 32	Fotografía do Monte Faro de Budiño dende o suroeste.	123
Lámina 33	Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Monte Faro de Budiño....	124
Lámina 34	Modelo Dixital de Pendentes (MDP) do Monte Faro de Budiño	126
Lámina 35	Vista do segundo lenzo da muralla do Asentamento Fortificado do Faro de Budiño	130
Lámina 36	Acrópole Inferior do Asentamento Fortificado do Faro de Budiño dende o suroeste.	132
Lámina 37	Interpretación da planta do grande edificio central do Faro de Budiño.	133
Lámina 38	Fragmento dunha pestana de <i>Tegula</i> localizada no Faro de Budiño.	135
Lámina 39	Planimetría do Asentamento Fortificado do Faro de Budiño....	137
Lámina 40	Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Alto de San Cibrán ...	139
Lámina 41	Capela de San Cibrán, situada no asentamento do Alto de San Cibrán.	140

Lámina 42	Ortofotografía do Alto de San Cibrán. PNOA 2014.....	141
Lámina 43	Planimetría do Asentamento Fortificado do Alto de San Cibrán. Cedida por Perles Fontao	143
Lámina 44	Vista dende intramuros de parte do sistema defensivo occidental do asentamento fortificado do Alto de San Cibrán.....	144
Lámina 45	Vista da zona próxima á capela de San Cibrán.....	145
Lámina 46	Planimetría do Asentamento Fortificado do Alto de San Cibrán.	146
Lámina 47	As Gallas do Galiñeiro dende o leste.....	147
Lámina 48	Ortofotografía das Gallas do Galiñeiro. PNOA 2014.....	149
Lámina 49	Modelo Dixital do Terreo (MDT) das Gallas do Galiñeiro .	151
Lámina 50	Planimetría das Gallas do Galiñeiro por Antonio Veiga (2001, p. 374)	153
Lámina 51	Fotografía da “cista” localizada na estrutura nº1 da Fortaleza do Galiñeiro, por Antonio Veiga (2001, p. 385).....	154
Lámina 52	Vista dende o sur do lenzo murario nordeste da muralla principal da Fortaleza do Galiñeiro.....	157
Lámina 53	Vista das estruturas interiores da Fortaleza do Galiñeiro dende o norte. No lateral esquerdo da imaxe aparece o lenzo murario da Lámina 51.	159
Lámina 54	Planimetría da Fortaleza do Galiñeiro.	161
Lámina 55	Situación dos Asentamentos da Zona Norte da Depresión Meridiana.....	164
Lámina 56	Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Castro Valente.	165
Lámina 57	Modelo Dixital de Pendentes (MDP) do Castro Valente.	167
Lámina 58	Escaneado do artigo “El Castro Valente Iriense” de Juan C. Rodríguez.....	172
Lámina 59	Vista da zona oriental do Castro Valente, onde se pode observar o trazado da muralla e a destrución ocasionada pola pista cortalumes.....	174
Lámina 60	Vista dunha lousa de granito con inscrición na Fonte de San Xoán no Castro Valente. Fotografía de C. Tejerizo.....	177
Lámina 61	Material construtivo de tradición romana localizado no Castro Valente.	177
Lámina 62	Planimetría do Asentamento Fortificado do Castro Valente.....	179
Lámina 63	Vista do afloramento granítico occidental do Castelo Redondo dende o Sur.	180
Lámina 64	Modelado Dixital do Terreo (MDT) do Castelo Redondo..	181
Lámina 65	Vista do río Ulla e a Ría de Arousa dende o Castelo Redondo..	182
Lámina 66	Derrubo de material construtivo pétreo na ladeira sur do Castelo Redondo.	184
Lámina 67	Procesado <i>Sky-View Factor</i> do Castelo Redondo.	185
Lámina 68	Planimetría do asentamento fortificado do Castelo Redondo....	188

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

Lámina 69	Vista do Monte do Castromaior dende o suroeste.	189
Lámina 70	Modelo Dixital do Terreo do Castromaior.	190
Lámina 71	Fotografía Aérea do Voo Americano do Castromaior.	191
Lámina 72	Lateral occidental do recinto superior do Castromaior.	193
Lámina 73	Vista da porta situada na segunda muralla dende o interior do recinto.	195
Lámina 74	Vista cara o noroeste do recinto de Castromaior.	195
Lámina 75	Planimetría do Asentamento Fortificado de Castromaior.	197
Lámina 76	Modelo Dixital do Terreo do Castelo de San Marcos.	198
Lámina 77	Fotografía Aérea do Voo Americano do Castelo de San Marcos.	200
Lámina 78	Vista dende u oeste do interior do recinto superior do Castelo de San Marcos.	202
Lámina 79	Vista do afloramento granítico situado no extremo oriental do Castelo de San Marcos.	203
Lámina 80	Procesado Sky-View Factro do Castelo de San Marcos.	204
Lámina 81	Planimetría do Asentamento Fortificado do Castelo de San Marcos.	206
Lámina 82	No centro da imaxe, o Monte Maior. Vista dende o asentamento de Castro Maior, situado cara o sur.	207
Lámina 83	Fotografía Aérea do Voo Americano do Castelo de Portomeiro.	208
Lámina 84	Ortofotografía do ano 2014 do Monte Maior.	209
Lámina 85	Dúas vistas da muralla do recinto que coroa o Monte Maior, realizadas en momentos diferentes. Na esquerda, detalle da muralla e do valado. Na dereita, o paramento exterior da muralla, polo lado sur.	210
Lámina 86	Vista dende o suroeste da porta de acceso ao recinto superior do Castelo do Portomeiro.	211
Lámina 87	Detalle dunha construción intramuros do recinto principal, que conta cunha pía no seu interior.	212
Lámina 88	Detalle do corredor intramuros do recinto principal do Castelo de Portomeiro.	213
Lámina 89	Planimetría do Asentamento Fortificado do Castelo de San Marcos.	214
Lámina 90	Fotografía da equipa de traballo da intervención arqueolóxica no Faro de Budiño.	217
Lámina 91	Vista da localización das sondaxes (cor azul) sobre a planimetría do Faro de Budiño.	218
Lámina 92	Proceso de retirada da UE101, dende o oeste.	219
Lámina 93	Vista do sector norte dende o norte. En primeiro termo está a UE102, detrás desta a UE104 e á esquerda da imaxe a UE120.	220
Lámina 94	Vistas do sector norte. Á esquerda, a UE106 vista dende o norte. Á dereita, vista da zona oeste da UE108.	221
Lámina 95	Vista do sector norte dende o norte. Fin de intervención na UE118, rocha natural. Obsérvase a esquerda da imaxe a UE110.	221

Lámina 96	Vista do sector sur dende o sur. En primeiro termo está a UE103, detrás desta a UE104 e á dereita da imaxe a UE123.....	222
Lámina 97	Vistas do sector sur. Á esquerda, manchas de queimado na UE107. Á dereita, vista parcial da UE109.	223
Lámina 98	Vista do sector sur dende o sur. En primeiro plano a UE 111, a gabia UE115 e no fondo a UE104. Na dereita a UE123.	223
Lámina 99	Vista do sector sur dende u oeste. Fin de intervención na UE119, rocha natural.	224
Lámina 100	Vista da fin dos traballos de escavación. Á esquerda, reforzo da base dos muros e á dereita, proceso de tapado con xeotextil. Ambas vistas son dende o sur.	225
Lámina 101	Táboa cos datos das mostras datadas a partir da intervención no Faro de Budiño.....	226
Lámina 102	Táboa cas fases de ocupación documentadas na intervención do Faro de Budiño.....	231
Lámina 103	Momento da conferencia realizada no local <i>A Furna</i> o 4 de Marzo de 2018.	232
Lámina 104	Vista da visita guiada á escavación do Faro de Budiño do 25/04/2018.	232
Lámina 105	Material adscribíbel ao asentamento das Penizas. Na esquerda, fragmento de <i>tegula</i> localizado durante a prospección. No centro da imaxe o material depositado no Museo Provincial de Pontevedra. Na dereita, o material localizado na casa dun particular.	239
Lámina 106	Material recuperado na escavación do Faro de Budiño. Na dereita, fragmentos de vidro. No centro, fragmentos de cerámica adscribíbel aos séc. VIII-IX. Na dereita, dous fragmentos de cerámica engobada de tradición romana.	240
Lámina 107	Material adscribíbel ao asentamento de San Cibrán. Na esquerda e centro da imaxe o material depositado no Museo Provincial de Pontevedra. Na dereita, exemplo do material localizado durante a prospección.	241
Lámina 108	Material adscribíbel ao asentamento do Galiñeiro. Un exemplo do material localizado durante as escavacións dirixidas por Antonio Veiga (1970-1971). Fotografías extraídas do seu artigo (Veiga González, 2001).	242
Lámina 109	Material adscribíbel ao asentamento de Castro Valente. Na esquerda da imaxe un exemplo do material localizado durante a prospección. Na dereita, o material localizado no Museo Provincial de Pontevedra.	243
Lámina 110	Material cerámico e latericio adscribíbel ao asentamento de Castelo Redondo (a imaxe da esquerda é de C. Galbán).....	244
Lámina 111	Material adscribíbel ao Castelo de San Marcos. A esquerda, fragmento de <i>tegula</i> localizado no asentamento (Foto de C. Galbán). No centro, fragmentos de pastas vermellas <i>indefinidos</i> . Na dereita, material cerámico depositado no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.	245

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

Lámina 112	Material cerámico e vítreo localizado no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña adscribíbel ao asentamento do Castelo de Portomeiro.	246
Lámina 113	Táboa de análise comparativa da Cultura Material Móbel localizada na mostra de asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	247
Lámina 114	Vista dun paramento de cachotaría concertada. Zona nordeste do Castro Valente.....	250
Lámina 115	Detalle dun tizón situado na zona oeste do Monte Aloia. Foto de C. Tejerizo.....	252
Lámina 116	Vista dun lenzo murario de perpiaños irregulares e a súa imbricación cun afloramento granítico. Zona nordeste da Fortaleza do Galiñeiro.	253
Lámina 117	Debuxos de paramentos do sistema defensivo do Monte Aloia (Garrido Rodríguez, 1987, p. 20).....	254
Lámina 118	Vista de paramentos localizados. Dende arriba á esquerda: Monte Aloia, Fortaleza do Galiñeiro, Castro Valente e Castelo de Portomeiro.	255
Lámina 119	Configuración do sistema defensivo: Monte Aloia, Castro Valente e Monte das Penizas.	257
Lámina 120	Configuración do sistema defensivo: Alto de San Cibrán, Castelo de San Marcos e Castelo Redondo.....	259
Lámina 121	Configuración do sistema defensivo: Castelo de Portomeiro e Castromaior.....	260
Lámina 122	Configuración do sistema defensivo: Fortaleza do Galiñeiro e Faro de Budiño.....	261
Lámina 123	Configuración da entrada: Monte Aloia e Castro Valente. ..	262
Lámina 124	Configuración da entrada: Castelo de Portomeiro e Castromaior.....	264
Lámina 125	Configuración da entrada: Fortaleza do Galiñeiro e Faro de Budiño.	265
Lámina 126	Planimetría do acceso ao asentamento de Torre dos Mouros (Fernández Malde, 2012, p. 13).....	267
Lámina 127	Extensión da mostra de asentamentos fortificados <i>indefinidos</i>	268
Lámina 128	Referencias a estruturas interiores dentro de cada asentamento fortificado.	270
Lámina 129	Referencias a edificios relixiosos	271
Lámina 130	Fotografía datada en 1915 da cara sur do Monte Aloia. Autor descoñecido.....	273
Lámina 131	Zona de <i>merendeiro</i> no Alto de San Cibrán.	274
Lámina 132	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Monte Aloia.	276
Lámina 133	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Monte das Penizas.	277
Lámina 134	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Faro de Budiño.	278

Lámina 135	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Alto de San Cibrán.	279
Lámina 136	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende a Fortaleza do Galiñeiro.	280
Lámina 137	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castro Valente.	281
Lámina 138	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castelo Redondo.	282
Lámina 139	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castromaior.	283
Lámina 140	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castelo de San Marcos.	284
Lámina 141	Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castelo de Portomeiro.	285
Lámina 142	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Monte Aloia. .	286
Lámina 143	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Faro de Budiño.	287
Lámina 144	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Monte das Penizas.	288
Lámina 145	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Alto de San Cibrán.	289
Lámina 146	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende a Fortaleza do Galiñeiro.	290
Lámina 147	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende Castro Valente..	291
Lámina 148	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castelo Redondo.	292
Lámina 149	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castromaior. ...	293
Lámina 150	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castelo de San Marcos.	294
Lámina 151	Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castelo de Portomeiro.	295
Lámina 152	Intervisibilidade entre os Asentamentos fortificados da Zona Sur da Depresión Meridiana.	298
Lámina 153	Intervisibilidade entre os Asentamentos fortificados da Zona Norte da Depresión Meridiana.	299
Lámina 154	Visibilidade acumulada a 20 quilómetros na Zona Sur da Depresión Meridiana.	301
Lámina 155	Visibilidade acumulada a 20 quilómetros na Zona Norte da Depresión Meridiana.	302
Lámina 156	Análise de accesos e escabrosidade ao Monte Aloia.	306
Lámina 157	Análise de accesos e escabrosidade ao Monte das Penizas.	307
Lámina 158	Análise de accesos e escabrosidade ao Faro de Budiño.	308
Lámina 159	Análise de accesos e escabrosidade ao Alto de San Cibrán.	309

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

Lámina 160	Análise de accesos e escabrosidade á Fortaleza do Galiñeiro....	310
Lámina 161	Análise de accesos e escabrosidade ao Castro Valente (1)..	312
Lámina 162	Análise de accesos e escabrosidade ao Castro Valente (2)..	313
Lámina 163	Análise de accesos e escabrosidade ao Castelo Redondo....	314
Lámina 164	Análise de accesos e escabrosidade ao Castromaior.....	315
Lámina 165	Análise de accesos e escabrosidade ao Castelo de San Marcos.	316
Lámina 166	Análise de accesos e escabrosidade ao Castelo de Portomeiro..	317
Lámina 167	Indicación da proximidade a Fontes de Auga.....	319
Lámina 168	Usos potenciais do solo a un radio de 5 quilómetros.....	320
Lámina 169	Uso potencial do terreo e situación dos asentamentos fortificados.....	321
Lámina 170	Táboa comparativa dos asentamentos fortificados <i>indefinidos</i> situados na Depresión Meridiana.....	328
Lámina 171	Táboa coa terminoloxía empregada nas fontes históricas para referirse ás fortificacións dos séc. V-VII e interpretación funcional. Información de Gutiérrez González (2014).	348
Lámina 172	Vista cenital do final da sondaxe 01 da escavación arqueolóxica do asentamento fortificado do Faro de Budiño, Marzo 2018.	473
Lámina 173	<i>Matrix</i> da sondaxe 01 da escavación arqueolóxica do asentamento fortificado do Faro de Budiño, Marzo 2018.....	474

Porque a verdadeira tradición non emana do pasado, nin está no presente, nin se albisca no porvir; non é serva do tempo. A tradición é a alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan. A tradición non é a historia. A tradición é a eternidade

Afonso R. Castelao

Somos un pouco afeccionados a falar de Galiza, da casa galega, da etnografía galega, do folclore galego, da historia galega; todo isto está moi ben. Pero detrás diso hai algo, que é o pobo galego. É a xente que fixo todo iso, e iso témolo un pouco esquecido e só cando un se mete a fondo ó estudo destas cousas chega a identificarse con ese pobo, co pobo de Galiza. E entón é cando un lle ve as súas grandes virtudes e os seus defectos, porque tamén os ten. E cando nós nos damos conta de que somos nós. Que temos unha personalidade, mellor ou peor, pero nosa.

Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas



I. Na procura dunha teoría e unha praxe para o estudo de asentamentos fortificados indefinidos





Introdución

Como realizar un traballo arqueolóxico sobre unha serie de asentamentos fortificados *indefinidos* xa coñecidos na historiografía máis nunca estudados en profundidade e en conxunto? A resposta a esta pregunta está neste primeiro bloque, dividido en tres capítulos. Aquí compílase toda a información sobre as bases, tanto teóricas coma metodolóxicas, nas que se estrutura a presente investigación.

No primeiro capítulo, *Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?* (p. 27), explícase o obxecto de estudo deste traballo, os asentamentos fortificados *indefinidos*. A continuación, identifícanse os marcos xeográficos e cronolóxicos, o estado da cuestión a respecto destes xacementos e o marco teórico no que nos baseamos para desenvolver a investigación. A maiores, inclúese un breve espazo de reflexión onde nos reafirmamos nun principio de exhaustividade para a realización da nosa investigación.

O segundo capítulo, *Sobre a existencia de asentamentos fortificados indefinidos ao longo da Depresión Meridiana* (p. 49) presenta un catálogo de 29 xacementos que poden ser incluídos dentro da tipoloxía de asentamentos fortificados indefinidos presentada no primeiro capítulo. Este catálogo pretende situar nun mapa todos estes asentamentos. Algúns dos mesmos eran xa coñecidos con anterioridade, mais para outros é novidade a súa inclusión dentro de esta categoría cronolóxica.

O terceiro capítulo, *Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos*

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

na Depresión Meridiana (p. 61) é un compendio das ferramentas metodolóxicas empregadas para o estudo das fontes documentais e das fontes arqueolóxicas: Tecnoloxías de Investigación Xeoespacial (TIXs), prospección e escavación arqueolóxica e estudo e manipulación da cultura material móbel.



Capítulo 1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

1.1. O noso *indefinido* obxecto de estudo

O noso obxecto de estudo consiste en caracterizar arqueoloxicamente un grupo de asentamentos fortificados existentes no noroeste peninsular, aínda pouco e mal coñecidos, e que partillan unha serie de características comúns. Todas estas distinguen a este conxunto de xacementos doutros grupos de asentamentos fortificados presentes nesta área xeográfica que si están claramente *definidos* e que, xeralmente, se agrupan en base á súa, presunta, época principal de ocupación.

Os mais antigos son os asentamentos fortificados da Prehistoria e Protohistoria, comunmente chamados *castros*, cronoloxicamente asociados a momentos de ocupación entre os momentos finais da Idade do Bronce e as Idades do Ferro I e II. Esta forma de hábitat remata tras a chegada do Imperio Romano ao noroeste peninsular (González-Ruibal, 2006).

Os seguintes asentamentos serían, cronoloxicamente falando, as fortificacións xurdidas durante Imperio Romano. A chegada e establecemento do estado e o exército romano está relacionada cos campamentos, tanto estábeis coma temporais, ou con *turris* de vixilancia. Tradicionalmente foi asumido que apenas quedaban evidencias de fortificacións de época romana, mais o proxecto *Roman Army*, principalmente, está desmentindo esta afirmación¹.

¹ Roman Army, 2016 (www.romanarmy.eu) [Consultado 2018/03/28]

Por último, os castelos medievais. Nesta categoría englobábase os asentamentos fortificados ocupados dende os séc. X até o XV, coincidindo o seu fin funcional ca Revolta Irmandiña (Galbán Malagón, 2011, 2013; Lixó Gómez, 2016; Sánchez Sánchez, 2012). Algúns destes asentamentos foron reutilizados e transformados, tanto arquitectonicamente coma funcionalmente, tras o fin da Idade Media.

En cambio, o conxunto de asentamentos fortificados que mencionábamnos ao principio non están tan claramente *definidos* coma estes tres grandes grupos, polo tanto, empregaremos para definilos, polo momento, o concepto de *indefinidos*. Entón, o noso obxectivo neste traballo vai ser **analizar e caracterizar arqueoloxicamente un grupo de asentamentos fortificados *indefinidos* existentes no noroeste peninsular**. Esta realidade arqueolóxica será o noso obxecto de estudo.

Estes asentamentos *indefinidos* artéllanse como recintos defensivos emprazados en cumios que contan cunha elevada altitude relativa sobre o seu entorno, que son fisicamente prominentes na paisaxe circundante e que teñen un difícil acceso. Isto ofrécelles unha seguridade defensiva contra o exterior, un gran control visual da súa contorna e unha prominencia “simbólica”, xa que son facilmente identificábeis. Intramuros, sempre foron definidos estes asentamentos como *baleiros*, é dicir, sen evidencias visuais de construcións internas. A nivel de cultura material, as escasas referencias a materialidade fan mencións a fragmentos cerámicos vermellos ou pardos e a material latericio asimilábel a *tegula* romana e a *imbrices* ou tella curva.

Así mesmo, mentres que o tamaño destes asentamentos fortificados *indefinidos* pode recordar aos *castros* do Ferro II, as súas lóxicas de emprazamento están máis relacionadas coas dos *castros* do Ferro I ou dos *castelos roqueiros medievais*. Igualmente, destes dous últimos, estes asentamentos fortificados *indefinidos* diferéncianse tanto pola súa cultura material coma polas súas formas construtivas, sendo máis parecidas estas dúas últimas ao momento de presenza do Imperio Romano no noroeste peninsular. En principio, pódese descartar unha ocupación

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

principal destes asentamentos fortificados *indefinidos* tanto na Prehistoria coma na Idade Media, malia que partillen características con estes, aínda que non é descartábel que os sitios de emprazamento foran utilizados nalgún destes momentos históricos, tanto *a priori* coma *a posteriori*.

A maiores, recollemos a idea de definilos momentaneamente como *indefinidos*, valga a incoherencia, en base aos escasos traballos previos realizados arredor deste tipo de asentamentos fortificados, porque este concepto -*indefinidos* ou sinónimos- é o que se repite de forma continua. Tamén, esta *indefinición* está motivada, a maiores, pola falta de traballos arqueolóxicos en profundidade, que procuren superar a barreira do actual coñecemento.

Para finalizar, ademais da *indefinición* cronolóxica do noso obxecto de estudo existe unha *indefinición* con respecto á súa funcionalidade e razón de ser. Procuraremos analizar e explicar porque, nalgún momento situábel dentro do marco cronolóxico explicado máis abaixo, volve a aparecer esta lóxica de ocupación fortificada da paisaxe trala fin dos castros da Idade do Ferro. Así mesmo, coñecer se este fenómeno é motivado por un cambio nas formas de control social, espacial, económico neste momento de transición. En resumo, cal é a razón para que *rexurda* o fenómeno dos asentamentos fortificados?

1.2. Estado da cuestión

Aínda que, como acabamos de sinalar, estes recintos son pouco coñecidos, existen algúns traballos previos sobre os mesmos que é preciso comentar antes de comezar o noso estudo. Cabe resaltar que a gran parte destes traballos realizados arredor dos asentamentos fortificados *indefinidos* situados no Noroeste foron feitos dende un punto de vista histórico, baseándose nas fontes primarias, e, *sen apenas*, fundamentación arqueolóxica. Case todas as referencias que presentaremos a continuación teñen en común a súa *indefinición* a respecto do debate cronolóxico ou funcional, laiándose da falta de datos, tanto históricos como

arqueolóxicos, sobre estes asentamentos fortificados. A orde escollida é decrecente, é dicir, primeiro son mencionadas as referencias onde se analizan varios asentamentos para, a continuación, os traballos realizados sobre un só xacemento.

En la mayor parte de estos trabajos se insiste en las carencias y limitaciones de los registros disponibles, pero en general se sugieren tendencias sobre las que se podrán ir construyendo a medio plazo síntesis más sólidas. (Quirós Castillo, 2012, p. 20)

Novo Guisán (2000) realiza unha recompilación das mencións nas fontes primarias dos séc. V-IX e.c. A maiores disto, o texto contén un resumo dos traballos realizados sobre este fenómeno das fortificacións e un breve catálogo titulado *Castros con materiais tardíos*, onde fai referencia aos castros da Idade do Ferro que conteñen materiais situábeis entre os séc. IV-VI e.c. É de notar que a seu marco xeográfico abarca o territorio da provincia romana da *Gallaecia*. López Quiroga, xunto con outras investigadoras, analiza en diversos traballos as reocupacións de asentamentos fortificados tras a desaparición do poder romano no noroeste peninsular (López Quiroga, 2002; López Quiroga & Benito Díez, 2008; López Quiroga & Lovelle, 1999). Estes dous autores relacionan a reaparición dunha paisaxe fortificada ca chegada á *Gallaecia* dos pobos xermánicos, polo tanto asumen un marco cronolóxico dos séc. V-VI e.c. Igualmente, é de notar que as análises realízanse sobre as reocupacións de castros prehistóricos nestes séculos, non á construción *ex-novo* de asentamentos fortificados coma os que son analizados no presente traballo.

O arquitecto Jaime Garrido foi o primeiro que realizou unha descrición tipolóxica de varios asentamentos fortificados *indefinidos* situados nas proximidades da cidade de Tui. Este estudo é moi interesante, xa que recolle moita información do estado, localización, fábrica construtiva e espazo ocupado de tres asentamentos fortificados -Monte Aloia, Faro de Budiño e a Fortaleza do Galiñeiro-, así coma das súas planimetrías, unha interpretación dos seus posíbeis usos e un achegamento ás súas cronoloxías de ocupación, que non dubida en relacionar co

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

momento de transición existente entre a fin do Imperio Romano e a Idade Media (Garrido Rodríguez, 1987).

Manuel Gago, xornalista de formación, realiza un pequeno recorrido sobre as diferentes tipoloxías de fortificacións que se encadran cronoloxicamente entre a fin do Imperio Romano e a Idade Media situadas na *Gallaecia Occidental*. Para as fortificacións que son máis próximas ao momento de final do dominio romano, aventura a súa relación cos diferentes aglomerados secundarios existentes (*Tude, Iria Flavia* etc.) e que os “Castella tutiora que Idacio quiere resaltar en su singularidad pudieran corresponderse, en algunos casos, con estas grandes fortificaciones en altura” (Gago Mariño, 2011a). Asemade, o mesmo autor ten un blog na Internet chamado *Capítulo Cero* (Gago Mariño, 2003), no cal, na súa sección adicada á arqueoloxía, existen unha serie de entradas asociadas baixo o título *Repúblicas de homes libres* nas que fai referencias e escribe a respecto de varios asentamentos fortificados cuxa cronoloxía o autor identifica entre a fin do Imperio Romano e a Idade Media.

Sánchez-Pardo realiza unha revisión do estado da cuestión a respecto das fortificacións existentes na Galiza entre o séc. V e o séc. XI, e menciona, entre outros, os mesmos asentamentos fortificados descritos por Garrido. O asentamento do Monte Aloia volve aparecer coma un dos grandes protagonistas, do que escribe que “posee un amplio control sobre el valle del Miño, la depresión meridiana por la que circulaba la importante vía XIX y la cercana ciudad de Tvde. Los restos de tegula, su imponente muralla de bloques ciclópeos de granito y la capilla de San Julián (advocación tardoantigua característica en Galicia) que alberga en su interior podrían remitirnos a una cronología tardorromana o germánica en su construcción” (Sánchez-Pardo, 2012, p. 37) e entende que este asentamento, xunto con outros de similar tamaño, podería ter chegado “a agrupar a la población de su entorno y que, además, funcionaron como centros administrativos y de jerarquización social” (*ibid.*, p. 38). En cambio, os asentamentos do Galiñeiro e do Faro de Budiño son clasificados como fortificacións para a defensa e o control viario, sendo citados os seus aspectos máis salientábeis -monumentalidade,

dimensións e prominencia territorial-. Ao mesmo tempo, supón que “podrían ser parte de un máis amplo sistema de puntos de vigilancia y señales en torno al paso de la vía XIX y el Bajo Valle del Miño” (*ibid.*, p. 40). Sánchez-Pardo liga eses asentamentos fortificados a unha serie de axentes de poder supralocal, ligados ideoloxicamente ao mundo tardorromano, na liña de Urbano Espinosa e Castellanos García (2006). Tamén sinala paralelos a estes asentamentos ao longo de todo o Noroeste Peninsular, coma poden ser os asentamento de Castro Valente, Monte Pindo ou Castro Ventosa, dos que se fará mención ao longo deste traballo. Noutro texto realiza unha breve análise dun conxunto de dez xacementos próximos á cidade de Compostela (Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015). Este conxunto está construído en base ás propias características formais dos asentamentos, baseándose o traballo nunha prospección superficial do terreo combinada cunha análise espacial. A diferenza do anterior, neste traballo non se ofrece un marco cronolóxico concreto mais aló da tardoantigüidade e alta idade media.

Currás Refojos tamén fai unha referencia aos “recintos fortificados de cronología indeterminada” [sic.] dentro do seu traballo de investigación doutoral sobre o Baixo Miño entre a Idade do Ferro e a romanización. Identifica unha mostra de asentamentos fortificados cunhas características locacionais e arquitectónicas similares e diferéncias dos asentamentos prehistóricos analizados no resto da súa investigación (Currás Refojos, 2015, p. 886–892).

Rodríguez Resino (2005, 2007) ten realizado varios traballos sobre asentamentos fortificados ocupados entre a fin do Imperio Romano e o séc. X e.c., incidindo na mesma causalidade e cronoloxía aberta que o resto das referencias aquí recompiladas. Así mesmo, tamén publicou unha metodoloxía de prospección e localización de asentamentos tardoantigos e altomedievais que serviu de base para a nosa propia metodoloxía de prospección (Rodríguez Resino, 2009).

Outras referencias sobre asentamentos fortificados *indefinidos* ou datábeis neste marco cronolóxico son as realizadas

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

por Silva Alvite (2018) e Caselles López (2016). É importante mencionar que estas referencias son inéditas pola súa condición de traballos de fin de mestrado. No primeiro, a autora realiza unha análise arqueolóxica de 19 asentamentos situados no Val do Dubra, sendo tres deles inéditos até o momento. A partir disto, foi capaz de diferenciar patróns de asentamentos diferenciados dos da Idade do Ferro, mais sen afondar en marcos cronolóxicos concretos máis alá do recorrente período *entre o poder romano e a Idade Media*. O traballo de Caselles López partilla marco cronolóxico ca presente investigación, mais o proceso é radicalmente oposto, xa que o que procura son *niveis de ocupación tardoantiga en castros* a través das evidencias documentadas en museos ou referencias en traballos previos, permitindo situar nun mapa ocupacións datábeis a partir do séc. V e.c.

A maiores, é preciso facer mención ao proxecto coñecido comunmente como *Sputnik Labrego*². Este provén do proxecto pos-doutoral no INCIPIT de Carlos Tejerizo: “Resiliencia e resistencia da sociedade labrega galega en momentos de perigo” e no que o autor desta investigación colabora activamente. Un dos eixos do proxecto é a investigación e estudo das ocupacións fortificadas datábeis nos séc. V-VI e.c. na zona do río Sil e proximidades (Fernández-Pereiro, Tejerizo-García, Lixó Gómez, Rodríguez González, & Carvajal Castro, 2017; Tejerizo-García, Fernández-Pereiro, & Rodríguez González, En prensa; Tejerizo-García, Rodríguez González, & Fernández-Pereiro, En prensa).

Pola nosa parte, en textos previos temos realizado unha análise de 6 asentamentos fortificados situados arredor do *vicus* de Iria Flavia, comparando a súa configuración arquitectónica e as evidencias de cultura material móbel localizadas. A partir destes datos, pódense hipotetizar diferentes momentos ocupacionais para cada asentamento (Fernández-Pereiro, Ferreiro Diz, Guillán Armendáriz, & Rial Figueiras, 2017). Así mesmo, tamén realizamos unha reflexión a respecto da existencia de

² Proxecto Sputnik Labrego, 2016 (<https://sputniklabrego.com/>) [Consultado 2018/06/15]

asentamentos fortificados no mundo posromano (Fernández-Pereiro, 2017).

En canto a referencias unicamente centradas nun só xacemento, existe pouca variedade. Fernández Abella é autor dun breve texto sobre o asentamento de Castro Valente (A Estrada-Padrón). Nel realiza unha descrición arqueolóxica do recinto, dándolle unha cronoloxía de ocupación entre os séc. IV e VII e.c., remarcando que é unha hipótese e que non se dispoñen de suficientes datos para acoutar máis este abano (Fernández Abella, 2014). A intervención na Torre dos Mouros (Carnota) apenas aportou datos a respecto dos seus momentos de ocupación e de funcionalidade, máis si que foi novidosa pola súa apertura á comunidade, sendo moi influenciada pola Arqueoloxía Pública (Fernández Malde, 2012; Gago Mariño, Fernández Malde, Ayán Vila, & Toural, 2013). A maiores, un artigo moi similar ao de Fernández Abella foi realizado para o caso do Faro de Budiño por nos mesmos, sendo descritas as evidencias arqueolóxicas documentadas en prospección (Fernández-Pereiro, 2016).

Sendo a pretensión desta investigación ser un traballo principalmente arqueolóxico, é preciso facer referencia aos datos procedentes das memorias das diferentes intervencións arqueolóxicas ou das fichas do Inventario de Xacementos custodiadas polo Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, xa que foron, e son, unha fonte de información moi importante e imprescindible. Nas prospeccións que deron como resultado as fichas de inventariado de xacementos arqueolóxicos, os datos relacionados cos asentamentos fortificados obxecto do noso estudo son bastante escasos e superficiais. A maior parte da información almacenada nestas fichas provén de prospeccións realizadas, na súa grande maioría, nos anos noventa -cando non son da década anterior-, sendo ningunha delas realizada ca fin específica de localizar e/ou caracterizar esta tipoloxía de asentamentos fortificados³. A nivel

³ Neste momento, a década dos oitenta e dos noventa, estaba en proceso de creación do inventariado de xacementos (proceso que aínda continúa) polo que é normal esta deficiencia na identificación, localización e/ou descrición.

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

cronolóxico, estes asentamentos son relacionados maioritariamente co mundo da prehistoria recente, ou, unha minoría⁴, co amplo espazo temporal existente entre a tardorromanidade e a Alta Idade Media. Mentres que, a nivel funcional, a descrición só se reafirma no obvio, que son asentamentos fortificados, sen aportar ningún outro tipo de análises nin datos.

Resumindo, as referencias existentes para os asentamentos fortificados *indefinidos* no Noroeste peninsular inciden, en liñas xerais, nos mesmos puntos. Todas fan referencia ao momento excepcional de inestabilidade creado durante a chegada dos continxentes *xermánicos* e a desaparición do poder romano no noroeste peninsular, asumindo que estes asentamentos fortificados terían unha funcionalidade defensiva e de control das comunidades locais contra estas comunidades foráneas. A grande maioría das referencias datan os momentos de ocupación destes asentamentos entre os séc. V-VI e.c., sendo apenas uns poucos quen amplían este abano até os séc. IX-X e.c. Nembargantes, trátase en todos os casos de suposicións, sen existir ata o de agora, probas arqueolóxicas sólidas que o confirmen. O noso traballo tratará precisamente de cubrir este baleiro.

1.3. Marco Xeográfico: A Depresión Meridiana

A creación dun marco xeográfico provén da necesidade de precisar os límites da investigación nun espazo controlado e no que sexa posíbel realizar unha análise adecuada. A maiores, a auto-imposición dun marco xeográfico, nun traballo destas características, está en correspondencia cunhas limitacións de tempo, de posíbel acumulación de datos ou de problemas de financiamento.

Mais antes de centrarnos no marco xeográfico, queremos realizar un apuntamento a respecto deste tema. Consideramos

⁴ É de notar que este cambio na cronoloxía aparece nas fichas incluídas ou actualizadas máis recentemente.

negativa a escolla dun marco xeográfico para o estudo do noso pasado en base ás delimitacións da actual división administrativa⁵. O único en que pode resultar isto é na creación de apriorismos e na alteración das investigacións e dos resultados. Normalmente estas escollas baseadas nas divisións administrativas actuais parten dunha motivación ideolóxica que non favorece nada á investigación (Tejerizo-García, 2016a, p. 95).

Tendo o noso obxecto de estudo definido consideramos que agora é o momento de explicar o contexto xeográfico no que queremos realizar a nosa investigación. De todas formas, aínda que realizamos este traballo circunscribíndoo a un marco xeográfico auto-establecido, consideramos e agardamos que os resultados do mesmo podan ser aplicábeis e aplicados a outros espazos.

[...] in extremitate Oceani maris occidua.
(Hydatius, 41; en López Silva, 2004, p. 166)

Como xa será explicado no apartado do *Marco teórico* (p. 43), toda investigación utiliza varios niveis de escala de análise ca fin de estudar os fenómenos dentro dun contexto delimitado e localizábel. Aproveitamos esta cita extraída do *Chronicon* de Hidacio de Chaves para situar a nosa investigación e a “retórica xeo-localizadora” que imos empregar.

⁵ Escusando, claramente, os estudos do noso pasado recente, onde a actual división administrativa é a existente.

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?




Lámina 01. Visualización do noroeste peninsular co espazo denominado como *Gallaecia Occidental* sinalado

Empregando unha división política histórica, a antiga provincia romana de *Gallaecia*, consideramos localizar o noso traballo na súa parte máis occidental, por iso, ás veces, empregaremos para referenciar dentro do discurso xeral o concepto *Gallaecia Occidental* (Fernández Calo, 2017). Dentro deste espazo, situado no noroeste da península ibérica, están situados a maior parte dos territorios actualmente coñecidos como a Galiza amais o norte da República Portuguesa. Consideramos que a descrición que fai González-Ruibal (2006, p. 54-58) do que é o noroeste peninsular, tanto a nivel espacial coma ideolóxico, engloba perfectamente o que aquí se define como *Gallaecia*

Occidental. Ou, aplicando a mesma lóxica de empregar os sistemas de división política de orixe romana, o occidente do territorio ocupado polos *Conventus Lvcensis* e *Bracarensis* (Dopico Caínzos, 1986).




Lámina 02. Visualización da Depresión Meridiana sobre MDT

A creación dun discurso aplicado a un espazo xeográfico tan amplo, como é a *Gallaecia Occidental*, corría risco de ficar construído dunha forma moi xeral e pouco coherente. As diferenciacións interrexionais deste espazo son moi claras, polo que a inclusión de datos ficaría moi confusa. Co fin de crear este

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

discurso coherente, consideramos a escolla dun espazo de menor extensión e con maior cohesión. A existencia, dentro dos límites da *Gallaecia Occidental*, dun accidente xeográfico moi claro próximo á costa atlántica, coñecido como a Depresión Meridiana, focalizou o interese e facilitou a súa escolla como zona de estudo.

A **Depresión Meridiana** é unha formación xeolóxica cunha posíbel orixe nunha falla. Esta fractura está situada nas proximidades da costa atlántica e en paralelo a esta, cunha orientación norte-sur case perfecta, dende o concello de Carballo até o río Miño. De forma perpendicular a mesma localízanse catro grandes ríos que, á súa vez, conforman catro rías: o río Tambre a ría de Muros-Noia; o río Ulla a ría de Arousa, o río Lérez a ría de Pontevedra e o río Verdugo a ría de Vigo. Sumándose a estes catro, o río Miño e o seu esteiro fechan a Depresión polo seu lado Sur. Paralelamente, o interior da mesma confórmase visualmente coma un grande val e contén unha boa cantidade de afluentes destes cinco ríos principais (Torres Luna, 1986). Na lámina 02 (p. 38) visualízase perfectamente este accidente xeográfico, sendo a liña de cor verde paralela a costa.

Xa dende antigo, esta fractura xeolóxica foi escollida como zona central de ocupación, sendo un dos lugares onde se coñecen, por exemplo, unha das primeiras presenza humanas no noroeste peninsular (Lombera Hermida & Rodríguez Álvarez, 2014). A raíz disto, este accidente xeográfico foi amplamente ocupado polas comunidades humanas, tanto como lugares de hábitat ou como núcleo de comunicacións, dende a Prehistoria até os momentos actuais. A nivel hábitat podemos sinalar a presenza de asentamentos fortificados da Idade do Ferro (Currás Refojos, 2015; González-Ruibal, 2006), unha boa cantidade de *aglomerados secundarios* romanos (Pérez Losada, 2002), o paso da vía XIX romana (González-Ruibal, 2001), e a actual existencia de múltiples vilas e cidades -Tui, Pontevedra, Padrón, Santiago etc.-, as actuais vías de comunicación -estradas como a N-550 ou a AP-9 ou vías do ferrocarril- etc. A escolla da Depresión Meridiana como zona de estudo é interesante debido a súa situación xeográfica central e a súa significación coma zona de comunicación e de paso, unindo espazos tan diferentes coma é a

costa co interior da *Gallaecia* ou o norte co sur da fachada atlántica.




Lámina 03. Zonas de estudo dentro da Depresión Meridiana. A esquerda, o Val da Louriña e a dereita, o Val da Amaía

Un espazo xeográfico coas características da Depresión Meridiana contén no seu interior unha serie de subzonas con características propias. Estas están intensamente relacionadas cos cursos fluviais que forman parte ou que son paralelos á Depresión. A existencia destas subzonas, incide no interese de seren analizadas de forma individual, co fin de entender a Depresión no seu conxunto. Por conseguinte, reducimos o noso marco espacial a dúas subzonas, situadas en lugares opostos no eixo norte-sur. A escolla destes espazos de análise ten a súa orixe,

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

tanto polas súas características formais propias, coma pola elevada concentración de asentamentos fortificados dentro de cada unha das mesmas.

A **Zona Sur da Depresión Meridiana**: denominamos así ao espazo da Depresión situado entre a ría de Vigo, ao norte, e o río Miño, ao Sur. O río Louro exerce coma elemento fluvial central, sendo coñecida popularmente esta zona como Val da Louriña.

A **Zona Norte da Depresión Meridiana**: Este espazo comprende o tramo da Depresión situado entre o río Tambre, ao norte, e o río Ulla, ao Sur. Neste caso, o río Sar é o curso fluvial que exerce de elemento central. A toponimia popular denomina esta zona como Val da Amaía.

1.4. Un Marco Cronolóxico que tamén é *indefinido*

Como punto de partida e que xa foi aclarado con anterioridade, temos claro que o obxecto de estudo deste traballo son entidades arqueolóxicas que poden resultar similares mais, ao mesmo tempo, diverxentes aos asentamentos fortificados existentes ao longo da Idade do Ferro ou nos primeiros séculos da nosa era (Currás Refojos, 2015; Fábrega-Álvarez, 2005; González-Ruibal, 2006; Parcero Oubiña, 2002; Sánchez-Pardo, 2010), e que, ao mesmo tempo, tamén son diferentes aos asentamentos que coñecemos baixo a denominación xenérica de “castelos medievais”, dende os *castelos roqueiros* da Alta Idade Media (González Paz, 2007; Gutiérrez González, 1995; Luengo Martínez, 1950) até as fortalezas da Plena e Baixa Idade Media (Pardo de Guervara y Valdés, Otero Piñeyro Maseda & García González-Ledo, 2012; Sánchez Sánchez, 2012). É preciso subliñar a ampla variedade, tanto tipolóxica coma cronolóxica, existente entre os grupos de fortificacións aquí citados, o que remarca a singularidade dos asentamentos fortificados obxecto de estudo neste traballo.

Por tanto, non imos desenrolar aquí un apartado específico sobre o marco cronolóxico, xa que de partida non temos

suficientes evidencias para fechar un espazo temporal *correcto e sen caer en apriorismos* para a ocupación destes asentamentos fortificado *indefinidos*. Malia a que mostra escollida partille unha serie de características, isto non é proba suficiente de que foran ocupados durante o mesmo espazo cronolóxico. Polo tanto, malia incluír un apartado sobre o marco cronolóxico, queremos subliñar o feito de que este non está, nin moito menos, fechado e restrinxido ao que aquí se apuntará. Así mesmo, tampouco queremos descartar que algún destes asentamentos fortificados non tivera diferentes momentos de ocupación ao longo da Historia, polo que sería unha *contradictio* que fechamos a súa ocupación unicamente a respecto dun marco fechado. Ou que, por exemplo, malia compartiren características construtivas ou de emprazamento, exista a posibilidade de que un certo número destes asentamentos non fora ocupado no mesmo momento que o resto.

¿Qué ocorre entón en las épocas de las invasiones suevas, visigodas, árabes, o vikingas que abarcan el largo período comprendido entre el siglo V y el XI en que comienzan a difundirse los castillos? (Garrido Rodríguez, 1987, p. 29)

Algúns dos asentamentos fortificados incluídos na mostra da nosa investigación teñen unha bibliografía previa que asume unhas cronoloxías de ocupación que oscila entre os séc. IV e os séc. VIII-IX e.c. (Arias Vilas, 1996; López Quiroga, 2004; López Quiroga & Lovelle, 1999; Orejas Saco del Valle & Ruiz del Árbol Moro, 2010; Sánchez-Pardo, 2012). Así mesmo, a existencia dalgunha referencia escrita sobre algún deles ou a Cultura Material Móbel detectada pode indicarnos que este amplo abano cronolóxico non é incorrecto de todo.

Unha vez exposto todo o anterior, consideramos que, coma unha hipótese previa, o marco cronolóxico, no que estes asentamentos fortificados *indefinidos* teñen unha fase de ocupación e no que, polo tanto, está encadrada esta investigación, sería o momento histórico existente entre a fin do Imperio Romano de Occidente e a Alta Idade Media, séc. V a séc. IX e.c. Asumimos, como xa criticamos con anterioridade, o amplo abano

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

cronolóxico mais coma unha hipótese previa que precisa de ser reducida e concretada. Alén disto, dentro deste marco cronolóxico somos quen de distinguir dous períodos. O primeiro comprendería dende os séc. V até comezos do VIII, sendo o segundo ocupado polos séc. VIII e IX.

1.5. Ferramentas para a *definición*: o Marco teórico

Baseamos o presente traballo en dous pilares teóricos nos que baseamos a análise arqueolóxica desta investigación, e que procederemos a detallar a continuación:

A **Arqueoloxía da Paisaxe** procura analizar, a través das evidencias da cultura material, a dimensión espacial da actividade humana, concretamente, a investigación de como é que as comunidades humanas se relacionan cun determinado espazo xeográfico ao longo do tempo, en termos de apropiación, transformación e significación deste a través dunha serie de prácticas culturais (Parceró Oubiña, Barreiro & Criado-Boado, 2014). Esta forma de entender a investigación arqueolóxica analiza o efecto da acción das comunidades humanas sobre a paisaxe, resultando esta última dunha simbiose entre o medio físico e o grado de antropización resultante. Así mesmo, esta paisaxe divídese en tres espazos: o espazo físico -medio natural-, o social -medio habitado pola comunidade- e o simbólico -medio pensado pola comunidade- (Criado-Boado, 1993a, 1999; Parceró Oubiña, 2002).

A creación dun asentamento fortificado está intimamente relacionado cunha artificialización e monumentalización da paisaxe. Isto ten repercusións na paisaxe. A nivel físico existe unha modificación do medio natural previo á chegada da comunidade humana. A nivel social, un asentamento fortificado inflúe na organización social da comunidade, tanto a que habita este coma a que está situada nas proximidades do mesmo. En base á existencia dunha paisaxe simbólica, tentaremos repensar a posibilidade do porqué da construción destes asentamentos nos lugares onde están emprazados, e a súa extrapolación cara unha

paisaxe simbólica. Consideramos que existe algún tipo de imbricación entre estes asentamentos e un poder simbólico ou pensado pola comunidade (Criado-Boado, 1993b; Parceró Oubiña, 2013).

Empregaremos as **Tecnoloxías de Investigación Xeospacial (TIXs)** para realizar unha análise en profundidade sobre os lugares escollidos para o emprazamento e construción destes asentamentos fortificados *indefinidos*. Entendemos que estas localizacións teñen unha intencionalidade dentro do contexto socio-político do momento no que se insiren e que son construídas e ocupadas cunha lóxica que noutro momento histórico non tería sentido. Estes factores serán analizados de forma cuantitativa e cualitativa (Fábrega-Álvarez, 2005; Fonte, 2015; Parceró Oubiña, 2002). Isto pasa por analizar as relacións espaciais dos asentamentos estudados dende tres escalas consecutivas de maior a menor: unha escala macroespacial que nos permita a paisaxe, unha escala semimicro que nos explique o xacemento e o seu entorno próximo e unha escala microespacial centrada no xacemento e nos elementos que o compoñen (Blanco-Rotea, 2015, p. 116).

Relacionado con esta escala micro-espacial empregaremos perspectivas e metodoloxías da **Arqueoloxía da Arquitectura** para analizar cada asentamento fortificado, tanto coma unha unidade de análise coma para analizar e comparar todo o conxunto dos asentamentos escollidos (Bianchi & Francovich, 2002; Blanco-Rotea, 2015, 2017; Mañana Borrazás, Blanco-Rotea & Ayán Vila, 2002). En cada asentamento fortificado escollido buscaremos e analizaremos os materiais construtivos empregados, as tipoloxías dos paramentos conservados e a morfoloxía planimétrica. Con isto seremos quen de analizar detalladamente cada asentamento, e, ao mesmo tempo, será posíbel comparar as tipoloxías e morfoloxías de todo o conxunto escollido, co fin de afinar as funcionalidades de cada un deles.

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

1.6. Fontes históricas

Aínda que este é un traballo principalmente arqueolóxico, non podemos obviar a información aportada polas fontes históricas.

A organización deste apartado sigue o esquema presentado e explicado en 3.2. *Metodoloxía de análise documental* (p. 62). Primeiramente realizase unha presentación das fontes primarias onde se poden mencionar estes asentamentos fortificados *indefinidos*, xa que, por norma xeral, estas referencias son moi vagas e difíciles de identificar con xacementos actuais. A continuación, as fontes secundarias, divididas en históricas e recentes. O obxectivo principal foi realizar un baleirado documental onde se faga referencia aos xacementos obxecto de estudo no presente traballo.

1.6.1. Fontes históricas primarias para o estudo dos asentamentos fortificados *indefinidos*

Dentro desta categoría referenciamos as mencións realizadas, dentro do marco cronolóxico escollido (séc. V-IX), sobre xacementos fortificados que podan ser equiparábeis á tipoloxía descrita de asentamentos fortificados *indefinidos*.

As referencias que se poden adscribir ao período dos séc. V a VIII son, maioritariamente, crónicas ou historias que mencionan, debido á necesidade do seu discurso, asentamentos fortificados: *castra*, *castella*, *oppida* etc. Dentro das máis importantes é preciso destacar o *Chronicon* de Hidacio da Limia ou as *Etymologiae* de Isidoro de Sevilla (López Silva, 2004; Oroz Reta & Marcos Casquero, 1982). O primeiro fai a *famosa* mención aos *Castella Tutiora*⁶, mentres que o segundo realiza unha descrición xerárquica dos asentamentos fortificados. Máis

⁶ Hidacio fai referencia a estes lugares como sitios opostos aos ataques *suevos* a comezos do séc. V e.c. É tradición historiográfica relacionar esta mención con todos os asentamentos fortificados ocupados na tardoantigüidade (Castellanos García & Martín Viso, 2005; López Quiroga & Lovelle, 1999; Orejas Saco del Valle & Ruiz del Árbol Moro, 2010; Vigil-Escalera Guirado & Tejerizo-García, 2014).

aló disto, apenas existen referencias directas sobre un asentamento ou unha descrición detallada do mesmo (Díaz Martínez, 1998).

Nos seguintes séculos desaparecen estes grandes relatos de autores senlleiros, sendo substituídos polas crónicas motivadas polos poderes do *Reino da Gallaecia*, tanto a propia monarquía como o poder eclesiástico (Andrade Cernadas, 1995; Floriano, 1949; Gil Fernández, Moralejo, & Ruíz de la Peña, 1985). Neste momento, as mencións a asentamentos fortificados pasan a ser, por norma xeral, referencias xeográficas ou dentro dun discurso de ordenación política.

1.6.2. Fontes históricas secundarias para o estudo dos asentamentos fortificados indefinidos

Dentro do apartado de fontes históricas secundarias consideramos toda a documentación posterior ao fin do noso abano cronolóxico (séc. V-IX) até mediados dos séc. XX. Polo tanto, para o estudo dos asentamentos fortificados *indefinidos* contamos con escritos realizados na Idade Media, referencias en libros durante a Idade Moderna ou Contemporánea ou artigos en xornais a comezos do séc. XX.

Os escritos da Idade Media son os menos numerosos e os máis difíciles de contextualizar, de forma similar a xa explicada para as crónicas e escritos da Alta Idade Media. Para o noso estudo só contamos cunha mención a un asentamento fortificado recollida no documento coñecido coma o *Privilexio dos Condes de Galicia Don Raimundo de Borgoña e Dona Urraca á Sé Tudense* [sic.] do ano 1095, onde se especifica o coto da cidade (Galindo Romero, 1923).

Máis numeroso é o grupo dos escritos datábeis na Idade Moderna ou Contemporánea. Nestes faise referencia prioritariamente a dous asentamentos: o Castro Valente e o Monte Aloia, dos que se realizan breves descricións dos sitios e, incluso, se aventuran cronoloxías e funcionalidades (Ávila y La Cueva, 1995; Huerta y Vega, 1733, p. 263; López Ferreiro, 1898, p. 219; Martínez Murguía, 1865, pp. 57-58; Sandoval, 1610).

1. Unha proposta: que, onde, cando, para que e como?

Cara finais do séc. XIX e comezos do séc. XX é cando a intelectualidade galega comeza un achegamento aos bens patrimoniais e realiza breves descrições dos mesmos, sendo o momento no que a Arqueoloxía comeza a agromar coma ciencia de estudo. Xa foran citados no parágrafo anterior dous autores que escribiron dúas referencias centrais para este momento, a *Historia de Galicia* de Martínez Murguía e a *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela* de López Ferreiro. Mais tamén é posíbel atopar referencias a estes asentamentos nos xornais locais, coma no caso do artigo titulado *El Castro Valente Iriense* de Juan C. Rodríguez (1913)⁷.

1.7. Principio de exhaustividade

Hay que señalar que la finalidad principal de ese objetivo teórico metodológico no es simplemente numérica o cuantitativa sino sobre todo la de lograr una coherencia interna entre los datos utilizados, usando para ello el mayor número posible de los mismos. (Sánchez-Pardo, 2008, p. 41-42)

O obxectivo desta investigación tamén é o de recompilar a maior cantidade de datos dentro das propias limitacións existentes, variando dende as persoais até as limitacións externas de tempo e financiamento, por exemplo. Isto tradúcese en que non se pode asumir que este traballo conteña unha recompilación de datos completa e definitiva.

Coma se presenta no seguinte capítulo, a información previa dispoñíbel é bastante reducida e limitada, polo tanto, un dos pasos principais e previos deste traballo foi a elaboración de novos datos para realizar a presente investigación. Para esta toma de datos consideráronse todos importantes, sendo unha recollida exhaustiva e intensiva dos mesmos. Todos estes datos foron

⁷ Este foi coñecido por nós grazas a súa mención no blog *Capítulo Cero* (Gago Mariño, 2011b).

analizados e, *a posteriori*, incluídos neste traballo se así foi considerado necesario.

1.8. Estrutura do traballo

O modo empregado para a estruturación deste traballo baseouse na tradicional ordenación narrativa de presentación, nó e desenlace. Esta secuencia organizativa permitiu unha mellor estruturación das tarefas desenvoltas e, ao mesmo tempo, facilita a lectura e comprensión. Igualmente, a progresión no texto é a mesma que realizou o autor ao longo do proceso de traballo nesta investigación.

Os primeiros pasos da investigación concéntranse no **Bloque 1**. Este serve a modo de introdución arredor do obxecto de interese investigadora, os asentamentos fortificados *indefinidos*, e onde se presenta o marco teórico e metodolóxico empregado para o seu estudo. O **Bloque 2** concentra todo o estudo arqueolóxico realizado arredor destes asentamentos fortificados *indefinidos*: o traballo de recompilación da información, o traballo de campo arqueolóxico, as análises de datos etc. Tendo como base estas recompilacións e producións de datos, no **Bloque 3** é onde se interpretan os mesmos para extraermos conclusións e resultados.

Capítulo 2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* ao longo da Depresión Meridiana

Como paso previo á realización do estudo intensivo dos asentamentos fortificados *indefinidos* situados nas dúas subzonas seleccionadas da Depresión Meridiana, presentaremos neste capítulo o total de asentamentos fortificados dos que temos constancia no conxunto da Depresión Meridiana e no seu entorno inmediato que, polas súas características físicas coma materiais, poden ser incluídos, provisionalmente, dentro da tipoloxía *indefinida* que se emprega neste texto.

Toda a información que aquí se presenta ten a súa orixe nun baleirado previo da bibliografía e das Fichas de Catalogación depositadas no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. É importante salientar que é en base a este traballos de baleirado que é posíbel presentar este catálogo e non a partir dun traballo de campo. Isto pode facilitar que se estean realizando erros de caracterización ao basearse en traballos de terceiras persoas, polo tanto, escusámonos por anticipado calquera erro existente.

Cada xacemento está incluído dentro deste catálogo a partir das evidencias arqueolóxicas citadas nas descricións consultadas, sendo incorporado de ser coincidente ca nosa caracterización xeral desta tipoloxía de asentamentos (ver *1.1. O noso indefinido obxecto de estudo*, p. 27). Así mesmo, non se inclúen dentro deste catálogo xacementos fortificados habitualmente coñecidos como “castros” dos que se teñan algunha evidencias de ocupación dentro do noso marco cronolóxico, como por exemplo as

reocupacións ocorridas nos séc. V-VI nos asentamentos fortificados de orixe protohistórica (López Quiroga & Lovelle, 1999). Entendemos que estes asentamentos si que están definidos e caracterizados, máis alá dos seus diferentes niveis de ocupación, feito que non ocorre ca tipoloxía de asentamentos fortificados *indefinidos*.

2.1. Catálogo de asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

Neste catálogo son recollidos 29 asentamentos fortificados con cadansúa descrición, onde se inclúe a súa localización e as características máis salientábeis do lugar: localización, arquitectura, evidencias materiais móbeis etc.

Nº	Nome	Nº	Nome
1	Monte Aloia	16	Castro Valente
2	Monte Pedrada	17	Pena de Angueira
3	O Faro de Budiño	18	Alto do Castelo
4	Coto de Caspedrás	19	As Murallas do Pindo / O Casteliño do Pedregullo
5	Alto de San Cibrán	20	Pico da Barcia
6	Castelo de Entenza	21	Castelo Grande da Laxe
7	Coto das Cercas	22	Castelo de San Bartolomeu
8	As Gallas do Galíneiro	23	Castelo de San Marcos
9	Ciradella / Coto dos Infernos	24	A Torre do Castelo
10	Monte de San Filipe	25	Torre dos Mouros
11	Castelo do Monte Terroso	26	Castelo de Portomeiro
12	Castelo de Chavella	27	Castelo Redondo
13	Monte das Coruxeiras	28	Castromaior
14	Monte Castelo	29	Castelo de San Lois
15	Monte das Penizas		

Lámina 04. Listado de asentamentos fortificados *indefinidos* arredor da Depresión Meridiana

2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* ao longo da Depresión Meridiana




Lámina 05. Asentamentos fortificados *indefinidos* arredor da Depresión Meridiana

• Monte Aloia

Grande asentamento fortificado situado no cumio do monte homónimo, no concello de Tui (ETRS89 29N: 526437 - 4659218). A súa superficie supera as 30 hectáreas divididas en dous recintos, un principal e un anexo. No seu interior localízase a ermida de San Xiao. A nivel material localízanse fragmentos de *tegula* por todo o recinto (Constela Doce, 2001; Garrido Rodríguez, 1987; Perles Fontao, 2001; Torres Bravo, 2001b).

- **Monte Pedrada / Alto da Madanela**

Situado entre os concellos do Tomiño e do Rosal (ETRS89 29N: 517846 - 4650612), o recinto ocupa o cumio do Monte da Pedrada, aínda que tamén se lle coñece como Alto da Madanela, pola referencia a unha capela, xa desaparecida, adicada á Virxe da Magdalena. O Recinto configúrase arredor dunha tripla liña de muralla concéntrica e atópase bastante alterado (Constela Doce, Perles Fontao & Beltrán Moreno, 2000).

- **Faro de Budiño**

Asentamento situado no afloramento granítico coñecido como Monte Faro, dentro dos límites da parroquia de San Salvador de Budiño, no Concello do Porriño (ETRS89 29N: 534188- 4664211). O recinto fortificado fecha en gran medida este afloramento e localízase a nivel superficial varios edificios intramuros e numerosos fragmentos de *tegula* (Fernández-Pereiro, 2014b; Perles Fontao, 1994).

- **Coto de Caspedrás**

Situado na parroquia de San Xoán de Chenlo, no concello do Porriño (ETRS89 29N: 525774 - 4664991), o xacemento sitúase nas proximidades do outro xacemento fortificado coñecido como as Gallas do Galiñeiro, podendo conformarse coma unha fortaleza auxiliar deste. Distínguese restos dunha muralla na parte norte do recinto, sendo o resto do xacemento imposible de visitar, debido a mesta vexetación (Perles Fontao, 1997).

- **Alto de San Cibrán**

Recinto de forma circular situado entre os concellos de Pontearreas e Salceda (ETRS89 29N: 536122 - 4665713), cun grande control visual do Val do Tea. Aproveita os grandes afloramentos graníticos para reforzar o esforzo defensivo. Evidencias de *tegula* e unha mención á existencia dunha necrópole intramuros (Fernández-Pereiro, 2014a; Perles Fontao, 2003).

2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* ao longo da Depresión Meridiana

- **Castelo da Entenza**

Situado no afloramento do Faro da Entenza, Salceda de Caselas (ETRS89 29N: 536930 - 4659400), é onde se localiza o asentamento homónimo. Configúrase como un recinto fortificado que aproveita os enormes afloramentos graníticos para reforzar a construción do seu sistema defensivo. Localízase cerámica de tradición romana e outra catalogada como medieval, ademais de *tegula*. Menciónase a posibilidade da existencia dunha torre da época medieval. (Alfonsín Soliño, 1993a; Viñas Cue & Alonso de Cáceres, 1991).

- **Coto das Cercas**

Asentamento fortificado en altura situado no concello de Pazos de Borbén (ETRS89 29N: 535680 - 4677410), semellante a outros xacementos de época tardoantiga ou medieval, caracterizados por unhas murallas de factura moi irregular e grandes concentración de cachotes de pedra, resultado do derrube natural das defensas. O emprazamento do asentamento ten unhas condición de visibilidade moi elevadas, dominando o territorio a longa distancia. Nas proximidades do xacemento non existen terras aptas para o cultivo. Trátase, por tanto, dun xacemento de carácter eminentemente estratéxico e defensivo. Obsérvase unha pequena croa, de menos de 50m de diámetro, e outros dous recintos xustapostos polo norte e leste. Cara o oeste existe outra liña de defensas. No interior dos recintos defensivos aflora a rocha natural nunha superficie importante, polo que os posíbeis sedimentos arqueolóxicos parecen moi pobres (Carballo Arceo, 2009).

- **As Gallas do Galiñeiro**

Situado nos dous cumios mais setentrionais da serra do Galiñeiro, no concello de Gondomar (ETRS89 29N: 524235 - 4665478), a súa planta xurde da adaptación ás irregularidades do terreo. As murallas e as "paredes" naturais combínanse para conformar un sistema defensivo de dobre muralla. Localízanse estruturas interiores e noméase a existencia de *tegula* (Fernández-

Pereiro, 2014c; Garrido Rodríguez, 1987; Torres Bravo, Castro Carrera & Perles Fontao, 1995).

- **Ciradella / Coto dos Infernos**

Situado na parroquia de Santa María de Tourón, concello de Pontecaldelas (ETRS89 29N: 539337 - 4696268). É un xacemento fortificado que fortifica con até tres recintos concéntricos o cumio e que ofrece excelentes condicións defensivas e de vixilancia con respecto ao seu entorno. Existen referencias á existencia de restos de edificacións no seu interior (Rodríguez Saiz, 2008).

- **Monte de San Filipe**

Localízase na parroquia de Santa María de Arbo, no concello de Arbo (ETRS89 29N: 556246 - 4664658). O asentamento emprázase nun cumio elevado con ampla visibilidade na súa contorna. No curuto hai unha pequena chaira e as abas descenden cunha forte pendente. Na parte sur e suroeste localízanse evidencias dun aparello pétreo espaxado nun radio de cincuenta metros. Hai concentracións de material construtivo granítico por todo o xacemento, así como rebaixes nos afloramentos graníticos (Alfonsín Soliño, Caramés Moreira & Abad Vidal, 1992).

- **Castelo de Monte Terroso**

Catalogado como un xacemento medieval, está situado na parroquia de Santa Mariña do Rosal, no concello homónimo (ETRS89 29N: 510087 - 4642903). No cumio do Niño do Corvo existen varios aterraxamentos delimitados por muros de considerábel grosor. O sistema defensivo consiste nun recinto fortificado circular que rodea todo o cumio, cun tamaño aproximado de 300 m, N-S, por 140 m, L-O (Filgueiras Rei & Rodríguez Fernández, 1995).

- **Castelo de Chavella**

Localízase nun alto situado xusto enriba do mosteiro de Oia, no concello do mesmo nome (ETRS89 29N: 511096 - 4649175).

2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* ao longo da Depresión Meridiana

Foi escavado en varias campañas dentro do proxecto Costa dos Castros, onde se descubriron diferentes tramos de muralla e de estruturas interiores. Non se localizaron materiais móbeis o suficientemente significativos para dataren o xacemento, aínda que se apunta a un momento entre o Imperio Romano e a Idade Media (Otero Vilariño, 2015, 2016).

- **Castelo das Coruxeiras**

Situado entre as parroquias de San Xurxo e Santa María de Salceda, no concello de Salceda de Caselas (ETRS89 29N: 536295 - 4662367). O asentamento é un recinto fortificado cunha posición estratéxica de visibilidade sobre o val do Río Caselas. Alterado pola construción dun campo de fútbol na terraza inferior. Conserva case intacta a acrópole. Ao sur está localizado o Castro das Coruxeiras (GA36049011). Existe a posibilidade de que non existiría ningún tipo de separación entre os dous recintos, sendo un só complexo defensivo con diferentes momentos de ocupación. Localízase *tegula* e material cerámico de época romana (Alonso de Cáceres & Valeiras Sotelo, 1991a).

- **Monte Castelo**

Situado na parroquia de Santa María de Pesqueiras, no concello de Salvaterra de Miño (ETRS89 29N: 542157 - 4661448). Configúrase arredor dun só recinto de forma circular que se apoia nos grandes afloramentos graníticos existentes no cumio. Existen referencias de que cara o leste exista outro recinto maior, a modo de antecastro, asociado aos grandes afloramentos graníticos. (Caramés Moreira & Alfonsín Soliño, 1991)

- **Monte das Penizas**

Xacemento fortificado situado no cumio do monte, no concello de Salceda de Caselas (ETRS89 29N: 534650 - 4662938). É visíbel o sistema defensivo e unha gran cantidade de derrubes asociados. Ten un gran control visual sobre o val do Miño e o Val da Louriña. Atópanse fragmentos de *tegula* e *imbrices*. O lugar está bastante alterado por ser empregado para a

plantación de eucaliptos. Non se atopa información no inventario do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio, este asentamento fortificado foi localizado por nós tras atopar referencias dun asentamento romano próximo (Alfonsín Soliño, 1993b; Alonso de Cáceres & Valeiras Sotelo, 1991b).

- **Castro Valente**

Xacemento dun único recinto fortificado, de grandes dimensións, localizado nun monte que sirve de extrema entre o concello de Padrón e o da Estrada (ETRS89 29N: 532228 - 4730943). Atópase delimitado por unha muralla de cachotaría. O interior presenta unha superficie irregular definida por tres cotos rochosos, un deles cun rebaixe para asentar unha estrutura. O monte onde se asenta é un outeiro de fortes pendentes e gran dominio visual do val do río Ulla e da confluencia co río Sar. Localízanse *tegula* e material latericio de tradición romana (Carballo Arceo, 1990; Fernández Abella, 2014; Rodríguez Fernández & Filgueiras Rei, 1994b; Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015; Vázquez Liz, 2002).

- **Pena Angueira**

O asentamento, situado na parroquia de Santa María de Cruces, ao norte do concello de Padrón, está encravado na terminal dun esporón rochoso (ETRS89 29N: 530035 - 4737857). As poucas evidencias arquitectónicas que se visualizan indican que a planta tende a unha forma ovalada, circundado por unha muralla de grandes bloques de granito. Dende o seu emprazamento obtense un gran control visual da contorna (Rodríguez Fernández & Filgueiras Rei, 1994c; Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015).

- **Alto do Castelo**

No concello de Mazaricos, na parroquia de San Salvador de Colúns, localízase este asentamento fortificado (ETRS89 29N: 495514 - 4751953). Ocupa todo o alto dun outeiro con gran visibilidade contra o val e a Braña de Figueira, contra varias vías naturais de tránsito, contra a entrada da ría de Corcubión e contra

2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* ao longo da Depresión Meridiana

o Monte Pindo e a desembocadura do río Xallas no Ézaro (Gil Agra, 1997).

- **As Murallas do Pindo / O Casteliño do Pedregullo**

No alto do Monte Pindo, concello de Carnota (ETRS89 29N: 491020 - 4748891), localízase unha fortificación de gran tamaño, configurando un recinto de case dous quilómetros de perímetro compostos polos afloramentos graníticos naturais e as murallas construídas entres os pasos existentes. Obras de construción como aterramentos ou dobres murallas indican un claro interese defensivo. A fábrica está composta de perpiaños e cachotaría. Existen referencias á existencia dunha ermida, a de Campo de Cortes, nun lugar intramuros do asentamento (Parga Castro, 1999).

- **Pico da Barcia**

Situado na parroquia de San Lourenzo de Pastor, no concello do Pino (ETRS89 29N: 559271 - 4761934). O asentamento emprázase no cumo do Pico da Barcia, do Castro ou de Adentro e configúrase como un recinto concéntrico ao mesmo. Localízanse evidencias dunha muralla perimetral que chega a acadar os 2-3 metros de ancho por 1.5 de altura. Existen referencias a un parapeto de terra concéntrico a uns 40 metros de distancia da primeira. O cumio presenta unha superficie plana. Non hai evidencias de construcións internas (Luaces Anca, 1988; Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015).

- **Castelo Grande da Laxe**

Está situado entre as parroquias de Santa Mariña de Esteiro (concello de Muros) e San Xoán do Freixo de Sabardes (concello de Outes) a unha altura de 320 m.s.n.m. (ETRS89 29N: 501888 - 4741856). O asentamento ocupa unha gran superficie, con dificultade de acceso e un gran control visual da contorna. Aparecen evidencias de materiais móbeis -cerámica, tellas-, gran cantidade de rebaixes nos afloramentos graníticos -equiparábeis a

chanzas ou para asentar un muro inexistente hoxe en día- e un alquerque gravado na rocha (Gil Agra, 1996).

- **Castelo de San Bartolomeu**

No monte homónimo situado na parroquia de Santa María de Salto, concello de Vimianzo (ETRS89 29N: 498934 - 4772499), a máis de 400 m.s.n.m. configúrase un recinto de catro hectáreas. O sistema defensivo estrutúrase en dúas liñas de muralla que tenden os seus lenzos entre os afloramentos graníticos, que se acomodan á xeomorfoloxía do mesmo. Localízase unha capela chamada San Bartolomeu de Salto no seu interior (Gago Mariño, 2014).

- **Castelo de San Marcos**

Este recinto, situado na parroquia de Ameixenda, no concello de Ames (ETRS89 29N: 529697 - 4750738), ten un grande tamaño e engloba dúas elevacións e unha ampla zona chaira entre estas. Na elevación setentrional localízanse os restos dunha antiga capela adicada a San Marcos, de aí que o nome do lugar tamén se referencie arredor desta construción relixiosa. Amais desta, localízanse evidencias de diferentes estruturas no seu interior. Foron localizados fragmentos de cerámica datada en época medieval (Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015; Servizo de Arqueoloxía, 2006).

- **Torre do Castelo**

Situado na parroquia de San Vicente de Duio, concello de Fisterra (ETRS89 29N: 475915 - 4755746), nun esporón sobre un cantil. Existe a posibilidade de reutilización dun castro da Idade do Ferro como fortaleza Altomedieval. As murallas foron desmanteladas para aproveitamento de pedra. Evidencias de presenza de escavacións ilegais levadas a cabo por furtivos (Rodríguez Fernández, 1996).

2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos* ao longo da Depresión Meridiana

- **Torre dos Mouros**

Situado na parroquia de Santa María de Lira, concello de Carnota (ETRS89 29N: 490650 - 4738240). A Torre dos Mouros é un recinto fortificado, cunha dupla, as veces tripla, liña de murallas paralelas. Os lenzos obturan aberturas naturais provocadas por fallas, delimitando dous recintos. Intervido arqueoloxicamente no ano 2012, atopáronse evidencias de edificacións no seu interior sen recuperar ningunha evidencia que puidera concretar a súa cronoloxía (Fernández Malde, 2012).

- **Castelo de Portomeiro**

Recinto defensivo situado no cumio do Monte Castelo en San Cristovo de Portomeiro, concello de Val do Dubra (ETRS89 29N: 531587 - 4758358) que conta cun amplo dominio visual sobre os ríos Tambre e Dubra. Localízanse no xacemento numerosos fragmentos de *tegula*, tella curva e algún fragmento cerámico que se podería adscribir ao mundo tardorromano ou altomedieval. No cumio localízanse estruturas internas (Caramés Moreira, 1999; López-Felpeto Gómez, 1999; Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015).

- **Castelo Redondo**

Na confluencia entre as parroquia de Santa María de Iria e San Pedro de Carcacia, no concello de Padrón (ETRS89 29N: 530657 - 4734572), sobre un outeiro conformado por grandes afloramentos graníticos localízanse evidencias dun recinto defensivo, cun gran control visual sobre o tramo final do río Sar e o río Ulla. Localízanse restos de tellas e de suposta *tegula*, así como fragmentos moi rodados de cerámica vermella e parda (Rodríguez Fernández & Filgueiras Rei, 1994a; Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015).

- **Castromaior**

Na parroquia de San Xoán de Fecha, no concello de Santiago de Compostela (ETRS89 29N: 533363 - 4756222), localízase un

recinto fortificado de forma ovalada emprazado nun cumio. O sistema defensivo artéllase en dous recintos, un principal e un antecastro (López Felpeto Gómez, 2004; Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015).

- **Castelo de San Lois**

Na parroquia de Santa María de Argalo, no concello de Noia, sitúase este asentamento fortificado (ETRS89 29N: 507002 - 4735467). O xacemento está conformado por unha serie de recintos e plataformas irregulares, dispostas gradualmente e de forma máis ou menos concéntrica a unha croa central (Gil Agra, 1998).

2.2. Conclusións arredor do catálogo de Asentamentos fortificados *indefinidos*

A escolla da Depresión Meridiana como eixo artellador e central do marco xeográfico arredor do cal procuramos este tipo de asentamentos fortificados *indefinidos* limita o número de xacementos mencionados. Malia isto, o seu número segue a ser salientábel, sendo aínda máis grave os poucos ou nulos estudos previos desenvolto sobre estes lugares.

Unha rápida ollada á *Lámina 05* (p. 51) permite identificar dúas zonas claras de concentración deste tipo de xacementos arqueolóxicos. En base á dificultade de documentar intensivamente todo este conxunto de asentamentos fortificados, decidimos centrar o noso traballo nas dúas subzonas onde se documenta máis densidade deste tipo de xacementos.

Capítulo 3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

Ao longo deste capítulo realízase unha explicación das ferramentas metodolóxicas empregadas para recoller e procesar a información e os datos necesarios para desenvolver a presente investigación.

3.1. Sobre as fontes da información

Como parte principal da descrición do enfoque metodolóxico, consideramos imprescindible avisar e advertir que este traballo está **baseado fundamentalmente nas fontes arqueolóxicas**.

Estas escolla vén dada por dúas consideracións previas. A primeira explícase pola necesidade da construción dun discurso e unha narrativa exclusivamente arqueolóxica (González-Ruibal, 2012). Centrándonos exclusivamente nos asentamentos fortificados *indefinidos* que estamos investigando, esta idea vese reforzada polo feito da case nula investigación arqueolóxica previa para estes asentamentos e pola continua mención aos mesmos na historiografía. A segunda é a falta de fontes históricas de consideración para o período que estamos a tratar. As fontes existentes son macrorrelatos realizados cunha finalidade política que seguramente desvirtúan a realidade. É necesario advertir que a maior parte da historiografía construída para o noso marco

xeográfico na *Gallaecia Occidental* sobre estes asentamentos fortificados *indefinidos* está baseada nestas mínimas fontes históricas e con aportacións mínimas ou nulas de datos arqueolóxicos.

Así pois, para realizar unha narrativa unicamente baseada en fontes arqueolóxicas é preciso localizar estes datos e analizalos. Empregaremos diferentes metodoloxías ca fin de obter o máximo número de datos sobre cada un dos asentamentos fortificados escollidos, entendendo que cada un é unha soa unidade de análise, mais que forma parte dun conxunto. De aí que cada un sexa estudado tanto a nivel arquitectónico coma espacial.

3.2. Metodoloxía de análise documental

Malia que este traballo estiver baseado fundamentalmente nas fontes arqueolóxicas entendemos que, para a realización dunha boa análise arqueolóxica, é preciso investigar a historia do obxecto de estudo a través das fontes documentais. Con este fin procuramos obter o maior número de fontes de información primaria e secundaria arredor dos asentamentos a estudar, tanto escritas como gráficas ou audiovisuais.

Baseándonos na división xa presentada anteriormente de fontes históricas primarias e secundarias, realizouse unha consulta das mesmas. Nas fontes primarias procurouse información contemporánea, ou próxima, a respecto de tipos de ocupación, denominacións e posíbeis funcionalidades. En cambio, nas fontes secundarias e na bibliografía recente procurouse coñecer a evolución no estado de conservación dos asentamentos e as interpretacións realizadas a respecto dos asentamentos fortificados *indefinidos*.

Varias problemáticas foron localizadas a través do traballo cas fontes documentais. A respecto das fontes históricas primarias, as mencións a esta tipoloxía de asentamento é moi reducida, resumíndose, por norma xeral, á mencións dos sitios. Isto dificulta a relación dos sitios que son coñecidos na

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

actualidade cos descritos nas fontes. A consulta das fontes históricas secundarias e da bibliografía recente revelouose como fundamental para o estudo desta tipoloxía de asentamentos dende unha óptica puramente arqueolóxica, debido aos problemas de catalogación realizados, tanto a nivel cronolóxico como conceptual, nas referencias a estes xacementos.

3.3. Metodoloxía do uso e xestión das Tecnoloxías de Información Xeográfica (TIXs)

O traballo arqueolóxico tem uma componente espacial muito importante: uma das coisas que mais frequentemente fazemos em arqueologia é localizar no espaço os objectos, construções ou sítios que pretendemos estudar e analisar. Saber onde estão esses elementos e o que existe na sua envolvente é uma parte essencial do processo de investigação arqueológica. Neste sentido, dada a importância para a arqueologia da localização espacial dos elementos, a utilização de tecnologias como os Sistemas de Informação Geográfica (SIG) tem vindo a adquirir um grande ênfase na disciplina há já algum tempo. (Fonte, 2015, p. 46)

¿Porque usar o *Sistema de Información Xeográfica (SIX)* e aplicar as *Tecnoloxías de Información Xeográfica (TIXs)* na Arqueoloxía? Non é tema deste traballo afondar nas amplas posibilidades que engade á ciencia arqueolóxica o uso destas tecnoloxías, polo que se exporá brevemente o porque consideramos básico o uso destas tecnoloxías no día a día deste traballo arqueolóxico.

A un *nivel de uso básico*, empregar as TIXs xustifícase pola necesidade de localizar o rexistro arqueolóxico a diferentes escalas, sendo só empregado como unha nova ferramenta para executar antigos procedementos. En cambio, se falamos dun *nivel de uso avanzado*, a información xeográfica permítenos ampliar o

coñecemento que xa temos ou que obtemos do rexistro arqueolóxico, permitindo realizar novas preguntas a este mesmo rexistro (Llobera, 2015). Ao mesmo tempo, posibilita a creación dun novo marco metodolóxico que permite achegarse e comprender a paisaxe arqueolóxica, creando novas formas para explorar e investigar a dimensión espacial da acción social (Llobera, 2011). A nivel teórico hai autores que teñen desenvolvido moito a aplicación destas ferramentas (Bevan & Lake, 2013; Conolly & Lake, 2006; Fonte, 2015; García Sanjuán, 2010; Wheatley & Gillings, 2002).

De forma complementaria, as TIXs posibilitan acceder a unhas técnicas de detección remota que facilitan o estudo e localización do rexistro arqueolóxico. Esta ferramenta é o coñecido como LiDAR (*Light Detection And Ranging*). Este permite a creación dun mapa tridimensional cunha alta precisión da superficie terrestre a través dun sensor láser acoplado a unha plataforma aérea. O procesado dos datos LiDAR posibilita a obtención, cun alto grao de detalle e precisión, de modelos dixitais de superficie (MDS), que representan dunha forma virtual os elementos existentes na superficie terrestre, ou do terreo (MDT), que representan a realidade topográfica, entre outros procesos (Fonte, 2015, p. 48; Opitz & Cowley, 2013).

A maiores disto, é preciso ser conscientes de que estas tecnoloxías traballan con modelos “teóricos”, simplificacións conceptuais da realidade e, debido a isto, sempre van ter unha marxe, maior ou menor, de erro en comparación ca realidade. Polo tanto temos que ser conscientes de que o uso destas tecnoloxías non pode ser tomado como ferramentas finais, fomentando o uso polo uso, senón que estas aportan novas formas de localización e visualización de xacementos e de xestión de datos ao traballo arqueolóxico xeral.

3.3.1. Software e orixe dos datos empregados

Os *softwares* co que se realizaron todas as operacións de procesado de datos con información xeográfico foron: o

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

*ArcMap*⁸, na súa versión 10.5, e o *Relief Visualization Toolbox (RVT)*⁹, na súa versión 1.3.

Os datos xeográficos utilizados neste traballo de investigación proveñen de dous portais. O primeiro é o portal de *Información Xeográfica de Galicia* do *Instituto de Estudos do Territorio*¹⁰ dependente da *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* da *Xunta de Galicia*. Nesta páxina infórmase que son “datos xeográficos e os servizos interoperables de información xeográfica proporcionados polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público”. O segundo é o do *Centro de Descargas* do *Centro Nacional de Información Geográfica*¹¹ dependente do ministerio español de Fomento. É importante mencionar que as dúas fontes facilitan o uso dos datos xeográficos de forma gratuíta.

3.3.2. Uso das TIXs como ferramenta de prospección

O uso destas ferramentas ao longo deste traballo revelouse como unha necesidade básica, non só por facilitar o procesado de toda a cantidade de datos recompilados ao longo desta investigación ou polas múltiples posibilidades de transmisión visual de información que ofrece. Nos estadios previos do proceso investigador, o uso de información xeoespacial tornouse imprescindible para situar os emprazamentos dos sitios arqueolóxicos nun mapa e corrixir erros na súa localización, *facerse unha idea* da situación actual do entorno e a súa evolución nos últimos cincuenta anos, e planificar as prospeccións en campo. Todo isto permitiu organizar con maior precisión o desenvolvemento dos posteriores traballos *in situ* en cada un dos sitios arqueolóxicos.

⁸ ESRI, 2014 (<http://desktop.arcgis.com/es/desktop/>) [Consultado 2018/04/03]

⁹ Institute of Anthropological and Spatial Studies, 2013 (<https://iaps.zrc-sazu.si/en/rvt#v>) [Consultado 2018/04/03]

¹⁰ (<http://mapas.xunta.gal/portada>) [Consultado 2018/01/15]

¹¹ (<http://centrodedescargas.cnig.es>) [Consultado 2018/01/15]

A maiores deste traballo previo, é necesario remarcar que os traballos de campo, prospección e/ou escavación, poden chegar a alterar os datos e as súas interpretacións obtidos a través da prospección dixital. É necesaria a existencia dunha retroalimentación entre os dous tipos de intervención, dixital ou de campo, sobre cada asentamento arqueolóxico, xa que os resultados do traballo de campo confirman, alteran e/ou corríxen os resultados da prospección dixital.

Nome	Formato orixinal	Data	Escala/Resolución
PNOA 04-05	Negativo escaneado	2004-2005	1:30:000
PNOA 08	Dixital	2006-07	22 cm/píxel
PNOA 09	Dixital	2008	22 cm/píxel
PNOA 10	Dixital	2010	22 cm/píxel
PNOA 11	Dixital	2011	22 cm/píxel

Lámina 06. Series de Ortofotografías empregadas ao longo do traballo, co seu formato orixinal, data de realización e escala/resolución. Fonte: *Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia* (IDEG)

O primeiro paso para realizarmos unha prospección dixital dunha zona en xeral ou un asentamento en particular é o estudo e análise das fotografías aéreas e Ortofotografías dispoñíbeis. Isto permite coñecer a evolución da superficie terrestre a nivel superficial e apreciar os cambios na súa morfoloxía. Ao mesmo tempo, tamén pode mostrar evidencias arqueolóxicas, ben sexa pola súa visualización directa, ou porque a morfoloxía do terreo nolo indique.

Dentro da serie de fotografías históricas que son susceptíbeis de ser empregadas destaca a que é coñecida como *voo americano serie B (1956-1957)*¹², realizada entre os anos 1956 e 1957 pola *United States Air Force* (USAF) e en branco e negro. O uso destas fotografías permite, no caso do noroeste peninsular, observar a paisaxe preindustrial previa á expansión arquitectónica e industrial que comezou nos anos cincuenta. Nesta paisaxe pode

¹² Para diferencialo da Serie A, realizada en 1945–1946, e a Serie C (1967–1968).

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

ser máis doado distinguir un xacemento fortificado xa que a súa planta foi respectada polas pequenas explotacións agrarias, por exemplo. As serie de Ortofotografías empregadas son as do *Plan Nacional de Ortofotografía Aérea* (PNOA). Existen diferentes coberturas realizadas en distintos anos e con diferentes resolucións para seren consultadas. Estas series permiten coñecer a evolución da paisaxe nos últimos tempos e identificar afeccións aos bens patrimoniais.

O seguinte paso é empregar os datos LiDAR ca fin de realizar modelos dixitais que permitan coñecer a actual superficie terrestre e traballar sen as inxerencias da vexetación ou das estruturas actuais. A creación dun Modelo Dixital do Terreo (MDT) permite visualizar cunha alta precisión a superficie terrestre e observar posíbeis evidencias arqueolóxicas que doutra forma ficarían escondidas. Así mesmo, outras visualizacións son realizadas, como o Modelo Dixital de Pendentes (MDP), permiten ver a porcentaxe de pendente existente para cada zona, ou o *Sky-View Factor*, unha visualización que produce o *software Relief Visualization Toolbox*. Este foi desenvolvido polo equipo que creou este programa e permite identificar alteracións que son indistinguíbeis con outras visualizacións.

Ao realizar dúas escalas de cartografía para os MDT empregáronse dúas fontes de orixe. Para as cartografías de escala xeral foron utilizados os MDT dispoñíbeis no servidor do CNIG, que contan cunha resolución de 25 a 50 cm por píxel, cubrindo unha área de 200x200 km por cela. En cambio, para conformar as cartografías dos sitios arqueolóxicos precisabamos maior detalle, polo que empregamos os datos LiDAR ofrecidos pola IDEG en ficheiros de 2x2 km e unha densidade de 0,5 puntos/m², o que nos permite realizar modelos dixitais cunha alta precisión. Así mesmo, ao contrario dos anteriores, estes ficheiros proporcionan os datos *en bruto* e precisan dun procesado para a súa visualización.

Coma os datos obtidos dependen de organismos dependentes do estado español, a cartografía que se obtén deles circunscríbese ás fronteiras do mesmo. Para realizar unha serie de análises de

visibilidades de asentamentos próximos ao río Miño (que serve, no seu tramo máis baixo, de actual fronteira entre os estados español e portugués) existe o problema da inexistencia de datos cartográficos para esa zona, xa que non están dispoñíbeis en aberto. Neste punto é preciso agradecer ao Dr. João Fonte que xenerosamente cedeu o seu MDE do norte do estado portugués para completar o falta de datos. Este MDE conta cunha resolución de 10x10 m por cela, sendo o mesmo que foi o utilizado na súa tese de doutoramento (Fonte, 2015).

3.3.3. Uso das TIXs como ferramenta para a análise espacial

A análise espacial parte dos datos LiDAR procesados nun MDT. Se ben para realizar a prospección dixital do terreo era precisa unha resolución moi alta dos MDT, para a realización das análises espaciais esta resolución, pola alta densidade de datos, poderíase ser unha molestia máis que unha axuda. Polo tanto, foron empregados os MDT05 do CNIG cunha resolución de 5x5 m por cela.

Foron realizadas **análises de visibilidade** para cada asentamento fortificado *indefinido*. Dentro da delimitación de cada asentamento seleccionáronse unha boa cantidade de puntos onde un individuo podería emprazarse e divisar a súa contorna. A localización destes están tanto ao longo do trazado perimetral do sistema defensivo coma nos lugares máis elevados intramuros, permitindo obter unha boa representatividade dos posíbeis locais escollidos para visualizar a contorna por parte da comunidade ocupante do asentamento. A extensión do mesmo redunda no número destes puntos escollidos. As análises de visibilidade poden considerarse de dúas formas diferentes e complementarias: dende a opción da cantidade de superficie que é posíbel visualizar dende o asentamento, ou dende a opción da calidade da visibilidade próxima ao asentamento (Fábrega Álvarez & Parceró Oubiña, 2006, p. 76).

En base a isto, optouse por realizar tres intervalos de distancia consecutivos para analizar as opcións de visibilidade de cada asentamento. Comezando polo interese da análise da

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

visibilidade directa escolleuse un **intervalo de 800 metros** na redonda do límite exterior do asentamento. Esta distancia permite coñecer o control visual que se obtén dende o asentamento cara a súa contorna próxima, por exemplo, posíbeis zonas de cultivo ou fontes de auga, e, se son visíbeis e controlábeis e en que modo, as vías de aproximación ao mesmo. Como análise de distancia media seleccionouse o **intervalo de 5 quilómetros**. Con este intervalo asumíuse que é, teoricamente, a distancia na que o ollo humano é capaz de distinguir obxectos dun tamaño similar ao dun vehículo a motor actual ou, por exemplo, un grupo humano de 20 individuos, carros etc. A máxima visibilidade que se considerou foi o **intervalo de 20 quilómetros** á redonda do asentamento. A esta distancia o ollo humano pode observar determinados puntos coñecidos con anterioridade e/ou visualizar e comprender sinais como fogueiras ou similares. Este intervalo tamén permite coñecer a intervisibilidade dos asentamentos próximos entre si.




Lámina 07. Mostra das análises visuais de curta, media e longa distancia para o asentamento fortificado do Faro de Budiño

A partir das análises de visibilidade a longa distancia realizáronse **análises de intervisibilidade** e de **visibilidade acumulada**. As primeiras permiten saber que asentamentos son visíbeis dende cada un dos mesmos, mentres que as segundas permiten entender que puntos da contorna son visíbeis dende dous ou máis xacementos. De coñecer se son cronoloxicamente contemporáneos, estas análises darían pé á realización de hipóteses tales coma que estes asentamentos son unha rede de fortificacións para controlar un espazo ou, polo contrario, dúas fortalezas construídas para vixiarse mutuamente, por exemplo.

Para realizar as **análises de accesibilidade e escabrosidade** contouse cun problema de partida relacionado coa antropización do medio. Como se sinala nos capítulos de caracterización arqueolóxica dos asentamentos estudados (p. 91 e 163), na maior parte deles documéntase unha gran presión humana, maioritariamente en forma de construción de pistas de acceso ou cortalumes. Estes accesos, ou están reaproveitando os camiños *antigos* de subida aos cumios, ou escollen un novo trazado eliminando, posibelmente, as evidencias dos camiños previos. Esta indefinición pode alterar as análises de accesibilidade, polo tanto, coma un modo de realizar estas análises foron escollidos os camiños actuais, seleccionando como punto de partida un lugar referencial na actualidade. Para isto, foron elixidas, como edificio histórico cunha longa permanencia no tempo e de fácil localización, as igrexas parroquiais próximas a cada asentamento. O interese desta análise procura coñecer a distancia e a dificultade de acceso a cada asentamento, mais que definir cal era o camiño orixinal ou posíbel para cada xacemento.

3.3.4. Problemáticas encontradas no uso das TIXs para a prospección e análise dos asentamentos fortificados *indefinidos*

Toda metodoloxía usada ten os seus resultados, mais pode levar aparellada certas problemáticas que poden chegar a dificultar ou impedir o seu uso. No caso da presente investigación contamos con dous factores, natural e antrópico, que crearon algunha dificultade durante a análise dos datos espaciais.

A propia **morfoloxía do terreo** onde se localizan os sitios arqueolóxicos produce que os MDT non sexan de todo fieis á realidade. Isto é debido á existencia de grandes afloramentos graníticos que crean distorsións chegando a alterar a precisión nese punto do MDT. Ao mesmo tempo, a densa vexetación, sexa natural ou creada artificialmente por mor da plantación de monocultivos de eucalipto ou piñeiro, tamén dificulta ou impide a identificación dos bens arqueolóxicos a través da ortofotografía.

As diferentes **alteracións por causa antrópica** realizadas nos últimos vinte anos nos sitios arqueolóxicos, ou nas

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

proximidades, chegan a modificar a superficie terrestre e, por extensión, os resultados obtidos polas TIXs. Así mesmo, estas alteracións tamén afectan aos traballos de campo. Son seis as alteracións máis frecuentes que atopamos nas proximidades ou no sitio arqueolóxico: construcións, plantacións forestais, pistas cortalumes, outras explotacións industriais, a concentración parcelaria ou a simple presenza humana:

- A existencia de construcións, asfaltado de pistas ou creación de plataformas para admirar a paisaxe alteran en diferentes proporcións a superficie do sitio arqueolóxico, sendo posíbel a completa destrución do mesmo ou, no outro arco das posibilidades, a fosilización das estruturas ou da ordenación das mesmas.
- Os problemas asociados, máis alá dos ecolóxicos, aos monocultivos de eucalipto ou piñeiro tamén inflúen na conservación dos sitios arqueolóxicos. Os métodos empregados na súa plantación, tala e control destas masas forestais non son do máis respectuoso e coidadoso, polo que poden chegar a alterar os bens patrimoniais.
- Os sistemas de extinción e prevención de incendios forestais *pasivos* tamén afectan aos xacementos arqueolóxicos. As pistas cortalumes son usadas como ferramenta para evitar a expansión dunha fronte activa nun incendio forestal, así como para facilitar o acceso das brigadas forestais, mais alteran de forma radical a superficie terrestre.
- Outro tipo de explotacións industriais ca que nos topamos é a existencia de canteiras -sexan da tipoloxía extractiva que sexan- e os polígonos de muíños de ventos para produción de enerxía eólica. Neste caso tanto a afección física coma visual son importantes, ademais de todos os cambio na estruturación viaria da contorna a eles.
- Coa concentración parcelaria “preténdese conseguir unha ordenación da superficie agraria que permita un uso adaptado ás necesidades agrícolas e

forestais de cada zona”¹³. Isto realízase alterando a ordenación histórica da superficie terrestre antropizada, eliminando posíbeis evidencias fosilizadas de elementos habitacionais previos, elementos viarios ou microtoponimia asociada a estes etc.

- Por último, e non por iso menos importante, é preciso mencionar a propia presenza humana. Esta faise notar de moitas formas: gandaría, asociacións que organizan andainas ou sitios de escalada, visitantes casuais etc., existen múltiples posibilidades e todas exercen unha pegada antrópica máis ou menos pronunciada no entorno do sitio arqueolóxico, e temos que contar con ela.



¹³ Consellería do Medio Rural, 2016
(http://mediorural.xunta.gal/areas/infraestructuras/concentracions_parcelarias/)
[Consultado 2018/01/10]

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana




Lámina 08. A contorna do Castelo de Portomeiro. Alteración da paisaxe nos últimos sesenta anos

Na *Lámina 08* (p. 73) concéntranse unha gran parte das problemáticas anteriormente descritas. Entre as dúas imaxes existiu un intervalo de case sesenta anos onde se pode observar como unha presión antrópica moi forte foi modificando a paisaxe. Nas proximidades do asentamento fortificado do Castelo de Portomeiro podemos observar claramente a concentración parcelaria, as pistas cortalumes, o avance da produción forestal en base ao monocultivo de eucalipto e a creación dunha canteira.

3.3.5. Método de representación e resultados

As ferramentas asociadas aos SIX tamén facilitan representar dunha forma moi visual os datos recollidos ao longo da investigación. A forma de visualización escollida por defecto nesta investigación foi a de representar os sitios e as evidencias arqueolóxicas sobre mapas.

Cada figura con información relevante inserida no texto contén unha ou varias imaxes, que poden variar dende unha Ortofotografía até un MDT; un cadro explicativo que sinale o sitio arqueolóxico que se está a representar, como se representa e o sistema no que está referenciado; un sistema de escalado; e un cadro explicativo, se procede, que explique en profundidade os debuxos que representan as evidencias arqueolóxicas (Ver 3.7. *Sobre as representacións da evidencia arqueolóxica*, p. 82).

A xestión de cartografías e as análises realizadas sobre as mesmas tiveron resultados duplos. Por unha parte axudaron a comprender e a preparar o traballo realizado durante a prospección intensiva da mostra dos sitios arqueolóxicos, e, ao mesmo tempo, produciu unha serie de datos que foron fundamentais para a realización de análises e comparativas, como se pode observar ao longo deste traballo.

3.4. Metodoloxía de Prospección Arqueolóxica

A prospección consiste na

[...] búsqueda y localización de yacimientos arqueológicos en un territorio y atendiendo a las relaciones de los yacimientos entre sí y en su contexto (Barreiro, 2001, pp. 57-61).

A nivel legal, a actividade arqueolóxica está regulada, dentro o territorio da comunidade autónoma de Galiza, polo Decreto 199/1997. Neste texto defínese a prospección arqueolóxica como a:

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

exploración superficial e sistemática sen remoción de terras, tanto terrestre coma subacuática, dirixida ao estudo e investigación para a detección de restos históricos ou paleontolóxicos, e os contextos ambientais con eles relacionados. Isto engloba a observación e o recoñecemento sistemático de superficie e tamén a aplicación das técnicas que a arqueoloxía recoñece como válidas. (Xunta de Galicia, 1997).

A estratexia de prospección a empregar varía dependendo das necesidades investigadoras e dos obxectivos a acadar. Ao partir dunha mostra de xacementos ben definida, obviouse a posibilidade de realizar prospeccións de carácter extensivo, isto é, traballar nun amplo espazo de terreo ca fin de localizar novos xacementos. A opción de prospección intensiva en cada un dos asentamentos seleccionados co fin de conseguir unha documentación e unha caracterización completa dos mesmos tornouse como a escollida (Barreiro, 2001; Blanco-Rotea, 2015, p. 101-103; Orejas Saco del Valle, Ruiz del Árbol Moro & López Jiménez, 2002).

Ao ser xacementos arqueolóxicos de características moi similares, foi posíbel *estandarizar* unha metodoloxía de traballo unificada, aínda que, de ser necesario, esta era adaptábel á realidade de cada un dos mesmos. O primeiro paso era a **localización e busca do acceso** de cada asentamento. Malia xa coñecer a localización espacial de cada un, ás veces, a situación concreta ou o acceso ao xacemento non estaba clara, dificultada pola vexetación ou polo amplo grao de antropización.

Unha vez localizado o xacemento, partindo da idea de que eran asentamentos fortificados, decidiuse priorizar, nun primeiro momento, a **prospección e caracterización do sistema defensivo** co que contaba cada un. Isto permite delimitar as dimensións do recinto, coñecer de forma aproximada o espazo ocupado e as súas posibilidades de habitación, funcionalidade, visibilidade sobre a contorna e accesos ao mesmo. Escolleuse unha metodoloxía que de forma sinxela e efectiva permitise a

prospección do sistema defensivo recompilando, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información sobre o mesmo.




Lámina 09. Asentamento fortificado do Monte Aloia.
Metodoloxía de prospección do recinto exterior en base aos datos obtidos a través da Teledetección Dixital

O primeiro paso consiste na localización dunha parte deste sistema, as evidencias dun lenzo, por exemplo. Tras isto, a propia lóxica da construción dunha fortificación permite localizar o resto de evidencias do sistema defensivo até regresar ao mesmo punto de partida. Cabe destacar que cada evidencia construtiva é rexistrada, ca fin de obter unha boa documentación do sistema defensivo do asentamento.

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

Tras caracterizar e documentar todas as evidencias do sistema defensivo do asentamento fortificado, o seguinte paso consiste a **prospección intensiva intramuros**. Neste caso, empregouse o *tradicional* sistema de prospección intensiva por intervalos, cunha distancia de dez metros entre persoa e cunha traxectoria intencional, xa que esta dependía da orografía onde se emprazaba o asentamento (Barreiro, 2001, pp. 58-59).

As **evidencias de cultura material móbel** podían aparecer tanto durante a prospección do sistema defensivo como no espazo intramuros. Estas tamén eran documentadas e localizadas de forma relativa a respecto das evidencias construtivas.

As **ferramentas de documentación** empregadas son as usuais na práctica arqueolóxica. O soporte onde se documenta e rexistra todos os datos sobre as evidencias localizadas son unhas fichas adaptadas ao noso caso de estudo a partir das aparecidas no CAPA número 9 (Parcero Oubiña, Méndez Fernández & Blanco-Rotea, 1999). A maiores, empregouse de forma auxiliar, para localizar as evidencias e os accesos ás mesmas, as fotografías e as cartografías creadas durante a prospección dixital de cada sitio. As ferramentas mecánicas para a documentación foron: máquina fotográfica Canon 1000D, máquina fotográfica Canon 750D, GPS terrestre Garmin eTrex10, escalas, fitas métricas, compás etc.

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

Proxecto Código Nome		Informatizado Revisado													
<u>Unidades estratigráficas Murarias</u>		Elemento construído <input type="checkbox"/>	Interfaz <input type="checkbox"/>												
Sitio Arqueolóxico	Sector	UE nº													
Descrición e debuxo															
Materiais	Ningún Materiais decorativos	Materiais orgánicos Outros	Artefactos												
Relacións Estratigráficas			Actividade Grupo de Actividades												
UE Equiparabel UE Relacionabel Interfaces asociadas		<table border="1" style="margin: auto; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input checked="" type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> <td style="width: 33px; height: 20px;"><input type="checkbox"/></td> </tr> </table>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>													
<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>													
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>													
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>													
Anterior a	Cubre	Rechea	Apoia												
Coetáneo a	Adosa	Corta	Une												
Posterior a															
Rexistro Fotográfico															
Interpretación															
Datación	Registrador e data:														

Lámina 10. Exemplo de ficha de documentación empregada nos traballos de prospección arqueolóxica en campo

As **problemáticas** atopadas en campo seguen o mesmo patrón das que foron enumeradas no anterior 3.3.4. *Problemáticas encontradas no uso das TIXs para a prospección e análise dos asentamentos fortificados indefinidos* (ver páx. 70), podendo

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

constatarse en campo a realidade xa documentada, polo que non é preciso repetilas novamente.



Lámina 11. Vista do recinto defensivo do asentamento fortificado de Castro Valente, na súa esquina noroeste. Evidencias cubertas pola vexetación.

Así mesmo, queremos aproveitar para agradecer a colaboración e traballo nas prospeccións das seguintes persoas: Oria Ferreiro Diz, Patxi Pérez Ramallo, M^o Tania Rial Figueiras e Celtia Rodríguez González. Sen elas o traballo de documentación sería unha tarefa inabarcábel.

3.5. Metodoloxía de Escavación Arqueolóxica

Entendemos por escavación arqueolóxica como aquela intervención:

[...] desenvolvida sobre un elemento singular del registro que supera en intensidade e nivel de definición a las actuacións meramente superficiais. [...] su carácter agresivo implica el movimiento de terras e, xeralmente, la

desaparición del registro descubierto (Parcerro Oubiña et al., 1999, p. 3).

Debido a isto último, as evidencias recompiladas durante as escavacións teñen que ser documentadas e rexistradas cun método recoñecíbel e consensuado, para que no futuro, sexa posíbel reconstruír a intervención.

A metodoloxía de escavación arqueolóxica é a común neste tipo de intervencións. As sondaxes son definidas, mediante técnicas topográficas, de maneira previa ao comezo da escavación. Esta é realizada empregando en todo momento metodoloxía estratigráfica, acorde cos preceptos de Harris (1991) e da xeoarqueoloxía, mediante a escavación manual das diferentes Unidades Estratigráficas (UE) identificadas. O rebaixe dos distintos niveis estratigráficos efectúase dende o máis recente até máis antigo, de xeito uniforme en cada sondaxe, até a aparición do substrato xeolóxico. Unha vez rematada a intervención arqueolóxica, procédese ao tapado das sondaxes empregando xeotextil a modo de elemento diferenciador.

A metodoloxía de rexistro está baseada na definida no CAPA nº 9 (Parcerro Oubiña et al., 1999), empregándose fichas de documentación de Unidades Estratigráficas, de Fotografía, de Pezas e de Mostras. Así mesmo, procédese ao rexistro gráfico de perfís mediante debuxo e fotografía dos mesmos así como en planta. Para a xestión de todos os datos, estes son dixitalizados a través dos *software*: *Microsoft Excel* e *ArcMap 10.5*. A recollida dos materiais arqueolóxicos que puideran aparecer realízase en base ás unidades estratigráficas, utilizándose o método de rexistro tridimensional naqueles casos no que se constate a súa posición *in situ*. Para rematar, os materiais recuperados son siglados e depositados no lugar que determine a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, empregándose un código único para cada peza.

A escavación arqueolóxica procura documentar e datar o(s) momento(s) de ocupación do asentamento escollido, polo tanto, a toma de mostras tornase unha prioridade, ca fin de efectuar datacións absolutas no laboratorio correspondente. Esta

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

metodoloxía xa foi aplicada con anterioridade noutros xacementos con secuencias cronolóxicas complexas con bos resultados (Blanco-Rotea, Costa García & Sánchez-Pardo, 2015).

3.6. Metodoloxía de Estudo e Manipulación da Cultura Material Móbel

Como punto previo, consideramos necesario entender á cultura material na liña trazada por González Ruibal (2007, p. 260), polo tanto as consecuentes análises sobre esta deberían procurar achegarse segundo esta perspectiva. Nun asentamento fortificado poderíamos diferenciar as seguintes industrias principais: cerámica, metalúrxica, lítica, ósea ou vítrea. Toda estas son quen de facilitar unha boa cantidade de datos máis aló da súa finalidade como obxecto.

[...] es posible superar una visión morfotipológica reduccionista que solo presta atención a algunos aspectos epifenómicos de la cerámica, como son las formas, los tipos de borde o la decoración, mediante su integración en procesos que incluyan los aspectos tecnológicos y su introducción en contextos sociales concretos. (Tejerizo-García, 2016b, p. 232)

Para cada un dos tipos de materialidade que podemos localizar dentro da cultura material móbel somos quen de describir unha ou varias Cadeas Tecnolóxicas Operativas (CTOs). Estas son as que describen o proceso completo, dende a materia prima até o obxecto final, xunto con todas as técnicas empregadas nese proceso. A nosa metodoloxía é unha adaptación, dentro das posibilidades, da xa empregada con éxito en traballos previos (Tejerizo-García, 2016b; Vigil-Escalera Guirado, 2006, 2007), que, a súa vez, se basea no marco teórico e metodolóxico da Antropoloxía da Tecnoloxía (Lemonnier, 1986, 1992).

3.7. Sobre as representacións da evidencia arqueolóxica

Aínda que xa se avanzou o uso das TIXs como método para representación, neste punto, tras coñecer todas as metodoloxías de recompilación de datos, neste punto explicarase como é plasmada graficamente toda a información exposta ao longo deste traballo.




Lámina 12. Exemplo de representación da evidencia arqueolóxica no asentamento fortificado do Monte Aloia.

3. Ferramentas metodolóxicas para unha análise arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Depresión Meridiana

A maior porcentaxe dos datos expostos nas representacións gráficas proveñen do noso traballo realizado, tanto nas prospeccións dixitais como nas de campo. Asumimos que estes datos teñen unha pequena variábel de erro na súa xeolocalización debido á precisión das ferramentas empregadas. Para superar este erro, sería preciso empregar un GPS subcentimétrico ou realizar un alzado topográfico completo de cada asentamento, non sendo posíbel durante a nosa investigación.

A representación gráfica dos datos recompilados a través das figuras expostas nestes traballo foi por nós realizada a través do *software* ArcMap 10.5. Igualmente, as fotografías aquí reproducidas, salvo as que especifiquen o contrario, foron realizadas polo autor do traballo.





**II. Cara unha caracterización
arqueolóxica dos asentamentos
fortificados indefinidos na Depresión
Meridiana**





Introdución

Este segundo bloque é a parte central na que se basea todo o traballo aquí presentado. Nel concéntranse a recompilación de datos e análises tras aplicar a metodoloxía de traballo, tanto de laboratorio como de campo. Polo que, ao mesmo tempo, proporciona todos os datos nos que se fundamentarán as argumentacións, as propostas e as hipóteses explicadas no seguinte bloque, *Definindo o Indefinido* (p. 323). É dicir, esta á parte básica, central e, ao mesmo tempo, gonzo entre a metodoloxía e a interpretación, teoría e futuras vías de investigación.

Nos dous primeiros capítulos, *Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos na Zona Sur da Depresión Meridiana* (p. 91) e *Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos na Zona Norte da Depresión Meridiana* (p. 163), realízase o estudo e caracterización arqueolóxica dun total de dez xacementos situados en dúas zonas (norte e sur) da Depresión Meridiana. Para toda a mostra foi empregada a metodoloxía de traballo arqueolóxico explicada no *Capítulo 2. Sobre a existencia de asentamentos fortificados indefinidos ao longo da Depresión Meridiana* (p. 49). Así mesmo, ca fin de facilitar a lectura e a comparación, cada caracterización está estruturada baixo o mesmo patrón: localización, referencias previas, intervencións arqueolóxicas, arquitectura e interpretación.




Lámina 13. Localización da mostra dos asentamentos fortificados *indefinidos*

No *Capítulo 6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado indefinido do Faro de Budiño* (p. 215) efectúase un resumo da escavación arqueolóxica realizada en Marzo do 2018, presentándose os resultados da mesma. Tamén se inclúe unha interpretación da cultura material móbel recuperada ou das datacións absolutas realizadas.

O *Capítulo 7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados indefinidos da Depresión Meridiana* (p. 235) é unha compilación do noso traballo ca Cultura Material Móbel dos asentamentos fortificados indefinidos estudados nos capítulos 4 e 5.

No *Capítulo 8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados indefinidos* (p. 249) a mostra de asentamentos fortificados *indefinidos* será analizada a través da arqueoloxía da arquitectura, centrándonos nas tipoloxías das fábricas de construción e artificializacións dos locais escollidos para o emprazamento dos recintos.

No *Capítulo 9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais* (p. 275) analízase a inserción na paisaxe dos asentamentos fortificados indefinidos, ca fin de coñecer a súa relación entre eles e con cadansúa contorna.





Capítulo 4. Caracterización arqueológica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

No presente e no seguinte capítulo serán descritos e caracterizados arqueoloxicamente a mostra dos asentamentos fortificados *indefinidos* situados na Depresión Meridiana seguindo un esquema similar.

No apartado de **localización** especificase a situación exacta do xacemento, tanto a nivel físico como administrativo. Tamén se realiza unha descrición morfolóxica do lugar onde se empra o asentamento e a extensión de terreo ocupada. Outras características locacionais, coma a visibilidade activa e pasiva ou a accesibilidade tamén son descritas. Nas **referencias previas** están incluídas toda a bibliografía localizada para cada asentamento fortificado. Existen referencias para todos os xacementos estudados, aínda que de calidade e cantidade variábel. O apartado de **intervencións arqueolóxicas** só está presente nas caracterizacións do Monte Aloia e da Fortaleza do Galiñeiro xa que son os únicos asentamentos fortificados que contan con escavacións previas a este estudo arqueolóxico. No apartado de **Arquitectura e Cultura Material** descríbese, co maior rigor e homoxeneidade posíbel, a estruturación e conservación actual da totalidade do asentamento analizado. Isto inclúe unha descrición das estruturas localizadas -localización, características, tipo de fábrica etc.-, os achados de material móbel -caso de existir- e as alteracións *a posteriori* que afectan ao xacemento. O apartado da **interpretación** serve para realizar unha pequena interpretación do asentamento, como por exemplo proposta de como se artellaría o asentamento ou diferentes

cuestións que non teñen cabida nos outros apartado. Cada caracterización fécchase cunha planimetría detallada do asentamento fortificado *indefinido*.




Lámina 14. Situación dos Asentamentos da Zona Sur da Depresión Meridiana

Para facilitar a lectura, decidiuse dividir en dous capítulos toda a descrición e caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* atendendo a súa localización espacial, zona sur ou norte. Sendo este o capítulo referido á primeira zona, que abrangue as seguintes fortificación: Monte Aloia (p. 94), Monte das Penizas (p. 112), Faro de Budiño (p. 123), Alto de San Cibrán (p. 139) e A Fortaleza do Galíneiro (p. 147).

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

Este tramo da Depresión Meridiana está acoutado polo río Miño, ao sur, e o río Verdugo e o nacemento da ría de Vigo ao norte. Os seus laterais están fechados pola serra do Galiñeiro no lado occidental e pola do Galleiro no oriental. Como elemento fluvial central estaría o río Louro, que inflúe tamén no topónimo deste espazo, o Val da Louriña. Todo este espazo configúrase como un val bastante fechado, sendo reforzada esta sensación pola estreiteza do val e as altas serras.



4.1. Monte Aloia

4.1.1. Localización

O Monte Aloia¹⁴ é a elevación que fecha, pola parte meridional, a Serra do Galiñeiro, sendo ao mesmo tempo o seu punto máis alto, cunha altura máxima de 634 m.s.n.m. Esta zona da Serra está inserida dentro do Parque Natural Monte Aloia¹⁵, que conta con case 750 hectáreas, e que foi creado no catro de Decembro do 1978. O terreo do Monte Aloia está dividido entre a parroquia de San Bartolomeu de Rebordáns e a do Sagrario de Pazos de Reis. As dúas pertencen ao Concello de Tui, na comarca do Baixo Miño, tendo a categoría de Entidade Local Menor a de Pazos de Reis.

O Monte Aloia, situado ao noroeste da unión perpendicular de dúas vías de comunicación naturais, o río Miño e a Depresión Meridiana, o val do Miño e o val da Louriña respectivamente, destaca sobre a súa contorna ao estar situada a inferior altura. Esta morfoloxía favorece que dende o cumio do Monte sexa posíbel obter un gran control visual da contorna. Dende o Coto do Santo, o nome da elevación central, obtense un control visual da contorna en 360°, sendo identificábeis as seguintes zonas: o tramo final do río Miño, dende a súa aparición ao leste, ao sur da Serra do Suído, até a súa desembocadura no Océano Atlántico; a boca das tres rías meridionais galegas, a de Arousa, Pontevedra e Vigo; os terreos próximos da Depresión Meridiana, a práctica totalidade do val da Louriña e o val de Valença. A maiores desta visibilidade xeral, os diferentes afloramentos que rodean o rechán sur teñen, a súa vez, un gran control visual dos sectores cara os que están enfocados.

¹⁴ As súas coordenadas ETRS89 son 526438 – 4659218.

¹⁵ Este é posterior ao *Sitio Natural de Interés Nacional*, creado no cinco de Xuño de 1935.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 15. Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Monte Aloia

O cumio do Monte Aloia ten unha orientación nordeste-suroeste e está dividida en tres sectores. O primeiro é o punto de maior altitude do cumio, que recibe o topónimo de Coto do Santo, cunha altura de 634 m.s.n.m. e unha leve orientación sueste-noroeste. O Coto é unha gran masa granítica, con ladeiras abruptas e que ocupa unha extensión aproximada de tres hectáreas. O segundo sector sería o situado na zona sur deste cumio central. Consiste nun extenso rechán rodeado de varios afloramentos graníticos e que ocupa unha extensión aproximada de 14 hectáreas. O terceiro dos espazos é unha valgada situada cara o noroeste, entre o Coto do Santo e o cumio que recibe o

nome da Pedra do Acorda ou o Forno do Carbón. Esta valgada ten unha inclinación cara o leste e por ela discorre o regueiro Vilariño que alimenta ao río Deique.




Lámina 16. Modelo Dixital de Pendentes (MDP) do Monte Aloia

Malia a súa grande altura relativa, o Monte Aloia, en xeral, non conta cunhas ladeiras moi escarpadas. O que si dificulta o seu acceso é o ascenso continuo dende o fondo do val e as vías de comunicación naturais até o cumio. En cambio, neste, pola súa propia conformación como rechán, si que se esaxera esta inclinación das ladeiras, sobre todo nas ladeiras sur e leste.

Existen dúas vías de acceso que permiten a ascensión ao Monte Aloia, dende o fondo do val, ao sur, ou dende o norte, pola

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

propia Serra do Galiñeiro. O resto das ladeiras do monte son o suficientemente abruptas e en pendente como para dificultar ou impedir o acceso.

Dende o fondo do val contamos con dous puntos que parten dende as igrexas parroquiais de Pazos de Reis e Rebordáns até o pé do Monte Aloia. Dende a primeira até o cumio do monte a distancia é duns sete quilómetros, mentres que o camiño que parte dende a segunda suma un quilómetro a maiores. A altura sobre o nivel do mar son de, respectivamente, 45 m.s.n.m. e 18 m.s.n.m. As dúas igrexas parroquiais están emprazadas moi próximas, a menos 900 m de distancia entre ambas, polo tanto, os camiños que parten delas conflúen ao pé do monte, combínanse nun só camiño que ascende pola ladeira sur do monte. Outro acceso factíbel ao cumio do Monte Aloia é o que provén a través da Serra do Galiñeiro, dende o norte, accedendo dende as cotas situadas ao norte do Monte Aloia. Esta vía de acceso puido influír na propia construción do recinto do Monte Aloia.

Estas dúas vías de acceso, a que provén do fondo do val ou a vía da dorsal, conflúen nun rechán situado cara u oeste do cumio e a unha cota inferior. Dende este rechán parten as dúas vías de acceso ao recinto do Monte Aloia. A primeira consiste en seguir a estrada asfaltada moderna, que transcorre pola ladeira sur e que atravesa o recinto de leste a oeste. Este camiño é moderno, xa que na fotografía aérea dos anos 50 non se atopaba construído. A segunda vía de acceso sería a que consideramos como orixinal do recinto, configurada coma unha pequena ascensión desde o rechán a través dunha valgada con leve inclinación, ascendendo dende o oeste até o leste, chegando até a capela de San Xiao, situada ao pé do Coto do Santo.

A vexetación da contorna varía entre o monte baixo e diferentes especies de arbóreas, sendo controlada polo persoal do Parque Natural. Así mesmo, tamén existe gando vacún en semiliberdade tanto no propio cumio coma nas proximidades. O uso actual do Monte Aloia varía dende actividades de ocio, ca alteración de varios afloramentos rochosos tras a súa transformación como *miradores*, a colocación de mesas de

granito, a construción de varios edificios no cumio e unha antena de telecomunicación, até as actividades relixiosas, coa capela de San Xiao e un *Vía Crucis* construído a comezos do século XX.




Lámina 17. Ortofotografía do Monte Aloia. PNOA 2014.

4.1.2. Referencias previas

A nivel historiográfico, a Fortaleza do Monte Aloia conta con abundantes referencias escritas ao longo da Historia. A primeira sería a referencia ao recinto fortificado dentro dos límites do coto da cidade de Tui, segundo consta nun documento outorgado no

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

ano 1095 polos condes de Galiza, Urraca e Raimundo, sendo a cita recollida por Galindo Romeo a comezos do séc. XX:

[...] venitur in Castrum et ad monten Aloia
ubi fuit civitas antiquitus condita et ubi sunt
relicue sancti Julinani repositae [...]. (Galindo
Romero, 1923)

Prudencio Sandoval, bispo de Tui entre 1608 e 1612, escribiu un libro titulado *Antigvedad de la ciudad, y iglesia cathedral de tvy, y de los obispos que se save aya auido en ella* no ano 1610. Nel realiza a seguinte descrición do recinto do Monte Aloia ou coma el escribe, *Hoya* ou *Alhoya*:

En lo alto desta sierra, que es vna gran legua, de muy aspero camino de Tuy, està hun sitio no muy llano, con vna cerca de media legua en contorno, que tendra de grueso el muro mas de tres varas: tiene a cierta distancia sus Cubos, o Rebellines, vense claramente por donde eran las puertas, y entrada, y que todo era fortissimo. Aqui dicen vbo vna gran ciudad, y se halla cimientos de casas, y edificios, y en medio està vna hermita dedicada al maryr San Iulan, no es muy antigo el edificio [...] (Sandoval, 1610, p. Folios 5-6).

De la Huerta y Vega, aproveitando o seu cargo de Cronista do Reino da Galiza, publicará, máis dun século despois de Sandoval, os *Anales de el Reyno de Galicia* (Huerta y Vega, 1733). Nel describe un asentamento fortificado que el denomina Cabeza de Francos. Exceptuando o diferente topónimo, a descrición que realiza é moi similar á de Sandoval. De la Huerta apunta a que sería no séc. VIII o momento cronolóxico da súa ocupación, identificándoo como o solar da cidade de Tui antes do seu traslado ao seu actual emprazamento. Existe un asentamento fortificado da Idade do Ferro, nun lugar próximo ao Monte Aloia, coñecido como castro de Cabeza de Francos ou Alto dos Cubos, polo tanto de aquí pode vir a confusión co topónimo.

Año de Christo 766. *Anales de Galicia, Lib. VII. Cap. XVII.* Era del Cesar 804. 263

aplicó à poblar lo que los Moros
havian arruinado en Galicia; y
así dice el Obispo de Beja,
(11) fueron Poblacion tuya las
Riberas de el Miño. Morales
(12) entiendo, quanto va de
Lugo, hasta Tuy, por espacio
de treinta leguas; pero en esto
padeció engaño, pues los Moros
no llegaron à Tuy. Lo de Lugo
ya estaba poblado por su Obispo
Odoario. Con que se infiere, que
las Poblaciones de Don Fruela
facron entre Duero, y Miño,
aunque ya à este tiempo em-
pezaba à poblarle en lo alto de la
Montaña la Ciudad de Tuy, una

legua de muy alto cerro,
donde oy está, en un sitio no
muy llano, que se llamo Cabe-
za de Francos, con una cerca de
media legua en contorno, y de
grueso mas de tres varas; y segun
la fortaleza de aquellos
tiempos, tiene à cierta distancia
sus Cubos, y Rebelines. Este
sitio ocuparon los primeros Mo-
radores de Tuy, mientras aque-
lla Ciudad fuc Frontera de los
Moros, y despues mudaron
su habitacion donde oy
la tienen sobre las
Aguas de el
Miño.

Lámina 18. Extracto onde se fai referencia á Fortaleza do Monte Aloia (Huerta y Vega, 1733)

No 1852, Ávila y La Cueva publica a súa obra *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Neste texto considera que a fortaleza do Monte Aloia foi realizada polos habitantes de Tui para defenderse do continxente suevo chegado á *Gallaecia* a comezos do séc. V (Ávila y La Cueva, 1995).

Xa no séc. XX, temos que mencionar dous traballos do arquitecto Garrido Rodríguez (1987, 2011). Neles, baseándose nas publicacións previas e no seu propio traballo de campo, realiza unha descrición do recinto do Monte Aloia. Currás Refojos menciona a fortaleza do Monte Aloia dentro da súa análise de recintos de cronoloxía indeterminada (2015, p. 886–892).

4.1.3. Intervencións Arqueolóxicas

O Monte Aloia foi obxecto de varias campañas de escavación arqueolóxica, sendo extraíbeis poucos datos a respecto das mesmas.

A primeira das intervencións das que temos coñecemento foi realizada antes do 1947, xa que data deste momento un artigo publicado na revista *Construcciones. Revista de la Federación Nacional de Aparejadores* por Fernández Costas titulado *El monte Medulio ¿Es el Monte Aloya?* (1947). Foinos imposíbel

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

localizar un exemplar do mesmo para ser consultado e esta referencia coñecémola grazas a Garrido (1987, p. 19). Este cita o artigo e fala dunhas sondaxes “realizadas en varios puntos”, resultando da mesma a aparición de “tegulae y otros restos de “cerámica tosca castrexa” (1987, p. 21).

A segunda das intervencións realizadas, foi unha serie de accións realizadas no ano 2001 pola empresa Anta de Moura e promovidas pola Xunta Reitora do Parque Natural Monte Aloia. A intención era “a posta en valor dos recursos arqueolóxicos que forman parte do parque natural do Monte Aloia” (Constela Doce, 2001, p. 4). Foron realizadas catro intervencións no recinto do Monte Aloia¹⁶ en 287’4 m² escavados: *Sondaxes arqueolóxicas no recinto interior* (Constela Doce, 2001), *Escavación arqueolóxica dun tramo da muralla* (Torres Bravo, 2001b), *Acondicionamento e traballos previos para a restauración da muralla* (Prieto Robles, 2001) e *Consolidación do tramo da muralla escavado* (Torres Bravo, 2001a). Das catro intervencións, parte dun plan director dun Parque Natural, só é posíbel consultar os informes valorativos, polo que os datos dispoñíbeis son bastante reducidos.

A zona escollida para a escavación dun tramo da muralla (Torres Bravo, 2001b) foi a situada no lado occidental, próxima ao paso da estrada. A maiores, nesta zona é onde se une a muralla principal coa secundaria que asumimos que reforza a defensa da porta principal de entrada. Nesta intervención foron quen de caracterizar a muralla principal, cunha altura media conservada de 1’2 metros e un ancho medio próximo aos 3’5 metros, e a muralla secundaria, cunha altura media conservada de 1’5 metros e un ancho medio de 1’5 metros. As tipoloxías construtivas son similares. O material localizado foi *tegula*, *imbrices*, tres fragmentos cerámicos e dous fragmentos de vidro de tamaño reducido.

¹⁶ Aquí obviamos a prospección arqueolóxica previa realizados no mesmo plan director.




Lámina 19. Planimetría das sondaxes arqueolóxicas do ano 2001 na Fortaleza do Monte Aloia, cedida para a difusión por J.J. Perles Fontao

A extensión da zona escavada no interior do recinto do Monte Aloia ascende a 95,40 m², repartidos en 7 sondaxes (Constela Doce, 2001). Varios factores dificultaron a intervención e a identificación dos diferentes estratos: a pouca potencia do terreo, o asolagamento do mesmo durante as chuvias, as raíces da masa

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

arbórea e o arrasado do xacemento. Nas áreas A e E -ver planimetría- localizáronse estruturas semellantes, con muros de cachote a seco construídos a soga e tizón, compostos de dúas caras e recheo interno. Foi localizada “tegula en anacos reutilizadas coma cuñas, e nunca un caso claro de derrube” (Constela Doce, 2001, p. 11). Na área B localizouse unha estrutura alongada de 9 m de lonxitude e, malia a aparición de *tegula* en superficie, as sondaxes deron como resultado que había grandes buratos enchidos con lixo moderno, polo que o contexto estaba completamente alterado. A área F sitúase nas proximidades da Cama de San Xiao, localizándose evidencias de muros e ocios de poste e un grande derrube de *tegula* próximo á propia pedra. Na área G localízanse as sondaxes realizadas nas proximidades da Ermida de San Xiao. Nunha delas localizouse a cimentación do actual edificio relixioso e unha construción anterior non identificada, “e por baixo, un nivel cheo de restos de tegula anterior a dita construción” (Constela Doce, 2001, p. 14). As áreas C e D deron resultados negativos, malia a aparición a nivel superficial de *tegula*. En todas as sondaxes foi repetitiva a ausencia de restos materiais móbeis, máis alá dunha moeda de vellón (séc. XVII) e uns fragmentos cerámicos asociados á estrutura situada baixo da ermida.

4.1.4. Arquitectura e Cultura Material

O asentamento fortificado do Monte Aloia confórmase como o de maior extensión estudado neste traballo, sendo un dos máis grande da *Gallaecia Occidental*, xa que a súa extensión máxima alcanza, aproximadamente, ás 32 hectáreas. A súa planta ten unha orientación suroeste-nordeste e divídese en dous recintos de diferente tamaño, o maior ao sur e o menor ao norte.

O de maior tamaño deles engloba o Coto do Santo e todo o rechán situado ao sur deste, ocupando algo máis de 20 hectáreas, é dicir, case dous terzos da superficie total do asentamento. A liña da muralla rodea polas ladeiras sur e oeste o rechán e o Coto do Santo pola súa ladeira norte, sempre aproveitando o relevo e os afloramentos graníticos para o apoio dos lenzos de muralla, como xa indicara Garrido (1987, p. 21), fechando o maior espazo

posíbel a cambio do mínimo esforzo construtivo. En cambio, no sector leste o trazado apartase desta lóxica construtiva e sobreesténdese ladeira abaixo, entendemos que co fin de incluír intramuros unha fonte de auga, a coñecida coma Poza Vella. A valgada occidental antes descrita parece o punto orixinal de entrada a este recinto. Esta hipótese parte tanto pola morfoloxía do lugar, como pola construción dunha muralla que reforza este lugar. Mentres que a muralla principal rodea a valgada pola súa parte superior e continúa o seu trazado, este segundo lenzo atravesaa en liña recta, conformando un espazo triangular no medio dos dous trazados. Polo tanto, entendemos que esta segunda muralla está construída como reforzo do propio sistema defensivo da entrada. Garrido menciona unha posíbel segunda entrada, entendendo esta coma un portelo, na zona suroeste deste recinto principal, aproveitando igualmente unha pequena valgada situada entre dous grandes afloramentos.

O segundo recinto ten unha forma irregular que tende ao cadrado, anexándose pola zona nordeste ao primeiro. A súa superficie ascende aproximadamente ás 12 ha. A lóxica induce a pensar que foi construído *a posteriori* do primeiro, coma tamén escribe Garrido (2011, p. 121), ca finalidade de fortificar a Pedra do Acordo e ter controlado o acceso ao recinto que provén do norte, a través da dorsal, coma xa foi mencionado anteriormente (Garrido Rodríguez, 1987, p. 25). Na metade occidental e setentrional, continúa a lóxica construtiva do primeiro recinto e o seu trazado está adaptado ao terreo, partindo dun afloramento granítico no que o primeiro recinto fai esquina até rodear a Pedra do Acordo e continuar dirección leste. Aquí, ao xirar dirección sur para unirse de novo ao recinto principal, o trazado descende de cota e atravesan unha outra valgada, de forma similar ao que observamos no segundo lenzo situado na valgada de “entrada”, deixando intramuros o nacemento do regato Vilariño.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 20. Planimetría da Fortaleza do Monte Aloia realizada por Garrido (1987, p. 17)

O aproveitamento do terreo non se limita simplemente ao trazado das murallas do Monte Aloia. Os afloramentos graníticos son usados como puntos fortes para a construción. Amais de servir como punto de apoio, inicio ou final, dos lenzos murais, podemos interpretar que son empregados como *torres* naturais debido a súa fortaleza defensiva e control visual do sector onde están emprazados. Xa o comenta Garrido (1987, p. 21): [...] los picachos o peñascos elevados y a utilizarlos a modo de vigilantes y defensivos torreones”. O mesmo autor fala da existencia de dúas posíbeis torres anexas á muralla (Garrido Rodríguez, 1987, p. 23), situadas as dúas no recinto principal, unha na zona suroeste e a outra na noroeste, coincidindo ca descrición de Sandoval onde tamén se referencian “Cubos, o Rebellines”. A posíbel existencia de torres construídas entre as naturais indica unha intencionalidade de reforzar a vontade defensiva no sector onde aparecen, sendo este toda a vertente occidental do recinto. Por mor da conservación actual do asentamento fortificado, non foi posíbel localizar estas torres construídas durante o noso traballo de campo.

Na actualidade, no interior do recinto existen varias construcións realizadas ao longo do último século, estando concentradas na zona oriental do recinto principal. Mencionadas de norte a sur serían: varias edificacións, antenas de telecomunicación, un *via crucis* e unha gran cruz a San Xiao. A maiores, a edificación máis importante está situada no centro deste recinto sur, ao pé do Coto do Santo: a Capela de San Xiao. Este edificio é do s. XVIII, como xa indica Sandoval “[...] vna hermita dedicada al maryr San Iulan, no es muy antiguo el edificio [...]” (Sandoval, 1610, p. Folio 5-6) e que está construído sobre outro anterior (Constela Doce, 2001, p. 14).

Así mesmo, conserváronse evidencias de varias estruturas posíbelmente contemporáneas á fortificación (Constela Doce, 2001; Garrido Rodríguez, 1987, p. 25). Varias delas serían estruturas habitacionais escavadas a comezos do séc. XXI, sen aportar moita información a respecto da súa cronoloxía. A construción máis singular é a anexa ao lugar coñecido como Cama de San Xiao. Este é un bolo granítico relacionado co culto

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

a este santo, e que foi escavado no ano 2001 (Constela Doce, 2001), aparecendo evidencias de que nalgún momento existiu unha estrutura de madeira teitada con *tegula*.



Lámina 21. Penedo denominado “Cama de San Xiao” na Fortaleza do Monte Aloia.

Aún cuando es variado el aparejo de los muros, existen unas características comunes en toda la longitud de los mismos. Una de ellas son los grande bloques de piedras hincados para formar la base del muro, e incluso otros sueltos que le proporcionan un carácter ciclópeo, aunque de forma aislada y sin continuidad. (Garrido Rodríguez, 1987, p. 23).

A fábrica construtiva semella similar e constante ao longo de todo o sistema defensivo, caracterizándose coma unha muralla de dobre paramento con recheo interior na que se empregan perpiaños na base, alcanzando a altura requirida por medio de fiadas de cachotaría concertada. Esta fábrica pode ter variantes sectoriais, dependendo da facilidade para obtención do material

ou da necesidade construtiva, modificándose a proporción de perpiaños presentes. Igualmente, na anchura destas murallas tamén se rexistran variábeis sectoriais. No recinto sur documéntanse variacións entre os 2,40 m e os case 4 m, mentres que o recinto norte consérvanse anchuras entre os 2 e 3 m. Non se conserva en ningún sector da muralla a altura orixinal que podería chegar a ter, mais nas zonas mellor conservadas alcánzanse alturas de 3 m. Todo sistema defensivo parece estar construído a seco, xa que non se localizou ningún resto de argamasa entre o material pétreo.




Lámina 22. Alzado de varios lenzo murais da Fortaleza do Monte Aloia realizado por Garrido (1987, p. 20)

A nivel xeral, o estado de conservación do recinto é aceptábel. Exceptuando sectores puntuais, o perímetro defensivo do Monte Aloia encóntrase conservado na súa totalidade. Os maiores culpábeis de alteracións son a acción antrópica directa, como lugar de ocio e/ou relixiosidade, e a repoboación forestal, pola presión antrópica e vexetal que exercen sobre a contorna. Ironicamente, a propia designación como Parque Natural - Decembro do 1978- e o propio culto relixioso, favoreceron a conservación do perímetro defensivo. A situación intramuros é diferente. Neste punto a presión antrópica realizada no último século é moito maior. As construcións, o asfaltado do acceso ás proximidades da capela, as intervencións nos afloramentos graníticos -agora denominados *miradores*-, as grellas, mesas e bancos de pedra, a utilización de pedras -seguramente retiradas

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

dalgũa construción do recinto- para marcar os camiños internos, a presenza de visitantes continuamente, etc, alteraron e alteran en gran medida o interior.

As referencias á cultura material móbel asociada ao asentamento son escasas e aportan pouca información. Mentres que a respecto da intervención de Fernández Costas, Garrido fai referencia ao achado de *tegulae* e *cerámica tosca castrexa*, nin na intervención do 2001, nin no noso traballo de campo, foron localizadas ningunha evidencia de materiais móbeis máis alá de fragmentos de *tegula*.

4.1.5. Interpretación

O estado de conservación do recinto permite non ter que realizar unha hipótese a respecto da planimetría do asentamento. Mais si que é posíbel observar dúas lóxicas empregadas durante a súa construción, a lóxica defensiva e a lóxica expansiva.

A primeira pódese aplicar á zona occidental e meridional do recinto. O principal obxectivo da construción neste punto é reforzar o seu servizo coma sistema defensivo. Polo tanto a súa construción está baseada na adecuación aos desniveis do terreo, na procura dos afloramentos graníticos e elevacións do terreo co fin de obter unha boa posición defensiva e de control da zona circundante. Que todos os afloramentos graníticos existentes neste sector estean incluídos dentro do trazado murario e poidan funcionar como de torres, amais da aparición de indicios de dúas torres construídas, non é casual. O reforzo, en forma de segunda liña de muralla, na zona da posíbel entrada principal tampouco é casual. A construción do recinto setentrional, ca fin de incluír o alto do Forno no sistema defensivo e así controlar o acceso provinte da dorsal da serra, tampouco é casual. Todos estes indicios reforzan esta impresión.

A segunda lóxica sería a aplicábel ao resto do recinto: os sectores oriental e setentrional. Estes puntos están enfocados cara as ladeiras do Monte Aloia máis escarpadas, e por onde máis dificultoso -por non dicir imposíbel- é o acceso. Polo tanto aquí a

lóxica construtiva non está unicamente aplicada en base a unha lóxica defensiva senón que tamén se busca a inclusión dentro do recinto da maior cantidade de terreo posíbel e un maior número de fontes de auga, en forma de mananciais ou regatos. Por iso presenta esa forma de construción tan *relaxada* a nivel defensivo que todas as autoras comentan (Blanco-Rotea, 2013, p. 22-23; Garrido Rodríguez, 1987, p. 15-27; Perles Fontao, 2001).

Como conclusión, o Monte Aloia é un recinto fortificado dun tamaño extraordinario se o comparamos, non só cos xacementos analizados neste traballo, senón co resto de fortificacións coñecidas para o noroeste, sendo equiparábel en extensión ao recinto da cidade amuralla da *Lycvs Agvsti*, por exemplo.



4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 23. Planimetría do Asentamento Fortificado do Monte Aloia

4.2. Monte das Penizas

4.2.1. Localización



Lámina 24. Vista do Monte das Penizas dende o Faro de Budiño, situado ao norte.

As penizas son o nome característico dado, nesta zona sur da Galiza, á presenza de grandes afloramentos rochosos. Polo tanto, o Monte das Penizas¹⁷ é chamado así pola presenza destes penedos por toda a súa orografía. Este cumio tamén é coñecido polos topónimos do Monte do Faro ou Faro das Penizas, sendo moi curiosa a coincidencia toponímica co moi próximo Monte Faro de Budiño¹⁸. Polo tanto, para evitar confusións, empregamos o topónimo de Monte das Penizas para referirnos a este.

Cunha altura máxima superior aos 365 ms.n.m., o Monte das Penizas é o último cumio da serra do Galleiro pola banda sur. Ao mesmo tempo, o val da Louriña e o val do Caselas únense nas ladeiras meridionais do Monte das Penizas, transformándose,

¹⁷ As súas coordenadas ETRS89 29N son 534985 – 4662948.

¹⁸ A través dun informante local tamén coñecemos que o Monte Faro de Budiño tamén era denominado pola xente maior do lugar como Penizas, ou Penizas do Faro. A maiores existen moitos varios lugares na contorna tamén denominados como Penizas.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

conforme nos desprazamos cara o sur, nas zonas chairas de ribeira do río Miño. Isto permite darnos unha idea da situación estratéxica na que se localiza este cumio. Igualmente, o Monte das Penizas exerce tamén como divisoria entre as parroquias de San Salvador de Budiño (O Porriño), ao oeste, e a de San Xurxo de Salceda (Salceda de Caselas), ao leste.

A contorna do Monte das Penizas xa é coñecida por anteriores referencias neste texto. Ao norte, a un quilómetro e medio en liña recta, sitúase o Monte Faro de Budiño e toda a continuación do macizo que chega até o val do Verdugo. Cara o oeste sitúase o val da Louriña e, a continuación a serra do Galiñeiro, co Monte Aloia a uns dez quilómetros en dirección suroeste. Ao suroeste, localízase o val do Caselas, e cara o leste o val do Tea. Cara o sur, o río Miño e as súas zonas ribeirás.

Pola súa situación de final de macizo, o Monte das Penizas é unha elevación moi recoñecíbel, tanto por morfoloxía como por situación, malia que isto quede “disimulado” pola gran relevancia visual do afloramento granítico do Monte Faro de Budiño. Cunha forma ovalada no eixo leste-oeste, o monte elévase uns 300 metros de media sobre a súa contorna, polo tanto, dende o alto obtemos un gran control visual de toda a contorna, menos pola banda norte, onde a serra do Galleiro impedirá que vexamos nada tras del.

Na ortofotografía do PNOA do ano 2014 vemos como o cumio do monte está practicamente libre de vexetación e con marcas de rodas de vehículos. Unha visualización ás ortofotografías previas dispoñíbeis confirma a suposición de que todo o Monte das Penizas é usado para a silvicultura. Así mesmo, existen varias pistas forestais por toda a contorna do monte.




Lámina 25. Ortophotografía do Monte das Penizas. PNOA 2014.

A igrexa de San Salvador de Budiño sitúase cara o suroeste do monte, a pouco máis de catro quilómetros e medio. O camiño que hai que percorrer dende a igrexa, tras esquivar un pequeno outeiro situado ao sur do Monte das Penizas, conduce até pé do mesmo e só é necesario superar a pendente existente entre a chaira e o alto do monte, case uns 200 metros de desnivel por esta ladeira. O último tramo deste camiño tamén é compartido polo percorrido dende a igrexa de San Xurxo de Salceda, situada cara o sueste, cunha distancia que apenas chega aos dous quilómetros. Este discorre dende a igrexa até o pé do monte onde conflúe co procedente da igrexa de San Salvador.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 26. Sky-View Factor (SVF) do Monte das Penizas.

4.2.2. Referencias previas

Non foi posíbel localizar referencias previas sobre o asentamento fortificado do Monte das Penizas, atopándose este xacemento coma non catalogado. Polo tanto, asumimos que este asentamento fortificado era inédito a nivel do inventariado arqueolóxico.

4.2.3. Arquitectura e Cultura Material

O asentamento fortificado do Monte das Penizas emprázase na superficie chaira que culmina o monte. Esta ten unha forma que recorda a un triángulo rectángulo, tendo os tres vértices situados contra o norte, o nordeste e o suroeste, sendo a zona sur unha “hipotenusa” curvada.

O noso último achegamento ao lugar foi realizado a finais do inverno do ano 2018, tras os incendios do outono do 2017 (Son do Louro, 2018). Nesta os resultados que conseguimos foron moito máis satisfactorios que nas visitas previas. Como ben se ve nas Ortofotografías do PNOA toda a superficie do asentamento, e as súas proximidades, é explotada para a industria da silvicultura, principalmente eucalipto. Isto fai que sexa case imposible, debido á maleza e á mala conservación do monte, que durante a prospección sexa factíbel unha identificación de certos elementos arqueolóxicos. Por desgraza, o que é unha catástrofe ecolóxica¹⁹ permite visualizar dunha forma mellor certos bens arqueolóxicos. Ao mesmo tempo, todos os procesos asociados ao monocultivo de árbores, tanto a plantación e a tala coma o propio crecemento destas especies, son unhas da primeiras causas de destrución de bens arqueolóxicos. O caso do asentamento do Monte das Penizas é un exemplo, atopándose moi degradado o seu nivel de conservación en superficie.

¹⁹ Realmente, son dúas catástrofes ecolóxicas: a plantación agresiva de eucaliptos e os incendios.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana



Lámina 27. Vista do suposto trazado da muralla, no seu lateral noroeste, do asentamento fortificado do Monte das Penizas.

O sistema defensivo do asentamento fortificado é perfectamente visíbel a través da prospección dixital, identificando un único recinto que fecha toda a superficie plana do cumio do monte. En cambio, durante a prospección en campo, este recinto non é tan claro de visualizar, xa que, polo alto nivel de degradación comentado, apenas se localizan pequenas seccións de lenzos en pé. Estes están conformados por cachotarías de granito, conservándose apenas dúas fiadas de altura. En cambio, o que si é identificábel é o gran desnivel e diferenciación entre a superficie chaira do asentamento e as ladeiras do monte. O hipotético trazado do sistema defensivo do recinto do Monte das Penizas apoiase, nos vértices da chaira antes identificados, en grandes afloramentos de granito. Mentres que nos vértices norte e suroeste non se localizan alteracións antrópicas, no afloramento noroeste do asentamento documéntase un traballo sen paralelo en ningún dos outros asentamentos fortificados *indefinidos* estudados. Neste caso obsérvase un aplanamento case completo do bolo granítico, deixando só un pequeno fragmento sobresaíndo na parte norte, e uns rebaixes que conforman unha circunferencia

nesta zona aplanada. Este traballo só se pode entender como unha preparación do afloramento para servir de cimentación a unha estrutura circular. A hipotética funcionalidade desta estrutura sería asimilábel a unha torre, descoñecendo se o seu uso foi contemporáneo ou non ao resto do asentamento fortificado. A identificación negativa no trazado da muralla, que se visualiza no procesado dos datos, pode ser debido a unha destrución da mesma entre o momento da pasada do voo dos datos LiDAR (ano 2009) e o momento da prospección (2016-2018). Dun modo similar ao caso do asentamento do Castro Valente, explicado no seu apartado.



Lámina 28. Traballos de rebaixe no afloramento noroccidental do Monte das Penizas. Ao fondo, na esquerda da imaxe, o asentamento do Faro de Budiño.

A situación intramuros do asentamento é similar ao estado de conservación do sistema defensivo, a plantación de eucalipto alterou profundamente a superficie, destruindo posíbeis evidencias. Na zona central do recinto localizamos varias acumulacións de pedregullo, cachotaría e *tegula*, podendo ser a evidencia da existencia de estruturas interiores.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana



Lámina 29. Vista do interior do asentamento fortificado do Monte das Penizas. Acumulación de material latericio: cachotaría e fragmentos de *tegulae*.

A cultura material móbel que localizamos durante as prospeccións redúcese a fragmentos de *tegula* e a algúns fragmentos de forma indeterminada de cerámica de pastas vermellas.

O estado de conservación do asentamento é moi malo, máis non só está afectado polas plantacións de eucalipto. Localízanse varias zonas de extracción de granito, tanto no interior do asentamento como nas proximidades, que non son contemporáneas á ocupación do recinto. Entendemos que estas extraccións son ilegais, polo menos a situada dentro do recinto.



Lámina 30. Vista da situada ao pé do trazado da muralla do asentamento fortificado do Monte das Penizas.

4.2.4. Interpretación

O asentamento fortificado *indefinido* do Monte das Penizas confórmase coma un único recinto no alto dun cumio con amplo control visual sobre a súa contorna. Polas súas características xerais pode ser asimilado a un castro protohistórico, mais a presenza de cultura material móbel de tradición romana e a existencia dunha posíbel torre no seu vértice suroeste poden indicar outros momentos de ocupación.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 31. Planimetría do Asentamento Fortificado do Monte das Penizas.

A maiores, un asentamento coñecido como “asentamento romano do Monte das Penizas” aparece recollido nas fichas de documentación do Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Nestas faise referencia tanto á súa situación estratéxica como as

características morfolóxicas do mesmo. As dúas fichas fan referencia a localización de *tegula* e *imbrices*, e nas dúas apúntase cara un asentamento ocupado en “época tardorromana ou altomedieval”. Así mesmo, nas dúas tamén se fai referencia ao alto grado de alteración do asentamento (Alfonsín Soliño, 1993b; Alonso de Cáceres & Valeiras Sotelo, 1991b). Mais, espacialmente, non se corresponde co asentamento fortificado aquí analizado, polo que entendemos que poden referirse a un asentamento en aberto de época romana situado a unha cota inferior na ladeira occidental do monte. Tamén cabe a posibilidade de que o recinto fortificado do Monte das Penizas sexa máis grande do que aquí se describe, incluíndo esta zona nun espazo intramuros.



4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

4.3. Faro de Budiño

4.3.1. Localización



Lámina 32. Fotografía do Monte Faro de Budiño dende o suroeste.

O asentamento fortificado está emprazado no cumio dun grande afloramento granítico moi coñecido dentro da contorna do Val da Louriña, o Monte Faro²⁰. Este está localizado dentro do monte comunal da parroquia de San Salvador de Budiño, dentro do concello do Porriño. Polo tanto, para as persoas foráneas á contorna o topónimo transfórmase no Monte Faro de Budiño ou, por abreviar, Faro de Budiño. No mapa de Domingo Fontán o topónimo recollido é o de Faro de Budiño. Neste traballo empregaremos a denominación Faro de Budiño para referirnos ao asentamento e o topónimo Monte Faro para referirse ao lugar de emprazamento.

O Monte Faro localízase cara a suroeste da serra do Galleiro, que, xunto ca serra do Galiñeiro -situada cara u oeste- e o río

²⁰ As súas coordenadas ETRS89 29N son 534190–4664261.

Louro -situado entre as dúas serras-, conforma o espazo xeomorfolóxico coñecido como o Val da Louriña. Este é o topónimo local nesta zona do corredor xeolóxico coñecido como Depresión Meridiana.




Lámina 33. Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Monte Faro de Budiño

A súa altura superior aos 435 m.s.n.m. cobra especial importancia se recordamos que o Val da Louriña ten cotas próximas ao nivel do mar. Polo tanto o Monte Faro é visíbel e recoñecíbel dende gran parte do mesmo val e dos arredores, por mor da súa característica forma natural, que fai que destaque sobre a contorna. Do mesmo xeito, dende a chaira existente na parte superior do afloramento conséguese un amplo control visual

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

das proximidades, mais este intensifícase sobre o tramo central do val, que se estende aos pés do Monte Faro.

A chegada dende o fondo do Val da Louriña convértese nunha tarefa dificultosa, existindo un gran cambio de altura en pouco espazo: de 122 m.s.n.m.²¹ a 391 m.s.n.m en medio quilómetro. Existen dúas formas de acceder na actualidade ao Monte Faro, sendo as dúas pistas asfaltadas no seu primeiro tramo -próximo ás vivendas- e de terra xa no monte. Pola cara sur, dende a igrexa parroquial de San Salvador de Budiño existe un camiño de catro quilómetros e medio que, cando chega ao pé da serra, ascende abruptamente até o pé do afloramento. O outro acceso que sae dende a igrexa parroquial de Santa Eulalia de Atios, situada ao norte do Monte Faro, é moi similar, xa que conta cunha distancia aproximada e unha dificultade semellante. As dúas vías de acceso déixannos aos pés do afloramento, nun lugar cuxo topónimo, significativamente, é o de Chans do Faro.

O afloramento granítico ten unha forma semellante a un 'r' minúsculo. É escarpado e abrupto, cun tamaño próximo as sete hectáreas, e só permite un acceso natural ao seu alto por dúas vías: polo ángulo interior do 'r' ou pola parte superior do mesmo. Morfoloxicamente, o afloramento pode dividirse en tres espazos diferenciábeis de oeste cara o leste. A parte máis occidental do noso 'r' é a máis accidentada. Esta é onde se emprazan os grandes rochedos graníticos que lle dan a súa característica forma visual ao afloramento. A continuación, distínguese unha superficie chaira cunha altura lixeiramente inferior aos outros dous espazos. Aquí é onde rematan as dúas vías de acceso que parten do pé do afloramento. O terceiro espazo é a parte oriental do afloramento, a punta dereita do 'r', un cumio ca mesma altura máxima que os afloramentos occidentais.

²¹ Este punto está tomado no paso do regato do Pozo das Regadeiras ao pé do afloramento rochoso.




Lámina 34. Modelo Dixital de Pendentes (MDP) do Monte Faro de Budiño

O uso do solo nas proximidades do Monte Faro divídese entre a zona improdutivo do propio afloramento e as plantacións de monocultivo de eucalipto e coníferas levadas a cabo pola Comunidade de Montes de San Salvador de Budiño. É de notar que no afloramento propiamente dito non se realizou nunca unha plantación organizada destas especies.

4.3.2. Referencias previas

O asentamento do Faro de Budiño conta con pouca información previa, estando case toda concentrada nas na súas

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

fichas de catalogación (Fernández-Pereiro, 2014b; Perles Fontao, 1994).

Garrido (1987, pp. 38-40) realiza unha breve descrición, mais ao contrario que co Monte Aloia ou a Fortaleza do Galiñeiro, non inclúe unha planimetría. No seu blog *Capítulo Cero*, Gago Mariño publica unha descrición do Faro e, a maiores, un breve vídeo sobre unha parte do xacemento, o *catabún* (Gago Mariño, 2011b). Para rematar, realizamos unha comunicación sobre o asentamento do Faro, nunha etapa previa a esta investigación (Fernández-Pereiro, 2016). A fortaleza do Faro de Budiño tamén é mencionado por Currás Refojos, coma un recinto de cronoloxía indeterminada (2015, p. 886–892).

Durante unha conversa con habitantes da parroquia de Budiño, ao seren preguntados pola posibilidade da existencia dun xacemento arqueolóxico no Monte Faro, houbo un que respondeu que existían “Castros” aló. Polo tanto a propia comunidade local coñece a existencia do asentamento fortificado.

4.3.3. Arquitectura e Cultura Material

O xacemento do Faro de Budiño está nunha inmejorable situación defensiva debido ao afloramento que acabamos de describir. Polas súas características, consideramos denominar á zona do afloramento como a “acrópole” do Faro de Budiño. Esta conta cun tamaño máximo aproximado das 4 ha, mais debido á escabrosidade do terreo, a superficie útil non chega a metade.

Achegándose á acrópole polo camiño sur, é claramente visíbel un aterramento de grandes dimensións, tanto de elevación coma de lonxitude. O seu inicio distínguese dende a pista forestal e pérdese cara o leste, contra as plantacións de monocultivo de eucalipto. Esta estrutura²², ou evidencias de continuidade da mesma, sitúase cunha forma semicircular entre a acrópole e o

²² Preguntadas por esta estrutura varias habitantes da parroquia de San Salvador de Budiño, entre elas á Xunta Directiva da Comunidade de Montes, descoñecían a orixe da mesma.

resto da serra, dividindo ambos espazos. O acceso á acrópole tórnase imposíbel senón se cruza esta estrutura, xa que a parte non cuberta por esta serían as propias ladeiras do monte con desniveis maiores aos 150 m en 20 m de distancia. En diferentes puntos do semicírculo térreo -próximo aos 800 m de percorrido- aparecen varios cachotes²³, fragmentos de material cerámico e latericio de características similares ás que aparecen no resto do xacemento. Sumando o espazo acoutado por esta estrutura térrea ao da acrópole, estaríamos falando dunha superficie total ocupada polo asentamento de algo máis de 11 porque De todos modos, aínda que é interesante dentro do contexto do asentamento fortificado, preferimos clasificar esta estrutura como dubidosa de ser contemporánea ao asentamento até que existan máis datos arqueolóxicos.

Unha vez superado esta estrutura térrea, no espazo entre esta e a acrópole localízanse tres estruturas. A primeira sería a pista forestal pola que nos achegamos dende o sur e que continúa dirección norte, a segunda é unha balsa de auga situada ao leste da pista, e a terceira unha edificación situada ao sur da acrópole²⁴. Amais disto, existe un panel que describe a tradición da explotación de pedra na zona, mais que non explica a existencia dun xacemento arqueolóxico catalogado no rexistro da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Isto fai que a existencia do mesmo pase desapercibido para a maioría das persoas que se achegan ao Faro.

A Comunidade de Montes de Budiño é a que xestiona o lugar onde se localiza o asentamento . Isto implica tanto tarefas de corta e roza do terreo, coma a realización de obras de “acondicionamento” na zona. Dentro destas, amais da instalación de varias mesas de granito, a máis destacábel é a instalación dunha escada de madeira para facilitar o acceso a parte superior

²³ Nos diferentes valados localizados nas proximidades do xacementos constátase o emprego deste tipo de pedra, polo que, os cachotes son mais modernos que o xacemento e non teñen que ver con este, ou o espolio e reutilización de material lítico en momentos posteriores pode ser asumida como unha realidade.

²⁴ Esta edificación está xestionada polo Club de Montaña Pena Trevisa como refuxio de montaña.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

da acrópole²⁵. Esta escada emprega cachotaría -que posibelmente foron parte de estruturas localizadas no propio xacemento- e, incluso, fragmentos de material cerámico e latericio para asentar os pasos de madeira. Como complemento a estas escadas foron plantadas algunhas árbores na zona máis plana da acrópole, que casualmente é onde se observa maior número de evidencias arqueolóxicas -edificacións e achados de material móbel-. Amais disto, o afloramento do Faro é usado hoxe en día por escaladores -as grandes rochas son empregadas para a práctica da escalada deportiva-, camiñantes -existe un roteiro, o GR-58- e como lugar de recreo pola veciñanza do lugar, debido as súas vistas. Polo tanto ten un “tránsito” moderadamente elevado de paso de persoas, o que pode ocasionar novas alteracións no xacemento ou agravar as xa existentes por descoñecemento.

A acrópole ten de perímetro exterior, aproximadamente, uns 800 metros. Naturalmente, a acción antrópica centrouse no feche dos posíbeis accesos ao interior do afloramento, sendo fortificados artificialmente nunha distancia inferior a un cuarto do perímetro, xa que o maior esforzo defensivo é realizado pola propia xeomorfoloxía do lugar. Os dous camiños de acceso ao interior da acrópole son nos que se realiza o maior esforzo de construción ca fin de impedir ou dificultar o paso. Polo tanto, nestas dúas zonas é onde se localizan a maior parte das evidencias de estruturas defensivas de todo o xacemento.

O camiño meridional de acceso é o máis fortificado, xa que é necesario superar tres liñas consecutivas de muralla para chegar ao interior da acrópole. As diferentes liñas murais estarían indicadas polos rebaixes nos penedos, restos de muro e as lóxicas concentracións de cachotaría espalladas nas proximidades dos distintos trazados a modo de derrube. Tamén se aprecia unha gran cantidade de material de construción, asimilábel a *tegula* romana. A primeira e a segunda liña de muralla están situadas nunha zona

²⁵ Esta dato provén dunha información oral proporcionada por un integrante da actual Comunidade de Montes, referíndose a unha xunta anterior. A instalación foi realizada a comezos do séc. XXI.

chaira, antes de comezar o camiño de subida, mais están fechando o que poderíamos denominar como unha especie de funil creado polo propio afloramento -o ángulo interior do 'r'-.

A primeira liña de muralla supera os 130 m de lonxitude, incluíndo como parte do esforzo defensivo numerosos bolos graníticos. Os seus laterais aséntanse no propio afloramento. O seu estado é de arrasamento completo, quedando evidencias nos rebaixes situados no granito e unhas imperceptíbeis concentracións de material lítico. Existe unha estrutura curiosa no bolo granítico no que se asenta esta muralla na súa zona occidental. Baixo este existe un espazo aberto de pouco máis de metro e medio de altura, denominada comunmente *Cova dos Nenos*. No seu interior aparecen varios espazos tallados nos laterais da cova, a xeito de nichos. A entrada estaría localizada cara a parte interior do recinto, xa que é onde están tallados uns pasos na propia rocha inferior. Cara a zona exterior existen unha apertura, que hoxe en día está medio fechada cun muro de cachotaría.



Lámina 35. Vista do segundo lenzo da muralla do Asentamento Fortificado do Faro de Budiño

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

A segunda muralla segue a tónica da primeira, xa que se asenta polos laterais e incorpora ao esforzo defensivo grandes rochas graníticas. Esta segunda liña é moito máis curta que a primeira chegando apenas aos 60 m nunha forma semicircular. Aínda que igualmente arrasada a ras do chan, esta segunda liña é máis facilmente visíbel polas grandes concentracións de material lítico e latericio situadas na zona de paseo e nos restos de paramento localizados anexados aos bolos graníticos. Na cara interior da muralla, na súa zona oriental, obsérvase unha estrutura de forma rectangular.

A subida á superficie chaira da acrópole comeza despois da segunda muralla e remata na terceira. No espazo existente entre estas dúas é onde se sitúa a escaleira de madeira citada máis arriba, localizándose entre os pasos de madeira actuais algúns de pedra. A terceira liña da muralla está localizada no alto deste camiño. Apréciase unha entrada delimitada entre os afloramentos, cunha soleira esculpida na pedra. Dende esta posición obtense un completo control visual do funil que fai o afloramento e, polo tanto, das dúas anteriores liñas murais e das escadas de subida. Esta liña comeza, coma as anteriores, anexada ao afloramento e desenvólvese cara o sur, rodeando todo a superficie elevada da acrópole, aproveitando, coma no caso das anteriores, a propia morfoloxía do terreo e só aparecendo onde exista un espazo entre os rochedos. Pola súa construción ao redor de todo o afloramento, podemos identificar esta liña coma a principal muralla do asentamento.

Exceptuando este primeiro camiño do acceso, toda a cara oriental do afloramento é impracticábel até o nordeste do mesmo, onde existe un segundo camiño de acceso que discorre encaixado polos penedos da acrópole e a carricova. Ao contrario que o meridional, este camiño encóntrase moito mais alterado. Unha primeira liña de muralla, calquera edificación ou a unión do suposto recinto exterior con a acrópole, que estarían situadas no comezo deste camiño de acceso, son imposíbeis de localizar a nivel superficial debido á construción da pista forestal. Avanzando polo camiño en dirección cara a zona chaira da

acrópole, antes de iniciar o ascenso, localízanse evidencias dunha liña de muralla que cruza este camiño e que continúa até unirse ao afloramento. Aquí, aproveitando un bolo créase, aos nosos ollos, unha superficie en altura fortificada -unha especie de torre natural- cun control visual sobre todo o camiño norte.



Lámina 36. Acrópole Inferior do Asentamento Fortificado do Faro de Budiño dende o suroeste.

Unha vez conseguido o acceso, chégase á superficie principal da acrópole. Esta está dividida naturalmente en dúas alturas diferentes e separadas. A primeira está situada na parte occidental e é a mais plana e a de maior superficie. Aquí é onde se concentran unha boa cantidade de evidencias sobre da existencia de edificacións. Tendo unha posición central nesta zona da acrópole, documentouse un grande edificio en forma de ‘U’. Este edificio ten un tamaño de 26 m (NO-SL) por 28 m (SO-NL), ocupando unha superficie aproximada de 650 m². A súa planta é recoñecíbel, tanto en superficie, como a partir da prospección dixital (ver Lámina 37, p. 133).

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 37. Interpretación da planta do grande edificio central do Faro de Budiño.

A subida á segunda parte da acrópole prodúcese a través dun pequeno corredor onde se localiza outra edificación cuadrangular e un paramento que se encontra illado. Este paramento pode formar parte doutra edificación ou parte dun muro de defensa do corredor de subida. Este corredor é estreito e encóntrase esculpido no propio afloramento. Unha vez superado, chegamos a parte máis elevada do xacemento. Esta zona é máis agreste que a anterior e só localizamos dúas posíbeis evidencias de edificacións cuadrangulares a través de rebaixes en penedos e na propia rocha nai da acrópole.

Existe un espazo singular nos afloramentos occidentais, situado na zona suroeste da acrópole inferior do Faro. Aquí, nunha fenda sitúase un estreito espazo onde unha pedra “bailaba” no seu interior. Este espazo é o coñecido como *catabún*²⁶ e, suponse que antigamente funcionaba como instrumento pétreo de percusión. Hoxe en día, esta pedra está inutilizada, impedindo coñecer as características sonoras do *catabún*. Existe unha gran tradición oral asociada a este espazo, unha delas fai referencia a

²⁶ Consideramos interesante citar o vídeo pendurado (<https://vimeo.com/20531654>) na entrada do *blog* capítulo cero de Gago Mariño (2011b).

que este se empregaba para avisar de que viña a *Santa Compañía*. Outra é que o *catabún* foi inutilizado pola *Guardia Civil* nos anos corenta do séc. XX, xa que este era empregado pola xente fuxida nos momentos da posguerra para avisar da presenza deste corpo militar e/ou de partidas de buscadores de persoas fuxidas.

A maior parte das evidencias dos trazados dos muros defensivos veñen dadas polos rebaixes nos penedos, polos pequenos treitos onde a construción do mesmo ficou en pé, polas acumulacións de cachotaría -aparecendo estas como derrubamentos asociados a trazados- ou polas elevacións do chan. En base á análise das evidencias conservadas, os muros do recinto fortificado estarían conformados por unha construción en dobre cara de cachotaría irregular de tamaño medio-grande e cun recheo de terra e de pedregullo, resultando nun ancho aproximado de algo mais de dous metros. Estes muros estarían encaixados entre os penedos -de maior ou menor tamaño, dependendo da súa disposición natural-, sendo estes empregados como apoio básico para a construción, e creando puntos fortes na defensa. Como xa foi comentado mais arriba, estes muros son edificadas co fin de fechar os buracos existentes no entorno da acrópole, por iso a lóxica e o esforzo construtivo está baseada nos penedos. Pola contra, os muros das edificacións interiores aparentan ser mais sinxelos. Estes están conformados por cachotaría, cun ancho de pouco mais de un metro, aproveitando fragmentos de *tegula* como ripios. Estas edificacións poden aparecer illadas ou aproveitando penedos para apoiar os paramentos, de unha forma moi similar aos muros exteriores do recinto.

Asociados a varias edificacións documéntanse concentracións de fragmentos de material latericio similares a *tegula* romana ou a tixolos. Estas concentracións encóntrase en superficie²⁷. A cor das pastas varían dende o vermello escuro até o gris brancuxado, pasando polo negro. É de notar que estes fragmentos están moi rodados e descontextualizados. Como xa

²⁷ Nunha esquina dunha estrutura da acrópole medrou unha árbore que acabou por caer. Grazas a isto, pódese observar o paramento da estrutura e, integrados entra a terra arrancada polas raíces, fragmentos de cerámica e de material latericio.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

foi mencionado anteriormente, algúns foron empregados como recheo na colocación dos pasos das escadas de madeira.



Lámina 38. Fragmento dunha pestana de *Tegula* localizada no Faro de Budiño.

Amais das alteracións xa descritas anteriormente, como as escaleiras de madeira, a balsa de auga, a pista, a edificación ou o uso dos penedos como zona de escalada, existen outros factores de alteración do xacemento. Algúns menores como a colocación dunhas mesas de pedra a outras máis graves como a plantación de monocultivo de eucalipto nas proximidades do xacemento, afectando gravemente á estrutura térrea exterior.

4.3.4. Interpretación

O grande esforzo invertido na fortificación do actual acceso sur, cunha tripla liña de muralla, e que o camiño dende o fondo do val chegue ao mesmo, fainos considerar a posibilidade de que este sexa a vía principal para acceder ao recinto da acrópole e á superficie chaira do mesmo. A aparición dunha estrutura próxima á segunda liña de muralla, pode ser asimilábel a un uso como corpo de garda e control do acceso, máis non temos máis datos do

uso do mesmo²⁸. Para continuar co ascenso cara o interior da acrópole, temos que ascender por unha escaleira. Nesta, entre os pasos de madeira actuais localízanse algúns pasos de pedra, por iso que podería ser posíbel que o camiño orixinal de ascenso do recinto contara cunhas escadas realizadas nese material. Esta afirmación vén dada pola continua subida²⁹, que sen escada sería moi dificultosa. Todas estas evidencias reforzan a teoría de que o acceso principal á superficie chaira da acrópole sería por esta zona.

A superficie chaira é a zona de maior concentración de estruturas habitacionais, sendo posíbel identificar en planta varios deles. Aínda que existan evidencias de estruturas noutras zonas do asentamento, a zona máis factíbel para a concentración ocupacional sería esta. É neste lugar onde se localiza un grande edificio en forma de ‘U’.

A presenza do *catabún* e a inclusión da palabra *faro* no topónimo pode indicar unha funcionalidade do sitio como lugar de vixilancia e aviso da contorna (Sánchez-Pardo, 2014a). Esta pode ser orixinal aos momentos de ocupación do asentamento fortificado como a *posteriori*.

²⁸ Incluso pode ser moi factíbel que esta estrutura non teña relación coa muralla, e sexa posterior.

²⁹ Entre as dúas liñas de murallas (a segunda é a terceira) separadas por algo mais de 80 m, realízase unha subida de case 70 m de desnivel.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 39. Planimetría do Asentamento Fortificado do Faro de Budiño

Para rematar, como xa foi comentado máis arriba, a estrutura térrea que fecha e separa o afloramento da zona máis chaira da

Serra pode indicar a presenza dunha primeira liña de fortificación do asentamento. O que faría que dentro do mesmo existan dous espazos diferenciados: a acrópole e a zona inferior. O primeiro sería unha fortificación moi complexa mentres que o segundo dependería dunha máis sinxela. A existencia deste espazo adicional pode indicar o aproveitamento do mesmo como zona para actividade agropecuaria para a comunidade que ocupaba o Faro ou, sen ser contraproducente, como refuxio provisional dos habitantes da contorna.



4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

4.4. Alto de San Cibrán

4.4.1. Localización




Lámina 40. Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Alto de San Cibrán

Situado na parte suroriental da serra do Galleiro, o Alto de San Cibrán³⁰ é un gran outeiro cun cumio chairo a aproximadamente 420 m.s.n.m. O Alto está situado nun ramal

³⁰ As súas coordenadas ETRS89 29N son 536167 – 4665769.

situado entre os vales do río Caselas e do río Tea, situados a occidente e oriente respectivamente.

A morfoloxía do cumio do Alto de San Cibrán está altamente influenciada pola grande abundancia de afloramentos graníticos por toda a zona, sobre todo concentrados no arco suroeste-sueste. O afloramento máis recoñecíbel é un gran bolo granítico situado na ladeira sueste, elevándose uns 20 m de altura sobre a contorna. Dende este bolo até outro situado no noroeste do Alto, as ladeiras contan cunha importante pendente, en cambio, as situadas no eixo noroeste-sueste, as que están en dirección á serra do Galleiro, son máis suaves.



Lámina 41. Capela de San Cibrán, situada no asentamento do Alto de San Cibrán.

A orixe do topónimo do Alto está relacionado coa advocación da capela construída na zona central do seu cumio. Esta, de fábrica do séc. XVIII, parece ser unha reedificación doutra anterior³¹. Así mesmo, este monte exerce como límite entre dúas parroquias pertencentes a dous concellos diferentes: a de San Xulián de Guláns no concello de Pontearreas, e a de San Martiño da Picoña, Salceda de Caselas. A capela de San Cibrán, malia estar situada no terreo pertencente á primeira das parroquias, conta cunha tradición romeira por parte das dúas. É interesante mencionar que a romaxe organizase en días diferentes por parte de cada parroquia.

³¹ Comentario coñecido por unha informante local, sen máis datos.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 42. Ortofotografía do Alto de San Cibrán. PNOA 2014.

Existen dous camiños de fácil acceso para achegármonos ao Alto. Ámbolos dous parten dende o fondo do val, chegando ao pé, pola ladeira oriental, da superficie que conforma o cumio do Alto. O primeiro camiño parte da igrexa parroquial de Guláns, cunha distancia final de case catro quilómetros, sendo preciso superar un desnivel de 327 metros, dende os 93 m.s.n.m. onde se sitúa a igrexa até os 420 m.s.n.m. da capela de San Cibrán. O segundo acceso, dende a igrexa parroquial de San Martiño da Picoña, é un pouco máis curto que o outro, uns douscentos metros menos. En cambio, o desnivel é similar, dos 89 m.s.n.m. da igrexa até os 420 m.s.n.m. do Alto.

Grazas a altitude relativa sobre a súa contorna, o Alto, valga a redundancia, consegue un gran control visual sobre o val do río Caselas, sobre a maior parte do val do Tea e sobre o paso existente entre este e o val do Louro. Hoxe en día esta percepción de control visual dende o Alto está reducida por mor das plantacións de monocultivo de eucalipto presentes na contorna, impedindo calquera visión actual cara o occidente. Do mesmo modo, a percepción do recinto dende o fondo do val queda disimulada por culpa das mesmas, malia que o seu topónimo indique que sería unha referencia espacial importante en tempos pretéritos.

4.4.2. Referencias previas

O asentamento fortificado do Alto de San Cibrán está rexistrado no inventario do Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia (Perles Fontao, 2003). A maiores, Curras Refojos tamén menciona este asentamentos na súa investigación predoutoral, clasificándoo coma un recinto fortificado de cronoloxía indeterminada (2015, p. 886–892).

4.4.3. Arquitectura e Cultura Material

A acción construtiva do sistema defensivo do Alto de San Cibrán basease na mesma lóxica do resto da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*. Neste caso créase un duplo recinto concéntrico composto de murallas pétreas que se asentan sobre ou contra os afloramentos graníticos presentes no entorno natural do cumio. Este sistema defensivo engloba no seu interior unha superficie próxima ás cinco hectáreas, sendo a maior parte destas espazo aproveitábel debido ás condicións xeomorfolóxicas do Alto. O perímetro exterior do recinto supera os 800 metros de perímetro, estando construídos uns 750 metros, sendo o espazo restante ocupado polos afloramentos graníticos. O recinto interior, construído de forma concéntrica co exterior, ten un perímetro inferior aos 400 m. Estas medidas son aproximadas debido a que a zona nordeste do Alto atópase completamente arrasada pola confluencia de varias pistas forestais. Esta situación impide, polo tanto, documentar con precisión o trazado do sistema defensivo nesta parte.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 43. Planimetría do Asentamento Fortificado do Alto de San Cibrán. Cedida por Perles Fontao

Esta situación de alta degradación é común a todo o asentamento, durante a prospección superficial do terreo apenas se documentan estruturas murarias conservadas en pé. A localización do trazado do sistema defensivo prodúcese grazas ás evidencias de rebaixes para asentar lenzos que se conservan nos afloramentos graníticos e polo traballo de prospección dixital do terreo. Grazas a este proceso, ao coñecer o trazado aproximado, foi posíbel localizar *in situ* pequenas seccións de muro conservado en pé, acumulacións de cachotaría e perpiaños en forma de derrubamentos, que, xunto cas elevacións puntuais e en forma lineal do terreo, evidencian a existencia e localización do sistema defensivo do recinto.



Lámina 44. Vista dende intramuros de parte do sistema defensivo occidental do asentamento fortificado do Alto de San Cibrán.

De forma similar ao sistema defensiva, o interior do recinto está moi alterado, ca construción de varias pistas internas, un aplanado da zona próxima á capela etc. Isto complica a localización de evidencias de estruturas interiores contemporáneas ao uso do asentamento fortificado. Na ficha de catalogación (Perles Fontao, 2003) faise referencia á existencia duns posíbeis enterramentos na zona meridional do recinto, non sendo localizados nas prospeccións realizadas. Así mesmo, este xacemento é o único, xunto do de Monte Aloia, que conta cun panel con información arqueolóxica. Tanto a descrición escrita como a planimetría coinciden cos datos recollidos na ficha de inventario.

En base ás poucas evidencias que se conservaron en superficie, as murallas de San Cibrán estarían construídas en base a un dobre paramento composto de perpiaños e cachotaría, cun recheo interno de terra e pedras. Estes lenzos estarían encaixados entre os afloramentos graníticos presentes, sendo estes empregados como apoio e punto forte do sistema defensivo. A nivel superficial, foron localizadas varias concentracións de cerámica de pasta vermella, que poderían referirse a cerámica de uso común ou incluso a material construtivo, nomeadamente, *tegula*.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana



Lámina 45. Vista da zona próxima á capela de San Cibrán.

O alto grado de degradación do asentamento fortificado do Alto de San Cibrán provén da alta presión antrópica á que foi e é sometida a contorna. A pertenza da capela ás dúas parroquia e a dupla romaxe, significa un dobre tránsito de persoas e vehículos. As estruturas asociadas a esta celebración destruíron ou alteraron parte das evidencias arqueolóxicas: as pistas de acceso, o traballo de aplanamento na zona próxima á capela, ou a instalación dun palco de música, dunha zona teitada de madeira ou de mesas, bancos e braseiros de granito por todo o recinto. Na parte oeste, nun afloramento de granito erixiuse unha cruz a comezos do s. XX. A maiores, o roteiro PR-G132 pasa polo Alto, sendo empregado ás veces, coma punto de partida.

4.4.4. Interpretación

A interpretación realizada do asentamento corresponde a combinación dos datos que obtivemos das prospeccións dixitais coma no terreo. O dispositivo defensivo fecharía o cumio do Alto cun dobre recinto, cun especial interese en fortificar a superficie central, lugar onde concentrarían as estruturas habitacionais do asentamento. A valgada situada na zona norte ofrece as mellores condicións para ser alí onde se localizaría o acceso orixinal ao recinto, dunha forma moi similar á actualidade.




Lámina 46. Planimetría do Asentamento Fortificado do Alto de San Cibrán.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

4.5. A Fortaleza do Galiñeiro

4.5.1. Localización




Lámina 47. As Gallas do Galiñeiro dende o leste.

O asentamento fortificado do Galiñeiro³² está situado entre os dous cumios máis setentrionais da serra que leva o mesmo nome. Estes dous cumios son coñecidos comunmente como o Galiñeiro aínda que o “verdadeiro” Pico do Galiñeiro está situado uns 800 metros cara o sueste, elevándose até os 703 m.s.n.m. Estes dous picos teñen cadanseu nome, a respecto da súa orientación, Galiñeiro Norte e Galiñeiro Sur, aínda que entendemos que esta sexa unha denominación moderna, sendo posibelmente os topónimos populares: Coto do Demo (662 m.s.n.m.) e Pico da Lúa Chea (687 m.s.n.m), respectivamente. Así mesmo, estes dous picos, ao estar tan próximos e ser visualmente tan recoñecíbeis, teñen un topónimo conxunto que varía, segundo Veiga González (2001, p. 376)³³, entre As Gallas -parroquia de Zamáns, concello de Vigo-, Os Cornos do Demo -parroquia de Vincios, concello de Gondomar- ou Coto das Forcadas -parroquia de Chenlo, concello do Porriño-. É de mención que no mapa de Domingo Fontán, do 1834, aparece nomeado como Coto do Demo. Ante a ampla variedade toponímica, nestas liñas

³² As súas coordenadas ETRS89 29N son 524198 – 4665500.

³³ A primeira parte deste artigo é unha reflexión sobre as variantes toponímicas que pode ter un espazo. Por norma xeral, o traballo arqueolóxico procura unificar topónimos, facendo nós mesmos isto ao longo do texto, escollendo un topónimo sobre os outros, mais é preciso unha recollida de todos os topónimos de cada xacemento (ou de partes del), xa que tamén son parte da Historia do sitio.

utilizaremos o topónimo das Gallas para definir por conxunto aos dous cumios, diferenciando entre Coto do Demo (pico norte) e Pico da Lúa Chea (pico sur) cando corresponda por necesidades da descrición. Da mesma forma, o asentamento fortificado recibe varios nomes, sendo o de Fortaleza do Galiñeiro o escollido para referirnos a el. Administrativamente, a zona norte da serra do Galiñeiro está localizada nos límites da parroquia de Santa Mariña de Vincios, concello de Gondomar, comarca do Val Miñor.

Canto máis avanzamos pola serra do Galiñeiro en dirección norte, esta vaise transformando cara unha paisaxe máis abrupta, onde existen grandes afloramentos graníticos e o acceso é bastante limitado. O terreo neste extremo da serra é moi irregular, sendo inexistentes as grandes zonas planas e amplas na contorna dos dous cumios máis setentrionais. Estes son comparábeis a dous grandes afloramentos graníticos e teñen unha morfloxía moi característica. Os dous sitúanse nun eixo norte-sur, polo que é lóxica a súa diferenciación toponímica. O maior é o Pico da Lúa Chea, cunha altura de 690 m., mentres que o Coto do Demo, situado uns 150 m dirección norte, alcanza uns 662 m.s.n.m. Ámbolos dous están separados por unha profunda carricova. Mentres que o Pico da Lúa Chea conforma unha parede granítica que divide a zona oeste da leste, o Coto do Demo está orientado suroeste-nordeste, facendo que se feche un espazo cunha forma triangular, cuxo terceiro vértice -e máis occidental- sería esta carricova. O espazo interior deste “triángulo” está ocupado por uns afloramentos graníticos lineais paralelos ao Coto do Demo, ca mesma orientación suroeste-nordeste.

A visión dos dous cumios dende o lado occidental mostra unha forte parede granítica coroada polas dúas elevacións e unha carricova de difícil acceso entre ámbalas dúas³⁴, mentres que polo lateral contrario, malia ser igual de imponente a silueta dos dous cumios, observamos tamén unha ladeira moito máis suave. Esta peculiar forma é a que permite a súa fácil localización e

³⁴ Recordemos que esta zona é a parte que dá cara o Océano Atlántico, con toda a influencia na xeomorfoloxía que esta condición pode ocasionar.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

identificación dende calquera punto da contorna, e, ao mesmo tempo, restrinxe e condiciona a superficie útil do mesmo.




Lámina 48. Ortofotografía das Gallas do Galiñeiro. PNOA 2014.

A grande altura que alcanzan os dous cumios e que sexan o límite setentrional da Serra do Galiñeiro favorece a obtención dun espectacular control visual da zona próxima, podendo ser visualizada a práctica totalidade do Val Miñor -dende Baiona até o Monteferro-, as Illas Cíes, todo o Val do Fragoso -a actual zona onde se asenta a cidade de Vigo-, a costa sur da Península do Morrazo e as zonas máis setentrionais do Val da Louriña.

Só tres igrexas parroquiais rodean o asentamento fortificado do Galiñeiro: Santa Mariña de Vincios, San Mamede de Zamáns e San Xoán de Chenlo. A igrexa parroquial de Vincios sitúase na aba occidental da Serra. O camiño que parte desta é unha constante subida, dende os 224 m.s.n.m. até os 650 m.s.n.m., e bordea as Gallas pola súa ladeira norte, cunha extensión aproximada de seis quilómetros. O camiño máis directo parte da igrexa de Zamáns, situada na aba oriental da serra. Percórrense case cinco quilómetros, partindo a 346 m.s.n.m. A igrexa de Chenlo é a máis lonxana, dista dunha distancia superior aos seis quilómetros e medio, ascendendo dende os 181 m.s.n.m. Os tres camiños conflúen na ladeira leste das Gallas, e dende alí súbese directamente até o asentamento.

Nas proximidades dos cumios, mais a unha altura inferior sitúase unha pequena zona acondicionada como merendeiro, denominada Parque Recreativo-Forestal da Comunidade de Montes de Vincios. Nada máis que vexetación baixa -toxo e matogueira- e algunha árbore illada ocupa esta zona, sendo utilizada como fonte de alimentación para gando caprino. É de subliñar o forte incendio ocorrido en outubro do 2017, que queimou todas as abas occidentais da Serra ao longo da parroquia de Vincios, entre elas todo o Parque Recreativo-Forestal e a propia superficie do asentamento fortificado³⁵.

No recinto, ou na súa contorna, non existe ningunha indicación de que estamos diante dun xacementos arqueolóxico catalogado como tal no rexistro da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Actualmente o cumio do Galiñeiro é empregado como espazo para a actividade gandeira, xa que cabras, vacas e cabalos andan ceibos polo monte; para a práctica da escalada debido a que os grandes afloramentos dende sempre atraeron a quen practica este deporte; para actividades de ocio e sendeirismo, a ruta PR-G1 atravesaba o asentamento dende a valgada noroeste até a ladeira oriental, sendo empregada cachotaría, posibelmente dalgún muro, para asegurar a estabilidade do poste indicador; e para actividades

³⁵ Faro de Vigo, 2017/10/18 (<http://www.farodevigo.es/galicia/2017/10/18/hallan-globos-bengala-monte-salceda/1769055.html>) [Consultado 2018/01/15]

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

reivindicativas a nivel ecolóxica e patrimonial, agrupadas na Plataforma pola Protección da serra do Galiñeiro³⁶.




Lámina 49. Modelo Dixital do Terreo (MDT) das Gallas do Galiñeiro

A alteración do recinto vén dada, en gran medida, polos axentes naturais e pola práctica histórica do espolio para a construción -común á maioría dos xacementos galegos-, aínda que, nos últimos tempos, co incremento da actividade humana nesta zona da serra, o descoñecemento por parte da comunidade

³⁶ Mais información: <http://serragalineiro.wordpress.com/> [Consultado 2017/05/25]

local da existencia dun xacemento arqueolóxico, a apertura de vías de escalada nos afloramentos e o roteiro que atravesa o xacemento polo mesmo centro, son causa da acentuación da destrución do recinto.

4.5.2. Referencias previas

De forma común aos asentamentos do Monte Aloia ou de Budiño, Garrido tamén realizou unha descrición da Fortaleza do Galiñeiro (1987, pp. 28-37). Onde cita varias escavacións realizadas a comezos dos anos 70 por afeccionados ao montañismo. O seu responsábel publicou un breve resumo destes traballos (Veiga González, 2001). Tamén Gago Mariño publicou no seu blog unha pequena descrición da Fortaleza (Gago Mariño, 2010b). Currás Refojos tamén inclúe a este asentamento dentro da súa categoría de recintos de cronoloxía indeterminada (2015, p. 886–892). Así mesmo, tamén existen datos nas fichas de catalogación do xacemento (Fernández-Pereiro, 2014c; Torres Bravo et al., 1995).

Para pecharmos este apartado, consideramos moi importante citar o proxecto *Cartografías Sensibles* impulsado pola Comunidade de Montes en Man Común de Vincios sobre a mesma parroquia³⁷. Este proxecto pon a disposición da comunidade moita información sobre a parroquia de Vincios, versando algunha sobre o Galiñeiro e o asentamento fortificado nel emprazado. Estes datos superan o puramente arqueolóxico e permiten coñecer lendas ou diferentes momentos de ocupación e de uso do espazo.

³⁷ Vincios Patrimonio. Cartografías sensibles, 2013 (<http://vincios.org/>) [Consultado 2018/01/09]

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 50. Planimetría das Gallas do Galiñeiro por Antonio Veiga (2001, p. 374)

4.5.3. Intervencións Arqueolóxicas

A información sobre esta escavación provén dun artigo do seu responsábel (Veiga González, 2001). A escavación foi dirixida por Antonio Veiga, do Club Montañeros Celtas, sendo o

equipo de traballo integrado por persoas socias do mesmo club, e asesorado por Xosé M^a Álvarez Blázquez³⁸. Referímonos a escavación e non a intervención arqueolóxica, por que a dirección e o equipo da escavación non tiñan formación arqueolóxica, sendo simplemente persoas afeccionadas.

A intervención estivo dividida en dúas campañas, realizadas nas fins de semana entre o 15 de Marzo e o 5 de Abril de 1970 e nas fins de semana entre o 27 de Marzo e o 9 de Maio do ano 1971.



Lámina 51. Fotografía da “cista” localizada na estrutura nº1 da Fortaleza do Galiñeiro, por Antonio Veiga (2001, p. 385)

A primeira campaña centrouse nunha limpeza do manto vexetal e a eliminación das acumulacións de material pétreo. Durante esta deixouse a vista parte do lenzo da muralla norte³⁹ e

³⁸ Real Academia Galega, 2008, *Bibiografía de Xosé María Álvarez* (https://academia.gal/figuras-homenaxeadas/-/journal_content/56_INSTANCE_8kIA/10157/13439) [Consultado 2018/05/03]

³⁹ Norte na planimetría realizada por Antonio Veiga mostrada na 0, máis que na realidade sería o nordeste.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

tres estruturas interiores. A estrutura n.º 3 só tiña un único nivel de terra e non se chegou á roca nai. Na súa parte externa localizáronse algúns fragmentos cerámicos. A estrutura n.º 1 está separada anterior por un corredor, e nesta campaña só se retiraron os derrubes asociados á mesma. A estrutura n.º 2, a máis próxima á muralla nordeste, foi escavada máis non se definiu o nivel de ocupación e a cerámica foi moi escasa. Os muros destas estruturas están construídos en base a dúas caras e recheo interior. As caras están careadas e as fiadas son irregulares.

Na campaña do ano 1971 centrouse principalmente na estrutura n.º 1. Nesta si que foi localizada un nivel de ocupación, un fogar e a entrada da propia estrutura. Asociado ao fogar localizáronse fragmentos de cerámica e carbóns. Dentro da estrutura localizaron unha estrutura sorprendente, esta é a descrición:

[...] a unos 15 cm del nivel de ocupación, tres losas perfectamente encajadas hacen de tapa a una arqueta de 1,30x0,45 m con un hueco interno de 30 cm de altura. Estaba colocada en forma oblicua a las paredes y con eje a su esquina NE. Cada uno de los lados más largos lo formaban tres losas hincadas y los otros por una. El fondo formado por lajas pequeñas. Su interior contenía tierra negra de iguales características que el relleno y pese a realizarse una cuidadosa retirada y tamizarse, no dio ningún elemento que pudiese aclarar su uso. [...] Álvarez Blázquez interpretó que la arqueta podría ser una cista funeraria [...] (Veiga González, 2001, pp. 385-386).

A intervención escavou aproximadamente un 5% da superficie interior do asentamento e o material cerámico e lítico, segundo as informacións de Veiga González, foi entregado a Álvarez Blázquez e ao *Club Montañeros Celtas*. Sendo polo momento os esforzos realizados para localizar a cultura material móbel extraída infrutuosa.

Os resultados desta intervención permiten extraer ideas e realizar conclusións, malia que estas sexan parciais polo limitado dos datos coñecidos. A primeira idea é unha dúbida a respecto da existencia de *tegula* no asentamento. Veiga González non o menciona no seu artigo, mentres que Garrido afirma que si que se localiza (Garrido Rodríguez, 1987, p. 35). A segunda idea que extraemos é que nestas escavacións non se esgotaron os niveis arqueolóxicos. Estas dúas ideas, xunto a heteroxénea cultura material móbel recuperada, permite hipotetizar a posibilidade da existencia de varios momentos de ocupación para a Fortaleza do Galiñeiro.

4.5.4. Arquitectura e Cultura Material

A Fortaleza do Galiñeiro artéllase en base a unha acrópole, espacialmente modesta e cun esforzo defensivo moi elevado. A maiores, de forma similar ao Faro de Budiño, localízase un posíbel recinto exterior de maior tamaño.

No espazo triangular, e semiplano, situado entre o Coto do Demo, o Pico da Lúa Chea, o Coto da Cerradura e os pequenos afloramentos situados ao norte deste último, é onde se sitúa a acrópole do asentamento fortificado do Galiñeiro. Neste espazo que apenas supera as dúas hectáreas de superficie, o terreo é abrupto e está salpicado de múltiples afloramentos graníticos, polo que a superficie “útil” estaría moi por debaixo desta extensión, chegando apenas á metade do espazo ocupado. A zona construída da acrópole está perfectamente encaixada na morfoloxía do lugar, adaptándose ao terreo e empregándoo para reforzar o sistema defensivo. A simple vista apenas se observa unha artificialización extrema do terreo máis alá dos rebaixes realizados nos afloramentos graníticos ou nas propias estruturas conservadas.

O obxectivo do sistema defensivo da acrópole consiste en fechar o espazo próximo ás Gallas, polo tanto, este artéllase en base á construción dunha serie de muros perimetrais que fechen os espazos existentes entre os afloramentos. Nun perímetro exterior da acrópole de 600 metros, aproximadamente, só a metade están fortificados pola acción humana, descansando o

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

resto do esforzo do sistema defensivo sobre os picos e os afloramentos graníticos. Este sistema defensivo organízase en base a dúas liñas de muralla paralelas divididas en dous sectores. O primeiro é o tramo máis curto que fecha a carricova occidental existente entre os dous cumios das Gallas, mentres que o segundo ten forma semicircular, fechando o acceso á acrópole pola ladeira oriental. A fábrica das murallas da Fortaleza do Galiñeiro componse dunha dobre cara de perpiaños e cachotaría, cun recheo interno de terra e pedregullo. Estas están encaixadas entre os afloramentos graníticos, sendo estes empregados como cimentación ou como comezo e fin nos extremos dos muros.




Lámina 52. Vista dende o sur do lenzo murario nordeste da muralla principal da Fortaleza do Galiñeiro.

A primeira das liñas murarias está situada ao pé da superficie de ocupación da acrópole, nunha cota inferior. Atópase conservada de forma irregular, apreciándose o seu trazado debido a acumulación de perpiaños irregulares e cachotarías en forma de derrubamentos e polos rebaixes para asentar os lenzos nos afloramentos. O espazo existente, entre esta liña e a seguinte, que poderíamos denominar *intervallum*, é unha pendente escarpada e que dificulta o acceso.

A segunda liña da muralla da acrópole está situada no lugar de corte entre a superficie de ocupación e a pendente, nun punto alto, o que favorece o control visual e afianza o esforzo defensivo. Esta muralla atópase en mellor estado de conservación que a anterior, sendo posíbel apreciar perfectamente o seu trazado e a súa morfoloxía construtiva, conservándose ao longo de todo o perímetro un metro de altura aproximadamente. Os derrubos de cachotaría asociados a esta liña muraria están concentrados no *intervallum* e colmatan a primeira muralla antes descrita. A maiores, esta segunda liña pode ser considerada a principal da acrópole, debido a que é na que se aprecia o mellor estado de conservación, a que en mellor posición defensiva se localiza e a que contén no seu interior as evidencias construtivas habitacionais.

Consideramos que o acceso á zona intramuros por onde se realizaría a entrada é o espazo situado entre o Pico da Lúa Chea e o Coto da Cerradura, pola zona sur da acrópole. Este acceso semella algo escondido a simple vista dende a pista forestal actual, que discorre ladeira abaixo cara o leste do xacemento. Unha vez franqueado o acceso, estaríamos no interior da acrópole. Na actualidade⁴⁰, dentro da mesma non se dispón de espazos amplos e planos, senón que son reducidos e irregulares. A zona do recinto máis ampla e plana está situada na zona norte da acrópole, ao pé do Coto do Demo. Aquí é onde se localizan varias estruturas. Actualmente son visíbeis tres estruturas, aínda que están documentadas un total de cinco (Veiga González, 2001,

⁴⁰ Isto non quere dicir que no momento de ocupación do recinto, este interior estivera modificado e antropizado para facilitar a vida dentro do recinto.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana

p. 382). As tres estruturas visíbeis foron escavadas parcialmente nos inicios da década dos 70. Configúranse en planta cuadrangular de muros de cachotaría de dúas caras con recheo interno de pedregullo e terra, e sen evidencias de argamasa, nin para fixar as pedras, nin como revoco.



Lámina 53. Vista das estruturas interiores da Fortaleza do Galiñeiro dende o norte. No lateral esquerdo da imaxen aparece o lenzo murario da Lámina 52.

A ascensión á parte superior do Coto do Demo é facilmente realizábel na actualidade, sendo dende esta altura onde se conseguen as mellores vistas da contorna. Maila isto, non se localizaron evidencias de accións antrópicas no cumio.

Pola zona da ladeira leste podemos aventurar a existencia dun posíbel recinto maior, aparecendo citado en traballos anteriores (Garrido Rodríguez, 1987, p. 35). Esta zona é a parte máis alterada da contorna da fortificación, polo tanto, debido ao seu nivel de conservación, resulta complexo realizar un trazado preciso desta liña exterior. As evidencias localizadas son, na súa gran maioría, rebaixes nos afloramentos onde se acomodarían os lenzos e pequenas concentracións de material latericio pétreo, principalmente perpiaños. Entre esta liña exterior e a acrópole

confórmase un espazo amplo, medianamente plano ou de lixeira pendente, que puido ser empregado como zona de hábitat ou de almacenamento de recursos. Non se aprecian evidencias de outras estruturas no interior deste espazo.

As fontes de auga próximas están situadas a menos dun quilómetro cara o leste, no regato estacional do Chan do Galiñeiro ou a 1.200 m na Pedra do Bufote. Pola ladeira occidental contamos ca permanente Fonte do Estripeiro. Ao mesmo tempo, tamén queremos subliñar a existencia de varios abrigos rochosos por toda a contorna.

Referéncianse a aparición de material móbel, nomeadamente cerámico, na Fortaleza do Galiñeiro. Veiga González (2001, pp. 386-387) fai unha análise e publica unha fotografía con 10 fragmentos de cerámica -bordes e fragmentos decorados-, asumindo que son “cerámica indígena común”. Amais disto cita a existencia dun muíño navicular e de varios núcleos de cuarcita. Garrido na súa referencia ao asentamento do Galiñeiro escribe que Veiga: “exploró la zona, indicando el hallazgo de algunas construcciones rectangulares que supuso pudieran ser tumbas, así como abundancia de tegulae y cerámica ‘rudimentaria’” (Garrido Rodríguez, 1987, p. 35). Aquí quedanos a dúbida de se no artigo de Veiga González, malia ser o xefe da intervención, ao ser escrito moi *a posteriori* da intervención esqueceu mencionar as *tegulae*. Pola nosa parte, non localizamos ningún fragmento cerámico.

4.5.5. Interpretación

A Fortaleza do Galiñeiro preséntase coma un asentamento cun amplo control visual da súa contorna e, ao mesmo tempo, coma un referente visual da mesma. A dificultade do seu acceso pode indicar a funcionalidade deste lugar como de vixilancia. Así mesmo, a existencia dun recinto exterior pode apuntar cara a posibilidade de que funcionase paralelamente como refuxio provisional dos habitantes da contorna.

4. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 54. Planimetría da Fortaleza do Galiñeiro.



Capítulo 5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

Neste capítulo son descritos os asentamentos fortificados *indefinidos* incluídos dentro da Zona Norte da Depresión Meridiana: o Castro Valente (p. 165), o Castelo Redondo (p. 180), o Castromaior (p. 189), o Castelo de San Marcos (p. 198) e o Castelo de Portomeiro (p. 207). Este tramo ten o topónimo de val da Amaía, sendo o seu elemento hídrico central o río Sar. Este val está acoutado, polo norte e sur, polos ríos Ulla e Tambre, respectivamente. O val da Amaía é amplo e sen a sensación de cerrazón que mencionamos para o val da Louriña.

A metodoloxía descritiva empregada é a mesma que no capítulo anterior, polo que se obvia a súa explicación de novo.




Lámina 55. Situación dos Asentamentos da Zona Norte da Depresión Meridiana

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

5.1. Castro Valente

5.1.1. Localización




Lámina 56. Modelo Dixital do Terreo (MDT) do Castro Valente.

O Monte do Castro Valente⁴¹, ou comunmente o Castro Valente, configúrase como unha grande elevación solitaria de 395 m.s.n.m. Está dividido entre catro parroquias: San Pedro de Carcacia e Santa María de Herbón, do concello de Padrón, cara o

⁴¹ As súas coordenadas ETRS89 29N son 532204 – 4730955.

noroeste; e San Miguel e Santa Mariña da Barcala, no concello da Estrada, cara o sueste.

Malia non ser o máis alto da súa contorna, o Castro Valente é un monte moi recoñecíbel. Inflúe nisto a súa condición de ser un monte solitario, sen apenas ningunha elevación próxima que o “esconda”. Amais disto, a súa situación é moi característica e singular. O río Ulla, o curso fluvial máis importante da contorna, rodéao pola súa ladeira norte⁴², separándoo física e visualmente da dorsal que provén do norte e do Outeiro da Meda. Este está situado uns tres quilómetros ao noroeste do Monte de Castro Valente e ten unha altura de 441 m.s.n.m. Pola banda leste-sur existe un pequeno val, onde se emprazan as dúas parroquias de San Miguel e Santa Mariña da Barcala, e unha pequena dorsal, cunha altura media superior ao Monte do Castro Valente, co Alto das Xesteiras que alcanza os 713 m.s.n.m, uns seis quilómetros ao sur. Pola ladeira oeste, sitúase o percorrido da Depresión Meridiana e o lugar onde se une o río Sar ao Ulla.

A morfoloxía do cumio do monte é moi característica, pois ofrece unha superficie moi chaira a uns 376 m.s.n.m., que teñen descrito cunha forma que recorda a un ril (Fernández Abella, 2014, p. 394). Existen tres outeiros graníticos situados na metade sur do cumio que sobresaen uns 15-25 m sobre este rechán. Nótase que este rechán xa foi artificializado de antigo, máis nas últimas décadas sufriu varios ciclos de plantación de piñeiro e a construción de varias pistas cortalumes.

⁴² Que a súa vez é alimentado polo Rego do Castro, que nace na ladeira oeste do monte.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana




Lámina 57. Modelo Dixital de Pendentes (MDP) do Castro Valente.

O acceso dende o fondo do Val vese dificultado polo gran desnivel existente entre este e o cumio. As ladeiras, maila que non poden denominarse como escarpadas, si que teñen unha forte pendente. Os catro camiños, que parten das igrexas parroquiais de San Miguel da Barcala, Santa Mariña da Barcala, San Pedro de Carcacia e Santa María de Herbón, conflúen ao pé do Castro Valente, no Alto do Caeiro, na ladeira sueste, nas proximidades dunha ermida adicada a San Xoán. Esta ermida, situada na ladeira sueste, sitúase a unha distancia inferior aos tres quilómetros do cumio do monte, onde se sitúa a fonte de San Xoán. Dende as igrexas de San Miguel, a unha altura de 98 m.s.n.m, e de Santa

Mariña, a 221 m.s.n.m., situadas ao pé da ladeira oriental do Castro Valente, é preciso percorrer dous quilómetros e medio e un quilómetro e medio, respectivamente, para situarse no Alto do Caeiro. Estas dúas igrexas son as máis próximas ao monte. En cambio, as igrexas de San Pedro de Carcacía e de Santa María de Herbón localízanse na outra beira do río Ulla. O camiño que parte da primeira, situada a unha altura de 15 m.s.n.m., é o máis longo, sendo preciso percorrer algo máis de seis quilómetros para chegar á ermida de San Xoán. Este camiño pasa por diante da igrexa de San Miguel da Barcala, situada a escasos catro quilómetros de San Pedro de Carcarcía, polo que, a partir deste punto, o camiño é o mesmo até a ermida de San Xoán. O percorrido dende Santa María de Herbón é o único que chega dende o oeste. Esta igrexa, situada a unha altura de 14 m.s.n.m, distánciase uns cinco quilómetros do punto de confluencia cos outros camiños. A subida dende este punto até o cumio realízase pola ladeira sur, sendo a que conta con menos pendente de todo o Monte do Castro Valente.

Como xa escribiu Fernández Abella (2014: 394) pode parecer dificultoso de localizar dende a Depresión Meridiana o punto exacto do cumio, debido ao redondeado e extenso do monte. Esta situación é contraria dende as outras orientacións, onde si que é máis recoñecíbel. Pola contra, dende os tres outeiros que se elevan por riba do rechán do cumio, conseguimos unha visión privilexiada de toda a contorna, sobre todo favorecida e focalizada cara o trazado do río Ulla. Dende o cumio máis occidental do Castro Valente obsérvase a ría de Arousa e os acesos terrestres que se dirixen dende esta ría cara o norte, onde se sitúa a cidade de Compostela, e cara o leste, o paralelo Val do Veá. A visión norte e sur está dificultada e/ou impedida polos altos do Outeiro da Meda ou o Xesteiras, máis arriba descritos.

Como explica o propio topónimo do monte onde se localiza o asentamento fortificado é coñecido dende antigo. Este pode ser denominado como Castro Valente, aínda que tamén se pode coñecer como a Cerca, en referencia ao gran recinto amurallado existente no cumio do monte.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

5.1.2. Referencias previas

Aínda que contamos cunha ampla bibliografía previa, todas as referencias que localizamos son moi contemporáneas, dende mediados do século XX cara hoxe, relacionadas a gran maioría con afeccionados ao Patrimonio.

Martínez Murguía na súa *Historia de Galicia*, escrita a finais do séc. XIX, realiza unha descrición do asentamento fortificado do Castro Valente. O estado de conservación do sistema defensivo permitiulle realizar unha descrición detallada do mesmo.

El denominado Castro Valente, que flanquea el Ulla, antes de desembocar en la ría de Cesures, es más curioso, aún cuando se halle en ruinas lo principal de su fortificación. Lo que queda en pie, está compuesto por pequeños bloques, algunos aprovechados sobre el terreno, por ofrecerlos en abundancia, y en ocasiones por medianas lajes (losas) puestas de plano las unas sobre las otras, sin tierra ni enlace alguno; lo cual hace pensar si será cosa posterior. Aunque hartamente maltratado por el tiempo, que no permite siquiera reconstruir la rampa por donde se ascendía, bien deja adivinar por el nombre que lleva y por la extensión de su corona, que tendrá cerca de un cuarto de legua, la importancia que ha debido tener en otros tiempos. El suelo es desigual y en declive hacia el sudoeste no presentando por lo tanto como otros menos curiosos, una superficie por completo horizontal, pero en cambio por toda su extensión se hallan esparcidas grandes rocas naturales, algunas con estanques, y asimismo una hilada de piedras clavadas, como de un metro de alto, que si se mira como un alineamiento, pudiera decirse opinión arriesgada, y si no, será difícil presumir el destino que tuvieron, ni que significan en aquellas soledades. No son estas circunstancias sin embargo las que le dan mayor notoriedad. Sino los extensos y desiguales restos de su muro, en el cual

y de distancia en distancia, se abren algunas puertas, unas más importantes que las otras, pero todas indicando el cuidado que se puso en fortificarlo convenientemente. Una tan sola presenta las piedras trabadas; pero todas ellas al desmoronarse, vertieron sobre el campo los restos de los cubos que guarnecían la muralla, dejando percibir que unos eran cuadrangulares y otros redondos, estos últimos por el estilo, aunque de piedra, de los que presentan algunas fortalezas de la Galia. Los cuadrados se encuentran todos en la parte más notable de la fortificación, y los redondos en la que parece más antigua. (Martínez Murguía, 1865, pp. 57-58).

López Ferreiro na súa obra sobre a *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*, no apartado sobre as súas orixes, referencia un *Castro de sobre Cesuris*. Nunha nota ao pé realiza a seguinte descrición, sendo moi interesante a funcionalidade que lle outorga ao asentamento:

Como á una legua al Nordeste de Iria hay un formidable Castro, el Castro Valente, que aún conserva gran parte de la muralla que lo rodeaba. No sabemos si sería un campamento, ó un lugar de refugio para los Irienses en caso de apuro. (López Ferreiro, 1898, p. 219).

Jesús C. Rodríguez escribe unha especie de “informe valorativo de prospección” nun breve, mais moi completo, artigo nun xornal local a comezos do séc. XX: *El barbero municipal*. Nel cita traballos previos realizados sobre o asentamento e describe os accesos, o control visual e o sistema defensivo do mesmo. Remata o artigo recomendado realizar unha investigación máis profunda do asentamento. Tamén menciona que “[...] el entusiasta D. Ángel Baltar (q. e. p. d.) hizo allí calicatas en busca de objetos, tejas, ladrillos, etcétera, y poco conocemos sobre sus resultados [...]” mais sen concretar cal foi o resultado das mesmas (Rodríguez, 1913). A información sobre este artigo foi extraída blog Capítulo Cero (Gago Mariño, 2009b)

5. Caracterización arqueológica dos asentamentos fortificados indefinidos na Zona Norte da Depresión Meridiana



EL BARBERO MUNICIPAL

SEMANARIO CONSERVADOR

Suscripción y venta: Trimestre, 1'25 pesetas; Núm. suelto idém

Director: Don José Arcos Moldes

Discurriendo en alta voz

«A mí me va mejor con los pillos que con los hombres de bien.»

Esta manera tan singular de expresarse se la atribuyen a persona que nunca ha sido puritana, ni lampoco malvada, como quiera que sea, quizá hoy no diga lo mismo, convencida de que, con la chama, no se puede ir a ningún lado.

«Fortuna es y grande, tratar siempre con personas decentes!»

Es tanta la belleza de la virtud, que aun quien no la practica, el mismo canal, la admira y respeta, reconociendo, siquiera por un momento, su miseria y asquerosa condición.

Atravesamos una época en que casi es un defecto la honriera de bien, si así vamos, llegará día en que el hombre honrado será un bicho curioso por lo extraño, despreciable desde luego siendo la preferencia para el estado, aunque por completo carezca de dignidad; esto, es desdoro, es meritisimo.

Sería horroroso perder la esperanza de una favorable reacción; la virtud, más o menos tarde, se impone y vence; así como el brillante oculto por la sociedad luce cuando ésta es barrida por un fuerte viento.

Desolador es la obstrucción de las multitudes, al extremo de no saber distinguir la cizaña del trigo; les entusiasma la soberbia de la camelia con sus colores vivos, sin aroma, y desprecia la humildad y olorosa violeta.

Los partidarios de las ideas anárquicas están de parábola. No parece sino que toda la pilleria se ha citado y propuesto destruir la Nación; así vive más a su place, haciendo lo que le viene en gana; todo atropello queda impune y todavía se vanaglorian de sus bellaqueñas.

A tanto llega la falta de sinceridad, que si alguno, cansado de las repetidas vicias de que es objeto, pretende castigar al que delinque una y otra vez (pasa espaldas), éste se irrita, calificando de infame al que se delindec, considerando acreedor á la benevolencia, sin duda por dejarlo vivir.

«¡Es admirable la manera de ser y pensar de estos angelitos!»

Imposible es que pueda resistirse semejante desorden, que en donde más se siente es en estos pueblos rurales que el caciquismo desgobierna á su capricho, imponiendo sus procedimientos অপসোনিamento personal.

De las muchas amarguras y dolores que padecemos, el pueblo tiene su gran parte de culpa.

Se cree fácil para la lucha, y ahí está la fuerza del enemigo que, batiendo el campo de lucha, hace lo que se le antoja y nuestra mansuetudine permite.

Entendidos, vnosotros, egoístas, irresponsables. Os halagan porque contribuis al medio personal de vuestra propia vida.

de vuestra conciencia, sacrificando al prójimo sin sospechar de que al prestarlo á felonías, seréis á su tiempo á la vez sacrificados, y aquellos os volverán la espalda como el desprecio que merecáis.

Por conveniencia general debemos ayudar al luchador generoso que desea la libertad para todos; que las leyes sean una verdad á todos los privilegios. Agrupémoslos formando una muralla resistente para liberarnos de vergonzosa esclavitud; esto no es política, es preparación á la defensa de nuestros derechos, los sufici nides para vnosos.

D. sochad estúpidos temores; con el pueblo, si la causa es noble, nadie puede. Triste es que de esto no os convenzáis sin sentir los contrazos.

Los políticos de profesión, que se afanan por estudiar la manera de explotarnos, y vivir en el regodeo, tendrán que retirarse, huir como la zorra sin mostrar el rabo. Tenemos lo que el día llegará de la reivindicación.



Este Pepito Varela es un cacicuelo digno tan sólo de servir de muñeco para un «pim-pum-pum»; ni un considerado como corcho á nadie podrá sacar á flote en el naufragio que se avecina.

Es un político «barvo» é impotente. No tiene personalidad, y si nosotros le concedemos el honor de atacarlo, es por puro pesimismo; como si gas áramos la pólvora en salvas, como si apuntáramos al aire.

La presencia de tan gracioso patricio Sr. Varela, no se advierte en ningún conflicto político de los que tan á menudo surgen en el campo gassetista riandés. ¿En dónde está ese jefe local? ¿En dónde figura la situación política de Pepito Varela como jefe incesante por una revista de bombos á precios convencionales?

Otro muñeco tan digno de un «pim-pum-pum» como Pepito Varela, es su tocayo el joven Pepito Barreiro, á quien desde que tiene ocupación conocida, no podemos mojar de «sarrante».

Este Pepito, que tiene unos cachibutos y respetables moñachos decorando su delatoro nariz encarnada, es en el fondo, un dócil amigo de sus camaradas, tan dócil que, por ellos, que si se haya metido en un laborer-til, el cual no podrá sacar el mismísimo hilo de Ariadna.

Este Pepito ha tenido arrogancias para disminuir la palidez «cívica» con que se cubrió su rostro al enterarse de que estaba desmandado.

Venemos cómo el Pepito lo salvan sus...

logos con que le hemos de amenizar la vida.

Don José Cubero, que —según frase del mismo— ha comido mucho pan de muntidos; que tiene un vozarrón de trueno, mereciera llamarse *Pepito*.

El tiene que doblar el espinazo hasta rozar con sus naves perilla las botas de Viluro, si quiere conservar el denton que posee. Yo tengo el precomentado de que ni así podrá conservarlo, y ocurrirá que ni así podrá conservarlo, y ocurrirá una marcha de botín.

No sea V. *Pepito*, José, y abra bien los ojos.

D. Alfonso Vilar se fue, ó lo echaron. Dijo o prometió sus habilidades encontró el *amador* de las pasadas elecciones.

A Vilar le han premiado sus servicios del modo que lo laudáramos hecho nosotros. Esa ingratitude, que en nosotros se llamaría justicia, puede servir de espejo en donde deben mirarse los servidores del gassetismo.

MIQUIS.

El gassetismo trustero

El cada vez más leido y chipcante «Mentidero» sigue zurrándole la pavana al hidráulico ministro, y no hay número en donde no le diga cuatro verdades.

El de la última semana, entre otras cosas sobre el Sr. Gasset, dice con el anterior título lo siguiente:

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

localiza, está situado no cumio do monte homónimo. O alto do monte ten un eixo suroeste-nordeste e noroeste-sueste e unha forma que se asemella a unha buxaina, xa que é máis amplo na zona oriental e menor na occidental. O recinto de Castromaior ocupa toda a superficie do alto, conservando gran parte do seu sistema defensivo primario, sendo, polo tanto, facilmente visíbel e identificábel. Este estrutúrase en base a unha tripla muralla concéntrica que fortifica o cumio, ascendendo todo o recinto a unha superficie próxima a unha hectárea e media.



Lámina 72. Lateral occidental do recinto superior do Castromaior.

O recinto superior é, por lóxica, o de menor tamaño e o que está situado no alto do cumio. A acrópole do Castromaior ten unha forma circular, na que sorprende o chaira que é. En todo este recinto é continua a presenza dos afloramentos graníticos. Así mesmo, neste recinto é onde a muralla está peor conservada, aínda que se conservan o suficiente para comprender que a súa construción está intimamente ligada cos afloramentos graníticos, xa que son empregados dentro da fábrica da muralla.

A segunda liña muraria é a que documentamos como mellor conservada. Esta rodea o alto do cumio, apoiándose en varios afloramentos, sendo o máis significativo o situado no extremo occidental. Esta muralla é a que entendemos como a principal do recinto, xa que é a que está fechando unha gran superficie plana. Localizamos unha apertura no lenzo norte, que identificamos como unha porta. Esta apertura é contemporánea á construción da muralla, xa que, malia o alto grao de degradación da construción, pódense intuír as xambas da porta. Malia a existencia de cachote no camiño de acceso, non podemos precisar se son procedentes do derrubo da muralla, ou que o camiño estaba empedrado. O ancho desta segunda muralla alcanza, nos lugares mellor conservados, un ancho aproximado de 3 metros. Consideramos interesante incluír na planimetría como posíbel torre unha acumulación de cachote dunha forma que tende a unha forma cadrangular situada cara o oeste desta entrada. Por desgraza, o estado de conservación e a vexetación impediunos concretar máis. Malia isto, é revelador a existencia dunha posíbel torre próxima á porta.



5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

Lámina 73. Vista da porta situada na segunda muralla dende o interior do recinto.

A terceira liña de muralla case descorre de forma paralela á segunda liña arriba descrita. Morfoloxicamente, malia a súa peor conservación, é distinguíbel da muralla da segunda liña, sendo de menor tamaño ca esta. Este terceiro recinto está disposto para reforzar o sistema defensivo do recinto, xa que apenas engloba superficie plana adecuada para o hábitat.



Lámina 74. Vista cara o noroeste do recinto de Castromaior.

Por todas as ladeiras de Castromaior son amplamente visíbeis grandes concentracións de material construtivo pétreo. Estes derrubes localízanse ao pé das diferentes liñas murarias. Así mesmo, temos localizadas marcas de extracción de pedra nos afloramentos situados no cumio, mais non podemos definir se estas extraccións son contemporáneas ao momento de construción do asentamento ou posteriores. Consideramos interesante a referencia á existencia dun espazo próximo ao cumio, onde se localizan restos de “pequeños muros curvos y derrumbes localizados de mampostería” asociados a afloramentos de granito (Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015, p. 140-141), o que nos pode indicar a existencia dun espazo onde se localizarían estruturas non asociadas ca defensa do asentamento,

senón co hábitat. Durante os traballos de prospección realizados non foron localizadas estas evidencias.

Todo este material pétreo, tanto o localizado nos derrubes coma nas murallas, está conformado por cachotes de granito traballados para poder crear un paramento careado. Durante a nosa prospección non se localizaron evidencias de cultura material móbel asociada aos momentos de ocupación do asentamento fortificado. Na bibliografía previa tampouco se referencia cultura material móbel.

5.3.4. Interpretación

Castromaior é un asentamento fortificado no alto dun cumio rochoso. A súa principal característica é a súa fortaleza defensiva e o seu gran control visual. A vexetación e o mal estado de conservación do sitio impiden unha mellor caracterización.

Para finalizar, consideramos interesante mencionar a existencia a un quilómetro en dirección sur, nun esporón próximo ao cumio da Pedra do Castro, doutro asentamento fortificado. Este é coñecido como Castro de Fontoadé ou Castro Vello. Malia que a superficie ocupada é moi similar ao de Castromaior, a súa situación a media ladeira e a propia morfoloxía do asentamento é radicalmente oposta ao de Castromaior.

5. Caracterización arqueológica dos asentamentos fortificados indefinidos na Zona Norte da Depresión Meridiana




Lámina 75. Planimetría do Asentamento Fortificado de Castromaior.

5.4. Castelo de San Marcos

5.4.1. Localización




Lámina 76. Modelo Dixital do Terreo do Castelo de San Marcos.

O Monte, ou Pico, de San Marcos⁵³ está situado no triángulo de montes que separan a Depresión Meridiana da chaira onde nace o río Sar e está situada a cidade de Santiago de Compostela. O monte exerce como divisoria entre as parroquias de Santa María da Ameixenda, ao leste, e San Tomé de Ames, ao oeste. As

⁵³ As súas coordenadas ETRS89 29N son 529662 – 4750679.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

dúas pertencen ao concello de Ames. No mapa de Domingo Fontán, aparece referenciado baixo o epígrafe de *S. Marcos*, en referencia á ermida situada no cumio do Monte⁵⁴.

Cunha altura máxima de 348 ms.n.m., o Monte de San Marcos está situado nunha sucesión de montes que fechan a Depresión Meridiana pola súa banda oriental. Cara o norte sitúase o Chán do Monte, cunha altura máxima de 422 m.s.n.m., e cara o sur o Monte Luceiro, con 351 m.s.n.m. Polo tanto a visibilidade dende o alto do Monte de San Marcos está enfocada no eixo oeste-leste, é dicir, cara o tramo da Depresión Meridiana existente entre o río Sil até o río Tambre no oeste, e a chaira e as terras de cultivo situadas no leste. Malia esta proximidade ás elevacións arriba mencionadas, o Monte de San Marcos sepárase fisicamente destas pola existencia de dous regos ao pé das súas ladeiras. Pola banda norte e leste localízase o rego de Riamonte e pola ladeira sur, o rego Ameiro. Morfoloxicamente, o monte ten unha forma ovalada cun eixo nordeste-suroeste, onde a ladeira occidental é a máis suave, mentres que a meridional e a oriental son as máis escarpadas.

Mentres que na imaxe do Voo Americano de 1956-57 a ladeira suroeste estaba parcelada para o seu aproveitamento agrícola, quedando a contraria con monte baixo, na actualidade as plantacións de monocultivo de eucalipto copan as ladeiras do monte, ficando soamente libre o cumio, que é onde se sitúa o asentamento fortificado. Unha pista forestal rodea o cumio, que foi unha ampliación a partir da que xa accedía a este nos anos cincuenta.

⁵⁴ A altura que Domingo Fontán rexistra (416 m.s.n.m.) non é correcta, xa que o Monte de San Marcos ten unha altura máxima de 348 m.s.n.m.




Lámina 77. Fotografía Aérea do Voo Americano do Castelo de San Marcos.

A igrexa de Santa María de Ameixenda sitúase ao nordeste do monte de San Marcos, a pouco máis de tres quilómetros. O camiño é doado até chegar ao pé do monte pola banda oriental, onde, no espazo situado entre un meandro do rego de Riamonte e o nacente do rego Ameiro, comeza a ascensión dende os 280 m.s.n.m. até o cumio. Este camiño que se percorre é o mesmo que xa existía nos anos cincuenta. En cambio, o acceso dende a igrexa parroquial de San Tomé de Ames, situada na banda occidental do monte, é diferente. Neste caso, é preciso atravesar a Depresión Meridiana e chegar case até o rego Ameiro, para subir por unha pista forestal paralela a este até o cumio. A distancia neste caso é

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

moi similar á anterior, pouco máis de tres quilómetros, aínda que o desnivel final de acceso é máis dificultoso.

5.4.2. Referencias previas

Rodríguez Resino, en dúas ocasións (2008, pp. 148, 358-372, 2008, p. 228), menciona este asentamento fortificado e o clasifica coma unha posíbel fortificación prefeudal dos séc. IX-XI. Sánchez-Pardo e Galbán tamén realizan unha pequena caracterización do mesmo, sen explicar funcionalidade nin especificar cronoloxía (2015, pp. 138-140).

No libro autobiográfico de Maximino Viaño cita en varias ocasións o asentamento fortificado e á antiga capela existente no cumio de San Marcos. Desta aventura que o “[...] culto a San Marcos nesa capela debeu desaparecer a mediados do século XIX [...]” ou que o “[...] pico de San Marcos revela ademais un castro sen explorar, que debeu ser un castro moi grande e amurallado. Aínda hoxe se atopan vestixios dese muro, incluso de dobre muralla polo oeste.” (Viaño García, 2001, p. 446) Gago Mariño tamén lle adica unha breve entrada no seu blog (Gago Mariño, 2010a).

5.4.3. Arquitectura e Cultura Material

O asentamento fortificado sito no monte de San Marcos referenciase como Castelo de San Marcos ou como Castelo da Ermida de San Marcos. A existencia dunha ermida intramuros é unhas das cousas que fai peculiar este asentamento. Esta estaba situada no leste do cumio, no punto máis elevado. Gago Mariño (2010a) menciona a existencia dunha ampla cantidade de referencias orais sobre a existencia desta ermida, incluso da celebración de romarías. Viaño García, veciño das proximidades, aventura que o culto desta ermida debeu desaparecer a mediados do séc. XIX (2001, p. 446).

Os datos aquí reflectidos proveñen maiormente das caracterizacións realizadas con anterioridade, xa que o noso traballo de prospección no terreo foi infrutuoso por mor da ampla

vexetación existente, maioritariamente toxo, no cumio do monte. Conforme as Ortofotografías consultadas, nos últimos tempos realizáronse varias pistas na superficie ocupada polo asentamento fortificado. Resultando, seguramente, en alteracións sobre a conservación das evidencias arqueolóxicas do sitio.



Lámina 78. Vista dende u oeste do interior do recinto superior do Castelo de San Marcos.

O Castelo de San Marcos sitúase no alto do monte de San Marcos. Este acaba en dous pequenos cumios rochosos, que contan cunha altura similar, equidistantes entre si nuns 240 m., aproximadamente. O sistema defensivo do castelo fecha o espazo existente entre estes dous puntos, resultando unha fortificación alongada no eixo suroeste-nordeste, que conta cun ancho máximo de 80 m, aproximadamente. Isto resulta nunha extensión aproximada de hectárea e media. Pola ladeira noroeste, que é a de máis doado acceso de todo o cumio, localízase unha segunda liña mural, ascendendo a superficie total a unhas 2'7 hectáreas. O sistema defensivo do Castelo de San Marcos consérvase para case todo o seu perímetro, exceptuando os lugares onde as pistas forestais atravesaron o sistema. Tanto no MDT coma na fotografía aérea do Voo Americano é perfectamente visíbel.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana



Lámina 79. Vista do afloramento granítico situado no extremo oriental do Castelo de San Marcos.

A nivel interno, como xa se advertiu anteriormente (Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015, p. 138), localízanse varias superficies planas intramuros, o que estaría indicando unha artificialización do interior do recinto. Tamén se localizan acumulacións de pedras, o que pode suxerir a existencia de edificios interiores. Así mesmo, no afloramento situado tras o espazo ocupado pola ermida, localízanse unha pequena estrutura cuadrangular, que Gago relaciona coa presenza dunha torre (2010a).




Lámina 80. Procesado Sky-View Factro do Castelo de San Marcos.

A nivel material foron localizados fragmentos de tella e, en menor cantidade e cun peor estado de conservación, cerámica. Similares evidencias foron atopadas por Sánchez-Pardo e Galbán, ofrecendo unha boa descrición:

Se trata de trozos de teja con coloraciones anaranjadas de pasta algo depurada y muy fragmentados, otras tejas rojizas de pasta algo mas grosera con micas y cuarzo, y fragmentos ceramicos de color amarillento con una pasta poco depurada y marcas leves de torno o torneta.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

(Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015, p. 140).

5.4.4. Interpretación

A nosa proposta sobre o Castelo de San Marcos basease fundamentalmente na teledetección dixital da súa superficie. Así mesmo, queremos facer mención das dúas alteracións situadas na muralla norte. A primeira é o que parece unha interrupción na liña muraria máis ao norte, situada na zona noroeste. Interpretamos esta apertura coma unha posíbel porta por dous motivos, porque a subida por ese lado da ladeira é máis cómodo que o actual e que non fai sentido destruír a muralla, nun momento subactual, por dous puntos tan próximos. A segunda alteración é o que parece unha construción cuadrangular anexa á segunda liña norte, que identificamos coma unha posíbel torre.

Coma no caso do Castromaior, o Castelo de San Marcos ten outro asentamento caracterizado como castro nas súas proximidades. Neste caso é o Castro do Castelo, situado a menos de dous quilómetros cara o sur, nun outeiro no fondo do val. Igual que no caso anterior, a morfoloxía construtiva e de emprazamento son completamente diverxentes.




Lámina 81. Planimetría do Asentamento Fortificado do Castelo de San Marcos.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

5.5. Castelo de Portomeiro

5.5.1. Localización




Lámina 82. No centro da imaxe, o Monte Maior. Vista dende o asentamento de Castro Maior, situado cara o sur.

O Monte Maior⁵⁵, ou Monte da Pica segundo Domingo Fontán, localízase na parroquia de San Cosme de Portomeiro. Situado á beira do río Tambre, está escorado cara o leste a respecto do Val do Dubra. Entendemos que a Depresión Meridiana avanza dende o Val da Amaía, ao sur, dirección Carballo, cara o norte, sendo o Val do Dubra o topónimo popular do espazo existente entre estes dous puntos. Malia que o Monte Maior non está situado no propio val, este está próximo á unión entre o río Dubra e o Tambre, que configura o norte do Val da Amaía. Igualmente o camiño cara Carballo pode pasar pola chaira situada ao noroeste do Monte Maior, situando o camiño natural por baixo deste monte. Por estas razóns consideramos incluír o asentamento fortificado instalado neste monte dentro do presente estudo.

O Monte Maior configúrase como unha alto de base circular que estreita até o seu cumio a 401 m.s.n.m. Fisicamente sitúase separado do resto dos cumios da súa contorna, sendo o máis próximo o Vilardoa, cara o noroeste, con 472 m.s.n.m.. Non existindo, no resto das direccións, ningún cumio que supere ao Monte Maior. Este é facilmente identificábel, sobre todo dende a chaira situada ao seu pé dirección noroeste, tanto pola súa

⁵⁵ As súas coordenadas ETRS89 29N son 531560 – 4758374.

altitude, a súa situación illada ou pola súa morfoloxía. O propio topónimo do Monte Maior indica que era empregado como unha referencia espacial para as comunidades da contorna.




Lámina 83. Fotografía Aérea do Voo Americano do Castelo de Portomeiro.

Pola súa situación de elevación illada, dende o Monte Maior obtense unha visibilidade en 360° da súa contorna, en especial, sobre a antes mencionada chaira situada cara o norte e o paso do río Tambre ao pé da ladeira sur.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana




Lámina 84. Ortofotografía do ano 2014 do Monte Maior.

A superficie circular do cumio está claramente artificializada de antigo, sufrindo nas últimas décadas varios ciclos de plantación de eucalipto e de construción de varias pistas cortalumes. Isto conséntase perfectamente na fotografía aérea dos anos 1956-57, onde se ve un Monte Maior sen vexetación e con múltiples afloramentos graníticos, sobre todo pola ladeira sur. En cambio, nas ortofotografías xa realizadas neste século, observamos as ladeiras oeste, norte e leste utilizadas para plantar monocultivo de eucalipto e a sur ocupada por unha canteira.

O acceso dende o fondo do Val é moi pouco custoso. A distancia a percorrer entre a igrexa parroquial de San Cosme de

Portomeiro, a 320 m de altura, é inferior ao quilómetro e medio, ascendendo pola ladeira sur a través dunha pista forestal. Este acceso é perfectamente visíbel na foto aérea dos cincuenta, polo que podemos asumir que é un camiño de subida que non está relacionado ca explotación do monte nos últimos sesenta anos, aínda que sexa aproveitado por estas actividades extractivas.

5.5.2. Referencias previas

As informacións previas máis antigas proveñen das dúas fichas de catalogación do asentamento realizadas a finais da década dos 90 (Caramés Moreira, 1999; López-Felpeto Gómez, 1999). De forma complementaria, foi depositada no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña un conxunto de materiais, procedente da catalogación realizada por López-Felpeto (2006). Sánchez-Pardo e Galbán Malagón realizaron unha caracterización do asentamento (2015, pp. 142-143).

5.5.3. Arquitectura e Cultura Material



Lámina 85. Dúas vistas da muralla do recinto que coroa o Monte Maior, realizadas en momentos diferentes. Na esquerda, detalle da muralla e do valado. Na dereita, o paramento exterior da muralla, polo lado sur.

O asentamento fortificado *indefinido* é coñecido como o Castelo de Portomeiro e ocupa case completamente a superficie do Monte Maior. O seu estado de conservación é moi irregular, atopándose moi alterado polo arriba mencionado: plantacións de eucalipto, pistas cortalumes e canteiras de xisto e granito. Este asentamento fortificado conta cun sistema defensivo configurado en varios recintos concéntricos.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana

O recinto mellor conservado está situado no cumio do monte. Ten unha forma ovalada cun eixo leste-oeste, e unha superficie inferior ás 0'4 hectáreas. Polo lateral leste, a muralla está asentada nun grande afloramento granítico. O seu estado de conservación é bastante bo, sobre todo na zona sur do trazado. Na zona norte a muralla foi empregada para asentar un valado, diferenciándose claramente ambos pola tipoloxía construtiva empregada. Na zona sueste, unha pista forestal, que permite o acceso intramuros, destrúe o trazado orixinal do recinto. A entrada *orixinal* está localizada uns metros en dirección oeste a partir deste acceso. Malia estar colmatada con cachotes procedentes da muralla, identifícanse claramente as xambas da porta.



Lámina 86. Vista dende o suroeste da porta de acceso ao recinto superior do Castelo do Portomeiro.

Foron identificadas varias evidencias, concentradas nos grandes bolos graníticos existentes nas ladeiras leste, sur e oeste, dunha segunda liña concéntrica, uns cen metros ladeira abaixo da primeira. Este segundo recinto ocuparía, aproximadamente, algo máis das tres hectáreas. Contra a ladeira norte, que é a máis suave do Monte Maior, localizamos unha posíbel estrutura que podería asemellarse a unha muralla. Ao mesmo tempo, esta zona está máis alterada debido á plantación de eucaliptos, polo que tamén pode ser unha acumulación recente producida polas técnicas de

platación. De todas formas, existen indicios claros de derrubes de muros por todas as ladeiras do Monte Maior, encontrándose cubertos e escondidos pola capa vexetal, o que impide recoñecer algunha estrutura colmatada por estes.

A tipoloxía de construción das murallas localizadas é moi similar. Presentan dobre paramento de cachotaría regular, con recheo interno de pedregullo e terra e asentadas sobre ou anexadas a afloramentos graníticos. O recinto principal conta cunha muralla dun ancho próximo aos tres metros e cunha altura conservada máxima de máis dun metro. Polo estado de conservación actual, non podemos discernir se foi realizada a seco ou non.



Lámina 87. Detalle dunha construción intramuros do recinto principal, que conta cunha pía no seu interior.

No interior do recinto conservado no cumio do Monte Maior localizamos múltiples evidencias de construcións. Estas serían cuadrangulares ou rectangulares, algunhas anexas aos afloramentos graníticos existentes intramuros. A fábrica destes muros é similar ao dos lenzos murarios, sendo máis estreitos, entre os 50-80 cm. Así mesmo, nun bolo granítico incorporado dentro dunha destas estruturas, consérvase unha pía rectangular. Ningunhas das estruturas documentadas sitúase próxima á muralla do recinto principal. De feito, na zona nordeste do recinto localízase un bolo granítico próximo á muralla, mais non é empregado, coma outro, como apoio construtivo, senón que se crea un corredor arredor da muralla que se documenta por todo o recinto principal.

5. Caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados *indefinidos* na Zona Norte da Depresión Meridiana




Lámina 88. Detalle do corredor intramuros do recinto principal do Castelo de Portomeiro.

Segundo a bibliografía previa, na superficie do asentamento fortificado do Castelo de Portomeiro foron localizados fragmentos de *tegulae*, *imbrices* e de cerámica datábel no período tardorromano e/ou altomedieval. Durante os traballos de prospección superficial documentáronse *imbrices* e *tegulae*, e fragmentos de cerámica de cor negra, cunha pasta fina e depurada.

5.5.4. Interpretación

O Castelo de Portomeiro configúrase coma un duplo recinto concéntrico nun pico elevado sobre a súa contorna próxima. Por mor do alto grao de alteración do entorno do Castelo, sobre todo na ladeira suroeste, só é posíbel documentar correctamente este segundo recinto na ladeira noroeste do monte.




Lámina 89. Planimetría do Asentamento Fortificado do Castelo de San Marcos.

Capítulo 6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

Unha das constantes neste tipo de asentamentos fortificados *indefinidos* é, como xa mencionamos varias veces ao longo do traballo, a falta de estudos arqueolóxicos en profundidade. A intervención que máis datos nos permite recuperar deste tipo de asentamentos é a escavación arqueolóxica baseada no estudo estratigráfico. A pesares desta realidade, este tipo de intervención é a máis escasa.

Na mostra dos dez asentamentos fortificados indefinidos só existen traballos de escavación en dous dos mesmos: a Fortaleza do Galiñeiro, nos anos 1970-1971 (Veiga González, 2001); e no Monte Aloia, no ano 2001 (Constela Doce, 2001; Torres Bravo, 2001b). A primeira foi realizada por un grupo de persoas sen formación específica en Arqueoloxía e cos métodos imperantes no momento da realización, e da que apenas existen datos escritos, máis alá do artigo publicado polo responsábel da mesma, polo que é moi difícil reconstruír a información extraída ao longo da intervención. A respecto da información da segunda, malia ser realizada por unha empresa de Arqueoloxía, contamos ca mesma dificultade de reconstrución da información, xa que nunca depositaron as memorias interpretativas das diferentes intervencións. Polo tanto, malia seren realizadas previamente escavacións en asentamentos fortificados *indefinidos*, apenas contamos con datos arqueolóxicos que nos permitan crear un discurso histórico. De ampliar a análise cara os asentamentos mencionados no *Capítulo 2. Sobre a existencia de asentamentos*

fortificados indefinidos ao longo da Depresión Meridiana (p. 49), só sería posíbel engadir unha outra escavación: a do asentamento de Torre dos Mouros, que consistiu nunha limpeza en profundidade de parte da superficie do xacemento e unhas sondaxes valorativas, sen atopar elementos clarificadores de funcionalidades ou cronoloxías (Fernández Malde, 2012). Polo tanto, pode establecerse unha relación entre o baixo grao de coñecemento para estes asentamentos fortificados *indefinidos* e as poucas escavacións arqueolóxicas realizadas nos mesmos,

O Faro de Budiño foi o asentamento fortificado *indefinido* escollido para a realización dunha escavación arqueolóxica que permitira afondar no coñecemento desta tipoloxía de asentamentos. Ao longo deste capítulo débúllase todo o proceso da intervención dende os antecedentes e obxectivos da intervención até a descrición dos resultados arqueolóxicos, coas súas correspondentes análises arqueolóxicas e históricas. Igualmente, esta información está ampliada no *Anexo II. Documentación sobre a Intervención no Faro de Budiño* (p. 471)

6.1. Antecedentes e obxectivos da intervención no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

Durante os traballos de prospección, tanto dixital como superficial, da zona da acrópole do asentamento fortificado do Faro de Budiño foi documentada a existencia dun grande edificio interno. Este ten unha planta aproximada en forma de ‘U’ e ocupa unha posición central inmejorable dentro da zona que denominamos acrópole inferior (*ver Lámina 37. Interpretación da planta do grande edificio central do Faro de Budiño., páx. 133*). A singularidade deste edificio motivou a realización dunha escavación nunha parte do mesmo, ca fin de poder documentar e coñecer o(s) momento(s) de ocupación do asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño.

A iniciativa da intervención arqueolóxica neste asentamento ten a súa orixe na colaboración do proxecto de investigación *Arqueoloxía tardoantiga e altomedieval en Galicia (2015-*

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

PN002), dirixido por José Carlos Sánchez-Pardo, e da presente investigación. A maiores, contouse co apoio da Comunidade de Montes da Parroquia de San Salvador de Budiño e da Asociación de Veciños “A Furna”, non só pola súa conformidade co proxecto, senón pola súa implicación na execución do mesmo. A dirección técnica do proxecto estivo a cargo de Francisco Alonso Toucido⁵⁶ e Mario Fernández-Pereiro. Así mesmo temos que agradecer a toda a equipa de traballo que permitiu a realización desta intervención arqueolóxica: Tania Rial Figueiras, Oria Ferreiro Diz, Verónica Silva Alvite, Laura Blanco Torrejón, Jose Carlos Sánchez-Pardo, Francisco Alonso Toucido, Celtia Rodríguez González e Mario Fernández-Pereiro (ver *Lámina 90*).



Lámina 90. Fotografía da equipa de traballo da intervención arqueolóxica no Faro de Budiño.

Os obxectivos desta intervención centráronse na procura de información sobre as fases cronolóxicas de ocupación do asentamento e sobre a posíbel funcionalidade do gran edificio. A maiores, considerouse necesario conseguir información a respecto da cultura material asociada.

⁵⁶ Este capítulo foi realizado en común, polo que aproveitamos para agradecer o seu bó traballo.




Lámina 91. Vista da localización das sondaxes (cor azul) sobre a planimetría do Faro de Budiño.

Para a concreción destes obxectivo, previuse a realización de dúas sondaxes. A sondaxe n.º 1 realizaríase na esquina sueste do gran edificio central da acrópole, cunha extensión de 15 m². A

6. Intervención arqueológica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

sondaxe n.º 2 estaría situada nun tramo da segunda muralla, ao pé da acrópole, ca finalidade de definir a existencia desta e as súas características. Por motivos climáticos durante a intervención e do reducido tempo da mesma, cinco días, non foi posíbel a realización desta segunda sondaxe.

6.2. Resultados arqueolóxicos da intervención no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño



Lámina 92. Proceso de retirada da UE101, dende o oeste.

No inicio dos traballos de escavación foi documentada a **UE101**, consistente na cuberta vexetal en forma de musgo e diversas herbáceas con sedimento negro. Retirada esta UE, fica patente a existencia dun muro transversal á sondaxe e perpendicular ao seu eixo N-S (**UE104**). Para facilitar a interpretación e documentación dos resultados arqueolóxicos establecéronse dous sectores divididos por este muro UE104, o sector Norte, cuxas UEs rematan en cifra par, e o sector Sur, cuxas UEs rematan en cifra impar.

6.2.1. Sector norte

Nesta zona, trala retirada da UE101, foi identificada a **UE102**, consistente nun derrubo de pedra miúda e traballada, moi pouco compacta, mesturada con sedimento de cor negra e con

aparición de material latericio. Este derrubo ocupaba todo o sector, contando cunha potencia variábel duns 30-40 cm. Enténdese esta UE coma un derrubo contando cunha potencia variábel duns 30-40 cm. Enténdese esta UE coma un derrubo dos muros **UE104** e **UE120**, localizado este último; no extremo leste da sondaxe de maneira paralela ao eixo N-S. Ámbolos dous son muros de cachotería construídos a soga e tizón con ripios de *tegula*.



Lámina 93. Vista do sector norte dende o norte. En primeiro termo está a UE102, detrás desta a UE104 e á esquerda da imaxe a UE120.

Embaixo da UE102 identificouse, en todo o sector, a **UE106** composta por terra marrón con pequenos fragmentos de feldespato e algún resto de entullo esporádico, xunto con material latericio. Relacionado con esta UE106 é onde se documenta a **UE122**, identificada como unha gabia de cimentación da UE104. O estado de conservación destas dúas UEs era moi deficiente debido ao impacto do derrubo (UE102) sobre as mesmas, provocando un estrato pouco compacto e irregular. A seguinte UE, a **UE108**, trátase dun botado de xabre amarelento, desigualmente conservado e concentrado principalmente en torno ao lateral oeste deste sector.

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado
indefinido do Faro de Budiño



Lámina 94. Vistas do sector norte. Á esquerda, a UE106 vista dende o norte. Á dereita, vista da zona oeste da UE108.



Lámina 95. Vista do sector norte dende o norte. Fin de intervención na UE118, rocha natural. Obsérvase a esquerda da imaxe a UE110.

Inmediatamente por baixo da UE108 e en contacto tamén coa UE106, sitúase a **UE112**. Esta defínese coma un depósito de terra moi orgánica de cor negro que está cortada no seu lateral leste pola **UE124**, identificada coma unha gabia de asentamento dun muro. Este, nomeado como **UE110**, está conformado por cachotes con abundante morteiro amarelento e de textura arxilosa, sendo documentado o seu espolio a través da **UE126**. A **UE118** é o final do sector, sendo unha UE conformada por rocha nai en forma de granito en meteorización.

6.2.2. Sector sur

Unha vez retirada a UE101, foi documentada a **UE103**, que, ao igual que no sector norte, consistía nun derrubo de pedra miúda e traballada, moi pouco compacta con sedimento de cor negra e con presenza de material latericio. Este derrubo ocupaba todo o sector, cunha potencia variábel duns 30-40 cm. Foi identificado coma o derrubo combinado da **UE104** e da **UE123**, de maneira similar á situación xa explicada anteriormente no sector norte.



Lámina 96. Vista do sector sur dende o sur. En primeiro termo está a UE103, detrás desta a UE104 e á dereita da imaxe a UE123.

En todo o sector, debaixo da UE103, foi identificada a **UE107**, composta por terra orgánica con pequenos fragmentos de feldespatos e algún resto de *tegula* esporádica. Trátase dun sedimento pouco compacto, posibelmente esnaquizado polo derrubo das estruturas UE104 e UE123, e que presenta pequenas manchas de queimado. Debaixo da UE107 foi localizada a **UE109**, unha grande acumulación de *tegula* conservada unicamente na súa zona sur do sector e con posíbeis bolsadas de espolio. O gran número de elementos latericios, así como a súa disposición en dirección norte, son a evidencia da localización dun tellado derrubado dunha estrutura. Na zona norte do sector, á mesma cota que a UE109, foi identificada a **UE113** composta por

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado
indefinido do Faro de Budiño

un sedimento de terra marrón mesturada cunha pequena cantidade de xabre e con poucas evidencias de tella.



Lámina 97. Vistas do sector sur. Á esquerda, manchas de queimado na UE107. Á dereita, vista parcial da UE109.



Lámina 98. Vista do sector sur dende o sur. En primeiro plano a UE 111, a gabia UE115 e no fondo a UE104. Na dereita a UE123.

A **UE111** trátase dun nivel de queimado con abundantes carbóns mesturados con tella, sendo documentada en todo o sector salvo no extremo norte, en contacto ca UE103, onde é substituída pola **UE115**. Esta é unha franxa duns 30 cm identificada coma unha gabia con restos de material arxiloso

similares aos documentados na UE110 e unha pedra que a conecta co muro UE110, por baixo do muro UE104.



Lámina 99. Vista do sector sur dende u oeste. Fin de intervención na UE119, rocha natural.

As UE111 e a UE115 atopáronse situadas sobre a **UE117**. Esta UE estaba formada por terra moi orgánica con pedras de granito fragmentado e sen materiais antrópicos. Por baixo desta última foi identificada a **UE119**, que se atopaba composta por xabre, rocha nai e arxilas naturais e que tiña unha lixeira pendente cara o leste.

6.2.3. Fin da intervención. Tapado parcial e final

Tralo remate dos traballos de escavación, mantívose aberta a sondaxe durante unha semana, debido á necesidade de deixar as estruturas á vista para a visita guiada organizada. Para garantir a estabilidade das mesmas, durante este período, reforzouse a base dos muros engadindo unha liña de xeotextil e reenchendo o mesmo con terra, xusto na base dos muros. Unha vez realizada a devandita visita, procedeuse ao tapado de toda a área de intervención, colocando xeotextil entre a cota final de escavación e o recheo da sondaxe. O total das *tegulae* recuperadas durante a

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

intervención foron depositadas dentro de sacas plásticas no sector sur da sondaxe.



Lámina 100. Vista da fin dos traballos de escavación. Á esquerda, reforzo da base dos muros e á dereita, proceso de tapado con xeotextil. Ambas vistas son dende o sur.

6.3. Datacións absolutas

Ao longo da intervención foron tomadas un total de 20 mostras de sedimento, carbón e morteiro. Destas, foron escollidas cinco, ca fin de ser analizadas nos laboratorios de *Beta Analytics* co obxectivo de obter unha datación absoluta para os momentos de ocupación documentados arqueoloxicamente. Na seguinte táboa aparecen listadas o conxunto das mostras analizadas, coa súa correspondente descrición e a dupla datación obtida, a convencional e a calibrada. No *Anexo III. Análise cerámico* (p. 487) inclúese unha copia da documentación enviada polo laboratorio *Beta Analytics*.

Código	UE	Material	Descrición	Datación de radiocarbono convencional	Datación co resultado calibrado (95,4%) (% de probabilidade)
FB18106MU08	104	CARBÓN	Carbón con pequenas esquilras cerámicas asociadas. A 70 cm da superficie do muro UE104 a 10 cm do muro UE104 no eixo N-S e 40 cm do límite leste da sondaxe.	1200+-30 BP	765 a 895 e.c. (87.8% probabilidade)
FB18109MU11/12	109	CARBÓN + SEDIMENTO	Mostra de sedimento e carbón. A 60 cm da superficie a 50 cm do límite sur da intervención e 40 cm do límite oeste da sondaxe.	1550+-30 BP	422 a 574 e.c. (94.4% probabilidade)
FB18110MU14	110	MORTEIRO	Mostra de morteiro procedente das xuntas da superficie do muro da segunda fase UE110. A 80 cm da superficie do muro a 30 cm do límite norte da intervención e 50 cm do límite leste da sondaxe. <i>Posibelmente contaminada</i>	1160+-30 BP	773 a 906 e.c. (95% probabilidade)
FB18111MU15	111	CARBÓN + SEDIMENTO	Mostra de carbón e sedimento. A 85 cm da superficie do muro a 40 cm do límite sur da intervención e 40 cm do límite leste da sondaxe.	1680+-30 BP	321 a 422 e.c. (85.2% probabilidade)
FB18112MU16	112	SEDIMENTO	Mostra de sedimento negro orgánico baixo xabre con morrillo. A 75 cm da superficie do muro a 15 cm do límite norte da intervención e 15 cm do límite oeste da sondaxe.	2130+-30 BP	210 a 52 a.e.c. (84.9% probabilidade)

Lámina 101. Táboa cos datos das mostras datadas a partir da intervención no Faro de Budiño.

6.4. Interpretación da intervención arqueolóxica

No sector norte identifícase un gran derrubo de pedra, a UE102, procedente dos dous muros denominados UE104 e UE120. Polo tanto, atopámonos ante unha fase de abandono do grande edificio situado na acrópole do Faro de Budiño. Durante o proceso de caída destes muros, a UE que estaría formando o solo neste sector veríase afectada, non sendo identificado a existencia dun pavimento asociado a esta fase nesta zona. O pavimento documentado no sector norte, a UE108, atópase situado por baixo do muro UE104 e coincide en cota co muro UE110. Por tanto, nunha fase anterior á do grande edificio, existía unha estrutura muraria cun pavimento asociado. Ámbolos dous foron espoliados, posibelmente durante o proceso de construción da última fase. O substrato natural está formado por terra moi orgánica e de escasa potencia, típica de cumios de montaña. Dada a estratigrafía documentada no sector norte e a ausencia de *tegula*,

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

formúlase a posibilidade de que o grande edificio contase cun patio central ao aire libre ou ben cun tellado fornecéndolle de pórtico, pero sen material latericio como cubrición, sendo construído en base a materiais perecedoiros, coma madeira e colmo.

A fase de abandono no sector sur é similar á do sector norte, atopándose un gran derrubo de pedra miúda, procedente dos muros UE104 e UE123. A diferenza é que, neste caso, o sector correspóndese co interior dunha estancia deste grande edificio. Ao igual que no sector norte, o pavimento orixinario veríase gravemente prexudicado polo derrubo dos muros, machucándose, facendo moi complexa a súa identificación con claridade. Debido á superposición estratigráfica, identifícase a UE107 coma este pavimento de uso asociado aos muros UE104 e UE123. Non se recuperou material de cubrición asociado ás fases de uso destes muros formulándose, por tanto, a posibilidade de que a cubrición desta estancia fose de materiais perecedoiros, coma madeira e colmo. Por baixo da cimentación dos muros UE104 e UE123, foi identificado un nivel con abundante *tegula in situ*, denominada UE109, con posíbeis evidencias de espolio, debido á súa desigual conservación. Baixo esta, documéntase a UE111. Esta está composta por un nivel de queimado compacto e chan. Á súa vez, na zona norte do sector, baixo a UE104, foi documentada unha gabiá de espolio dun muro previo, con restos de morteiro similares aos da UE110. Enténdese que o derrubo de *tegula* e as evidencias de solo atópanse asociadas á UE110, creando en común unha estrutura muraria que conforma unha fase de ocupación do espazo máis antiga que a do grande edificio. Esta estrutura previa, malia estar moi arrasada por ser espoliada, contaría cunha forma coincidente, con certas variacións, ca planta do grande edificio, seguindo incluso orientacións moi similares. A acumulación de *tegulae* na zona sur do sector explícase ou ben porque o tellado desta estrutura era dunha soa auga e con caída en dirección sur, ou ben polo espolio das existentes na zona norte do sector. Ambas posibilidades contan con xustificación estratigráfica e poden ser complementarias, mais a aparición de

tegulae como ripios no grande edificio, documenta un espolio, malia ser parcial.

6.5. Análise da Cultura Material Móbel

Ao longo do proceso de escavación arqueolóxica do asentamento fortificado do Faro de Budiño recuperáronse un total de 139 materiais arqueolóxicos, divididos entre material latericio, lítico, vítreo e cerámico.

O material latericio recuperado encadrase dentro da tradición de teitumes romana, composta de *tegulae* e *imbrices*. A grande parte do material procede do derrubo do tellado da estrutura da Fase I, sendo localizado unha pequena mostra actuando como ripio da estrutura da Fase II. As pezas líticas recuperadas son cantos rodados graníticos, posibelmente empregados como pedras de afiar de elementos metálicos. Os fragmentos de vidro, de dúas pastas diferentes, unha azulada e outra melosa, corresponden, mínimo, a dous individuos diferentes. Un dos fragmentos azulados é un borde de cunco, do tipo “cabeza de misto”.

Centramos esta síntese sobre os materiais arqueolóxicos nos cerámicos, xa que este, ao ser o que en maior cantidade foi recuperado e de forma máis homoxénea por toda a sondaxe, pode fornecer unha maior aproximación cronolóxica ao xacemento, en combinación cas datación absolutas e a estratigrafía. Dentro do conxunto cerámico, formado por 127 rexistros, destaca a súa grande fragmentación e a escaseza de diferentes individuos, xa que moitos dos fragmentos recuperados pertencen ao mesmo recipiente cerámico.

Existen dous tipos de producións cerámicas maioritarias, por unha banda, unha produción heteroxénea de recipientes realizados a man ou a torno lento, con pastas pouco coidadas de abundante desgrasante de tipo granítico e de gran tamaño e con coloracións que van dende o gris ata o vermello. Esta produción localízase maioritariamente no sector norte, asociada a UEs como

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

a 106. Estas producións non contan con paralelos coñecidos en Galiza, salvo por algún fragmento, con similitudes coas coñecidas como pastas grises medievais (Suárez Otero, Gimeno García-Lomas, & Fariña Busto, 1989).

A outra produción, tamén heteroxénea, correspóndese con fragmentos de pastas coidadas con diversos tratamentos, dende asas de cor marrón claro, ata pezas grises con marcas de torno ou reducidos fragmentos de cerámica engobada. Estes fragmentos atópanse asociados a UEs como a 109 ou a 112. As características destas pezas permiten unha maior comparación coas doutros conxuntos coñecidos, semellando pertencer a momentos da tardorromanidade ou da Antigüidade Tardía (Alcorta Irastorza, 2001).

A existencia destes dous conxuntos, incide nas diferencias cronolóxicas indicadas. Aparentemente as pastas coidadas e a torno rápido, sexan coccións oxidantes ou reductoras, coinciden coas datacións absolutas para o mundo tardoantigo, mentres que os fragmentos menos depurados e realizados a man, semellan indicarnos un encadre cronolóxico na Alta Idade Media.

6.6. Interpretación cronolóxica

No sector norte foi localizado un nivel, a UE106, relacionado co momento de ocupación do grande edificio, sendo datado de forma absoluta entre os anos 765-895, por tanto estaríamos ante unha grande estrutura dos séculos VIII-IX e.c. A datación practicada sobre o muro UE110, formula máis incógnitas, xa que se trata dun elemento cunhas características construtivas totalmente diferentes aos do grande edificio, sen *tegula* empregada como ripios e cunha gran cantidade de argamasa de morteiro de terra, non presente nos muros posteriores. Esta datación, das mostras asociadas ao mesmo, fornece unhas datas entre os anos 775-970 e.c. Dado que estratigraficamente sería imposible que ese muro se atope en uso durante o século X e as notables diferencias construtivas entre os dous tipos de aparello,

polo momento avógase por unha posíbel contaminación da mostra recuperada, xa que os resultados do sector sur, fannos encadrar esta estrutura UE110 en época tardoantiga. No caso da UE112 datada nunha fase a.e.c., entendemos que se trata do nivel edáfico natural.

No sector sur foron analizadas dúas mostras. A primeira corresponde ao nivel de derrubo de *tegulae*, a UE109, e segunda ao nivel de queimado inmediatamente inferior, a UE111. O derrubo do tellado foi datado entre os anos 422-574 e.c., mentres que o solo, e polo tanto, os momentos de uso da estancia, entre o 321-422 e.c. As dúas datacións corresponden coa lóxica estratigráfica.

Polo tanto, na acrópole do Faro de Budiño localízase un grande edificio cun patio central (Fase II) construído e ocupado durante a Alta Idade Media, entre a 2ª metade do séc. VIII e os finais do séc. IX. Este edificio está teitado con materiais perecedoiros e está construído en base a cachotaría construída a seco, cun aparello a soga e tizón, e que emprega fragmentos de *tegulae* como ripios.

Con anterioridade a este grande edificio existiu no mesmo lugar outro, que se atopa profundamente arrasado e espoliado. Este edificio previo (Fase I) conta cunha técnica construtiva de cachotaría concertada con abundante morteiro de terra e estaría teitado cunha cuberta de *tegula*. A nivel cronolóxico esta fase encadraríase entre finais do séc. IV e inicios do séc. VI e.c. Mentres que é posíbel coñecer a planta do grande edificio da Fase II, para esta ocupación da Fase I é imposíbel sen ampliar a superficie exhumada. Descoñecemos o tamaño deste edificio da Fase I, mais, ao longo da superficie escavada, o trazado dos seus muros coincide, con certas variacións, cos do edificio da Fase II.

6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

Fase	Estrutura relacionada	Descrición	Cronoloxía aproximada
Fase I	Estrutura teitada con <i>tegulae</i>	Estrutura de muros de cachotaría concertada con morteiro e teitada con <i>tegulae</i> . Atópase espoliada e moi arrasada.	finais séc. IV - inicios séc. VI
Fase II	Grande edificio	Grande edificio artellado en base a un gran patio central. Estrutura de muros de cachotaría concertada e con rípios de <i>tegula</i> . Posibelmente teitado con material perecedoiro. Constrúese espoliando a fase anterior.	2ª metade do séc. VIII - finais séc. IX

Lámina 102. Táboa cas fases de ocupación documentadas na intervención do Faro de Budiño.

6.7. Divulgación da intervención arqueolóxica

Unha das tarefas paralelas realizadas de forma previa, durante e despois da intervención arqueolóxica, foi a divulgación dos traballos. Consideramos fundamental que a sociedade participe, canda o equipo científico, nos procesos de construción e difusión do coñecemento, polo tanto, planificouse unha programación que integrou de xeito simultáneo a pedagogía, a divulgación e a construción do coñecemento.

6.7.1. Conferencias

De forma previa e *a posteriori* da intervención no xacemento do Monte Faro foron realizadas cadansúa conferencia no local *A Furna*, pertencente á asociación de veciños da parroquia de Budiño. O obxectivo da primeira, realizada o 8 de Marzo de 2018, foi informar á comunidade local dos traballos arqueolóxicos a desenvolver no asentamento. En cambio, a segunda, realizada o 6 de Outubro de 2018, estivo centrada na explicación dos resultados e nas interpretacións do asentamento do Faro de Budiño. Nestas dúas conferencias púidose ver un grande interese pola intervención por parte das persoas que se achegaron, procedentes tanto da propia parroquia de Budiño como da contorna.



Lámina 103. Momento da conferencia realizada no local A Furna o 4 de Marzo de 2018.

6.7.2. Aberto por obras



Lámina 104. Vista da visita guiada á escavación do Faro de Budiño do 25/04/2018.

Baixo este título englóbase a idea de que unha intervención arqueolóxica destas características non pode estar fechada á sociedade. Polo tanto, durante a intervención animamos á subida ao xacemento e tomar contacto cas diferentes especialistas, para que lles expliquen as súas áreas de traballo e as fases da investigación. A maiores, o 25 de Marzo de 2018, unhas semana despois do remate da intervención organizouse, en colaboración ca comunidade de montes e a asociación veciña, unha andaina e

6. Intervención arqueológica no asentamento fortificado *indefinido* do Faro de Budiño

visita ao xacemento, tendo unha asistencia próxima ao centenar de persoas.

6.7.3. Divulgación por Redes Sociais e medios de comunicación

No marco da intervención foi aberto un perfil baixo o título *Arqueoloxía no Faro - Budiño* na rede social *Facebook*⁵⁷. Neste perfil foise informando das tarefas realizadas durante todo o proceso arqueolóxico. A día 10 de Setembro de 2018 contaba con 392 seguidoras. Así mesmo, os medios de comunicación *tradicionais* realizaron unha boa cobertura da intervención, tanto de forma previa⁵⁸ coma tras o remate da campaña de escavación arqueológica⁵⁹ ou tras a presentación de resultados á veciñanza de Budiño⁶⁰.

⁵⁷<https://www.facebook.com/ArqueoloxiaFaroBudinho/> [Consultado 2018/10/09]

⁵⁸ Diario Atlántico, 2018/03/01 (<http://www.atlantico.net/articulo/area-metropolitana/faro-budino-pudo-ser-fortaleza-romana-medieval/20180301235849634434.html>) [Consultado 2018/09/10]

La Voz de Galicia, 2018/03/02 (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo-o-porrino/2018/03/02/arqueologos-universidad-santiago-excavaran-faro-budino/0003_201803V2C8991.htm) [Consultado 2018/09/10]

Sermos Galiza, 2018/03/02

(<https://www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/investigacion-arqueologica-faro-budino-do-porrino/20180302135630066566.html>) [Consultado 2018/09/10]

Son do Louro, 2018/03/03 (<http://www.sondolouro.com/index.php/o-porrino/item/3571-arqueologos-da-usc-estudian-os-restos-dunha-fortaleza-faro-de-budino.html>) [Consultado 2018/09/10]

⁵⁹ CRTVG, 2018/03/18 (<http://www.crtvg.es/informativos/escavan-por-primeira-vez-en-galicia-unha-fortaleza-posterior-ao-imperio-romano>) [Consultado 2018/09/10]

Consello da Cultura Galega, 2018/03/20 (<http://culturagalega.org/noticia.php?id=28502>) [Consultado 2018/09/10]

La Voz de Galicia, 2018/03/18

(https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2018/03/16/investigacion-restos-antigua-fortificacion-romana-porrino/0003_201803201803161521196622957.htm) [Consultado 2018/09/10]

Son do Louro, 2018/03/20 (<http://www.sondolouro.com/index.php/o-porrino/item/3634-unha-fortificacion-romana-de-1-200-anos-no-faro-de-budino.html>) [Consultado 2018/09/10]

⁶⁰ Faro de Vigo, 2018/10/09 (<https://www.farodevigo.es/comarcas/2018/10/09/fortaleza-faro-budino-acogio-asentamientos/1976034.html>) [Consultado 2018/10/10]



Capítulo 7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana

Malia ser a Cultura Material Móbel existente nos asentamentos fortificados *indefinidos* algo mencionado brevemente na caracterización arqueolóxica, consideramos necesario realizar un breve capítulo onde se analice no seu conxunto toda esta materialidade. Primeiramente realizaremos unha introdución a través dos traballos previos e, a continuación, realizaremos unha revisión de todo o material localizado nos asentamentos.

Para isto, faremos unha breve descrición do material móbel localizado en cada un, e remataremos cunha comparación de todas estas evidencias materiais. Debido ao seu interese para *determinar* unha cronoloxía, tamén incluimos o material latericio como parte da Cultura Material a analizar, malia non ser, por lóxica, de carácter móbel. A orixe das evidencias da materialidade aquí descrita procede de tres fontes: a nosa campaña de prospeccións arqueolóxicas, a consulta de materiais depositados nos museos⁶¹ e, por último, as fontes bibliográficas.

⁶¹ Aproveitamos para agradecer as atencións e facilidades de todo o persoal dos seguintes museos contactados: O Museo Provincial de Pontevedra, o Museo da Cidade “Quiñones de León” (Vigo), o Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña e o Museo das Peregrinacións e de Santiago. Por desgraza, só localizamos evidencias materiais interesantes para nós nos museos localizados na cidade de Pontevedra e A Coruña.

7.1. Estudos previos sobre a Cultura Material Móbel para a *Gallaecia Occidental* dos séc. V a IX

Conscientes do amplo abano cronolóxico ao que nos estamos referir, consideramos correcto diferenciar as referencias en dous grupos diferenciados atendendo ao momento histórico no que estea centrado o traballo (séc. V-VIII e VIII-IX). Así mesmo, á cerámica é o conxunto material que, normalmente, aparece en maior cantidade, polo que é o que conta con maior número de traballos cronotipolóxicos para o noso marco xeográfico, de aí a súa predominancia dentro das referencias citadas a continuación.

Dentro do estudo da Cultura Material Móbel dos séc. V-VIII consideramos diversos traballos. Alcorta Irastorza (2001) realizou un estudo tipolóxico sobre a cerámica romana localizada dentro da cidade de Lugo, *Lycvs Avgvsti*, encadrándoa cronoloxicamente entre os séc. I e V e.c. É interesante a fixación do autor por considerar que as formas tipolóxicas máis tardías dentro do seu estudo (as datadas no séc. IV) non sobreviven á desaparición do poder romano no noroeste. Exceptuando esta diverxencia sobre a perduración ou non destas formas, consideramos este traballo fundamental para coñecer a cerámica de época romana, en xeral, e dos momentos tardo e postimperiais, non só da cidade de Lugo, senón de toda a súa contorna máis ou menos inmediata. Mentres que Alcorta se centrou no estudo da cerámica manufacturada en Lugo, Fernández Fernández (2014) realizou un traballo sobre a aparición de producións cerámicas foráneas á *Gallaecia*. Este é moi útil para coñecer as producións existentes e que aparecen no noso marco espacial e, de forma paralela, para coñecer as redes de circulación de mercadorías, o impacto económico destas e a vinculación da *Gallaecia* co resto do mundo posromano. Así mesmo, empregamos o traballo de Mendes Dias da Cruz (2009) sobre o vidro de época romana no noroeste peninsular unha referencia básica sobre este campo.

De forma paralela, consideramos interesante coñecer a cultura material móbel doutras zonas do norte peninsular, aínda que neste caso sexan partes de traballos máis amplos. Interesante é todo o apartado de estudo da cultura material móbel recuperada

7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana

do asentamento fortificado de El Castellón, en Santa Eulalia de Tábara, Zamora (Sastre Blanco, 2017, pp. 199-360). Vigil-Escalera realiza unha análise sobre a tipoloxía da cerámica de luxo *Terra Sigillata Hispánica Tardía* (TSHT), facendo unha crítica sobre o seu estudo previo e aportando novas propostas sobre as súas cronoloxías (Vigil-Escalera Guirado, 2015, p. 101-156). Tamén é moi interesante a sección que adica Tejerizo-García a reflexionar sobre o estudo da cerámica deste momento e os problemas cronolóxicos que levan aparellados nos xacementos dos séc. V-VIII e.c. situados na meseta, propondo unha solución ao estudo da mesma (Tejerizo-García, 2016a, p. 119-158).

Mentres que para o estudo do mobiliario doméstico dos séc. V-VIII na *Gallaecia Occidental* podemos localizar unha serie de referencias xerais, onde se realizan crono-tipoloxías, no caso do período do séc. VIII-IX isto é imposible. Esta realidade ten a súa explicación, como xa foi criticado con anterioridade, no pouco interese previo da Arqueoloxía Galega por estudar os contextos posteriores á desaparición do Imperio Romano. Como única referencia xeral, podemos citar un breve traballo colectivo sobre o material cerámico no que Suárez Otero, Gimeno García-Lomas e Fariña Busto, realizan unha pequena síntese sobre a evolución da cerámica ao longo da Idade Media para o territorio situado dentro da comunidade autónoma galega, referenciando varios xacementos e distinguindo cronoloxías e tipoloxías (Suárez Otero, Gimeno García-Lomas & Fariña Busto, 1989).

Así mesmo, a heteroxeneidade da cultura material móbel deste momento, principalmente no material cerámico, provoca a dificultade do seu estudo a nivel global, sendo tradicional a mención á múltiples diferenzas locais. Isto fai que se chegue a afirmar que, en momentos de inexistencia dun poder político unificado, os grupos sociais locais carecen:

[...] de las habituales pautas ergológicas: una arquitectura monumental y un mobiliario estandarizado o industrializado, fácilmente reconocible, encuadrable y datable por su tipificación. Por el contrario, la desarticulación de

las estructuras estatales y la fragmentación de ámbitos de poder, así como la desestructuración de los grandes centros productores y redes comerciales, generan tendencias autonomistas y autárquicas, tanto de poderosos locales como de pequeños grupos campesinos, los cuales producen un registro arqueológico diferente del clásico: estructuras arquitectónicas sencillas, construídas con materiales de fácil disposición (madera, barro, piedra reutilizada), frecuentación y reutilización en precario de espacios urbanos y rurales romanos, espacios de almacenamiento familiares (pequeños silos subterráneos o rupestres, sustitutos de horrea y dolia), mobiliario doméstico (cerámica, metal, madera...) de producción local. (Gutiérrez González, 2008, pp. 221-222)

7.2. Evidencias da Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da *Gallaecia Occidental*

Neste apartado realizarase unha breve descrición dos conxuntos de materiais móbeis localizados en cada asentamentos fortificado *indefinido*, incorporando tamén as pezas conservadas en museos. No *Anexo III. Análise cerámico* (p. 487) localízase unha descrición detallada de cada conxunto.

7.2.1. Monte Aloia

A prospección integral do asentamento do Monte Aloia só permitiu localizar algún fragmento illado de *tegula*. Do mesmo modo, a busca de materiais depositados nalgún museo foi infrutuosa. Nas intervencións do 2001 faise referencia a unha gran concentración de *tegulae*, posibelmente dun derrubo dun tellado, nas inmediacións do penedo coñecido como “Cama de San Xiao” e uns fragmentos de *tegula* espallados no resto das sondaxes. A única mención a material móbel refírese a “*restos de cerámica de posible adscrición medieval*” [sic] nas inmediacións da capela de San Xiao (Constela Doce, 2001, pp. 10-14). As referencias bibliográficas reafirman a presenza de material latericio de

7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana

tradición romana e incluso de “cerámica tosca castrexa” (Constela Doce, 2001; Garrido Rodríguez, 1987).

7.2.2. Monte das Penizas



Lámina 105. Material adscribíbel ao asentamento das Penizas. Na esquerda, fragmento de *tegula* localizado durante a prospección. No centro da imaxe o material depositado no Museo Provincial de Pontevedra. Na dereita, o material localizado na casa dun particular.

Durante a prospección de campo foron localizados algúns fragmentos de cerámica vermella de formas indeterminadas e unha gran cantidade de *tegula* de tradición romana. No Museo Provincial de Pontevedra están depositados tres fragmentos de material latericio de tradición romana: dúas pestanas de *tegula* e un *imbrex*. Aquí cabe a dúbida de se pertencen ao asentamento fortificado estudado ou ao xacemento recollido no inventario do Servizo de Patrimonio, que tamén fai referencia a unha gran cantidade de *tegulae* e *imbrices* (Alfonsín Soliño, 1993b).

Un particular, nun paseo pola superficie do asentamento fortificado, recolleu uns fragmentos de material cerámico. Os fragmentos son un borde facetado, un arranque de asa e un pequeno anaco decorado con liñas incisas.

7.2.3. Faro de Budiño

Durante as prospeccións, asociados a varias edificacións documentáronse concentracións de fragmentos de material latericio, *tegula* e *imbrex*, de tradición romana. Tamén a nivel

superficial, e asociados ás evidencias das edificacións interiores, son localizábeis fragmentos de cerámica que se poderían encadrar en época romana ou tardorromana, de pastas que varían dende o vermello escuro até o gris branquecino, pasando polo negro⁶². É de notar que estes fragmentos están moi rodados e descontextualizados. En ningún museo existía material asociado a este xacemento.



Lámina 106. Material recuperado na escavación do Faro de Budiño. Na dereita, fragmentos de vidro. No centro, fragmentos de cerámica adcribíbel aos séc. VIII-IX. Na dereita, dous fragmentos de cerámica engobada de tradición romana.

Durante os traballos de escavación arqueolóxica foron recuperados un total de 139 fragmentos de cultura material móbel e máis de 200 quilos de *tegulae* e *imbrices*. Dentro do conxunto podemos distinguir varias tipoloxías cerámicas, dende as máis próximas á tradición romana, realizadas en torno rápido ou con tratamentos exteriores coma os engobes, até as que podemos encadrar xa nun horizonte altomedieval, cerámicas grisáceas realizadas a torneta ou a mán. Asociadas ao primeiro grupo de cerámica, tamén foron recuperados varios fragmentos de vidro.

7.2.4. Alto de San Cibrán

O material localizado durante a prospección redúcese a uns poucos fragmentos de cerámica vermella e de material latericio.

⁶² Como caso excepcional, nunha esquina dunha estrutura da acrópole medrou unha árbore que acabou por caer. Grazas a isto, pódese observar o paramento da estrutura e, integrados entra a terra arrancada polas raíces, pequenos fragmentos de cerámica e de material latericio.

7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana

Estes localízanse moi dispersos por todo o asentamento. O material depositado no Museo Provincial de Pontevedra foi depositado no ano 1991, procedente dunha prospección. Só se depositaron tres fragmentos de *tegula*. Así mesmo, tamén existen referencias á existencia de múltiples fragmentos de *tegula* nas inmediacións da Capela de San Cibrán (Perles Fontao, 2003).



Lámina 107. Material adscribíbel ao asentamento de San Cibrán. Na esquerda e centro da imaxe o material depositado no Museo Provincial de Pontevedra. Na dereita, exemplo do material localizado durante a prospección.

7.2.5. Fortaleza do Galiñeiro

Tanto na prospección realizada como nos fondos dos museos contactados a presenza de material móbel foi negativa. En cambio, existen dous escritos que mencionan material móbel. O artigo de Veiga González, que fai referencia ás dúas campañas de escavacións (1970-1971) das que el foi responsábel, fai referencia á aparición de material cerámico e lítico. Malia a mención a varias aparicións de cerámica durante a escavación, a única que se nos mostra “contextualizada” é un grupo asociado á estrutura n.º 1, que é descrita como “fragmentos de cerámica indíxena con la característica común de su pasta negra, poco desgrasante, cocción reductora, trabados a torno y algunos fragmentos con perforaciones para las grapas de reparación” (Veiga González, 2001, p. 385). O material lítico son varios núcleos de cuarcita e un muiño navicular recuperado nun abrigo, de forma descontextualizada.




Lámina 108. Material adscribíbel ao asentamento do Galiñeiro. Un exemplo do material localizado durante as escavacións dirixidas por Antonio Veiga (1970-1971). Fotografías extraídas do seu artigo (Veiga González, 2001).

A outra referencia bibliográfica foi realizada por Garrido, quen describe que Veiga: “exploró la zona, indicando el hallazgo de algunas construcciones rectangulares que supuso pudieran ser tumbas, así como abundancia de tegulae y cerámica “rudimentaria” (Garrido Rodríguez, 1987, p. 35). Esta referencia entra en contradición co escrito por Veiga González, na que este non menciona a existencia de *tegula*. Isto pode ser por esquecemento por parte deste último polo longo prazo transcurrido entre as escavacións e a publicación do artigo, ou erro ou confusión do primeiro.

7.2.6. Castro Valente

Como xa foi explicado na súa caracterización, o asentamento fortificado de Castro Valente está dividido entre as provincias da Coruña e de Pontevedra. Malia isto, por norma xeral, sitúanse o asentamento dentro do Concello da Estrada, pertencente á última provincia. Polo tanto, o material recollido durante as prospeccións está depositado no Museo Provincial de Pontevedra.

7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana



Lámina 109. Material adscrito ao asentamento de Castro Valente. Na esquerda da imaxe un exemplo do material localizado durante a prospección. Na dereita, o material localizado no Museo Provincial de Pontevedra.

O material localizado durante a prospección redúcese a fragmentos de material latericio, maiormente asimilábel a *tegula* de tradición romana, e a uns poucos fragmentos de cerámica de pasta vermella. Todo este material aparece fragmentado e a niveis superficiais, sobre todo na zona de destrución creada polas pistas cortalumes. O material depositado no Museo Provincial de Pontevedra entrou no ano noventa do século pasado, procedente dalgunha prospección de quen non conseguimos identificar a autoría. O material consiste en dous fragmentos de *tegula* e cinco fragmentos cerámicos de cerámica gris micácea. Aparecen tres fragmentos pertencentes a tres individuos diferentes que son bordes. A través das fontes bibliográficas temos referencias recorrentes a *tegula* e a cerámica común, adscritíbeis á tradición romana (Fernández Abella, 2014).

7.2.7. Castelo Redondo



Lámina 110. Material cerámico e latericio adscribíbel ao asentamento de Castelo Redondo (a imaxe da esquerda é de C. Galbán).

Foron localizados fragmentos moi rodados de cerámica de cor escura e bastante material latericio, asimilábel a tella curva ou *imbrices*. Non se localizou en ningún museo consultado material asociado a este asentamento. Na bibliografía consultada faise referencia á aparición a nivel superficial dunha boa cantidade de tella -curva e plana- tanto no outeiro como nas proximidades do mesmo, nomeadamente na pista cortalumes. Clasifícana conforme a que boa parte da mesma podería considerarse como *tegula* de tradición romana. Así mesmo, fan referencia a fragmentos moi rodados de cerámica común de cocción redutora (Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015, p. 132-133).

7.2.8. Castromaior

Durante os nosos traballos de prospección non se localizaron evidencias de materialidade asociada aos momentos de ocupación do asentamento fortificado. Así mesmo, tampouco existen referencias na bibliografía consultada nin nos museos consultados.

7.2.9. Castelo de San Marcos

Durante o noso traballo no asentamento localizamos fragmentos moi rodados de cor vermella, sendo moi difícil a súa identificación polo alto nivel de degradación. Os materiais

7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana

depositados no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña son moi reducidos, e proveñen dunha prospección. Son tres fragmentos cerámicos e un numisma, as 4 pezas son adscritas durante a época baixomedieval, relacionándoas coa ermida de San Marcos (López-Felpeto Gómez, 2006).



Lámina 111. Material adscribíbel ao Castelo de San Marcos. A esquerda, fragmento de *tegula* localizado no asentamento (Foto de C. Galbán). No centro, fragmentos de pastas vermellas *indefinidos*. Na dereita, material cerámico depositado no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.

Así mesmo, traballos previos si que fan referencia a máis cultura material, da que Sánchez-Pardo e Galbán ofrecen unha boa descrición⁶³ (Sánchez-Pardo & Galbán Malagón, 2015, p. 140).

7.2.10. Castelo de Portomeiro

Varias veces foron as que nos achegamos ao lugar do Castelo de Portomeiro. Durante as primeiras, as plantacións de eucaliptos e a vexetación dificultaron a localización de ningunha evidencia material, máis durante a última visita, posterior á gran vaga de incendios do 2017, si que se acharon evidencias de materialidade adscribíbel ao momento de ocupación do asentamento. Neste caso si que se localizou unha gran cantidade de material latericio de tradición romana: *tegula* e *imbrices*, documentando tamén unha pequena cantidade de fragmentos cerámicos de cores escuras.

⁶³ Ver transcripción incluída no apartado de caracterización do asentamentos fortificado *indefinido* do Castelo de San Marcos (p. 185).



Lámina 112. Material cerámico e vítreo localizado no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña adscribíbel ao asentamento do Castelo de Portomeiro.

Grazas a unha prospección realizada no 1999, o Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña tamén conta cun depósito procedente do Castelo de Portomeiro. Este está conformado por 47 pezas, das que 11 son líticas, 24 cerámicas e un vidro. Este último corresponde a un pescozo dun recipiente fino, posibelmente un unguentario ou similar. Pola contra, o conxunto de fragmentos cerámicos recolle varias tipoloxías, dende unhas pastas ocre e finas até unhas pastas negras e máis groseiras. Estas pastas ocre posibelmente pertencen a unha cerámica engobada. As pezas líticas son maiormente tallas de seixo.

Segundo a bibliografía previa, a cerámica -xunto co conxunto de *imbrices* e *tegulae*- sería datábel dentro do período tardorromano e/ou altomedieval (López-Felpeto Gómez, 2006).

7.3. Conclusións arredor das evidencias de Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados indefinidos da *Gallaecia Occidental*

A maior dificultade que nos encontramos ca análise da Cultura Material Móbel destes asentamentos fortificados *indefinidos* é, por norma xeral e valga a redundancia, a súa indeterminación. Só en certos casos puntuais somos quen de poder identificar algunha peza cunha tipoloxía que nos pode axudar a hipotetizar unha cronoloxía.

A principal dificultade que observamos ao longo desta revisión é a falta de contexto estratigráfico claro para os materiais

7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados *indefinidos* da Depresión Meridiana

estudados, debido a que a localización destes materiais foi a través de prospeccións superficiais do terreo, con toda a problemática que leva aparelada esta descontextualización (Orton, Tyers & Vince, 1997; Schiffer, 1990). Por outra banda, a falta de documentación anexa clara, sobre todo no caso do material depositado no Museo de Pontevedra⁶⁴, impide coñecer e contextualizar estes materiais.

Xacemento	Material Latericio	Cerámica pasta vermella	Cerámica pasta negra	Cerámica pasta gris	vidro	vidro	Hipótese adscrición cronolóxica
Monte Aloia	<i>tegulae</i> e <i>imbrices</i>	-	-	-	-	-	séc. V ??
Monte das Penizas	<i>tegulae</i> e <i>imbrices</i>	fragmentos moi rodados	-	-	-	-	séc. I / séc. V ??
O Faro de Budiño	<i>tegulae</i> e <i>imbrices</i>	Fragmentos engobados/ fragmentos realizados a torno rápido/ fragmentos realizados a man/ fragmentos indeterminados	fragmentos realizados a torno rápido	fragmentos realizados a torneta	Si	Lítico	Séc. V / Séc. VIII-IX
Alto de San Cibrán	<i>tegulae</i>	fragmentos moi rodados	-	-	-	-	séc. I / séc. V ??
Fortaleza do Galineiro	referencias a <i>tegulae</i>	?	fragmentos realizados a torno rápido	?	-	Lítico	Séc. V / Séc. VIII-IX ??
Castro Valente	<i>tegulae</i> e <i>imbrices</i>	fragmentos moi rodados	-	fragmentos realizados a torneta	-	-	séc. V ??
Castelo Redondo	<i>imbrice</i> , referencias a <i>tegula</i>	fragmentos moi rodados	-	-	-	-	Séc. VIII-IX ??
Castromaior	-	-	-	-	-	-	-
Castelo de San Marcos	<i>tegula</i>	fragmentos moi rodados	adcnitos á ocupación baixomedieval	-	-	Numisma (baixomedieval)	séc. I / séc. V ?? / séc. XIII-XV
Castelo de Portomeiro	<i>tegulae</i> e <i>imbrices</i>	Fragmentos realizados a torno rápido	fragmentos indeterminados	fragmentos realizados a torneta	si	Lítico	séc. V ??

Lámina 113. Táboa de análise comparativa da Cultura Material Móbel localizada na mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*.

Coma caso excepcional temos que referirnos ao do material estudado do Faro de Budiño, xa que ao ser unha escavación con metodoloxía estratigráfica somos quen de poder identificar os materiais dentro dun contexto. Isto xa é un avance comparado co resto dos asentamentos estudados. Malia a grande indeterminación tipolóxica dos materiais recuperados e a falta de paralelos para realizar comparacións, as datacións absolutas

⁶⁴ Todo o material consultado no Museo Provincial de Pontevedra proviña de traballos antigos (anos 80-90 do séc. XX) e atopábase descontextualizado e sen documentación anexa máis alá que a que describía a procedencia.

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

realizadas, permiten, non só aportar unha cronoloxía de ocupación para o asentamento, senón tamén localizar dentro dun abano temporal cada tipoloxía.



Capítulo 8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*

Este capítulo está adicado a unha análise micro-espacial da paisaxe, é dicir, centrada nos xacementos arqueolóxicos e os elementos que os compoñen. A estrutura que caracteriza como tal a un asentamento fortificado, sexa esta natural ou artificial, é o seu sistema defensivo. A técnica construtiva e a configuración arquitectónica deste sistema dos asentamentos fortificados *indefinidos* estudados pode aportar unha serie de datos que permitan identificar e distinguir estes xacementos. Así mesmo, tamén pode aportar información sobre técnicas e tecnoloxías empregadas e sobre outros aspectos da ocupación destes asentamentos, como a funcionalidade ou a organización espacial intramuros.

A nosa análise arquitectónica centrarase na fábrica e nas formas tipolóxicas recorrentes dos sistemas defensivos, na arquitectura intramuros, nas zonas de habitabilidade, na presenza de edificios relixiosos e na actual conservación dos xacementos. Previamente, referéncianse toda a terminoloxía da arquitectura en granito empregada ao longo do texto.

8.1. Dicionario de termos arquitectónicos

A arquitectura en pedra é unha constante nas construcións do noroeste peninsular, chegando a ser unha profesión importante nalgunhas comarcas galegas, chegando a crear toda unha xerarquía gremial e un dialecto propio: o latín dos canteiros ou o

verbo dos arxinas (Figueira Valverde, 1976). A erección de muros combinando perpiaños e cachotaría de pedras de gran é unha técnica empregada até a actualidade na construción popular galega.



Lámina 114. Vista dun paramento de cachotaría concertada. Zona nordeste do Castro Valente.

Polo tanto, escolleuse como preferíbel referirse as diferentes técnicas e tipoloxías de fábrica en base á terminoloxía conservada (Llano Cabado, 1981, p. 76–83; USC, 2003). Malia ser esta unha terminoloxía comunmente é empregada, considerouse preciso facer mención a cada técnica acompañándoa dunha pequena descrición, ca fin de manter a coherencia en todo o texto. É importante precisar que en todas as referencias estamos a referirnos á construción con pedra de gran, é dicir, granito en calquera das súas calidades.

Técnica	Descrición
Paramento	Cada unha das dúas caras dun muro.
Muro	Construción lineal e vertical. Denomínase muralla se ten finalidade defensiva ou parede se forma parte dun edificio. Os muros poden denominarse valado,

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados
indefinidos

	cerca ou cerrume se están cerrando un espazo aberto.
Fiadas concertadas	Técnica de construción pola cal o material construtivo tende a colocarse de forma regular, creando fiadas paralelas.
Fiadas irregulares	Técnica de construción pola cal o material construtivo non está colocado nunha orde regular.
Pedra de cantaría	É a técnica empregada máis complexa e custosa e que precisa dun granito de boa calidade. Consiste en traballar a pedra até conseguir un paralelepípedo regular, normalmente rectangular ou cuadrangular, careado, é dicir, con todas as súas caras alisadas. Para a erección dos muros pode empregarse en solitario ou en combinación con cachotaría, quedando está no paramento interior. En castelán é coñecido como <i>sillar</i> e en portugués coma <i>silhar</i> .
Perpiaño	É unha técnica de traballo de pedras de categoría inferior á da cantaría, empregando pedras de tamaño similar ou superior, mais con inferior calidade. O perpiaño precisa duns coñecementos técnicos inferiores, sendo preciso só o alisado dunha ou varias caras da pedra. Distínguese entre regular e irregular. O perpiaño regular tende a unha forma de paralelepípedo sen chegar á 'perfección' da cantaría, mentres que o irregular pode chegar a ser simplemente unha pedra só careada polo exterior. Ao perpiaño irregular tamén se lle pode chamar bloque. As técnicas para a erección de muros son similares á da pera de cantaría. En castelán é coñecido como <i>sillarejo</i> .
Cachote	Esta é a técnica máis común de construción con pedra de granito. Os cachotes son pezas de pedra con apenas traballo, podendo carearse a cara exterior. O tamaño dos cachotes pode variar, dende pequenas pezas ate grandes tamaños, podendo alcanzar o metro de ancho .En castelán é coñecido como <i>mampuesto</i> .
Pedregullo	Fragments de pedra resultante dos traballos de careado, por roturas de pezas ou pequenas pedras que aparecen de forma natural na superficie. Emprégase para encher, en combinación de terra, o espazo existente entre dous paramentos, no caso de ser un muro de dobre paramento.
Ripios	Tamén chamados rachas. Fragmentos de pedra ou, no caso dalgunhas estruturas documentadas no Faro de Budiño, <i>tegula</i> colocados entre os cachotes para facilitar o seu asento e cubrir os ocos existentes entre os mesmos.

Tizón	Pedra alongada colocada, cada certo espazo, de forma transversal ao muro, ca fin de axudar a trabalo. Tamén é denominada xuntoiro.
Xamba	Refírense a cada unha das pedras colocadas para facer a forma vertical dos laterais de ventás ou paredes. Poden estar traballadas e ter diferentes acabados. Tamén denominada como macheta.
Lumieira	Pedra traballada situada enriba das xambas, ca fin de fechar a estrutura dunha ventá ou porta. Poden ser de pedra ou de madeira. Tamén é denominada como lintel ou cargadeiro.
Soleira	Pedra traballada situada embaixo das xambas, ca fin de fechar a estrutura dunha ventá ou porta. Tamén é denominada como limiar ou soarego.




Lámina 115. Detalle dun tizón situado na zona oeste do Monte Aloia. Foto de C. Tejerizo.

8.2. Análise da fábrica dos sistemas defensivos dos asentamentos fortificados indefinidos

Por mor da técnica de estudo empregada en campo, a prospección superficial sen remoción de terra, somos conscientes de que esta análise é parcial debido a que non en todos os asentamentos estudados fomos quen de localizar paramentos do sistema defensivo visíbeis. Polo tanto, esta análise só se centrará nos sistemas defensivos dos asentamentos de Monte Aloia,

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados
indefinidos

Fortaleza do Galiñeiro, Castro Valente, Castromaior e Castelo de Portomeiro.



Lámina 116. Vista dun lenzo murario de perpiaños irregulares e a súa imbricación cun afloramento granítico. Zona nordeste da Fortaleza do Galiñeiro.

Por norma xeral, o sistema defensivo destes asentamentos adáptase ao terreo natural, sen alteralo de forma profunda e radical, senón aproveitándoo en beneficio da construción. Os afloramentos graníticos son incorporados de forma “pasiva” dentro da arquitectura, é dicir, son empregados como cimentación ou para o apoio lateral dos lenzos murais. De forma paralela, dependendo da localización e da predominancia do afloramento, este tamén é integrado de forma “activa” no sistema defensivo, a xeito de torre ou punto forte. Exemplo disto sería o Monte Aloia, sobre toda na súa zona sur, onde os afloramentos son integrados dentro do sistema defensivo. Así mesmo, nos lugares onde o lenzo murario é continuo xa que non existen estes afloramentos, documéntase alteracións na liña muraria asimilábeis a torres. No caso do Castro Valente, foi rexistrada arqueoloxicamente unha torre de planta cadrada na súa zona noroeste e diferentes acumulacións de material latericio pétreo por toda a zona norte e

leste, zona afectada pola destrución recente referida na descrición do asentamento (ver 5.1.3. *Arquitectura e Cultura Material*, p. 173). Así mesmo, nas fontes consultadas fan referencia á presenza neste asentamento de torres cadradas e redondas, polo que temos a hipótese de que estas acumulacións sexan as referidas torres. Este interese de contar cos afloramentos graníticos, tanto para asentar a construción dos lenzos murarios coma para incorporalos ao sistema defensivo, implica unha planificación previa na que se prevese estas necesidades.




Lámina 117. Debuxos de paramentos do sistema defensivo do Monte Aloia (Garrido Rodríguez, 1987, p. 20).

O debuxo de Garrido do alzado dun lenzo do Monte Aloia é o exemplo paradigmático e facilmente exportábel aos outros lenzos murarios documentados, xa que son todos de construción moi similar. Distinguimos un uso combinado de perpiaños irregulares e de cachotaría, onde os primeiros estarían localizados contra a parte inferior, asegurando a estabilidade e fortaleza da construción, mentres o alzado sería facilitado pola cachotaría. O material pétreo empregado está lixeiramente traballado, procurando só carear a parte exterior e sen buscar unhas formas regulares. As fiadas son tendentes a unha disposición regular, adaptándose ao terreo. Existen zonas onde este material pétreo traballado combínase con rochas sen traballar, sendo estas situadas contra a parte inferior do lenzo. En planta, os lenzos están configurados por unha dobre paramento pétreo e un recheo interno de pedregullo e terra, trabados con tizóns.

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*



Lámina 118. Vista de paramentos localizados. Dende arriba á esquerda: Monte Aloia, Fortaleza do Galiñeiro, Castro Valente e Castelo de Portomeiro.

8.3. Formas tipolóxicas recorrentes nos sistemas defensivos

Mentres que no apartado anterior analizamos a fábrica dos lenzos murarios, neste estudiaremos dous puntos básicos para caracterizar estes sistemas defensivos: a configuración en planta e as formas tipolóxicas das entradas documentadas.

8.3.1. A configuración dos sistemas defensivos

A partir dos datos resultantes da combinación dos traballos de prospección dixital e superficial en campo, podemos realizar unha planimetría case completa dos sistemas defensivos dos asentamentos fortificados *indefinidos*, o que dá pé a unha análise comparativa. Cada asentamento é o resultado dunha solución arquitectónica específica para o lugar onde se asenta: de acordo co seu medio natural, as necesidades construtivas, os recursos

próximos etc., sendo posíbel diferenciar dúas tipoloxías: un sistema defensivo baseado nun único recinto ou en varios.

8.3.1.1. Un único recinto

Esta forma tipolóxica caracterízase por conter aos dous recintos de maior extensión da mostra estudada: o Castro Valente e o Monte Aloia. No caso deste último, malia que na súa planimetría se observe un recinto principal e un anexo, polas súas características construtivas globais e por ser este engadido unha ampliación para reforzar a defensa polo lado norte, consideramos que o seu sistema defensivo está artellado en base a un só recinto.

Os dous sistemas defensivos ocupan unha elevada superficie de terreo, favorecendo a existencia dunha gran extensión intramuros. Así mesmo, a muralla asentase, por norma xeral, no corte da ladeira, cando esta deixa de ascender para aplanarse. Excepción a isto é a ladeira leste do Monte Aloia, remitindo á hipótese comentada na súa caracterización (p. 109).

A maiores tamén incluímos dentro desta categoría o asentamento do Monte das Penizas, xa que só se documentou un só recinto dentro do seu sistema defensivo. Sobra apuntar que as súas características, tanto construtivas coma locacionais, diverxen das explicadas para os recintos do Monte Aloia e o Castro Valente.

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*





Lámina 119. Configuración do sistema defensivo: Monte Aloia, Castro Valente e Monte das Penizas.

8.3.1.2. Varios recintos concéntricos

Esta configuración engloba varios recintos concéntricos que conforman o sistema defensivo do asentamento fortificado *indefinido*, sendo de menor tamaño que os que se configuran en base a un só recinto. Dividimos esta categoría en dous subtipos, poia á adaptación desta configuración en varios recintos débese ao local escollido para asentalo mais que a un cambio na lóxica construtiva.

En primeiro lugar, clasificamos aos asentamentos fortificados onde o sistema defensivo céntrase en realizar varios recintos concéntricos artificializando en gran medida o coto no que se asenta, aproveitado a morfoloxía deste como reforzo do propio esforzo defensivo. Esta tipoloxía está presente nos asentamentos do Alto de San Cibrán, o Castelo de San Marcos, o Castelo Redondo, o Castelo de Portomeiro e o Castromaior.



8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*




Lámina 120. Configuración do sistema defensivo: Alto de San Cibrán, Castelo de San Marcos e Castelo Redondo.




Lámina 121. Configuración do sistema defensivo: Castelo de Portomeiro e Castromaior.

En segundo lugar, estarían os asentamentos fortificados que se asentan en lugares moito máis abruptos e característicos a nivel físico. Estes son o caso da Fortaleza do Galiñeiro e o Faro de Budiño. Nestes dous asentamentos, malia que continúen ca lóxica de varios recintos concéntricos, a propia morfoloxía do terreo onde se asentan inflúe por partida dobre. Mentres que por unha banda, ao ser o terreo máis agreste, este actúa como un reforzo do esforzo defensivo, pola outra limita a propia construción, sendo necesario que estas fortificacións se adapten ao medio físico presentando unha artificialización menor que no caso previo.

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*




Lámina 122. Configuración do sistema defensivo: Fortaleza do Galiñeiro e Faro de Budiño.

8.3.2. A configuración dos accesos principais

Mentres que foi posíbel documentar case ao completo todos os sistemas defensivos, debido ao estado de conservación e ás técnicas empregadas para documentar, non sucede o mesmo cos accesos principais de todos os recintos. Grazas ao estudo do sistema defensivo foi posíbel documentar as entradas dos asentamentos do Castro Valente, o Monte Aloia, o Faro de Budiño, a Fortaleza do Galiñeiro, o Castromaior e o Castelo de Portomeiro. Estes accesos contan, por norma xeral, cun alto grao de degradación, por ser empregados na actualidade como entrada

ao interior dos asentamentos. Isto non evita que podamos dividir en dúas tipoloxías as entradas documentadas.

8.3.2.1. Acceso con lenzo murario anexo




Lámina 123. Configuración da entrada: Monte Aloia e Castro Valente.

Denominamos esta tipoloxía en base á descrición directa da súa construción, un lenzo murario anexo ao recinto principal, que bloquea e impide o acceso directo e rápido á entrada. Nas fortificacións medievais isto é denominado como barbacá. Esta forma de defensa da entrada está asociada aos asentamentos que

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*

se configuran en base a un só recinto, o Castro Valente e o Monte Aloia.

A entrada en barbacá do Monte Aloia xa é coñecida dende a planimetría realizada por Garrido (1987, p. 17). O acceso orixinal tiña que realizarse polo fondo da valgada, mais na actualidade, a construción dunha pista asfaltada destruíu o punto da muralla principal onde se localizaría a porta e tamén un tramo deste lenzo murario anexo. No caso do Castro Valente, a identificación desta barbacá realizouse a través dunha interpretación do modelo dixital do terreo (MDT) e dunha localización parcial en campo, xa que neste caso, a mesta vexetación existente impide unha visualización completa de todo o sistema defensivo da entrada.

8.3.2.2. Acceso a través de liñas defensivas paralelas

Do mesmo modo que no caso anterior, esta tipoloxía asóciase a un tipo de sistema defensivo, neste caso, no configurado arredor de varios recintos concéntricos. A defensa do acceso realízase a través da continua sucesión de entradas, podendo estar en liña, ou lixeiramente desviadas. Esta continua secuencia de entradas complica o acceso ao recinto principal, a acrópole. Así mesmo, existen variacións dependendo de como se construíra o recinto, se está nun coto, caso do Castelo de Portomeiro ou o Castromaior, ou se está nun afloramento, caso do Faro de Budiño ou da Fortaleza do Galiñeiro.




Lámina 124. Configuración da entrada: Castelo de Portomeiro e Castromaior.

No primeiro dos supostos, cada recinto ou aterrassamento ten a súa entrada. No Castromaior a sucesión de accesos está situada en diagonal, tanto para que o lenzo murario traseiro defenda o paso previo coma unha forma de impedir o acceso directo ao recinto superior. No Castelo de Portomeiro, a pesares de documentar a entrada da acrópole, por mor da alta degradación da ladeira suroeste, non foi posíbel documentar o recinto inferior, máis, debería ter un paso por esta zona, xa que é a ladeira de acceso, cumprindo a lóxica deste sistema defensivo de accesos.

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*




Lámina 125. Configuración da entrada: Fortaleza do Galiñeiro e Faro de Budiño.

No caso do Faro de Budiño podemos constatar como á complexidade de acceso ao afloramento granítico onde se sitúa a acrópole, engadíronselle até tres liñas defensivas consecutivas, para acrecentar esta dificultade. En cambio, na Fortaleza do Galiñeiro observamos como nun espazo reducido, situado entre dous grandes afloramentos graníticos, o acceso fortifícase con dúas liñas defensivas paralelas.

8.3.3. Breve apunte sobre as configuracións dos accesos

En base aos datos coñecidos sobre estes acceso podemos chegar ás seguintes conclusións:

Na defensa dos accesos efectuados a través de varias liñas paralelas o obxectivo buscado coa súa construción é o de dificultar o acceso directo e impedir que dun só embate sexa posíbel acceder ao interior do recinto. Polo tanto, a mellor forma de conseguir este obxectivo é o de construír liñas adicionais que retrasen e/ou dificulten isto. Trátase dunha defensa pasiva onde a resistencia das murallas impide o acceso, sendo reforzadas polas condicións naturais do emprazamento. O sistema de acceso do Castromaior ou do Castelo de Portomeiro está deseñado para retrasar o avance cara o centro do asentamento fortificado. En cambio, as entrada ao Faro de Budiño ou á Fortaleza do Galiñeiro son moito máis fáciles de defender, xa que os dous accesos están situados entres grandes afloramentos graníticos que impiden que as forzas defensoras se vexan rodeadas ou superadas numericamente polas atacantes. Así mesmo, consideramos esta forma de fortificación do acceso a menos *técnica* e a máis fácil de construír.

Esta técnica fortificación dos accesos foi documentada, con variantes, no asentamento de Torre dos Mouros (Lira, Carnota). Neste caso, o acceso é a traves dunha dupla liña muraria situada en paralelo e entre dous grandes afloramentos graníticos, mais o camiño a traves do *intervallvm* atópase flanqueado por un pequeno muro (Fernández Malde, 2012, p. 10–21).

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*




Lámina 126. Planimetría do acceso ao asentamento de Torre dos Mouros (Fernández Malde, 2012, p. 13).

No caso da defensa dos accesos con lenzo murario anexo, ou barbacá, obsérvase un maior coñecemento da arte da fortificación. Amais disto, dunha economía nos recursos, xa que realizar un anel murario paralelo nestes grandes recintos precisaría dunha grande inversión. Nos dous casos documentados, este acceso é

realizado a través dunha valgada, reforzando a defensa do mesmo, sendo a da entrada ao Monte Aloia moito máis acusada.

8.4. Extensión dos recintos fortificados e niveis de habitabilidade

Xacemento	Ha de extensión
Monte Aloia	32
Monte das Penizas	1,5
O Faro de Budiño	4,5
Alto de San Cibrán	6,5
Fortaleza do Galiñeiro	2
Castro Valente	10
Castelo Redondo	0,7
Castromaior	1,5
Castelo de San Marcos	2,7
Castelo de Portomeiro	2,5




Lámina 127. Extensión da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*.

Malia incluír toda a mostra de xacementos baixo a tipoloxía de asentamentos fortificados *indefinidos* debido ás súas similares características locacionais e construtivas, non existe unha homoxeneidade total dentro destas últimas. A variabilidade extrema na extensión total de cada asentamento é un dos aspectos máis impactantes dos mesmos. Dentro da mostra estudada temos

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*

dous asentamentos que superan as 10 hectáreas, o Monte Aloia e o Castro Valente, mentres que o resto apenas chegan ás 5 hectáreas, quedando moitos moi lonxe de acadar tal extensión.

Esta variabilidade na extensión construída pode indicar unha diferente planificación atendendo á(s) funcionalidade(s) final de cada asentamento. Do mesmo modo, a habitabilidade do recinto depende do tamaño ocupado. Canto maior extensión ocupada, maior superficie plana é necesaria para facilitar un alto grao de ocupación e habitabilidade. Ao contrario, canto mais reducido é o recinto fortificado, menor será o espazo habitábel factíbel.

8.5. Arquitectura intramuros nos asentamentos fortificados *indefinidos*

Un dos comentarios máis recorrentes nas descrições destes asentamentos fortificados *indefinidos* era “a inexistencia de estruturas interiores” ou que eran “grandes recintos baleiros”. É verdade que non temos grandes datos a respecto do interior destes asentamentos, xa que debido ás poucas e mínimas intervencións arqueolóxicas efectuadas nestes asentamentos fortificados apenas coñecemos superficialmente a tipoloxía empregada para as construcións internas, mais xa se pode superar o concepto da inexistencia de estruturas interiores.

Coñecemos como son as estruturas internas, ben sexa por exhumación durante unha escavación, caso do Monte Aloia, do Faro de Budiño ou da Fortaleza do Galiñeiro, ou por simples visualización durante a prospección, coma no caso do Castelo de Portomeiro, do Castromaior, do Alto de San Cibrán o do Castelo de San Marcos.

Por norma xeral, a arquitectura interior céntrase na construción de estruturas de forma rectangular, podendo ser empregadas como habitación ou almacenaxe. Normalmente, estas edificacións teñen unhas medidas contidas e contan cun só espazo interior. A fábrica destas estruturas recorda á dos lenzos murarios,

sendo muros de cachotaría careada e colocada en fiadas regulares, con ripios pétreos ou de *tegula*, de dúas caras con recheo interno de pedregullo e terra, e con algunha pedra posta a modo de tizón para asegurar a estrutura.

Xacemento	Construción interiores	Datos
Monte Aloia	Si	Escavación
Monte das Penizas	Si	Prospección
O Faro de Budiño	Si	Prospección/Escavación
Alto de San Cibrán	Si	Prospección
Fortaleza do Galíneiro	Si	Prospección/Escavación
Castro Valente	-	-
Castelo Redondo	-	-
Castromaior	Si	Prospección
Castelo de San Marcos	Si	Prospección
Castelo de Portomeiro	Si	Prospección




Lámina 128. Referencias a estruturas interiores dentro de cada asentamento fortificado.

Excepcional é o caso do edificio central situado no Faro de Budiño, onde se documenta unha estrutura en forma aproximada de ‘U’, con múltiples habitacións abertas cara un espazo central.

8.6. Existencia de edificios relixiosos

Na actualidade, non dispomos de datos que nos permitan coñecer a existencia de edificios relixiosos intramuros durante o momentos de ocupación destes asentamentos entre os séc. V e IX. En cambio, si que temos datos arredor da existencia actual ou, de non existir edificio na actualidade, de referencias orais e/ou escritas á existencia no pasado dos mesmos.

Os edificios relixiosos que continúan en pé nos asentamentos do Monte Aloia e no Alto de San Cibrán son construídos ou

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos*

reformados arredor do séc. XVIII, baixo as advocación de San Xiao e San Cibrán, respectivamente. Non é descartábel que estean construídas sobre edificios relixiosos previos, como se indica para o caso do Monte Aloia (Constela Doce, 2001, p. 14). Para o caso do Castelo de San Marcos, só fica as evidencias dunha capela destruída, o topónimo e o recordo a través da oralidade da existencia dun edificio relixioso baixo a advocación a San Marcos. No Castro Valente temos referencias orais da existencia dunha capela baixo a advocación de San Xoán.

Xacemento	Ed. Relixioso	Advocación
Monte Aloia	Si	San Xiao
Monte das Penizas	-	-
O Faro de Budiño	-	-
Alto de San Cibrán	Si	San Cibrán
Fortaleza do Galiñeiro	-	-
Castro Valente	Referencia	San Xoán
Castelo Redondo	-	-
Castromaior	Si	San Marcos
Castelo de San Marcos	-	-
Castelo de Portomeiro	-	-




Lámina 129. Referencias a edificios relixiosos

8.7. As ocupacións actuais: afeccións e conservación dos asentamentos fortificados *indefinidos*

Como xa levamos repetido varias veces ao longo do traballo, os asentamentos fortificados estudados non se atopan na mellor condición óptima de conservación. Máis alá da destrución ocasionada polo paso do tempo, feito imparábel en calquera

construción abandonada, temos unha serie de factores, de orixe humana, que afectaron a estes asentamentos.

O monocultivo e as plantacións forestais de especies foráneas foi iniciado a mediados do século XX como unha forma de “industrializar” e “modernizar” o rural galego. Ninguén pode negar que as plantacións de eucalipto, e en menor medida de piñeiro, son un problema ecolóxico e cultural ao longo do noroeste da Península Ibérica. Estes monocultivos foron realizados para pór en funcionamento espazos agrarios antes incultos ou “desaproveitados”. Moitos xacementos arqueolóxicos foron, e serán, afectados ou destruídos por mor desta produción silvicultora⁶⁵. Exemplos entre os asentamentos fortificados estudados son os de Castro Valente, o Castelo de Portomeiro ou as proximidades do Faro de Budiño. Como exemplo curioso da plantación arbórea, podemos citar tamén, as plantacións organizadas a comezos do século XX polo enxeñeiro forestal Areces no Monte Aloia, hoxe Parque Natural, que ben seguro modificaron a paisaxe e alteraron o xacemento, como podemos observar na Lámina 130.

As pistas cortalumes están intimamente ligadas ca explotación forestal. A perda dos usos polifuncionais do monte cara un uso monofuncional e os incendios forestais fixeron necesario a alteración da paisaxe con estas pistas. De ancho variábeis, aparecen a cotío nos locais, ou nas proximidades, onde se emprazan estes recintos. Por citar un exemplo claro, a muralla oriental do Castro Valente foi destruída pola reapertura dunha

⁶⁵ Galicia Confidencial, 2016/06/01

(<http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/29657-adeaga-marina-patrimonio-denuncian-danos-masivos-patrimonio-pola-industria-eucalipto>)

[Consultado 2018/01/09]

Sermos Galiza, 2016/12/12 (<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/destrucion-patrimonio-arqueoloxico-mans-da-industria-do-eucalipto-chega-bruxelas/20161212124754053452.html>) [Consultado 2018/09/01]

Sermos Galiza, 2017/11/26 (<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/delegacion-denunciara-bruxelas-destrucion-do-patrimonio-provocada-pola-industria-do-eucalipto/20171126111529063679.html>) [Consultado 2018/09/01]

8. Análise arquitectónica da mostra de asentamentos fortificados
indefinidos

pista cortalume no verán do 2015 mentres se realizaba unha prospección de campo⁶⁶.



Lámina 130. Fotografía datada en 1915 da cara sur do Monte Aloia. Autor descoñecido.

As canteiras, ou a ameaza delas, son unha constante nas proximidades destes xacementos situados en grandes afloramentos graníticos. O Castelo de Portomeiro, o Faro de Budiño ou o Monte das Penizas son exemplo de ter canteiras nas súas proximidades, mentres que a Fortaleza do Galiñeiro leva ameazada anos coa construción dunha⁶⁷. Igualmente, os parques eólicos tamén afectan directamente ou á contorna destes

⁶⁶ Como xa foi anotado na descrición realizada do mesmo.

⁶⁷ Praza Pública, 2012/05/12 (<http://praza.gal/movimentos-sociais/901/o-galineiro-e-un-patrimonio-comun-e-natural-que-non-se-pode-comprar-nin-vender/>) [Consultado 2018/01/09]

Praza Pública, 2012/11/20 (<http://praza.gal/movimentos-sociais/2761/as-terras-raras-que-ameazan-a-serra-do-galineiro/>) [Consultado 2018/01/09]

xacementos, sendo a Fortaleza do Galiñeiro o asentamento que máis perigo corre⁶⁸.



Lámina 131. Zona de *merendeiro* no Alto de San Cibrán.

Por último temos que nos referir ás diferentes formas de antropización da paisaxe. Dentro das menos *agresivas* incluímos as construcións de *merendeiros*, coma no Alto de San Cibrán, ou a alteración do medio natural para crear *miradoiros*, coma no Monte Aloia. Cun impacto superior sobre estes asentamentos contamos cas construcións de edificios, tanto relixiosos como de habitación, camiños para vehículos etc.

⁶⁸ Val Miñor TV, 2018/10/07 (<https://valminortv.com/2018/10/07/o-bng-pedira-no-parlamento-que-a-xunta-non-autorice-o-parque-eolico-na-serra-do-galineiro/>)
[Consultado 2018/10/08]

Capítulo 9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais

Mentres que no capítulo anterior observamos os xacementos a escala micro-espacial, neste están comprendidas todas as análises dos asentamentos fortificados *indefinidos* na súas escalas macroespacial e semi-microespacial: análises de visibilidade, intervisibilidade e visibilidade acumulada dos xacementos, análises dos accesos e escabrosidade dos lugares onde se asentan estes recintos e, por último, análises da posibilidade de acceso ás fontes de auga.

9.1. Análises de visibilidade dos asentamentos fortificados *indefinidos*

Como xa foi explicado no apartado da metodoloxía, ca fin de coñecer os alcances de visibilidade dos asentamentos realizáronse diferentes análises co software ArcGis 10.5. Estes son divididos entre as análises de visibilidade que nos ofrecen información da cantidade de superficie que é posíbel visualizar dende o asentamento -longa distancia-, ou as que nos dan datos da calidade da visibilidade próxima ao asentamento -curta distancia- (Fábrega Álvarez & Parcero Oubiña, 2006, p. 76). A maiores, tamén se realizan análises de intervisibilidade e de visibilidade acumulada.

9.1.1. Análise de visibilidade a longa distancia

Foi calculada a visibilidade a longa distancia sobre un radio de vinte quilómetros arredor de cada asentamento, partindo da idea de que a esta distancia o ollo humano é quen de recoñecer un

punto na paisaxe ou distinguir un sinal coñecido. Este presuposto de distancia e visibilidade está baseado en condicións óptimas e sen contar cos efectos adversos meteorolóxicos, polo tanto é unha representación virtual, non real, da visibilidade de cada xacemento. Cada figura relativa a cada asentamento ten unha breve explicación.

9.1.1.1. Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 132. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Monte Aloia.

Dende o Monte Aloia obtéñese visión directa dos asentamento do Faro de Budiño, o Monte das Penizas e o Alto de San Cibrán, e unha visión moi parcial do asentamento do Galiñeiro, xa que só

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais

se observa o cumio meridional, que é o máis alto. As opcións de visibilidade do Monte Aloia están enfocadas cara a observación do val do Miño e, perpendicular a este, a Depresión Meridiana. Cara u oeste ten visibilidade parcial sobre os vales perpendiculares ao do Miño, os cumios da serra da Groba, a ría de Baiona e sobre as Illas Cíes -a máis de 20 quilómetros-.




Lámina 133. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Monte das Penizas.

Dende o Monte das Penizas existe visión directa sobre os asentamentos do Monte Aloia, do Faro de Budiño, da Fortaleza do Galiñeiro e do Alto de San Cibrán. Así mesmo, o seu control visual comprende unha gran parte do Val da Louriña, ao oeste, do Val do Caselas, ao leste, e un bo tramo do río Miño, cara o sur.

Cara o norte, a serra do Galleiro, da que é unha das últimas elevación, impide ter un control visual moi lonxano.




Lámina 134. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Faro de Budiño.

O asentamento do Faro de Budiño ten unha visión directa dos asentamentos de Monte Aloia, o Monte das Penizas, o Galiñeiro e o Alto de San Cibrán. Exerce un gran control visual sobre a Depresión Meridiana, nesta contorna coñecida baixo o nome do val da Louriña, e sobre o paso sobre o río Miño. A serra do Galiñeiro limita a súa visión cara o leste, mais visualiza perfectamente as súas abas orientais. Cara o leste ten unha visión parcial do val do Tea. A visión cara o nordés é puntual.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 135. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Alto de San Cibrán.

O asentamento do Alto de San Cibrán ten unha visión directa dos asentamentos de Monte Aloia, o Monte das Penizas, o Galiñeiro e o Faro de Budiño. Exerce un gran control visual sobre o val do Tea. Cara o leste, a serra do Suído limita a súa visibilidade, e cara u oeste só se consegue ver a parte superior da serra do Galiñeiro.




Lámina 136. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende a Fortaleza do Galiñeiro.

A Fortaleza do Galiñeiro ten unha visión directa dos asentamentos do Monte Aloia, o Monte das Penizas, o Alto de San Cibrán e o Faro de Budiño. Exerce un gran control visual sobre os ríos Miñor e o seu afluente, o río Zamáns. Cara o oeste visualízase as parte setentrional da serra da Groba, a práctica totalidade da comarca do Val Miñor e as Illas Cíes. Cara o norte obsérvase a ría de Vigo e a práctica totalidade da parte sur da península do Morrazo. Cara o leste, o curso alto do río Louro.

9.1.1.2. Zona Norte da Depresión Meridiana




Lámina 137. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castro Valente.

O asentamento do Castro Valente ten unha visión directa sobre o tramo final río Ulla e a súa desembocadura na ría de Arousa. Amais disto controla o paso da Depresión Meridiana sobre o río e o seu ascenso cara o norte. Cara o seu arco sur apenas ten visibilidade, mentres que cara o seu arco norte apenas obtén visibilidade de escasos cumios. Nos visíbeis é onde, casualmente, se emprazan os asentamentos do Castelo Redondo e do Castelo de San Marcos.




Lámina 138. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castelo Redondo.

O Castelo Redondo ten un control visual privilexiado sobre o tramo final do río Sar até a súa desembocadura no río Ulla, e sobre a transformación deste na ría de Arousa. Cara o sur identifícase perfectamente o asentamento do Castro Valente e o val situado ao leste deste. Cara o norte, obtense unha visibilidade parcial do río Dubra e a súa unión do río Sar. Nesta zona é onde se sitúa o Castelo de San Marcos, sendo visíbel dende o Castelo Redondo.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 139. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castromaior.

O Castromaior ten unha visibilidade case completa do val situado ao seu pé, en dirección sur, e da ribeira norte do Tambre, onde se sitúa o Castelo de Portomeiro. A maiores, pola súa altitude, ten control visual sobre amplas zonas da súa contorna. Malia a súa proximidade, o Castelo de San Marcos non é visíbel dende o Castromaior.




Lámina 140. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castelo de San Marcos.

O Castelo de San Marcos ten unha visión directa do val da Amaía, dende o río Tambre até case o río Ulla, ficando en visión parcial o tramo máis próximo a este último río. Así mesmo, é quen de obter unha visibilidade do Castelo Redondo e do Castro Valente, este último situado a case 20 quilómetros de distancia. Por estar a súa visibilidade enfocada cara o val da Amaía, os asentamentos situados ao nordeste non son visíbeis dende o Castelo de San Marcos.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 141. Análise de visibilidade a 20 quilómetros dende o Castelo de Portomeiro.

O Castelo de Portomeiro ten unha visión da contorna moi similar á do Castromaior. Está é moi reducida e está moi enfocada ao río Tambre e ao asentamento situado da outra beira, o de Castromaior. Así mesmo, debido a súa prominencia, é capaz de ter contacto visual con puntos moi específicos situados a distancia. Dun modo similar a Castromaior, non ten contacto visual co Castelo de San Marcos.

9.1.2. Análise de visibilidade a media distancia

A análise de media distancia realízase a partir dun radio de cinco quilómetros, xa que consideramos que a esta distancia o ollo humano é capaz de observar e distinguir un grupo numeroso de seres humanos ou unha poboación. Neste caso, o interese é coñecer o control visual próximo que ten cada asentamento. Igualmente, a mesma problemática sobre comentada para as análises de visibilidade a longa distancia son aplicábeis aquí.

9.1.2.1. Zona Sur da Depresión Meridiana




Lámina 142. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Monte Aloia.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais

O Monte Aloia ten controlado visualmente as rutas de acceso ao seu recinto, tanto dende a vía norte coma na do sur, ao mesmo tempo que dende alí pódese ver perfectamente a zona próxima á desembocadura do río Louro no Miño. Recordemos que esta zona é onde se sitúa a cidade de Tui, de orixe romana, e varios castros de orixe prehistórica.




Lámina 143. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Faro de Budiño.

O asentamento do Faro de Budiño enfoca o seu control visual sobre o tramo central do río Louro, situado cara u oeste. Na dirección contraria é quen de visualizar o asentamento do Alto de San Cibrán. Cara o sur, ten unha visión da parte setentrional do asentamento situado no Monte das Penizas.




Lámina 144. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Monte das Penizas.

Nesta distancia, a análise de visibilidade refórzanos a idea do gran control visual do asentamento do Monte das Penizas, sobre todo focalizado cara o río Caselas e o río Louro. Así mesmo somos quen de visualizar perfectamente o Faro de Budiño e o Alto de San Cibrán.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 145. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Alto de San Cibrán.

Dende o Alto da San Cibrán, aparte da visualización focalizada e única do Faro de Budiño cara o seu oeste, o control visual que se exerce está centrado no tramo medio do río Tea ao leste e o río Caselas ao sur. Cara esta zona é onde obtén unha completa visibilidade sobre o asentamento do Monte das Penizas.




Lámina 146. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende a Fortaleza do Galiñeiro.

A Fortaleza do Galiñeiro, na súa área máis próxima, enfoca o seu control visual cara as ladeiras noroccidentais da Serra do Galiñeiro e en controlar o nacente que flúe cara o río Zamáns. En cambio, o seu control visual de proximidade cara o leste é bastante deficiente.

9.1.2.2. Zona Norte da Depresión Meridiana




Lámina 147. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende Castro Valente.

O Castro Valente enfoca a súa visibilidade próxima no ascenso do monte cara a superficie onde se sitúa, no alto do monte. Así mesmo, dende alí pódese observar perfectamente os vales próximos a el e unha boa parte do trazado do río Ulla, que discorre polo seu lado norte. Especial importancia é a visualización completa dos últimos metros do río Sar antes de desembocar no Ulla, e a chaira asociada a este fenómeno. Así mesmo tamén obtén visibilidade sobre o Castelo Redondo.




Lámina 148. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castelo Redondo.

Este, o Castelo Redondo, enfoca o seu control ao oeste, onde observa todo o paso do río Sar, ao igual que as amplas zonas chairas situadas ao oeste do río. Cara o leste, observa o pequeno val onde se empraza a parroquia de Carcacía. Por último, obtén unha visualización parcial do asentamento de maior tamaño, Castro Valente.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 149. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castromaior.

A análise de visibilidade do Castromaior amosa que este centra a súa capacidade visual no ampla chaira situada cara o sur. Así mesmo, ten un control directo do Castelo de Portomeiro e as súas zonas próximas. En cambio, apenas ten visibilidade sobre o río Tambre.




Lámina 150. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castelo de San Marcos.

O Castelo de San Marcos enfoca o seu control visual próximo na zona norte do Val da Amaía, neste caso, o espazo situado entre o paso do río Dubra ao norte e a curva do río Tambre ao sur.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 151. Análise de visibilidade a 5 quilómetros dende o Castelo de Portomeiro.

O Castelo de Portomeiro, que ten a súa capacidade visual próxima centrada no control da súa contorna, é un punto de observación dende o que se visualiza o xacemento do Castromaior e apenas uns poucos puntos do río Tambre.

9.1.3. Análise de visibilidade a curta distancia

A análise de curta distancia provén dun radio de oitocentos metros, xa que consideramos que a esta distancia o ollo humano é quen de distinguir e identificar correctamente un colectivo humano. Grazas a esta análise visual podemos coñecer o control visual inmediato arredor do asentamento, permitíndonos identificar, por exemplo, o dominio e a vixilancia sobre os camiños de acceso ao asentamento ou a intervisibilidade existente entre diferentes puntos do sistema defensivo. É de recordar que é unha representación virtual, polo tanto que pode ter un grao de variabilidade a respecto da realidade. Por lóxica, cada asentamento obtén un control visual da súa contorna próxima, realizando un esforzo para dominar as zonas de acceso directo ao mesmo.

Consideramos non incluír neste apartado unha figura por cada asentamento, estando incluídas todas no *Anexo I. Material gráfico de cada Asentamento Fortificado* (p. 419).

9.1.4. Análise de intervisibilidade

É interesante a análise da intervisibilidade dos asentamentos para, na posibilidade de que estes tiveran momentos de ocupación contemporáneos, poder identificar se existiu un factor de intencionalidade para a escolla da súa localización. É dicir, que dende dous asentamentos contemporáneos exista unha capacidade de observación mutua pode indicar o seguinte: ou son parte dunha mesma planificación ordenada da paisaxe que procura a intervisibilidade para controlar unha zona determinada; ou que son asentamentos contrarios, que buscan esta visibilidade coma unha forma de vixilancia do oposto.

A respecto da visualización destas figuras, explicamos a terminoloxía. Unha intervisibilidade correspondida refírese a que dende ámbolos dous asentamentos é posíbel observar mutuamente unha gran superficie do oposto. En troques, a intervisibilidade parcial indícanos que, malia que dende un asentamento sexa capaz de ter unha boa visibilidade do outro, dende este segundo só sexa posíbel obter unha visión parcial ou

mínima do primeiro. Exemplo disto é a Fortaleza do Galiñeiro, onde de empregar os grandes afloramentos coma postos de vixilancia pode obterse un control visual case completo da contorna, mentres que dende outros asentamentos só se observan estes puntos, non a fortaleza directamente. No caso da intervisibilidade negativa, esta significa que, segundo as nosas análises, non existe visibilidade entre asentamentos.

Na **Zona Sur da Depresión Meridiana** existe unha ampla intervisibilidade entre os cinco asentamentos. O asentamento fortificado do Monte Aloia é quen de ter unha correspondencia directa cos catro asentamentos, aínda que a Fortaleza do Galiñeiro sexa de forma parcial, xa que só se observa o cumio do Galiñeiro Sur. En cambio, dende este visualízase sen problema os outros catro asentamentos. Os tres asentamentos da ribeira oposta do río Louro teñen visibilidade directa do Aloia e do Galiñeiro. En troques, entre eles non é tan completa. Se excluímos o Monte das Penizas, que si que ten unha intervisibilidade directa cos outros dous, dende o Faro de Budiño somos quen de visualizar boa parte do Alto de San Cibrán, mentres que dende este só observamos puntos moi específicos do primeiro.




Lámina 152. Intervisibilidade entre os Asentamentos fortificados da Zona Sur da Depresión Meridiana.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 153. Intervisibilidade entre os Asentamentos fortificados da Zona Norte da Depresión Meridiana.

Mentres que a Zona Sur se presenta como un bloque único, a **Zona Norte da Depresión Meridiana** funciona de forma diferente. Este marco espacial é moito máis amplo que a súa contraparte meridional, xunto ca escolla específica dos cinco asentamento, fai que a distribución espacial interna sexan en base a dúas zonas diferenciadas, tres ao norte e dous ao sur. Curiosamente, a intervisibilidade non se corresponde con esta situación espacial. O castelo de Portomeiro e o Castromaior, situados ao norte desta zona, teñen unha intervisibilidade

completa recíproca, sen ter visibilidade de ningún dos outros tres asentamentos. Da mesma forma, o Castelo de San Marcos, o Castelo Redondo e o Castro Valente, situados ámbolos tres na beira oriental da Depresión Meridiana, teñen unha intervisibilidade completa.

9.1.5. Análise de Visibilidade Acumulada

A análise de visibilidade acumulada consiste en sumar os resultados obtidos anteriormente para coñecer que zona ou zonas son máis vistas dende os asentamentos. De coincidir visibilidades, isto pode indicar puntos chave da contorna, coma vías de comunicación ou asentamentos centrais, por exemplo. De ocorrer isto, pódense tirar hipóteses a respecto da intencionalidade na localización de cada asentamento para controlar de forma complementaria estes certos puntos relevantes. Nestas visualizacións, canto máis escura é a cor laranja máis asentamentos observan conxuntamente ese punto.

Na **Zona Sur da Depresión Meridiana** existen dúas zonas onde conflúen a visibilidade dos asentamentos situados nesta área: O val do Louro e o tramo final do río Miño. Do mesmo xeito, na **Zona Norte da Depresión Meridiana** a visibilidade concéntrase no Val da Amaía e na desembocadura do río Ulla. De forma paralela, nas dúas zonas analizadas, a visibilidade acumulada céntrase nas áreas empregadas como vías de comunicación e/ou óptimas para zona de asentamento e/ou explotación agraria.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 154. Visibilidade acumulada a 20 quilómetros na Zona Sur da Depresión Meridiana.




Lámina 155. Visibilidade acumulada a 20 quilómetros na Zona Norte da Depresión Meridiana.

9.1.6. Conclusións a respecto das análises de visibilidade e intervisibilidade

Unha vez realizadas as análises de visibilidade, de intervisibilidade e de visibilidade acumulada pódese concluír que o lugar escollido para o emprazamento destes asentamentos fortificados *indefinidos* está influenciado en gran medida polo control visual que ofrecen da súa contorna.

Este control visual focaliza o seu interese nas grandes vías de comunicación próximas a cada asentamento. Como máximo expoñente de vía de comunicación natural está a Depresión

Meridiana, accidente xeográfico central e referencia espacial ao longo deste traballo. Outras vías de comunicación obxecto deste control visual serían as rutas fluviais dos ríos paralelos ou perpendiculares á Depresión Meridiana. A intersección entre rutas terrestres e fluviais, representada no paso dos ríos ou en portos fluviais, coma no caso do río Ulla ou do río Miño, tamén son visíbeis dende os asentamentos fortificados *indefinidos* próximos⁶⁹.

O control visual sobre varios núcleos de poboación dende época romana, como Tui ou Iria Flavia, por exemplo, tamén é obxecto de interese dende os asentamentos situados nas súas proximidades. A falta dun estudo cronolóxico, non se pode afirmar que esta interacción visual sexa un factor determinante para a elección do lugar de asentamento, ao descoñecer se estes núcleos e os asentamentos analizados tiveron momentos de ocupación paralelos, mais si que é un dato que é preciso sinalar xa que puido ser un factor a ter en conta.

Así mesmo, consideramos interesante resaltar as características da visibilidade mutua entre asentamentos. Mentres que na Zona Sur existe unha intervisibilidade activa, na Zona norte, pola situación dos xacementos, non podemos afirmar o mesmo, creándose dous grupos de asentamentos con intervisibilidade activa. Isto é, a maiores, motivado pola distancia existente entre estes asentamentos.

9.2. Análise de accesibilidade e escabrosidade aos asentamentos fortificados *indefinidos*

Como xa foi mencionado no 8.7. *As ocupacións actuais: afeccións e conservación* dos asentamentos fortificados *indefinidos* (p.271) existe un alto grao de antropización nas contornas dos asentamentos, sendo destruídos os camiños “tradicionais”, posíbeis herdeiros dos empregados durante os

⁶⁹ Naveiro, no seu traballo sobre o comercio na Antigüidade menciona o comercio fluvial como algo a ter en conta (Naveiro López, 1991).

momentos de ocupación dos asentamentos. Así mesmo, tampouco estaba claro un punto de partida dende onde *arrincar* as análises de accesibilidade cara os xacementos. Esta falta de puntos de orixe claros provén da idea de non querer predispoñer ou alterar a análise, ligando esta última a un punto de partida cunha cronoloxía errónea ou cunha funcionalidade que, no momento de ocupación destes asentamentos, fora irreal. O exemplo máis claro é o paso da romana vía XIX. Esta podería ter sido usada para ter realizado as análises de accesibilidade, dende o seu trazado até os locais de emprazamento dos asentamentos, mais esta idea foi rexeitada ca fin de evitar ligar un uso coetáneo que non está definido. Estes dous factores alteraran as análises de accesibilidade. Polo tanto, rexeitamos realizar análises tipo camiños de menor custe, xa que sabíamos a onde chegar, máis non dende onde partir⁷⁰. Polo tanto escollemos realizar análises de escabrosidade dende un punto representativo da contorna a cada asentamento fortificado. Estas análises permiten, a maiores de identificar os diferentes tipos de acceso para cada asentamento, coñecer a dificultade dos mesmos, corroborando (ou non) a hipótese de que o local de emprazamento ten unha funcionalidade (acesoria) de reforzar a capacidade defensiva do xacemento.

Como escolla para o punto de partida, decidiuse escoller as igrexas parroquias próximas a cada asentamento, malia que non existe ningunha evidencia de que estes edificios estiveran en funcionamento de forma contemporánea aos asentamentos fortificados que aquí se analizan. Así a todo, considerouse que este punto de partida era igualmente neutral e aleatorio coma calquera outro, tendo como punto positivo ao seu favor a súa relevancia como edificio singular e representativo na contorna e que, por norma xeral, conta cunha antigüidade de varios centos de anos.

Este tipo de análises precisan dunha forte carga gráfica que apoie ao texto, así que se inclúe unha figura por cada asentamento fortificado. Creáronse as figuras en base a un mapa que sinale o percorrido de acceso dende cada igrexa parroquial e un perfil

⁷⁰ Para máis información consultar Llobera, Fábrega-Álvarez & Parcero-Oubiña, 2011.

topográfico que detalle a escabrosidade do mesmo. Como é norma neste traballo, as dúas zonas de estudo aparecen separadas.

9.2.1. Zona Sur da Depresión Meridiana

Pódese ascender ao **Monte Aloia** dende as igrexas parroquiais de Pazos de Reis e de Rebordáns, próximas ao río Miño. O camiño dende ambas igrexas conflúe ao pé da ladeira sueste do monte a e dende alí até o cumio descorren polo mesmo camiño. Os puntos de partida para ascender ao **Monte das Penizas** sitúanse cara o suroeste e o sueste do asentamento, a igrexa de San Salvador de Budiño e de San Xurxo de Salceda, respectivamente. Os dous camiños conflúen na ladeira sur do monte, onde comeza o ascenso directo ao cumio. Os accesos ao **Faro de Budiño** proveñen dende as igrexas de Santa Eulalia de Atios, ao noroeste, e de San Salvador de Budiño, ao suroeste. Dende a primeira é un ascenso continuo en dirección oeste cara a alto da Serra do Galleiro. Unha vez arriba, o camiño avanza, máis plano, en dirección sur até chegar ao pé do afloramento onde se sitúa a acrópole do asentamento. Pola banda suroeste, dende a parroquia de Budiño, o acceso é chairo até chegar ao pé da serra, nas súas vertentes suroccidentais. Unha vez aquí, prodúcese unha forte ascensión até chegar ao mesmo pé do afloramento. Esta forma de acceso repítese no caso do **Alto de San Cibrán**. Dende a igrexa de San Xulián de Guláns é preciso ascender dirección oeste cara o alto da serra e despois avanzar dirección sur até chegar ao Alto de San Cibrán, de forma moi similar ao ascenso dende Atios ao Faro de Budiño que describimos antes. En cambio, dende a igrexa de San Martiño da Picoña, avanzamos dirección norte, nun ascenso continuo até chegar ao Alto, situación que recorda ao camiño dende San Salvador de Budiño até o Faro. Os ascensos á **Fortaleza do Galiñeiro** proveñen dende as igrexas de Santa María de Vincios, San Mamede de Zamáns e San Xoán de Chenlo, situadas ao leste, noroeste e suroeste respectivamente. Os tres camiños ascenden de forma continua até confluír na ladeira leste dos cumios coñecidos como as Gallas. Dende este punto, ascenden nun só camiño até o asentamento.




Lámina 156. Análise de accesos e escabrosidade ao Monte Aloia.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 157. Análise de accesos e escabrosidade ao Monte das Penizas.




Lámina 158. Análise de accesos e escabrosidade ao Faro de Budiño.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 159. Análise de accesos e escabrosidade ao Alto de San Cibrán.




Lámina 160. Análise de accesos e escabrosidade á Fortaleza do Galiñeiro.

9.2.2. Zona Norte da Depresión Meridiana

Catro igrexas parroquiais están próximas ao **Castro Valente**: Santa María de Herbón, San Pedro de Carcacia e San Miguel e Santa María da Barcala, situadas ao leste, norte, oeste e suroeste do mesmo, respectivamente. Os catro camiños de acceso que parten de cada unha delas conflúen na ladeira sur, ao pé do monte. Aquí é onde se localiza na actualidade a ermida de San Xoán, ca mesma advocación que o topónimo dunha fonte situada no acceso principal do asentamento e a mesma á que a cultura oral da contorna asigna a presenza dunha capela no monte, hoxe en día desaparecida. Isto nos pode indicar un traslado do culto dende o cumio ao pé do monte. Dende o actual emprazamento da ermida de San Xoán até a entrada do asentamento, o vieiro é unha continua subida pola ladeira sur do monte. Os camiños dende as igrexas varían de escabrosidade, dende a de Santa Mariña da Barcala, moi próxima á ermida de San Xoán, até os dous camiños que teñen que cruzar o río Ulla, dende Carcacia ou Herbón. O **Castelo Redondo** comparte puntos de partida co Castro Valente, xa que os dous camiños de acceso saen das igrexas de Santa María de Herbón e de San Pedro de Carcacia. Estas dúas vías ascenden por ladeiras opostas, occidental e oriental respectivamente, para unirse nun rechán situado a escasos metros ao sur do asentamento. O acceso ao **Castromaior** parte de Santa Cristina e San Xoán de Fecha, dúas parroquias homónimas co advocacións diferentes. Os dous camiños conflúen ao pé do monte, na ladeira norte, e ascenden directamente ao cumio. No caso do **Castelo de San Marcos**, os dous camiños parten das igrexas de San Tomé de Ames e Santa María de Ameixenda, e xúntanse na ladeira oeste do monte de San Marcos, onde ascenden nun camiño que ascende pola ladeira norte. Mesma forma arredor do cumio ten o acceso ao **Castelo de Portomeiro**, sendo o máis curto de todos os analizados. A igrexa de San Cosme de Portomeiro sitúase na chaira próxima ao monte, en dirección noroeste. Malia que o perfil topográfico pareza moi escabroso, temos que ter en conta que é o camiño que menos desnivel cubre, polo tanto, calquera variación vai aparecer dunha forma máis acusada que noutros perfís.




Lámina 161. Análise de accesos e escabrosidade ao Castro Valente (1).

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 162. Análise de accesos e escabrosidade ao Castro Valente (2)




Lámina 163. Análise de accesos e escabrosidade ao Castelo Redondo.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 164. Análise de accesos e escabrosidade ao Castromaior.




Lámina 165. Análise de accesos e escabrosidade ao Castelo de San Marcos.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais




Lámina 166. Análise de accesos e escabrosidade ao Castelo de Portomeiro.

9.2.3. Conclusións a respecto das análises de accesibilidade e escabrosidade

Malia contar co factor de que non contamos ca seguridade da contemporaneidade de ocupación entre os asentamentos fortificados *indefinidos* e o punto de partida, as igrexas parroquiais escollidas, consideramos que é posíbel realizar unha conclusión dos datos extraídos das análises.

Por norma xeral, estas igrexas parroquiais están situadas en zonas chairas ou en situación de fondo de val. Esta situación de inferior altura permítenos representar a distancia dende o fondo de val, zona de comunicación ou de hábitat agrario, até os lugares de emprazamento dos asentamentos fortificados *indefinidos*. Así mesmo, tamén puidemos corroborar a hipótese da dificultade de acceso, sendo escabroso e complexo, sobre todo nas zonas máis próximas aos lugares de emprazamento dos asentamentos. Estes dous factores, distancia e escabrosidade, permítenos concluír que os lugares de emprazamento reforzan a nivel físico a seguridade defensiva de cada asentamento, e a nivel simbólico reforzan a súa superioridade e inaccesibilidade sobre a súa contorna.

9.3. Acceso a fontes de auga

A posibilidade de acceso a fontes de auga é un *must have* que resulta obrigatorio para a prolongación no tempo dun asentamento humano. No caso de que este estea fortificado, a súa inclusión intramuros mellora estas capacidades de supervivencia e indica a planificación previa realizada durante a construción e o temor ante unha posíbel agresión externa. Actualmente non existen datos a respecto da existencia de estruturas de almacenamento de auga, como serían os alxibes, así que só se poden referenciar ás fontes naturais conservadas no interior e na contorna dos sitios. No caso de que non se faga referencia a fontes márcase cunha raia e non se nega a súa existencia, xa que cabe a posibilidade de que estas non se localizaran ou que se esgotaran.

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais

Xacemento	Dentro do recinto	Radio de 5 km
Monte Aloia	Si	Si
Monte das Penizas	-	Si
O Faro de Budiño	Si	Si
Alto de San Cibrán	-	Si
Fortaleza do Galiñeiro	Si	Si
Castro Valente	Si	Si
Castelo Redondo	-	Si
Castromaior	-	Si
Castelo de San Marcos	-	Si
Castelo de Portomeiro	-	Si

Lámina 167. Indicación da proximidade a Fontes de Auga

Nesta análise referénciase tanto a existencia de fontes naturais coma de cursos de auga. Divídese a información para detallar que asentamentos conteñen na actualidade fontes de auga dentro do seu sistema defensivo e que asentamentos teñen fontes de auga nas súas proximidades. A distancia a estes tiña que ser menor de cinco quilómetros de distancia a contar dende a entrada do recinto ou, no caso de non coñecer a disposición exacta desta, o acceso actual.

Todos os asentamentos teñen nas súas proximidades fontes de aprovisionamento de auga, mentres que só en catro dos mesmos localizamos fontes no seu interior. Isto pode ser debido á inexistencia orixinal ou a un esgotamento das mesmas. Igualmente, estas fontes de auga tamén poden ter un carácter estacional, impedindo que foran localizadas durante a prospección do terreo.

9.4. Análise dos usos potenciais do terreo próximo aos asentamentos fortificados *indefinidos*

O que se calcula neste caso son as tipoloxías de terreo existentes arredor de cada asentamento fortificado. Para realizar este cálculo emprégase o “*mapa de usos potenciais do terreo*” realizado e posto disposición pública por Currás Refojo (2014). Como o propio autor indica, hai que tomar esta análise en base ao que é, un modelo ideal do uso potencial que pode ter un terreo.

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

Xacemento	Superficie total (ha)	Uso nulo (ha)	%	Uso intensivo (ha)	%	Uso extensivo (ha)	%
Monte Aloia	7853,78	2566,65	32,68%	2990,28	38,07%	2296,85	29,25%
Monte das Penizas	8129,16	1730,02	21,28%	2235,78	27,50%	4163,36	51,22%
Faro de Budinho	7853,78	1800,96	22,93%	3865,72	49,22%	2187,1	27,85%
Alto de San Cibrán	7853,77	1856,7	23,64%	3313,5	42,19%	2683,57	34,17%
Fortaleza do Galheiro	7853,78	1803,49	22,96%	1288,84	16,41%	4761,45	60,63%
Castro Valente	7853,79	1422,92	18,12%	720,07	9,17%	5710,8	72,71%
Castelo Redondo	7853,79	1316,7	16,77%	2595,61	33,05%	3941,48	50,19%
Castelo de San Marcos	7853,82	739,01	9,41%	3251,31	41,40%	3863,5	49,19%
Castromaior	7853,79	1724,94	21,96%	2760,73	35,15%	3368,12	42,89%
Castelo de Portomeiro	7853,79	1702,12	21,67%	2664,69	33,93%	3486,98	44,40%




Lámina 168. Usos potenciais do solo a un radio de 5 quilómetros

Neste caso a análise xira arredor dos usos potenciais do solo nas proximidades de cada asentamento fortificado baseándose na análise previa de visualización a media distancia. A distancia escollida foi a mesma, un radio de 5 quilómetros para cada asentamento, o que se traduce nun abano dunha ou dúas horas de distancia temporal máxima, aproximadamente.

A gran maioría dos asentamentos fortificados estudados están localizados en zonas cun uso potencial nulo. Isto é debido aos lugares de emprazamento escollidos para a súa construción. Por norma xeral, estes son de difícil acceso e con gran presenza de afloramentos rochosos. Os que non cumpren tal premisa son os asentamentos do Castelo de San Marcos e Castromaior. Situación curiosa, polo menos no segundo caso, onde, como explicamos na súa caracterización, o outeiro onde se empraza está ocupado por afloramentos graníticos. Esta *distorsión* é causada, sen dúbida, polo feito de ser un modelo ideal e non un fiel reflexo da realidade.

A presenza de zonas con potencial uso intensivo vén dada pola proximidade aos vales fluviais ou zonas chairas. Estas anteriores, a súa vez, son, por norma xeral, empregadas como zonas de paso e de comunicación. A maiores, as zonas con

9. Herdeiras da paisaxe: As análises espaciais

potencial uso extensivo relaciónanse cas superficies que teñen algunha porcentaxe de inclinación, sendo por norma xeral ladeiras. A alta porcentaxe, nalgúns casos, da presenza deste tipo de uso vén dado polas propias ladeiras das elevacións nas que se emprazan estes asentamentos.




Lámina 169. Uso potencial do terreo e situación dos asentamentos fortificados.

Por norma xeral, poderíase concluír que o modelo ideal dos usos potenciais do solo na contorna próxima destes asentamentos divídese en tres zonas. A primeira, onde se localiza o asentamento, sería unha zona de aproveitamento nulo para a produción, ficando reducido o seu uso para pequenas hortas de subsistencia, por exemplo. As ladeiras dos cumios onde se

emprazan os asentamentos estaría incluídas nas zonas de aproveitamento extensivo, posibelmente adicadas á explotación gandeira ou forestal, coma se fai na actualidade. Sendo os mellores lugares para as explotacións agrarias, pola súa posibilidade de aproveitamento intensivo do terreo, as zonas de fondo de val próximas a cada asentamento.



III. Definindo o Indefinido





Introdución

Os dous bloques previos consistiron nunha exposición dos datos *crús* existentes arredor da mostra de asentamentos fortificados *indefinidos* escollida, especialmente coa información resultante do noso traballo arqueolóxico e de baleirado de información documental. Como xa foi mencionado con anterioridade, foi escollida esta denominación de asentamento fortificado *indefinido* en base á súa característica común de ausencia de datos cronolóxicos claros para todos eles. Polo tanto, tras recompilar todo o coñecemento e amplialo, na medida das nosas posibilidades, neste terceiro e último bloque exporemos as nosas hipóteses, tentando *definir* estes asentamentos fortificados *indefinidos*, e as conclusións e consideracións finais que extraemos do noso traballo.

No primeiro capítulo, *Cara unha caracterización básica dos asentamentos fortificados indefinidos* (p. 327) faise unha compilación das características comúns dos asentamentos fortificados, é dicir, **Como** é que están construídos. No segundo, *Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na Gallaecia Occidental e sobre a existencia de asentamentos fortificados indefinidos* (p. 337), defínese a **Que** se fai referencia ao falar de asentamentos fortificados, e como o **Onde**, é dicir, o marco xeográfico da *Gallaecia Occidental* pode influír nas características destes xacementos. No terceiro capítulo, *O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na Gallaecia Occidental* (p. 353), respóndese a **Cando** é que consideramos que se realiza a súa ocupación (os séc. V e VIII-IX e.c.) e por mor de **Quen** e **Porque** que “reaparece” o fenómeno da paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental*. O capítulo que fecha este último bloque, *Conclusións*

MARIO FERNÁNDEZ PEREIRO

e Visión de futuro (p. 375), realiza unha revisión e un resumo de todos os puntos mencionados ao longo deste traballo, centrándose no consideramos que se aporta ao proceso investigador, e concreta as nosas hipóteses arredor destes asentamentos fortificados, apuntando liñas de investigación e de conservación patrimonial para estes xacementos arqueolóxicos.



Capítulo 10. Cara unha caracterización básica dos asentamentos fortificados *indefinidos*

Entendemos que a mostra de dez asentamentos fortificados estudados en profundidade no bloque anterior teñen unha serie de características formais comúns. E que estas, no seu conxunto, son o suficientemente específicas e particulares como para dar pé a unha comparación e que permiten a creación dunhas pautas xerais que permitan identificar asentamentos fortificados similares. Ao longo deste capítulo, tras a síntese dos datos realizada na Lámina 170 onde se presentan unha serie de datos básicos para termos unha imaxe global, debullarase polo miúdo as características destes asentamentos, dividíndoos en tres apartados: características espaciais, arquitectónicas e de cultura material.

Consideramos que esta enumeración e interpretación dos datos arqueolóxicos, a maiores de clarificar certos aspectos característicos e caracterizadores destes asentamentos, favorecerá a localización doutros xacementos similares e a súa inclusión baixo esta tipoloxía non baixo outra, normalmente a de castros da Idade do Ferro. A orixe dos datos enumerados e interpretados neste capítulo proveñen do noso traballo previo, descrito no Bloque II. *Cara unha caracterización arqueolóxica dos asentamentos fortificados indefinidos na Depresión Meridiana* (p. 85).

Nº	Xacemento	Altura (m.s.n.m.)	Intervisibilidade	Morfoloxía	Extensión (ha)	CCM	Intervención arqueolóxica
1	Monte Aloia	634	2,3,4,5	Gran recinto	32	tegulae	Escavación / Prospección
2	Monte das Penizas	365	1,3,4,5	Recinto en cumio	1,5	tegulae, cerámica oxidante	Prospección
3	O Faro de Budiño	435	1,2,4,5	Recinto en afloramento	4,5	tegulae, cerámica oxidante, vidro, cerámica redutora	Escavación / Prospección
4	Alto de San Cibrán	420	1,2,3,5	Recinto en cumio	6,5	tegulae, cerámica oxidante	Prospección
5	Fortaleza do Galiñeiro	662	1,2,3,4	Recinto en afloramento	2	tegulae?, cerámica redutora	Escavación / Prospección
6	Castro Valente	395	7,9	Gran recinto	10	tegulae, cerámica oxidante	Prospección
7	Castelo Redondo	434	6,9	Recinto en afloramento	0,7	imbrice, cerámica oxidante	Prospección
8	Castromaioir	516	10	Recinto en afloramento	1,5	-	Prospección
9	Castelo de San Marcos	348	6,7	Recinto en cumio	2,7	tegulae, cerámica oxidante	Prospección
10	Castelo de Portomeiro	401	8	Recinto en cumio	2,5	tegulae, cerámica oxidante, vidro, cerámica redutora	Prospección

Lámina 170. Táboa comparativa dos asentamentos fortificados *indefinidos* situados na Depresión Meridiana

Como última puntualización, sinalar que o feito de que algún xacemento non cumpra todas as características aquí presentadas, non significa que non poda incluírse dentro da categoría de asentamentos fortificados *indefinidos* que aquí se recollen.

10.1. Características da localización dos asentamentos fortificados *indefinidos* na *Gallaecia Occidental*

A necesidade por parte do ser humano de fortificar e defender unha posición, sexa de hábitat ou non, foi modificándose e adaptándose ás esixencias e requisitos da comunidade social que precisaba de empregar esta forma de asentamento. Así mesmo, o modo de inserirse na paisaxe de cada fortificación dependerá do momento no que se constrúa e ocupe e das necesidades de quen o constrúa e ocupe.

Polo tanto, distinguir as características de localización destes asentamentos fortificados *indefinidos* pode permitir coñecer quen e porque ocupaban estes sitios. Así mesmo, estas características locacionais poden favorecer a identificación de novos

10. Cara unha caracterización básica dos asentamentos fortificados *indefinidos*

asentamentos fortificados *indefinidos* xa que se dispón de información para saber *onde* e *como* buscar.

10.1.1. Máxima altura relativa

Na escolla do local para situar o asentamento fortificado sempre pesa a súa situación relativa co resto da contorna. Mentres que para outros asentamentos fortificados os factores para a súa situación espacial poden ser outros -control próximo, directo e físico das vías de tránsito ou de zonas de cultivo, por exemplo-, para este conxunto de fortificacións a procura da máxima altura relativa é a escolla principal. Isto significa que estes asentamentos son emprazados en lugares elevados a respecto á súa contorna próxima.

É de notar que na área estudada, as elevacións occidentais da *Gallaecia*, malia non existir unha grande altura absoluta a respecto do nivel do mar si que se encontran lugares cunha altura relativa considerábel a respecto dos fondos de val, que son as tradicionais zonas de tradicional aproveitamento e de uso como vías de comunicación. De todas formas, é importante remarcar que non se pode confundir a máxima altura relativa coa máxima altura posíbel ou absoluta. Enténdese a altura máxima relativa como a procura dun lugar elevado e predominante sobre o territorio circundante, sen ser o punto máis alto da mesma, que sería a altura absoluta.

O resto das características espaciais destes asentamentos fortificados *indefinidos* vense influídas por mor desta escolla dunha altura máxima para o emprazamento do recinto.

10.1.2. Xeomorfoloxía propia

A xeomorfoloxía propia vén aparellada á escolla previa dun alto como lugar de emprazamento. Por norma xeral, estes locais contan con moi pouca potencia de solo por mor da erosión natural, onde a rocha nai fica moi próxima á superficie, traducíndose no feito de que na paisaxe próxima destes asentamentos sexa factíbel localizar afloramentos rochosos. Esta é unha característica moi

particular e representativa nos asentamentos situados na zona granítica galega, onde por norma xeral sobresaen grandes masas deste material rochoso. Así mesmo, mentres que os cumios son tendentes a unha superficie plana que favorece unha zona de hábitat confortábel, as ladeiras teñen unha forte pendente, que xunto cos afloramentos, no caso de existir, circunscriben e limitan esta zona de hábitat.

10.1.3. Proximidade a vías de tránsito naturais

Outra característica locacional desta tipoloxía de asentamentos fortificados é que tenden a procurar emprazase en lugares próximos a accidentes xeográficos claros: grandes vales, rías, ríos etc. Por norma xeral, e máis na zona da *Gallaecia Occidental*, estes accidentes xeográficos favorecen tanto o tránsito como a concentración de comunidades humanas. Polo tanto, consideramos que esta situación próxima ás vías de tránsito naturais e ás concentracións de comunidades humanas é un factor importante para o lugar de emprazamento destes asentamentos.

10.1.4. Presenza visual

Esta característica está relacionada máis coa morfoloxía da paisaxe natural que cunha artificialización da mesma por parte da comunidade que constrúe ou ocupa o asentamento. E, ao mesmo tempo, tamén está relacionada coa procura de situarse nas proximidades das vías de tránsito. Resulta obvio asumir que un cumio situado nas proximidades dun val, por exemplo, vai ser facilmente recoñecíbel. Se lle sumamos unha boa cantidade de afloramentos graníticos, esta posibilidade de recoñecemento aumenta. É dicir, poderíamos supor que, combinado co punto anterior existe unha predisposición por parte do colectivo impulsor destes asentamentos fortificados *indefinidos* a que estes sexa coñecidos, estean localizados nun lugar recoñecíbel da contorna e sexan facilmente identificados.

10.1.5. Control visual

A escolla da máxima altura relativa situada nas proximidades dunha vía de tránsito non tería sentido se esta localización non

10. Cara unha caracterización básica dos asentamentos fortificados *indefinidos*

levara aparelada a procura dun amplo control visual da contorna e/ou a visualización dun punto concreto da mesma, sexa unha zona de terra cultivábel ou o punto de vadeo dun río, por exemplo. Por norma xeral, estes asentamentos procuran obter unhas amplas liñas de visión na súa contorna próxima, sen renunciar, ao mesmo tempo, a conseguir o máximo control visual posíbel.

10.1.6. Escabrosidade e dificultade de acceso

A combinación da existencia de afloramentos graníticos e da forte inclinación nas ladeiras do cumio onde se localiza o asentamento fortificado indica que o lugar escollido para a construción do mesmo ten que contar cun difícil acceso. Por norma xeral, o paso dende as vías de comunicación naturais até o recinto é custoso en termos físicos, facendo dificultoso un acceso fluído e continuo dende o fondo dos vales até os cumios onde están emprazados estes asentamentos fortificados. Estas dificultades proveñen dunha escolla consciente dun local de emprazamento que dificulte e retrase o acceso, facilitando unha posíbel *defensa* do lugar, caso de ser necesaria.

10.1.7. Lugares improditivos a nivel agrícola

Esta característica vén aparelada á escolla previa dun emprazamento situado nas zonas elevadas dos cumios. Estes lugares son os que contan cunha potencia do terreo máis reducida debido a súa erosión sendo, polo tanto, o terreo menos axeitado para a súa explotación agrícola. En cambio, hoxe en día moitos dos locais onde se sitúan estes asentamentos fortificados son empregados por gando criado en réxime de semiliberdade. Sendo descartando un uso agrícola como actividade primaria nos terreos onde se emprazan estes asentamentos fortificados *indefinidos*, poderíamos chegar a aventurar un uso dos terreos próximos, incluso o interior dos mesmo, con actividades relacionadas ca explotación gandeira.

10.2. Características arquitectónicas dos asentamentos fortificados *indefinidos* na *Gallaecia Occidental*

As técnicas construtivas empregadas dependen do coñecemento técnico da comunidade humana e das características do entorno no que se desenvolven. Estes dous factores influen no modo de construción xa que provocan unhas necesidades, uns requisitos e unhas limitación. No caso destes asentamentos fortificados, a escolla do local de emprazamento, a tipoloxía do material pétreo, as técnicas construtivas coñecidas e a capacidade técnica e tecnolóxica da comunidade construtora son os factores que influíron na súa construción. De seguido, analizaranse as características da antropización e artificialización do espazo escollido para a construcións desta tipoloxía de asentamentos fortificado.

10.2.1. A superficie ocupada

A extensión ocupada por un asentamento fortificado induce a coñecer a cantidade de ocupantes máximos que pode asumir e o nivel da densidade de ocupación máximo intramuros. Así mesmo, a extensión ocupada indica as necesidades do colectivo construtor e as súas capacidades técnicas. A maiores, o tamaño de cada asentamento pode variar en base á funcionalidade planificada para cada un no momento da súa construción. É de notar que a superficie ocupada non se refire unicamente á superficie útil dentro de cada recinto, xa que poden existir espazos inutilizábeis no interior, como afloramentos graníticos, nin á superficie construída para hábitat, xa que poden existir espazos abertos intramuros empregados como posíbeis zonas de aproveitamento agrícola de carácter autosuficiente. Como se pode observar na Lámina 170 (p. 328) non existe unha homoxeneidade total na extensión do terreo ocupada por esta tipoloxía de asentamentos fortificados. Esta heteroxeneidade indica que a extensión adáptase á funcionalidade de cada recinto, sendo ocupado o preciso para o obxectivo para o que foron construídos e ocupados.

10.2.2. O aproveitamento xeral do medio natural

A escolla da localización do asentamento fortificado permite aproveitar a xeomorfoloxía do local escollido con tres fins simultáneos. O primeiro sería aumentar o potencial defensivo, como xa foi referenciado nas características de localización do espazo: altura, visibilidades, dificultade de acceso etc. O segundo é que a propia morfoloxía do terreo permite unha diminución da necesidade do esforzo construtivo. Recordemos, por exemplo, a mención á existencia de afloramentos graníticos que poden ser empregados como parte do sistema defensivo. O terceiro fin sería o aproveitamento das materias primas locais para a construción do asentamento.

10.2.3. A artificialización local do medio natural

Cando se pensa na construción dun asentamento fortificado o primeiro que se visualiza é a creación dun sistema defensivo, máis ou menos elaborado, que *fortifique o asentamento*. Esta artificialización da paisaxe local prodúcese co obxectivo de impedir e/ou dificultar o acceso ao espazo escollido e delimitado do asentamento.

Neste caso, por norma xeral, referímonos á construción de murallas pétreas, á posibilidade de aparición de terrapléns e, ocasionalmente, á aparición de foxos. Mentres que os primeiros son máis facilmente identificábeis, estes dous últimos son máis difíciles de localizar coas técnicas de prospección empregadas, debido á súa propia morfoloxía construtiva -presencia ou ausencia de terra- e á posíbeis alteracións posteriores da paisaxe, que destruírían calquera evidencia superficial dos mesmos.

10.2.4. A tipoloxía construtiva dos sistemas defensivos

Resulta aventurado falar dunha única fábrica para a construción dos sistemas defensivos, mais foi posíbel identificar unha serie de características máis ou menos homoxéneas dentro da heteroxeneidade construtiva dos asentamentos fortificados.

Por norma xeral, o trazado dos sistemas defensivos están adaptados ao medio natural, coma unha forma de aforro técnico na construción, sendo o material construtivo común a pedra local. Así mesmo, as tipoloxías construtivas das murallas é bastante homoxénea nos asentamentos fortificados prospectados. Estas están construídas en base a unha dobre cara pétreo, combinando o uso, sobre todo no paramento exterior, de cachotaría e de perpiaño. A fábrica está composta, por norma xeral, dunha base composta por esta última técnica de traballo da pedra, situándose por riba, e como medio de conseguir altura, a cachotaría. Os perpiaños teñen gran tamaño, aproximadamente uns 200 x 100 x 50 cm, mentres que a cachotaría é de menor tamaño, uns 40 x 20 x 15 cm, aproximadamente⁷¹. As fiadas tenden a ser regulares, adaptándose ao terreo e ao material construtivo empregado. O espazo existente entre estes dous paramentos está recheo por terra e pedras de diferentes tamaños, podendo chegar a uns tamaños similares aos empregados nos paramentos. Así mesmo, documentáronse en varios asentamentos os usos de perpiaños a modo de tizóns, permitindo esta técnica unir os dous paramentos exteriores, fortalecendo a resistencia da muralla. Cos datos actualmente dispoñíbeis, a forma de trabar os paramentos das murallas sería a seco, xa que non se localizaron probas do uso de morteiros ou argamasa para unir o material construtivo pétreo, de todas formas, non é descartábel o uso desta técnica.

A maiores cabe a posibilidade de que algún destes lenzos murarios estivera rematado con empalizada de madeiras. Esta combinación de pedra e madeira foi mencionada por Fernández Malde para o sistema defensivo do asentamento de Torre dos Mouros (Fernández Malde, 2012, p. 61).

Nos asentamentos onde na paisaxe natural está conformada pola aparición de afloramentos pétreos -graníticos, no seu maior número-, estes son empregados co fin de asentar as estruturas murais. Este uso *pasivo* como parte fundamental da construción varía dende o seu uso como cimentación dos paramentos até o de

⁷¹ Estas medidas son aproximadas e idealizadas a partir dos tamaños reais documentados nos xacementos.

10. Cara unha caracterización básica dos asentamentos fortificados *indefinidos*

apoio dos mesmo e a súa integración no sistema defensivo. Así mesmo, non sendo unha traza completamente partillada por todos os asentamentos estudados, é preciso sinalar a presenza de estruturas equiparábeis a torres dentro do sistema defensivo destes asentamentos. Estas estruturas poden variar dende a construción de torres na muralla, variando as formas existentes - cuadrangulares ou redondeadas-, até a utilización e artificialización de afloramentos rochosos, aproveitándoos como elemento defensivo *activo*, non só *pasivo* como se apuntaba anteriormente.

10.2.5. O espazo intramuros

Aínda que a primeira impresión xeral destes asentamentos aparenta carecer de estruturas construtivas domésticas no espazo intramuros, temos que ter en conta a mala conservación dos mesmos e a vexetación acumulada neles. Todo isto pode chegar a dificultarnos a visión e localización de estruturas no espazo intramuros. Aínda así, contamos con evidencias en varios asentamentos de estruturas pétreas interiores e a aparición de rebaixes lineares nos afloramentos rochosos abre a posibilidade da existencia de estruturas interiores de madeira.

Nos asentamentos onde se localizan estruturas interiores en materias pétreas, as fábricas destes son similares aos das murallas máis cunha escala reducida. Repítese constantemente o patrón de dobre paramento a seco con recheo interior. Estas estruturas interiores varían de tamaño, planificación e monumentalidade, adecuándose á comunidade que habitaba o asentamento. Exemplo disto, sería dende o grande edificio central localizado no Faro de Budiño até as pequenas estruturas do Monte Aloia ou da Fortaleza do Galiñeiro. Neste caso si que dispomos de datos sobre o uso de morteiros nos muros, sendo documentado na Fase I do grande edificio do Faro de Budiño.

10.2.6. A importancia das fontes de auga

Unha das grandes necesidades dentro dunha fortificación é a presenza de auga en cantidade. Moitos destes asentamentos

fortificados conteñen unha fonte de auga no seu interior, incluso variando o trazado “lórico” ou “económico” para incluílas intramuros, caso do Monte Aloia, por exemplo. Os que non dispoñen dunha no seu interior, teñen acceso na actualidade a unha nas súas proximidades, mais isto non descarta que tiveran dentro do seu espazo fortificado unha desaparecida hoxe en día.

10.3. Características dos materiais móbeis relacionados cos asentamentos fortificados *indefinidos* na *Gallaecia Occidental*

Para poder realizar unha caracterización completa da cultura material móbel destes asentamentos o principal problema de partida, salvo algunhas excepcións, é a falta de traballos arqueolóxicos en profundidade nestes asentamentos. Estes permitirían recuperar evidencias materiais móbeis en contexto estratigráfico, favorecendo a identificación tipo-cronolóxica dos mesmos. Por desgraza, a gran maioría da información relativa aos materiais móbeis provén da prospección superficial do terreo, ca súa consecuenta falta de localización contextualizada. Polo tanto, é un apartado no que temos deficiencias e grandes retos de coñecemento.

Na mostra de asentamentos fortificados estudados pode constatarase unha ampla presenza de material construtivo de tradición romana -*tegulae*, *imbrices* ou incluso tixolos- e, en moita menos cantidade, posible material cerámico de tradición romana ou medieval -maioritariamente fragmentos cerámicos de tipoloxía común con pastas vermellas ou grises- e fragmentos de vidro de tradición romana.

Capítulo 11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

Unha vez coñecidas as características dos asentamentos fortificados *indefinidos*, neste capítulo faremos algunhas propostas sobre a relación destes xacementos con outro tipo de paisaxes fortificadas habituais na zona de estudo, á vez que realizaremos unha crítica ás tradicións historiográficas presentes na investigación sobre os hábitats fortificados no Noroeste peninsular.

Deste modo, iníciase este apartado cunha reflexión sobre o fenómeno da paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental*, analizando a definición do asentamento fortificado coñecida como castro e a súa inserción cultural dentro do período (mal)denominado de *cultura castrexa*. Ademais de considerar a realidade dos mesmos durante a Idade do Ferro, tamén se realizará unha reflexión sobre as diferentes reutilizacións que tiveron estes asentamentos: reocupacións como hábitat, simbolismo para as comunidades locais etc. Procurando rematar esta crítica sobre a posibilidade da existencia de castros alén da *cultura castrexa*.

De seguido, concretamos o que, na nosa opinión, consideramos que son os xacementos arqueolóxicos que estamos a tratar (castros, castelos, asentamentos fortificados etc.) e en que período histórico é que se insiren (Antigüidade Tardía, Primeira Alta Idade Media etc.). Este segundo apartado é unha pequena reflexión, necesaria e obrigatoria, para debater arredor da terminoloxía utilizada ao longo deste texto e presentar a nosa

opinión sobre cal debería ser empregada no futuro cando se realicen traballos arredor destes xacementos arqueolóxicos.

11.1. Castros e *cultura castrexa*. Un combo inseparábel?

A historiografía móstranos que tradicionalmente a gran maioría dos asentamentos fortificados localizados no noroeste peninsular foron asociados a un período e a unha forma de hábitat concreta. Esaxerando, poderíase dicir que, segundo esta tradición, as únicas comunidades que ocuparon asentamentos fortificados foron as que habitaron a finais da Idade do Bronce e ao longo da Idade do Ferro até a chegada do poder romano. Partindo desta lóxica, polo tanto, asumíuse que todos os xacementos arqueolóxicos fortificados eran castros. A través destas liñas, preténdese realizar unha reflexión crítica sobre as posíbeis utilización e reutilización dos mesmos ao longo da Historia.

11.1.1. Os castros durante a (mal)denominada *cultura castrexa*.

Sen dúbida, o *castro* é a tipoloxía de xacementos arqueolóxico fortificado máis coñecido e abordado na historiografía galega. A partir dunha forma de asentamento empregada durante a pre- e a protohistoria, houbo quen foi quen de crear toda unha cultura única ao seu redor, a “*cultura castreña*” ou “*castrexa*” (González-Ruibal, 2006; Marín Suárez, 2011; Sánchez-Palencia Ramos & Fernández-Posse, 1998; Sánchez-Palencia Ramos, Orejas Saco del Valle & Plácido Suárez, 2000).

[...] ya no tiene sentido alguno hablar de “Cultura(s) Castreña(s)” -si es que lo tuvo en algún momento- (González-Ruibal, 2006, p. 618).

Este concepto de “*cultura castrexa*” implica uniformizar a variedade de formas culturais e de comunidades existentes no noroeste peninsular no amplo abano cronolóxico existente entre o séc. IX a.e.c. até o séc I d.n.e (González García, 2007). Na nosa opinión, considerar que as comunidades que habitaron o noroeste

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

peninsular durante tal amplo abano de tempo son un ente monolítico e homoxéneo é un erro teórico e metodolóxico. A heteroxeneidade xa vén dada polos coñecementos arredor da cultura material móbel das comunidades previas á chegada do poder romano. Se a cultura material móbel non é máis que unha representación parcial de toda a cultura dunha comunidade, cal é o porque de seguir incidindo na existencia dunha *cultura castrexa* homoxénea?

[...] permite trazar un panorama de las comunidades de la Edad del Hierro galaicas más complejo y variado de lo que permite considerar la denominación de «cultura castreña» (González Ruibal, 2007, p. 259).

Case inevitablemente, ao pensar no concepto de *cultura castrexa* tenderemos a focalizar o noso pensamento cara a existencia dunha comunidade humana cuxo trazo característico e definitorio era que a súa forma de hábitat común era un castro (Oubiña, Vila, Alvarez & Brión, 2007). Xa que senón é así, por que se define *culturalmente* como *castrexa*? Reflexionemos: de existir comunidades humanas culturalmente *castrexas* que vivían fora dos castros, estas continuarían sendo *castrexas*? Este tipo de hábitat, asimilábel ao concepto de aldea fortificada, foi novidoso no noroeste, sendo un fenómeno que nos transmite modificacións e revolucións dende a súa implantación como forma *única*⁷² de hábitat. Basicamente, un castro é unha forma de asentamento dunha comunidade rural na procura da explotación dos recursos próximos como método de supervivencia (principalmente agropecuarios, mais que tamén poden ser os marítimos, mineiros etc.). Por norma xeral, este está fortificado, sexa tanto por acción antrópica -murallas, fosos, parapeitos etc.-, natural -desniveis etc.- ou unha conxunción de ámbolos dous anteriores. Referímonos aos castros situados cronoloxicamente na Idade do

⁷² Noutros puntos da Europa, o fenómeno de hábitat fortificado convive con formas de hábitats en aberto, mentres que no noroeste esta dualidade de asentamentos, no momento actual do coñecemento, parece que non son contemporáneos.

Ferro, aínda que o fenómeno deste tipo de fortificación aparece xa na transición entre a Idade do Bronce e a Primeira Idade do Ferro e rematará co cambio de era tras a chegada do poder romano.

Aínda así, non hai lugar neste traballo, nin é a pretensión do mesmo, tratar este tema en profundidade. O interese de referirse a este debate serve para iniciar a reflexión sobre se o concepto *castro* ten que estar ligado a un espazo xeográfico concreto -noroeste peninsular-, a un marco cronolóxico fechado -Idade do Ferro- e a unha forma cultural determinada -a, mal denominada, *cultura castrexa*-. Para ampliar o coñecemento sobre esta época consideramos que é máis correcto achegarse dende o punto de vista de traballos especializados na mesma (Arias Vilas, 1984; Ayán Vila, 2001, 2012; Calo Lourido, 1991, 2010; Currás Refojos, 2015; González García, 2007; González-Ruibal, 2006).

11.1.2. Os Castros ante a chegada do poder romano

El siglo I d.C. supuso un proceso generalizado de abandono de poblados fortificados, paralelo a las transformaciones que fueron operando en la identidad de los habitantes del Noroeste (González-Ruibal, 2006, p. 614-615).

Como ben transmite González Ruibal, o cambio cultural resultante da chegada dun novo poder ao noroeste peninsular implicou unha modificación no patrón de asentamento. Mais isto conlevou un fin no uso dos *castros*⁷³ como forma de habitación? A fin do *castro* como asentamento principal das comunidades humanas do noroeste non foi un feito abrupto, sendo progresiva esta transición cara outras formas de hábitat ao longo dos séculos I-II e.c.

Aínda que estes *castros* continuaran ocupados durante este período de transición, xa non sería nos parámetros da(s) Idade(s) do Ferro, entendendo que un hábitat en base a asentamentos

⁷³ Entendidos estes como os asentamentos fortificados da Idade do Ferro.

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

fortificados cunha economía de (auto)subsistencia non ten lóxica dentro da política e da economía imperial romana. Consecuentemente, conforme a progresiva integración dentro desta estrutura das elites do noroeste, e con elas as comunidades locais, é lóxica a progresiva desaparición e abandono deste hábitat. Así mesmo, aquí poderíamos incluír a referencia, polémica, dos *castros mineiros* (Currás Refojos, 2015; Sánchez-Palencia Ramos, Orejas Saco del Valle & Sastre Prats, 2002). Estes estarían relacionados coas explotacións mineiras de época romana localizadas ao longo do noroeste, primeiramente tipoloxizados como herdeiros dos *castros* da Idade do Ferro, aínda que, na actualidade, asúmese que a súa orixe responde a unha lóxica propia.

El desarrollo de las ciudades y aglomeraciones secundarias propiamente romanas desde mediados/fines del siglo I d.C. pone punto final a una forma de ocupación del territorio que había dejado de tener razón de ser (González-Ruibal, 2006, p. 327).

Esta esquema claro de transición e abandono dos castros protohistóricos é rebatido cando nas intervencións realizadas nestes localízanse materiais de época romana. Na súa gran maioría, a cultura material redúcese a material latericio ou cerámica común. Esta conta con pouca tradición de estudo debido a súa dificultade de tipoloxización, polo tanto, as cronoloxías de uso, por norma xeral, non son moi concretas. Así mesmo, os castros son xacementos estudados dende os primeiros momentos da Arqueoloxía Galega, onde a estratigrafía non está de todo definida e é común mesturar obxectos de diferentes momentos cronolóxicos (Tejerizo-García, Rodríguez González & Fernández-Pereiro, en prensa).

Se sumamos o problema de identificación cronolóxica da cultura material ca dificultade de identificación estratigráfica, chégase á creación dun concepto cultural que inclúe e combina a tradición romana ca tradición protohistórica, o “*galaico-*

romano”, de significado e implicacións sociais, económicas ou culturais moi variábeis dependendo do contexto historiográfico. Este concepto asumiu que todos os castros que tiñan material de tradición romana estiveron ocupados mentres durou o poder romano no noroeste peninsular, malia ser asumido que a maioría, por non dicir todos, os castros protohistóricos foron abandonados no contexto da conquista romana (Sánchez-Pardo, 2010).

Amais dos asentamentos fortificados previos ao poder romano, este tamén precisaba da existencia de fortificacións adecuadas ás súas necesidades. Estas son significativamente diferentes -aínda que foron, e son, confundidas- dos *castros* empregados con anterioridade á chegada do poder romano. Estámonos a referir a asentamentos fortificados de carácter militar e de control viario, como *turris*, *castra*, etc (Rodríguez Colmenero & Ferrer Sierra, 2006).⁷⁴

11.1.3. Castros alén da cultura castrexa. Será isto posíbel?

Em parte a falta de coñecemento levou a que estes sítios sejam sistematicamente consideramos como romanos e/ou proto-históricos. Em alguns casos estas interpretacións erróneas levaram, inclusive, a uma certa manipulação dos dados existentes (Tente & Martín Viso, 2012, p. 58).

Tras a desaparición do estado romano no noroeste peninsular, asistimos á reaparición do fenómeno do hábitat fortificado no Noroeste Peninsular. Esta realidade dáse de forma paralela en lugares próximos, coma o Val do Douro (Gutiérrez González, 2014; Sastre Blanco, 2017; Tejerizo-García & Vigil-Escalera Guirado, 2017) ou máis distantes, coma o norte da Península Itálica (Brogiolo, 2011, 2014; Brogiolo & Chavarría Arnau, 2005) ou o arco mediterráneo (Schneider, 2001, 2004), por exemplo. Malia ser este regreso á paisaxe fortificada un fenómeno coñecido que se incorpora ás narrativas sobre a transición

⁷⁴ Para ampliar sobre este tema, recomendamos seguir o proxecto Roman Army (www.romanarmy.eu) [Consultado 2018/03/28]

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

histórica posromana, apenas foi obxecto dun estudo sistemático e territorial por parte da Arqueoloxía no noroeste peninsular, salvo estudos recentes (Arias Vilas, 1996; Caselles López, 2016; Fernández Malde, 2012; Fernández-Pereiro, 2017; Fernández-Pereiro, Tejerizo-García, et al., 2017; Sánchez-Pardo, 2010, 2012). Existen evidencias materiais de que antigos castros protohistóricos foron reocupados tras a desaparición do estado romano (López Quiroga & Lovelle, 1999; Tejerizo-García, Rodríguez González, et al., En prensa) como da construción *ex-novo* de fortificacións (Fernández-Pereiro, 2016; Gago Mariño, 2011a; Sánchez-Pardo, 2012).

É un feito innegábel que a arqueoloxía centrada nestes séculos postimperiais está sendo obxecto dunha profunda renovación nas últimas décadas. Neste contexto, a cabalo entre a Antigüidade e a Idade Media, é onde se localiza este rexurdir dos asentamentos fortificados *indefinidos* estudados a longo deste traballo.

Un castro no equivale necesariamente siempre a cultura castreña ni es exclusivo de ella.[...] De este modo, al estudiar un castro en el paisaje, en nuestra opinión, debemos desligarlo de cualquier asociación automática a una etapa cronocultural concreta, pues en todas ellas, de distintas maneras, juega un papel concreto. Lo que debemos es analizar cuáles son y cuándo se dan esas funciones (Sánchez-Pardo, 2010, p. 132).

Sánchez-Pardo defende a existencia dunha continuación no lugar de emprazamento das comunidades, tanto dentro dos *castro* coma arredor dos mesmo. Polo tanto, a comunidade que habitaba un *castro prerromano* a inicios do séc. I e.c., *presumiblemente* se trasladaría cara un emprazamento próximo ao mesmo. O recordo da existencia do *castro* continuaría na memoria colectiva desa colectividade, tanto a través da cultura oral como da microtoponimia. Polo tanto podemos afirmar que o *castro*, xa abandonado como forma de hábitat primario, continuaría en uso,

transformándose cara, por exemplo, referentes espaciais ou simbólicos da paisaxe para a comunidade, como aparece reflectido, por exemplo, nas fontes documentais medievais (Lixó Gómez, 2016, 2018). Xa avanzada a Idade Media, outros usos poderían ser o de refuxio temporal de pastores ou viaxeiros, o uso do espazo coma un lugar sagrado co establecemento dunha igrexa ou capela, por exemplo, ou, minoritariamente, a reocupación do espazo do *castro* como lugar de hábitat (Novo Guisán, 2000; Sánchez-Pardo, 2010).

A vida dos *castros* -e por extensión, o de calquera evidencia antrópica do pasado- continúa existindo no noso presente. As lendas e contos asociadas a este tipo de asentamentos -mouros, tesouros etc.- son coñecidas, e isto implica un esforzo por manter ese recordo nas comunidades rurais (Aparicio Casado, 1999, 2002; Arizaga Castro & Ayán Vila, 2007). Outra evidencia da continuidade do uso é a presenza na actual toponimia existente arredor destes asentamentos fortificados. Isto vese reflectido no uso do topónimo “*Castro*”, localizándose 1883 referencias⁷⁵ en toda a comunidade autónoma de Galiza.

Ha sido múltiples veces reseñada la importancia para el estudio arqueológico y, sin embargo, nunca estará de más insistir en ello. En Galicia, el «Castro» es mucho más que un concepto arqueológico para especialistas. Todo «Castro» implica la existencia de un topónimo popular, con sentido propio en la comunidad que lo preservó y con significado arqueológico, ya que designa un lugar significativo por una serie de evidencias que los campesinos identifican e interpretan como restos del pasado (Arizaga Castro & Ayán Vila, 2007, pp. 457-458).

O último nivel de ocupación dun *castro* relaciónase tradicionalmente cas investigacións arqueolóxicas realizadas e/ou as visitas aos mesmos. Así, case todos os xacementos continúan

⁷⁵ Información extraída de <http://sitgaideg.xunta.es/> [consultado o 26/09/2017]

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

vivindo máis alá do seu abandono polo colectivo *orixinal* que os creou.

11.2. Sobre o problema de terminoloxía

Malia empregarmos durante todo o texto o concepto asentamento fortificado *indefinido*, este non é unha opción real para definir estes xacementos arqueolóxicos. Ao non ser nunca estudados profundamente e en conxunto, nunca foi definida unha terminoloxía específica que definira completa e correctamente estes xacementos fortificados. Esta mesma dificultade existe para referirse ao marco cronolóxico no que, aparentemente, estarían en funcionamento estes asentamentos. Neste apartado pretendemos realizar unha exposición das diferentes terminoloxías máis comúns para rematar clarificando a nosa postura e definir a terminoloxía que imos empregar para referirnos a esta tipoloxía de hábitat e ao seu marco cronolóxico.

11.2.1. De *castros* e asentamentos fortificados ...

Como denominar ao sitio arqueolóxico resultante deste fenómeno da fortificación da paisaxe? Hai que ser conscientes de que cada concepto teórico que expresamos e defendemos vai máis alá dunha simple definición aséptica, senón que a nosa escolla leva aparelhada consigo unha carga ideolóxica detrás. Esta é a que queremos transmitir ao escoller unha forma ou outra. Para exemplo o que xa vimos anteriormente: na historiografía do noroeste, o termo *castro* está fortemente ideoloxizado e ligado a un período cronocultural concreto.

Este fenómeno da reaparición das fortificacións só é mencionado nas fontes históricas contemporáneas da época dunha forma pouco clara. A continuación, un resumo das mencións a asentamentos fortificados nas fontes históricas do período comprendido entre os séc. V e IX, procurando realizar unha maior énfase para o noroeste peninsular.

A referencia máis antiga -séc. V e.c.- que dispomos arredor dos asentamentos fortificados en funcionamento tras a desaparición do poder romano está no texto de Hidacio de Chaves: *castella tutiora*, (*Portumcale*) *Castrum* e (*Couiacense*) *Castrum* (Hydatius, 81, 168, 179; en López Silva, 2004, p. 169, 175, 176; respectivamente). A mais coñecida destas mencións a asentamentos fortificados é a denominación de *Castella Tutiora*. Estes son entendidos como os centros de poder e resistencia controlados pola poboación da *Gallaecia* contra o novo poder suevo chegado a comezos do séc. V e.c. Normalmente son relacionados con ocupacións puntuais dos antigos *castros* protohistóricos e non ca construción de novos asentamentos fortificados (López Quiroga & Lovelle, 1999). No *Parrochiale Suevum* (séc. VI e.c.) existen dúas referencias sobre sitios fortificados: *castrum novo* (Geyer et al., 1965, p. 415) e *castrum antiquum* (Geyer et al., 1965, p. 416). Estas dúas mencións refírense a dous sitios fortificados existentes nas proximidades de *Cale*, próximos á actual cidade de Porto, Portugal. Segundo recolle Novo Guisán, o *castrum novo* é iniciativa do poder suevo, mentres que o *castrum antiquum* é previo, sen especificar a orixe (Novo Guisán, 2000, pp. 17-18). Nas *Etymologiae* de Isidoro de Sevilla (séc. VII e.c.) existen varias referencias a sitios fortificados, que parecen indicarnos unha “clasificación” entre eles: *Castra*, *Oppidum*, *Castellum*. É moi interesante o texto onde aparecen os tres termos:

Castrum antiqui dicebant oppidum loco
altissimo, quasi casam altam; cuius pluralis
numerus castra, diminutivum castellum est.
(Isidoro de Sevilla, XV, 2, 13; en Oroz Reta &
Marcos Casquero, 1982, p. 227–228).

Deste texto, despréndese a idea que os tres termos serven para referirse a asentamentos fortificados desta época, xunto con outras como, *burgi*, *civitates* ou *turres* (Jiménez de Furundarena, 1994, 1995; Novo Guisán, 1992, 2000).

Ao longo dos séc. VIII e IX e.c. o máis común é a mención a sitios fortificados en documentación de propiedade, por compra-venda ou cesión, ou en crónicas oficiais que en autores

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

individuais, ao contrario do período anterior. Isto fica exemplificado no *Diploma do Rei Silo* (Floriano, 1949, pp. 66-71; Pérez González, 1993), unha cesión dun territorio onde aparecen mencionados “*castros dvos*” coma unha forma de delimitar este espazo, como xa foi comentado anteriormente. Tamén queremos facer referencia ao coñecido como *Documento de Odoario*, un texto narrativo e xudicial recollido no Tombo de Celanova, datábel no ano 982:

Culorum etenim manet cognitum et plerisque notissimum hoc quod data est terra ad populandum illustrissimo viro domno Odoario digno bellatori in era D CCCC X a principe serenissimo domno Adefonso, qui venit in civitatem Flaviae secus fluvium Tamice, vicos et castella erexit et civitates munivit et villas populavit atque eas certis limitibus firmavit et terminis certis locavit et inter utrosque habitantes divisit et omnia ordinate atque firmate bene cuncta disposuit. [...] (Andrade Cernadas, 1995, pp. 377-385)

Malia ser o texto un chisco posterior ao noso *autoimposto* marco cronolóxico, os feitos aos que se refire ocorreron dentro del. Neste caso, tamén se fan referencias a *castella* e *civitates*, mais neste caso dentro dunha política de reestruturación dun territorio concreto. Descoñecemos se Odoario construíu *ex-novo* fortificacións, se reconstruíu algunhas tempo atrás abandonadas ou se estes asentamentos fortificados xa estaban en funcionamento e simplemente foron incorporados ao novo sistema político. Hipoteticamente, os tres casos puideron convivir dentro deste proceso de reestruturación do territorio.

En contraposición ca documentación do período anterior (séc. V-VIII), na que conservamos para este segundo, por norma xeral, aparecen referenciados un maior número de asentamentos de forma concreta, sendo posíbel, incluso, a súa identificación con xacementos ou lugares na actualidade. En cambio, na súa gran maioría descoñecemos se estas fortificacións estaban en

funcionamento no momento de redacción do texto ou se simplemente se empregan coma delimitadores do espazo, por exemplo.

Unha das maiores problemáticas é que en apenas ningunha destas fontes se realiza unha equivalencia entre a terminoloxía empregada e a tipoloxía do enclave e, a maiores, para que sexa máis complexa a interpretación destes fortificacións, case sempre son usados de forma polisémica e/ou ambigua. Existe unha excepción feita na referencia situada nas *Etymologiae* de Isidoro de Sevilla, onde se ofrece unha lixeira explicación da xerarquización que daban *os antigos* a estes asentamentos. Outra dúbida, aínda maior, que nos ofrecen estas fontes históricas é o amplo espazo de tempo existente entre elas, para Isidoro (séc. VII) un *castrum* é o mesmo que para Hidacio (séc. V) ou para o escribán do Diploma do Rei Silo (Séc. VIII)? E esta referencia do primeiro que citamos anteriormente *-antiqui dicebant⁷⁶-*, a quen se refire? Aos antigos do séc. I e.c. ou aos do V e.c.? Así mesmo, os *castella* que referencia Hidacio representan o mesmo que os que aparecen no texto de Odoario?

Terminoloxía das fontes históricas	Interpretación funcional
<i>Oppidum</i>	Cidade, núcleo de poboación importante ou praza forte amurallada, centros administrativos, etc. Nun nivel por baixo das cidades principais, <i>urbs</i> .
<i>Castrum</i>	Categoría de fortificación inferior a <i>oppidum</i> . Posibilidade de desempeño de funcións de estruturación territorial e parroquial. Asociadas á presenza militar.
<i>Castellum</i>	Poboado secundario amurallado ou unha fortificación de defensa e control territorial.
<i>Turres, burgi</i>	Pequenas fortificacións co obxectivo de control territorial. Posibel orixe de fortificacións maiores.

Lámina 171. Táboa coa terminoloxía empregada nas fontes históricas para referirse ás fortificacións dos séc. V-VII e interpretación funcional. Información de Gutiérrez González (2014).

Esta “*tentativa de gradación tipolóxica, adscripción social y jerarquización social*”⁷⁷ [sic] para as fortificacións do séc. V-VIII

⁷⁶ Oroz Reta & Marcos Casquero, 1982, p. 228; XV, 2, 13

⁷⁷ “*tentativa de gradación tipolóxica, adscripción social e xerarquización social*” Tradución ao galego por parte do autor a partir da orixinal en latín.

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

realizada por Gutiérrez González (2014) recolle toda a variedade terminolóxica comentada. Esta, xunto ca indefinición das mencións recollidas nas fontes e a falta de estudos arqueolóxicos en profundidade fai que resulte prematuro, polo momento, empregar estas denominacións no conxunto de xacementos arqueolóxicos estudados neste traballo. Consideramos que este paso pode ser interesante conforme avance o coñecemento científico sobre estes asentamentos. A pesar disto, asociar unha denominación que provén das fontes históricas a un asentamento pode incorrer na focalización deste cara un momento cronolóxico e funcional concreto, esquecendo a posibilidade -ou realidade- de varios momentos de ocupación e de uso. Polo tanto, malia asumir que é preciso unificar a terminoloxía e realizar unha boa categorización dos asentamentos, sempre defenderemos o emprego da toponimia tradicional do asentamento.

Actualmente, dentro da historiografía existen varias formas de denominar o que nós, ao longo deste texto, vimos denominando como asentamentos fortificados *indefinidos*: castros, fortificacións, asentamentos en altura, castelos etc.; mais non consideramos a ningunha das mesmas como completamente representativa destes lugares.

Malia poder equipararse estes asentamentos fortificados como *castros*, desbotamos o uso desta terminoloxía ao referirmos como conxunto por mor a unha máis que posíbel confusión destas asentamentos fortificados posromanos cos da Idade do Ferro. A nivel teórico, a proposta terminolóxica que consideramos máis adecuada é a denominación de *castelos de primeira e segunda xeración* formulada por múltiples especialistas (Brogiolo & Chavarría Arnau, 2005; Brogiolo & Gelichi, 1996; Quirós Castillo, 2013a), con todo o que leva aparelado este concepto. Igualmente, a nivel práctico, como unha forma de unificar conceptos ao longo de todo este texto, e para equiparalo con traballos contemporáneos que tamén referencian estes xacementos, como propón Tejerizo-García, empregamos a terminoloxía de *asentamentos fortificados* (Tejerizo-García,

2017, p. 100). Consideramos que esta denominación é a que mellor se adapta á realidade do espazos que estudamos e que favorece a súa identificación. Consideramos que inclusión do adxectivo *indeterminado* nesta terminoloxía realza a singularidade destes xacementos fortificados e escenifica mellor o momento de transición entre os *castra* e *villae* romanas e os *castelos* e *vilas* altomedievais. Así mesmo, esta denominación baleira de contido ideolóxico e de apriorismos o tipo de xacemento aos que nos estamos a referir.

11.2.2. ... da Antigüidade Tardía ou Alta Idade Media.

Aínda que o encadramento do marco cronolóxico destes asentamentos fortificados merece un traballo de análise e de interpretación profundo, consideramos preciso nesta altura, indicar ás formas terminolóxicas que empregaremos para referirnos ao contexto xeral e definir como referenciamos o marco cronolóxico xeral no que nos encadramos.

Como xa foi comentado no 1.4. *Un Marco Cronolóxico que tamén é indefinido* (p. 41) e repetido ao longo de todo o texto, o punto de partida para o estudo destes asentamentos fortificados é unha *indefinición*, non só tipolóxico-funcional, senón tamén cronolóxica, derivada da falta de investigación arqueolóxica previa. Polo tanto, contamos cun marco cronolóxico *indefinido* e que abarca dende o séc. V até o IX e.c. Dentro deste abano, somos quen de definir dous períodos. O primeiro comeza coas transformacións socio-políticas e económicas que xorden no mundo romano tardoimperial e rematará, aproximadamente, coa chegada dun continxente islámico á Península Ibérica a comezos do séc. VIII. Este feito *inaugura* outro período histórico, a Alta Idade Media. Mentres que para o período comprendido entre os séc. VIII e IX a terminoloxía é máis homoxénea, para a etapa previa (séc. V-VIII) contamos con múltiples denominacións, tendo cada unha delas un poderoso poso ideolóxico detrás.

De inicio descartamos as denominacións de “período das migracións” ou das *invasións*, período *xermánico*, *reinos bárbaros* ou época *sueva/visigoda* por consideralas imprecisas e que predestinan cara unha visión parcial da Historia (Orlándis,

11. Unha reflexión sobre a paisaxe fortificada na *Gallaecia Occidental* e sobre a existencia de asentamentos fortificados *indefinidos*

1987; Tejerizo-García, 2012). Nestas referencias, nomeadamente no uso do *período das invasións*, dásele importancia á conceptualización da Historia nun binarismo entre momentos bos e malos: os séc. V-VI é o momento no que o poder e a *pax romana* -feito positivo- desaparecen tras a *invasión* de varios continxentes bárbaros -feito negativo-. Curiosamente, moi na liña catastrofista do autor contemporáneo á chegada destes colectivos á península, Hidacio. Na segunda das opcións, a étnica: *bárbaros, suevos, visigodos etc.*, tampouco somos moi favorábeis ao seu emprego pola referencia a unha supremacía dun colectivo sobre outro só pola súa suposta atribución étnica, suplantando esta a toda unha serie de categorías máis importantes, coma poden ser a política, social ou económica.

Vigil-Escalera (2015, pp. 57-59) realiza unha moi interesante síntese sobre as orixes do termo *Antigüidade Tardía*, presentando dúbidas a respecto do emprego deste termo para referírmonos ao período comprendido entre os séc. V-VIII. Dende a súa óptica, este espazo cronolóxico ten trazos máis parecidos cos séculos posteriores que cos anteriores, sendo o máis novo do que vén, e non o máis vello do que xa pasou. Como unha forma de denominar esta teorización, escolle o concepto *Primeira Alta Idade Media* (Nissen-Jaubert, 2006, p. 143), asociando nel a idea de que os séc. V-VIII son o precedente do que pasará nos séc. IX-XI. Da mesma forma, poderemos asumir que os séc. V-VIII son herdeiros da situación creada no séc. III-IV. Polo tanto a mesma argumentación podería ser escollida para defender calquera dos dous conceptos. A mesma conclusión nos permite chegar a realidade da cultura material móbel deste momento histórico, dividíndoo en dous bloques diferenciados, transicionando dende unha materialidade herdeira directa dos últimos séculos de presenza romana (séc. V-VI) cara unha materialidade que anticipa a que poderemos observar en séculos posteriores (séc. VII-VIII).

Malia asumir os conceptos teóricos que implica o uso do termo *Primeira Alta Idade Media*, consideramos que *Antigüidade Tardía* é o termo correcto para referirnos ao período comprendido

entre os séc. V-VIII e.c. Asumimos que, polo menos na primeira parte do período (séc. V-VI), as estruturas, os grupos de poder e a materialidade están intimamente ligados co pretérito poder romano. Polo tanto, o adxectivo tardío ou final ao período da Antigüidade condensa correctamente esta herdanza ideolóxico-material. De todas formas, tamén consideramos que a terminoloxía a empregar para enmarcar cronoloxicamente este traballo non debe distraernos do noso estudo e da nosa análise, como xa foi proposto por Tejado Sebastián (2010, pp. 129-132).

Polo tanto, con todas as precondicións ideolóxicas que leva aparelado o seu uso escollemos como referencia para este traballo o termo *Antigüidade Tardía* ou *tardoantigüidade* para referirmonos ao período comprendido entre os séc. V-VIII e.c. e o termo *Alta Idade Media* para o período posterior (séc. VIII-X).

11.3. A importancia do marco espacial

O noso marco de actuación é o occidente da antiga provincia romana da *Gallaecia*, sendo innegábel que este territorio ten unhas características diferentes e diverxentes co resto do territorio peninsular durante o transcurso da Antigüidade Tardía e Alta Idade Media. Entre estas características diverxentes poderíamos mencionar: a *brusca* desaparición do poder romano a comezos do séc. V e a *rápida* creación dun suxeito político *independente*, comunmente denominado Reino Suevo; ou o proceso de independencia local tras a desaparición do Reino Visigodo e a construción dun novo suxeito político no noroeste.

A propia evolución histórica do noroeste configurou unhas necesidades e realidades que, por lóxica, posibelmente non se partillen con outros puntos do antigo común espazo romano. Polo tanto, a nosa análise e hipóteses circunscríbense exclusivamente ao noroeste peninsular, sen procurar amplialas ou aplicarlas a outros espazos do antigo poder romano. Dito isto, tampouco se poden descartar posíbeis paralelos con outros territorios da península ou pertencentes ao Imperio Occidental.

Capítulo 12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

Mentres que nos capítulos previos abordamos o como e o que son estes asentamentos fortificados, ao longo do presente describiremos e razoaremos cando, por quen, porque e para que foron ocupados esta tipoloxía de xacementos. O interese deste fenómeno non é simplemente a reaparición novamente dunha paisaxe fortificada no noroeste peninsular, senón sobre todo os procesos sociais, económicos e políticos que xustifican e dotan de lóxica a escolla como lugares de hábitat a estes asentamentos fortificados (Wickham, 2002).

12.1. O(s) momento(s) de ocupación dos asentamentos fortificados

O abano cronolóxico *tradicional* para a ocupación destes asentamentos fortificados é moi amplo, repetindo constantemente a gran maioría dos traballos previos sobre estes sitios unha ocupación situábel, sen entrar en grandes fonduras, entre os séc. V-IX e.c. Entendemos que estas reticencias a definir un marco cronolóxico concreto para estes asentamentos fortificados veñen dadas polos poucos datos arqueolóxicos dispoñíbeis. Consideraríamos un erro asumir que este amplo abano cronolóxico fora aceptado, simplemente, por repetir paradigmas historiográficos non comprobados dándoos por validos sen realizar unha revisión crítica.

O porque desta ampla cronoloxía comunmente aceptada ten a súa orixe na mesma lóxica da que se partiu ao iniciar este traballo: estes asentamentos fortificados que non poden ser nin protohistóricos, nin romanos, nin medievais, así que, polo tanto, teñen que *estar no medio*, isto é: unha ocupación situada entre os séc. V-IX e.c. Como xa foi explicado, asumimos este marco cronolóxico amplo ca fin de non ter prexuízos e preconceptos ao longo da presente investigación, mais é intención desta propor unha cronoloxía de ocupación baseada nos datos arqueolóxicos dispoñíbeis para estes asentamentos fortificados *indefinidos*. A reducida investigación arqueolóxica realizada nestes xacementos na *Gallaecia Occidental* limita a precisión para cumprir este obxectivo, polo tanto, tamén demostrase como necesaria a comparación con outros marcos espaciais próximos (*Gallaecia Central*⁷⁸, por exemplo), asumindo que este proceso de fortificación da paisaxe é común “en practicamente toda la península ibérica, aunque con distintos grados de intensidad según el área geográfica” (Tejerizo-García, 2017, p. 100).

Efectivamente, na nosa investigación arqueolóxica, tanto a través do estudo dos escasos indicios cronolóxicos na arquitectura e cultura material, como sobre todo, a través do estudo estratigráfico e datación do caso de Faro de Budiño, fomos quen de comprobar que este arco entre os séculos V e IX é correcto para datar estes recintos. Non obstante, antes de tomar estes resultados en consideración, preferimos preguntarnos polas diferentes lóxicas históricas que poderían explicar (e tamén datar) estes recintos.

12.1.1. En que momento(s) poden ser ocupados estes asentamentos fortificados

Consideramos que a creación desta tipoloxía de asentamento e, en xeral, a construción planificada dunha paisaxe fortificada como a que estamos a documentar ten que responder a momentos

⁷⁸ Por *Gallaecia Central* estamos a referirnos aproximadamente ao territorio ocupado actualmente polas provincias de Lugo, Ourense, León, Zamora, o occidente de Asturias e a rexión de Trás-os-Montes.

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

de tensión e de transformación nas estruturas socio-políticas e económicas a nivel rexional. Dentro do noso amplo marco espacial, a *Gallaecia*, son localizábeis a través das fontes⁷⁹, dentro do noso marco cronolóxico *apriorístico*, entre os séc. V e IX, tres momentos históricos que poderían adxectivarse como *de cambio* para o noso marco espacial:

A fin do Imperio Romano e a chegada dos continxentes bárbaros, os *pobos Suevo e Asdingo*⁸⁰: A comezos do séc. V o poder imperial no noroeste vai esmorecendo ao longo do seu primeiro cuarto para verse substituído, conforme avanza o século, polo novo poder xurrido tras a chegada dos continxentes bárbaros *suevos* e *asdingos*. Esta repartición do poder rematará cun conflito que estoupará no 419 entre ámbolos dous continxentes bárbaros e que rematará no 420 ca derrota do grupo *asdingo* a mans dun esforzo combinado *suevo-romano* (López Quiroga & Rodríguez Lovelle, 1995; Hydatius, 60-66; en López Silva, 2004, p. 167–168). A partir deste momento, existirá un conflito entre o *pobo suevo* e a *plebem galleciam* [sic] pola supremacía do poder na *Gallaecia Occidental*, podendo considerar este choque de intereses solucionado a partir da segunda metade do séc. V e.c. (Díaz Martínez, 1998, 2011, pp. 165-190; Fernández Calo, 2017). Neste contexto de transición de provincia imperial a Reino, entendemos que as elites locais sexan as responsábeis da construción destes asentamentos fortificados como un intento de reafirmar a súa categoría previa e asentarse nunha posición de forza consolidada ca fin de re-negociar as novas cotas de influencia fronte ao novo poder bárbaro nun nivel de igualdade.

⁷⁹ Malia ser un traballo plenamente arqueolóxico, baseámonos nas fontes históricas para contextualizar a situación destes tres momentos de cambio.

⁸⁰ O concepto de *pobos suevo e asdingo* está en cursiva debido a que non concordamos ca idea de que sexan pobos en movemento, senón máis ben unha mestura entre grupos poboacionais e continxentes militares. Seguindo a liña do proposto para os Visigodos por Hallsal (2012).

É común nos estudos previos referidos a estes asentamentos fortificados citar a célebre referencia de Hidacio aos *Castella Tutiora*:

Sueui sub Hermerico rege medias partes
Callaciae depraedantes per plebem quae castella
tutiora retinebat acta suorum partim caede, partem
captiuitate, pacem quam ruperant familiarum quae
tenebantur redhibitione restaurant. (Hydatius, 81;
en López Silva, 2004, p. 169).

En base a esta mención, hai quen apunta que estes *Castella Tutiora* serían reocupacións de castros protohistóricos ou construcións *ex-novo*, nos que o polo aristocrático galaico fai fronte ao suevo (Arias Vilas, 1996; López Quiroga & Lovelle, 1999). O momento de ocupación principal destes asentamentos fortificados durante este período sería o séc. V, podendo estenderse a comezos do VI.

A fin do Reino Suevo e a súa asimilación polo Reino Visigodo: malia ser un posíbel momento de transformación e tensión, as fontes falan dun breve conflito e unha rápida asimilación posterior, sen grandes cambios estruturais ou amplos momentos de baleiros de poder (López Carreira, 2005, pp. 89-100). De seren ocupados nestes momentos, a cronoloxía destes asentamentos sería dende finais do séc. VI até inicios do VII e.c.

A fin do Reino Visigodo, a invasión árabe e o Reino da Gallaecia⁸¹: A rápida caída e desaparición do reino visigodo por mor da conquista árabe do sur peninsular supón un amplo espazo de baleiro de poder no noroeste peninsular durante o séc. VIII. Esta situación recorda claramente á xa descrita para o séc. V. Neste caso elites locais van procurar re negociar a súa posición entre elas e contra os poderes foráneos que queren asimilalas nunha estrutura superior, sexa o *Al-Andalus* nas súas diferentes

⁸¹ Empregaremos esta denominación xenérica para referirse o espazo político creado a partir de mediados do séc. VIII e.c. no noroeste peninsular en oposición a *Al-Andalus*, normalmente dado en chamar reino astur por parte da historiografía como parte dos mitos nacionais que conducen á construción da identidade española moderna (Collins, 1995, p. 50–51; López Carreira, 2005, p. 125).

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

configuracións políticas, *valí* ou *emirato* (Collins, 1995), ou o *Reino da Gallaecia* (Baliñas Pérez, 1991; López Teixeira, 2003). De existir ocupacións nestes asentamentos fortificados, estaríamos a falar dunhas cronoloxías entre o séc. VIII e o IX.

12.1.2. Hipótese(s) de ocupación para os asentamentos fortificados indefinidos.

En base aos datos obtidos e recompilados durante toda a investigación, consideramos que estamos no momento de poder lanzar unha hipótese cronolóxica para definir posíbeis momentos de ocupación da mostra de xacementos estudados neste traballo.

A partir del análises de la documentación arqueológica disponible creemos que esta es lo suficiente consistente en la actualidad como para establecer que el fenómeno de la construcción de asentamientos con sistemas de fortificación o defensa mas o menos rudimentarios o complejos es un rasgo propio de la quinta centuria, y que este argumento tiene validez como punto de partida para el resto de la investigación. (Vigil-Escalera Guirado, 2015, p. 232).

Como xa dixemos, a caracterización dunha mostra heteroxénea⁸², en base a súa morfoloxía, extensión ou situación, de asentamentos fortificados permitiunos comprobar que eran homoxéneos dende un punto de vista arquitectónico e de localización. Isto é, que malia as súas diferencias superficiais todos os asentamentos responden a unha lóxica construtiva e de ocupación da paisaxe similar, polo tanto poden compartir momento cronolóxico similar. A maiores, a cultura material estudada é homoxénea no construtivo *-tegula-* e heteroxénea no móbel *-dende cerámica engobada ou vidro até cerámica indefinida-*, máis conta, por norma xeral, cunha proximidade cultural e tecnolóxica ca cultura material móbel romana (ver

⁸² Basicamente, por morfoloxía, extensión e localización.

Capítulo 6. Intervención arqueológica no asentamento fortificado indefinido do Faro de Budiño, p. 215).

As cronoloxías obtidas por datación absoluta durante a escavación arqueológica no Faro de Budiño son coherentes entre si e mostran unha interrelación ca cultura material móbel recuperada (ver *Capítulo 7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados indefinidos da Depresión Meridiana*, p. 235). Polo tanto, asumindo os parecidos entre este asentamento e o resto, podemos apuntar cara uns momentos de ocupación paralelos.

Polo tanto, en base aos datos arqueolóxicos dos que dispomos actualmente, somos quen de poder lanzar a hipótese de que a primeira fase de ocupación destes asentamentos fortificados prodúcese a longo do séc. V e.c. Será neste momento cando se planifiquen, edifiquen, ocupen e abandonen a maior parte dos asentamentos fortificados *indefinidos* estudados ao longo deste traballo. As diferencias entre estes asentamentos, ben sexa por extensión, morfoloxía ou materialidade, móstrannos unha potencial xerarquización nesta paisaxe fortificada, xa indicada para outras rexións da Europa Occidental (Schneider, 2001), e que nos indica os diferentes procesos de adaptación *-resiliencia-* das sociedades locais da *Gallaecia Occidental* aos cambios sucedidos ao longo séc. V.

The end of the Roman Villa has been equated by some scholars with the end of the physical occupation of the structures and the space of the residential part of the villa. Consequently, the abandonment of a big number of Roman Villas in Western Europe and the Iberian Peninsula has been mistakenly dated in the 6th or 7th century, if not beyond this range, because of a physical presence which did not have to imply in all cases a functional continuation. [...] What we claim here is that the end of the Roman Villa relates to functional and economic reasons more than a simple question of physical occupation and, also, that in the central part of the Iberian Peninsula its end mostly happened in the 5th century within the

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

process of disarticulation of the Roman Empire, as it will be shown by some case studies. (Tejerizo-García, 2016d, p. 386)

Dous fenómenos alteran a organización espacial do noroeste peninsular a comezos do séc. IV, iniciándose de forma previa á aparición destes xacementos fortificados: a desaparición do *ethos* da *villa* romana como elemento centralizador e artellador da produción rural (Fernández Calo, 2017, p. 186–189; González Soutelo, 2006, p. 169–176; Pérez Losada, Fernández Fernández, & Vieito Covela, 2008; Ramil González, Fernández Rodríguez, Zabaleta Estévez, & Naveiro López, 2003) e a continua perda de poder estruturador da sociedade por parte do mundo urbano (Espinosa Ruiz & Castellanos García, 2006; Fernández Calo, 2017, p. 190–191; Pérez Losada, 2002; Rodríguez Colmenero, 2011; Tejerizo-García, 2016c). Non é casualidade que as maiores concentracións de asentamentos fortificados *indefinidos* estean moi próximas a dous *vici* de importancia durante o Imperio Romano, *Tude* ou *Iria Flavia*, ou a vías de comunicación importantes para o artellamento do territorio, como é a vía XIX (Rodríguez Colmenero, 2008) ou os portos atlánticos (Fernández Fernández, 2014; Sánchez-Pardo, 2014). De forma paralela á desaparición desta rede de organización político-social romana, estes asentamentos fortificados en altura revélanse tanto coma centros produtores coma os eixos artelladores do poder local (Tejerizo-García & Vigil-Escalera Guirado, 2017; Tente & Martín Viso, 2012).

Esta hipótese dunha ocupación no séc. V non é contraditoria cunha utilización do espazo en momentos previos a esta cronoloxía. Xa foi mencionada anteriormente a posibilidade de reocupacións en asentamentos de orixe protohistórica, xa documentada para outros asentamentos de características similares (Tejerizo-García, Rodríguez González, et al., En prensa). Polo momento, esta hipótese, por mor do reducidos dos datos dispoñíbeis, non foi documentada arqueoloxicamente para a mostra de asentamentos estudados, mais non é descartábel. Así mesmo, tampouco é descartábel, a posibilidade da ampliación dunha *turris* de control viario de época romana, por exemplo.

Igualmente, e en concordancia ca hipótese presentada de que a ocupación destes asentamentos fortificados prodúcese durante estes momentos *de transición e cambio*, parece producirse unha reocupación ou unha construción *ex-novo* dalgúns destes espazos no séc. VIII-IX e.c. As lóxicas presentes para a construción e habitación destes asentamentos no séc. V son facilmente asimilábeis para a situación existente tres séculos despois: a desaparición dun estado, a aparición dun poder foráneo, a axencia propia das comunidades locais, os conflitos referenciados nas fontes etc.

Realizamos esta hipótese en base a que parte da cultura material móbel estudada apunta cara este abano cronolóxico, onde está presente a cerámica feita a torno lento ou o man, cunha degradación tecnolóxica se se comparan ca cerámica de tradición romana (ver *Capítulo 7. A Cultura Material Móbel nos asentamentos fortificados indefinidos da Depresión Meridiana*, p. 235). Así mesmo, os resultados da intervención no Faro de Budiño demostran a potencialidade destas ocupacións no séc. VIII-IX, ca creación dun gran edificio na acrópole inferior do recinto nesta segunda fase (ver *Capítulo 6. Intervención arqueolóxica no asentamento fortificado indefinido do Faro de Budiño*, p. 215).

12.2. O porque e para que se recuperou a paisaxe fortificada na Antigüidade Tardía e na Alta Idade Media?

¿Dónde se refugiaba la población campesina e incluso los ejércitos y los señores de la clase dominante? ¿En los pequeños y mal defendidos castros de la región que nosotros conocemos, o construirían sus propios recintos fuertemente fortificados en las cumbres, quizás aprovechando en ocasiones el sitio y los materiales pétreos de algún antiguo castro? (Garrido Rodríguez, 1987, p. 29)

Para a arqueoloxía galega a maior cuestión sobre estes asentamentos fortificados é o debate cronolóxico, sobre todo

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

propiciado, como xa foi comentado, pola falta de investigacións arqueolóxicas en profundidade e polos prexuízos historiográficos. En cambio, un dos debates máis candentes a nivel internacional céntrase en quen fomenta a construción e ocupación dos asentamentos fortificados nestes momentos de *cambio*. Este debate é posíbel debido a número de intervencións arqueolóxicas que permitiron identificar e investigar unha gran cantidade de asentamentos datábeis entre os séc. V e VIII e.c. (Chavarría Arnau, 2013; Espinosa Ruiz & Castellanos García, 2006; Quirós Castillo & Tejado Sebastián, 2012; Tejado Sebastián, 2010).

12.2.1. Asentamentos fortificados ocupados no séc. V e.c.

[...] the suevic polity had to adapt to the existence of established aristocracies (Castellanos García & Martín Viso, 2005, p. 8).

O control territorial é un dos factores principais de interese en calquera sistema de dominio social, independentemente do formato político a o que ven aparelado. Este control do territorio é máis intenso ou perceptíbel dependendo da necesidade. Mentres que durante os séculos finais do Imperio na *Gallaecia Occidental* este dominio estaba organizado en base aos aglomerados urbanos e ás *villae*⁸³, no séc. V isto transformárase cara unha paisaxe onde os asentamentos fortificados -*castra et castella*- serán parte fundamental da mesma, xunto con asentamentos agrarios -granxas e aldeas- quedando os aglomerados urbanos relegados a un segundo plano (Ballesteros Arias & Blanco-Rotea, 2009; Quirós Castillo, 2009, 2013c; Tejerizo-García, 2016a; Vigil-Escalera Guirado, 2007, 2015; Vigil-Escalera Guirado & Bianchi, 2013).

Mentres que esta transición no modo de organizar o territorio é asumida pola gran maioría das investigadoras, o debate que aínda continúa candente é quen é o suxeito que promove este cambio. A grandes trazos, podemos identificar dúas posturas

⁸³ Ver categorización feita por Pérez Losada (2002).

opostas entre si: a primeira é que esta transición está dirixida dende as elites establecidas nos núcleos urbanos, imbricadas nunha estrutura de poder superior e con control sobre un campesiñado dependente (Brogiolo, 2012; Brogiolo & Chavarría Arnau, 2005; Chavarría Arnau, 2007, 2013). A segunda basease no aproveitamento, por parte das comunidades locais, do momento de debilidade do poder estatal para autoorganizarse e establecer a súa propia axenda (Guirado & Castillo, 2011; Martín Viso, 2012; Tejerizo-García, 2016a; Vigil-Escalera Guirado, 2015; Vigil-Escalera Guirado & Tejerizo-García, 2014).

A nosa postura xeral está máis próxima á segunda hipótese que á primeira, tanto para as ocupacións do séc. V coma para as do VIII-IX, que mencionaremos máis adiante. Nestes dous casos prodúcese un desgaste e unha perda de control do territorio por parte do poder central combinado cun rexurdir do vigor dos dirixentes das comunidades locais e o seu empeño para impor os seus obxectivos. Relacionamos a construción destes asentamentos fortificados cunha necesidade das *elites* destas comunidades locais de xustificar, representar e exteriorizar o seu poder como sucede noutros períodos históricos (Fernández Götzt, 2014; González García, Parcero-Oubiña & Ayán Vila, 2012). Máis alá da necesidade de control simbólico da paisaxe, tamén consideramos importante a funcionalidade real destes espazos: control dun territorio, punto de referencia a nivel defensivo⁸⁴, centros produtores de manufacturas especializadas⁸⁵ etc (Tejerizo-García & Canosa-Betés, 2018).

12.2.1.1. Da Resistencia...

[...] Our principal texts [...] give the impression of tension between central aspirations and local interest. Resistance [...] arouns specified

⁸⁴ Malia isto ser complexo de demostrar, asumimos que a existencia de construcións defensivas nestes asentamentos ten que responder a unha lóxica de fortificación do espazo perante agresións externas, tanto ao sitio coma á comunidade dependente do mesmo.

⁸⁵ Aínda non demostrado para a mostra de asentamentos estudados neste traballo, máis a existencia de industrias metalúrxicas ou de vidro é común neste tipo de asentamentos (Sastre Blanco, 2017; Tejerizo-García & Vigil-Escalera Guirado, 2017).

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

castra. [...] Hermeric launched an offensive [...] with forceful resistance from people who lived in castella (Castellanos García & Martín Viso, 2005, p. 7).

A desaparición do poder imperial romano no noroeste debeu ser un proceso traumático principalmente para a aristocracia local. Esta é a propiedade das *villa* e/ou residía nos núcleos urbanos: *possesores*, *nobiles*, aristócratas urbanos ou cargos relixiosos; e que está fortemente imbricada no sistema económico-social imperial. Estas aristocracias eran o colectivo que tiña unha posición de predominancia sobre unhas xerarquizadas comunidades locais. Durante a primeira metade do séc. V, esta clase social verase bruscamente separada da estrutura social na que tiña razón de ser e rapidamente enfrontada a unha elite foránea que chegaba para disputarlle o seu dominio social sobre unhas comunidades e o seu control sobre o territorio. Esta elite esóxena, que por facilidade de comprensión daremos en chamar *Sueva*, está apoiada por un continxente militar que acaba de atravesar o Imperio Romano de Occidente de leste a oeste, dende o Rin até o Douro-Miño. Malia isto, as elites e as comunidades locais, *galaicas* a fin de contas, seguirán identificándose dentro do sistema ideolóxico e material romano, como queda demostrado polo mantemento das redes de importación, feito que se mostra na continua recepción de *terra sigillata* ou ánforas mediterráneas (Fernández Fernández, 2014, 2015), ou o mantemento das producións cerámicas similares ás dos séculos imperiais (Alcorta Irastorza, 2001; Alexandra Gaspar, 2004; Bartolomé Abraira, 2015; Bartolomé Abraira & López Pérez, 2015; Fernández Fernández & Bartolomé Abraira, 2016).

Consideramos que a *estratexia* empregada polas elites galaicas consistiu na construción de asentamentos fortificados dende onde ser capaces de exercer o seu poder e artellar unha resposta ás elites suevas. A construción dun hábitat destas características tivo que ser ordenada, financiada e mantida por estes *possesores* e *nobiles*, xa que estes serían parte da única das clases sociais do momento que tería a capacidade de mobilización e concentración de recursos económicos e humanos ca necesaria

experiencia técnica para erguer e ocupar estes asentamentos. Isto si, cando Hidacio escribe “per plebem quae castella tutiora retinebat” (Hydatius, 81; en López Silva, 2004, p. 169) identifica que son as comunidades locais as que, a través destes asentamentos fortificados, tiveron que se defender dos ataques suevos (López Quiroga & Lovelle, 1999). Resulta interesante que nesta cita sexa identificada como *plebem* á comunidade que estaba dentro do *castella*. En base a esta referencia, podemos considerar que Hidacio, no momento bispo de Chaves e seguramente membro da máis alta aristocracia rexional do noroeste (Candelas Colodrón, 2004), non consideraba como os seus iguais ás elites que dirixían estas comunidades, ao contrario do que acontece cando arredor do ano 460, un continxente suevo ataca a *habitantes romani* na cidade de *Lycvs*. Esta distinción entre as elites que dirixen/habitan os *castra-castella* e a aristocracia que reside nas cidades pode indicar a diferenciación entre as aristocracias de ámbito local e as de ámbito rexional, respectivamente.

Así mesmo, cabe a posibilidade que este mundo urbano-rural, categorizado por Pérez Losada como *aglomerados secundarios* (Pérez Losada, 2000, 2002), vaia progresivamente acadando unha baixa intensidade de ocupación e perdendo a súa capacidade de organización económico-social do territorio circundante, sendo substituídas nesta labor por estes asentamentos fortificados, polos menos os de maior tamaño e proximidade a estes núcleos. Esta hipótese vese reflectida nos diferentes momentos de ocupación de *Bergidvm Flavivm* e Castro Ventosa (Tejerizo-García & Vigil-Escalera Guirado, 2017, p. 153), na comarca do Bierzo. Dentro do noso marco xeográfico, esta substitución da referencialidade do *aglomerado* ao asentamento fortificado, manifestaríase nos binomios conformados por *Tyde* e Monte Aloia ou *Iria Flavia* e Castro Valente.

Polo tanto, consideramos que a aparición desta paisaxe fortificada na primeira metade do séc. V e.c. é unha reacción que provén das comunidades locais, estruturadas arredor dunhas elites dirixentes, contra ás accións das elites suevas. Dende esta posición fortificada é dende onde estas procurarán impor a súa

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

axenda para xestionar o seu control socio-económico do territorio e exercer a *resistencia* contra as elites suevas.

12.2.1.2. ... á Resiliencia.

The castra were again important: [...] were the fulcra of both the political expansion of the regnum, and of the opposition to this expansion (Castellanos García & Martín Viso, 2005, p. 6).

Estes asentamentos fortificados son fundamentais para entender a evolución das dinámicas de poder ao longo do séc. V no noroeste peninsular. Mentres que durante a primeira metade de século dende estes puntos as aristocracias locais exercen unha oposición ao poder suevo, ao longo da segunda metade, e incluso antes, podemos observar como esta oposición frontal vaise transformar en aceptación e asimilación. Apoiados nestes sitios fortificados, as elites locais do noroeste peninsular foron parte activa e fundamental, xunto co poder militar suevo, da creación, expansión e mantemento dunha estrutura estatal que tería o seu fin a finais do séc. VI: o Reino Suevo (Castellanos García, 2006; Castellanos García & Martín Viso, 2005).

A negociación, tanto de forma violenta como pacífica, do conflito entre as elites solucionouse co recoñecemento por parte do reino suevo, como estrutura política, da autonomía destas elites locais. Entendemos que a resolución do conflito entre elites vese reflexada na oración “Suevi cum parte plebis Gallaeciae, cui adversabantur, pacis jura confirmant” (Hydatius, 105; en López Silva, 2004, p. 170). As elites locais foron capaces de negociaren a paz coas elites suevas, chegando a reclamar a mediación das autoridades romanas no trato (Hydatius, 91; en López Silva, 2004, p. 169). Polo tanto, estes asentamentos fortificados perderán interese por parte das propias elites que os mandaron construír conforme o reino suevo foi evolucionando cara unha realidade política froito da unión das elites galaicas e suevas.

12.2.2. Asentamentos fortificados do séc. VIII-IX e.c.

A realidade histórica é moi diferente nos dous séculos aos que nos referimos neste apartado. Neste caso, a estrutura estatal do poder existente, o reino visigodo, *colapsa rapidamente* froito das súas propias tensións internas e da presión exercida pola presenza dos continxentes árabes. Ao longo deste período, a maiores do poder estatal xurdido da combinación das elites árabes e posvisigodas, aparece un outro poder con carácter centralizador, que daremos en chamar *Reino da Gallaecia*⁸⁶. Polo tanto, a situación, malia recordar ao momento anteriormente mencionado, desaparición da estrutura política previa e baleiro de poder, conta con características propias, tendo unha gran importancia a existencia destes dous poderes *opostos* que procuran instaurar a súa dominación no mesmo territorio, a antiga provincia romana da *Gallaecia*.

12.2.2.1. Durante o séc. VIII

A comezos do séc. VIII e.c., outra estrutura política subordinante do noroeste peninsular desaparece. Como xa foi mencionado, o reino visigodo, froito das súas propias tensións internas e da presión dos exércitos do Califato Omeia, desaparece como ente político reitor da península ibérica ao longo do primeiro cuarto do séc. VIII. Este feito abre, novamente, a porta a unha maior autonomía das comunidades e poderes locais ao producirse un baleiro de poder a nivel rexional.

A substitución do reino visigodo polo dominio Omeia, primeiro como emirato dependente do califato e despois como emirato independente, non foi homoxénea nin completa. O novo poder musulmán negociou as cotas de poder coas grandes aristocracias visigodas para estender rapidamente o seu dominio territorial sobre a península, coma no caso do *Comes Cassius* e dos Banu Qasi, por citar un exemplo moi coñecido (Fierro Bello, 2009; Lorenzo Jiménez, 2010; Manzano Moreno, 1991, pp. 88-

⁸⁶ Escollemos esta denominación por ser a máis achegada ás mencións contemporáneas, nomeadamente as árabes: *Yilliqiya* (Carballeira Debasa, 2007, p. 109–173).

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

89). Na mesma situación de aceptación do novo poder Omeia poderían atoparse os poderes locais do noroeste peninsular, na *Gallaecia Occidental*, ca diferenza que non ficaron reflectidos nas fontes históricas (Díaz Herrera, 1999, pp. 128-133). Esta solución de negociación coas aristocracias se ben é rápida non pode ser asumida coma unha pacificación e anexión definitiva, coma ben se demostra ca *sublevación* das comunidades do noroeste, sendo a máis coñecida a mítica *Batalla de Covadonga* liderada por Paio, ou os propios movementos *independentistas* de Musa II da familia dos Banu Qasi na zona do río Ebro, “*tertius regem d'Isbaniya*” (Lorenzo Jiménez, 2010). Entendemos, polo tanto, o poder encabezado por Paio, e polo resto dos nomes que son asociados ao *Reino da Gallaecia* até Afonso II, como un poder local que, ante a desaparición dun poder superior e vixilante do *status quo*, procura expandirse e ampliar o radio do seu poder territorial e económico, dunha forma moi similar aos Banu Qasi. Este proceso de expansión enfróntao ao Emirato Cordobés e a outros poderes locais da *Gallaecia*.

Ao longo do séc. VIII, estamos propondo un dobre conflito que ocorrería de forma paralela no noroeste peninsular. O primeiro sería a loita, de forma aberta ou latente, polo control territorial, económico e social entre os diferentes graos de poderes locais e rexionais. E, ao mesmo tempo, un enfrontamento similar contra o poder emiral. Dentro deste duplo conflito é onde podemos inserir a reaparición do fenómeno da paisaxe fortificada, razoándoo dun modo moi similar ao acontecido no séc. V: desaparición dunha estrutura de poder subordinante previa, conflito contra unhas elites foráneas, diferentes axencias dos poderes locais etc. Coma exemplos de ocupacións durante o séc. VIII de asentamentos fortificados na *Gallaecia* podemos citar os lugares de El Homón del Faro e El Muro (Camino Mayor, Estrada García & Viniegra Pacheco, 2007a, 2007b), os primeiros momentos do castelo de Gauzón (Muñiz López & García Álvarez-Busto, 2012) ou Peña Amaya (Quintana López, 2017).

Segundo as fontes históricas semella que nas décadas centrais do séc. VIII apenas existiu un enfrontamento militar entre o poder

emiral e os poderes locais da *Gallaecia* (Barrau Dihigo, 1989, p. 133). En troques, de forma paralela, a conflitividade entre elites locais era moi elevada, coma queda reflectido na documentación sobre as loitas entre os *Gallecie populos* [sic] e os *reis* Froilán I⁸⁷ (Gil Fernández, Moralejo & Ruíz de la Peña, 1985, p. 134) e Silo⁸⁸ (Gil Fernández et al., 1985, p. 136). En relación a esta última mención, enténdese que o lugar onde sucede a batalla, o *monte Cuperio*, sitúase na parroquia de Montecubeiro, no Concello de Castroverde, que se localiza próxima á cidade de Lugo. Neste lugar localízanse dous castros, o de Maxide e Sarceda, e hai quen os relaciona con esta batalla (Vázquez Seijas, 1970, p. 203). A maiores tamén se conservou un documento relacionado con este *rei* Silo onde se mencionan dous asentamentos fortificados *-castros dvos-*. Referímonos ao coñecido coma o “Diploma do Rei Silo” (Floriano, 1949, p. 66–71, d. 9; García Leal, 2007), onde este último realiza unha doazón duns terreos para construír un edificio relixioso. Dentro das indicacións dos límites desta propiedade, son mencionados dous *castros* como referencia espacial, feito que xa avanzábamos no 11.1.3. *Castros alén da cultura castrexa. Será isto posíbel?* (p. 342) sobre as posíbeis reutilizacións destes sitios fortificados como marcos xeográficos. Así mesmo, non sabemos se estes dous *castros* eran simplemente fortificacións protohistóricas abandonadas dende facía sete séculos aproximadamente ou foran usadas recentemente dentro dos conflitos polo dominio territorial que xa referenciamos anteriormente, tanto no séc. V coma no VIII.

Polo tanto, interpretamos que a ocupación de asentamentos fortificados na *Gallaecia Occidental* durante o séc. VIII viría da man da necesidade dos poderes locais de demostrar o seu control territorial e a súa *resistencia* á integración nunha estrutura superior. A fortificación da paisaxe serviulle a estas elites locais

⁸⁷ “Froila [...] Gallecie populos contra se revelantes superávit omnemque provinciam fortiter depredavit.”

⁸⁸ “Silo [...] Galleciam sibi revellantem initio certamine in monte Cuperio superavit et suo imperio subiugavit.”

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

para negociar, ora pacificamente ora violentamente, esta integración dende unha posición de poder.

12.2.2.2. Durante o séc. IX

A situación a partir do séc. IX é diferente ao século anterior. Durante as primeiras décadas deste século, o novo dirixente do *Reino da Gallaecia*, Afonso II, parece ser quen de construír unha estrutura política na que son *incluídas* as elites da *Gallaecia Occidental* e onde non se rexistran, a través das crónicas e documentacións, os conflitos entre estas e o centro do poder situado nas montañas asturianas (López Carreira, 2005; López Teixeira, 2003). Esta realidade tamén se ve referendada pola cantidade de refundacións de edificios relixiosos datábeis durante este período (Sánchez-Pardo, 2015; Sánchez-Pardo, Blanco-Rotea & Sanjurjo-Sánchez, 2017b, 2017a; Sánchez-Pardo, Blanco-Rotea, Sanjurjo-Sánchez, Jorge & Barrientos-Rodríguez, 2018).

Dentro desta realidade, a ocupación de asentamentos fortificados vese máis relacionada coa defensa e estruturación interna do territorio galaico no marco do novo marco sociopolítico que coma unha forma de oposición, coma fora no pasado. Esta nova función dos asentamentos fortificados pode estar patrocinada pola monarquía ou polas elites locais (Gutiérrez González, 1992, 1995, 1997; Muñiz López & García Álvarez-Busto, 2012; Quintana López, 2017).

Os resultados da intervención no Faro de Budiño son moi interesantes para comezar a coñecer máis sobre a estruturación social nos séc. VIII-IX para esta zona da *Gallaecia*. A existencia dunha fortificación en pleno uso neste momento permite refutar arqueoloxicamente e superar os manidos tópicos historiográficos da *reconquista* (García Fitz, 2009) e do *despoboamento* do territorio situado entre o *Reino da Gallaecia* e o Emirato de Córdoba. A existencia do Faro de Budiño coma un asentamento fortificado en pleno uso neste século permítenos ver que o artellamento político neste espazo tan distante do núcleo do *Reino*, independentemente de que a obediencia desta fortaleza

fora contraria ou favorábel a este, era unha realidade complexa e en funcionamento.

12.3. A relación entre a sociedade e os asentamentos fortificados

Unha vez defendida a nosa(s) hipótese(s) de ocupación para estes asentamentos fortificados, é preciso facer unha reflexión polo miúdo do que significou a construción dos mesmos para a súa contorna próxima. Ao longo do traballo xa se foron dando pinceladas a respecto desta cuestión, mais neste punto son concentradas e ampliadas. A cuestión é resolver, ou crear un punto de partida, a respecto do que nos di esta materialidade arqueolóxica a respecto das sociedades e comunidades que construíron, ocuparon e habitaron estes asentamentos fortificados.

A **nivel social** pódese falar dunha sociedade organizada xerarquicamente. Para a construción dun asentamento fortificado das características dos aquí estudados é necesario unha serie de requisitos.

Como xa foi explicado, o local de emprazamento non é aleatorio, senón que sigue unha serie de parámetros necesarios: dificultade de acceso, control e presenza visual da e dende a contorna etc. Todo isto indica un estudo da paisaxe previo á elección do local de emprazamento e a unha facilidade na apropiación do espazo. Se ben a responsabilidade *final* da construción destes asentamentos, como xa foi comentado anteriormente, pensamos que é das elites das comunidades locais, esta escolla *a vontade* do lugar de construción indica ou unha propiedade previa sobre a terra ou unha facilidade na apropiación do espazo. En ámbolos dous casos, reflicte unha submisión de toda a comunidade para as súas elites, ben sexa esta pola tenencia da terra previa destas ou pola cesión/obtención pola forza da terra para os obxectivos desta clase dirixente.

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

Outra evidencia da existencia dunha comunidade organizada e xerarquizada vén das necesidades de persoal preciso para a construción dunha fortificación destas características. Malia as diferenzas de tamaño documentadas, até o asentamento máis pequeno precisa dun número elevado de operarias para a súa construción, polo tanto, isto indica unha organización previa dun conxunto de persoas baixo unha dirección única.

Así mesmo, unha vez finalizado e ocupado o asentamento fortificado, este exerce de centro de control social da comunidade próxima ao mesmo. Non entra na lóxica a construción dunha fortificación destas características se a súa función non é a do control da poboación próxima. As condicións favorábeis de control visual dos vales e das zonas de comunicación inciden nesta funcionalidade.

A **nivel económico**, a construción e mantemento dun asentamento fortificado é unha carga lesiva para o patrimonio da comunidade ou organización que o ocupa.

En primeiro lugar, sería preciso imaxinar o potencial gasto económico para a súa construción e mantemento. Non só as ferramentas e as materias primas precisas, sendo case todas de produción local, senón os gastos de persoal, é dicir, a contratación de artesáns e operarios especializados. Sería necesario persoal para planificar a construción, non do estudo previo da contorna para a escolla do lugar de emprazamento da fortificación xa comentado anteriormente, senón a propia preparación da construción, ca escolla da configuración do sistema defensivo e da localización das estruturas intramuros.

A maiores, o desvío do persoal humano necesario para a construción dunha fortificación destas características indica un potencial económico previo, xa que a procedencia deste persoal, con toda seguridade, provén do sector primario (agropecuaria con toda seguridade) que, mentres están ocupados nas tarefas de construción non están pendentes do seu traballo principal. Esta capacidade económica está relacionado co control social nunha comunidade, xa que neste caso desvíanse recursos dende a

capacidade produtiva primaria cara unha actividade que non dá un rédito económico no momento, senón que máis ben atúa de garante desta comunidade campesiña.

Relacionado ca capacidade de control social e da centralidade deste tipo de asentamento dentro da comunidade, pódense hipotetizar funcións de control económico, tales como a recadación de impostos, xestión dos espazos gandeiros de pastoreo etc. Así mesmo, por comparación con lugares similares situados no val do Douro, estes asentamentos fortificados poden centralizar a produción metalúrxica ou de vidro, por exemplo. Estas últimas características depende do emprazamento e do tamaño do asentamento, polo tanto non todos teñen a mesma funcionalidade nin impacto a nivel económico.

A **nivel simbólico**, en primeiro lugar, é preciso facerse unha idea da imbricación simbólica destes asentamentos ca paisaxe na que se constrúen. Por exemplo, a escolla do Faro de Budiño ou as Gallas do Galiñeiro para a construción do asentamento fortificado non é inocente. Así, estes poden ser usados como referencia simbólica na paisaxe, do mesmo modo, como xa vimos, de que os castros da Idade do Ferro comezan a ser empregados a partir da Alta Idade Media, polo menos na documentación, como elementos fronteirizos e de xeolocalización.

Dentro do plano simbólico, estes asentamentos son os novos centros de poder das elites locais, e, polo tanto, unha ferramenta máis destas para garantir a orde social imperante e para poder impor as súas axendas, tanto nas comunidades próximas coma para nas ou contra as foráneas. Polo tanto, representan a herdanza política do sistema previo (resistencias) e o punto de apoio destas elite para a negociación de novos *status quo* (resiliencia). A maiores, para as comunidades que viven *á sombra* destes asentamentos, a percepción destas ten que ser de control diario e de vixilancia.

Por último, é preciso considerar o uso destes asentamentos a **nivel militar**. Pola súa localización, máis que ter unha función ofensiva, estes asentamentos parecen estar relacionados cunha defensa da paisaxe e da comunidade, podendo ser empregada

12. O porqué do rexurdir dos asentamentos fortificados durante a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media na *Gallaecia Occidental*

como refuxio temporal ante ataques ou saqueos. A propia fortaleza defensiva destes lugares xa foi manifestada anteriormente e, de forma paralela, a dificultade de acción dende estas fortificacións cara o val, é dicir, unha resposta armada que parta dende estes vai ser lenta. Así mesmo, tampouco é descartábel o uso destes lugares, ou as súas proximidades, como lugares de reunión de continxente armados⁸⁹.

O interese polo control dun territorio delimitado implica a necesidade de vixiar calquera intento de *agresión* externa. Esta funcionalidade tamén pode ser cuberta por estes asentamentos fortificados, debido ao seu amplo control visual non só unicamente sobre a súa contorna, senón contra puntos lonxanos na paisaxe. Noutros puntos da península foron documentadas varias redes de faros terrestres, sendo interpretados como elementos de transmisión de sinais (Martí, 2008; Martí, Folch, & Gibert, 2007). Esta funcionalidade está contextualizada a partir do séc. VIII e.c., relacionándoa con técnicas aportadas polos árabes (Lecanda Esteban, Lorenzo Jiménez, & Pastor Díaz de Garayo, 2008). En cambio, estes asentamentos presentan un tamaño moitísimo menor cos recintos estudados nesta investigación, polo tanto descartamos que esa fose a súa única funcionalidade. Pero si que é posíbel considerar esta actividade de transmisión de sinais como complementaria as outras ou que algún destes asentamentos sexa o último elo desta cadea de sinais e receptor da información.

⁸⁹ El Diario Montañes, 2017/12/04
(<https://www.eldiariomontanes.es/region/besaya/restos-arqueologicos-hallados-20171121124800-nt.html>) [Consultado 2017/12/04]



Capítulo 13. Conclusións e Visión de futuro

Unha vez realizada a exposición de toda a investigación, é o momento de realizar unha recompilación das principais ideas mencionadas ao longo deste traballo, así como as conclusións xerais e unha proposta de posíbeis liñas a desenvolver no futuro.

O obxectivo principal desta investigación foi, partindo dunha serie de sitios arqueolóxicos *indefinidos*, (tentar) realizar unha caracterización arqueolóxica, definir a súa arquitectura e a súa imbricación ca paisaxe e realizar unha aproximación a súa funcionalidade e ao(s) seu(s) momento(s) de ocupación. Consideramos que este obxectivo cumpriuse dentro do esperado, sendo moi positivos os resultados.

Unhas das dúbidas máis profundas no momento do inicio desta investigación foi como definir cal era o noso obxecto de estudo e o marco cronolóxico. A escolla do nome (asentamento fortificado *indefinido*) non foi fortuíta. As dúas primeiras palabras do termo definen claramente, de forma aséptica e sen preconceitos, a característica principal dos sitios arqueolóxicos a estuda, a presenza dun sistema defensivo. O adxectivo *indefinido* tampouco foi unha escolla inocente. A falta de concreción na bibliografía previa, tanto para funcionalidade como para momentos de ocupación, fíxonos considerar que este adxectivo era o que mellor se adecuaba ao noso concepto aséptico. Este interese pola eliminación de prexuízos foi moi importante, xa que, de partir ca idea base dunha denominación cunha carga ideolóxica previa máis potente, como sería, por exemplo, a denominación de *castro*, esta alteraríase todo o traballo de caracterización e de contextualización destes asentamentos.

A seguinte cuestión era o marco cronolóxico desta investigación, estando este relacionado cas investigacións previas. Todas estas mencionaban uns abanos de ocupación moi amplos, entre o séc. V e o X e.c., xa que eran fortificacións que non cadraban dentro dos parámetros dos asentamentos das sociedades prehistóricas, nin de época romana ou medieval, polo tanto, por descarte, tiñan que ter unha orixe entre estas últimas. Polo tanto, asumimos este amplo marco como herdeiros dos estudos previos, mais sen fecharnos a estes límites temporais. Outra vez, presentouse o noso interese de non caer en apriorismos que puideran alterar a investigación. A nosa hipótese de ocupación para estes asentamentos só se realiza ao final do traballo dentro dun discurso histórico, unha vez recompilados, estruturados e razoados todos os datos arqueolóxicos.

Unha vez delimitado o obxecto de estudo e o seu, presuposto, marco cronolóxico era preciso crear un catálogo base de xacemento susceptíbeis de ser identificados como asentamentos fortificados *indefinidos*. Consideramos que a creación deste catálogo, aínda que previo e hipotético debido á natureza dos datos recompilados, é un dos avances conseguidos neste traballo. Para isto foi preciso a revisión da documentación relativa a asentamentos fortificados catalogados no inventario de xacementos do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, permitindo a construción desta enumeración de asentamentos fortificados que teñen unha *indefinición* e unhas características que lles fan ser interesantes para o concepto de fortificación e para o marco cronolóxico que se manexa nesta investigación. É importante facer notar que ficaron xacementos arqueolóxicos sen incluír polos poucos datos dos que se dispuña, o que nos fixo non incluílo para evitar caer en erros, ou debido a que a súa localización se atopaba afastada do noso marco xeográfico. Foi a partir deste catálogo previo dende onde se orixinou a mostra de xacementos arqueolóxicos analizados en profundidade.

Esta análise arqueolóxica dependeu do uso combinado das técnicas procedentes das Tecnoloxías de Información Xeográfica (TIXs), da prospección en campo e da escavación arqueolóxica.

13. Conclusións e Visión de futuro

En base a estas tres ferramentas realizouse a prospección e a caracterización, o máis completa posíbel, dunha mostra de dez asentamentos fortificados *indefinidos*. É de notar que este traballo nunca fora antes feito no seu conxunto para este tipo de xacementos arqueolóxicos.

As TIXs permitiron identificar o emprazamento destes xacementos, así como a súa configuración, os seus accesos etc., é dicir, servir de ferramenta auxiliar para a prospección de campo. Igualmente, permitiu realizar análises de visibilidade ou de escabrosidade, servindo como ferramenta para entender a inserción destes asentamentos na paisaxe. A prospección en campo conseguiu ampliar os datos obtidos a través das TIXs e definir e localizar, dentro da medida do posíbel, todas as evidencias arqueolóxicas conservadas *in situ* para cada asentamento. Mentres que algúns asentamentos si que foran prospectados no pasado, para outros era a primeira vez, sendo, para a grande maioría a primeira vez que se consegue unha planimetría detallada dos mesmos. A complementariedade do baleirado de información das fichas de inventario de xacementos do Servizo de Arqueoloxía coa prospección, tanto dixital coma a de campo, demostrouse ca localización dun novo xacemento arqueolóxico que non estaba inventariado: o asentamento fortificado do Monte das Penizas.

A outra ferramenta da metodoloxía arqueolóxica empregada nesta investigación foi a escavación arqueolóxica. É de notar, que esta é a primeira intervención que se realiza dentro dun asentamento fortificado *indefinido* cos obxectivos de acoutar os seus momentos de ocupación e as súas funcionalidades. Tras a escavación no Faro de Budiño é posíbel realizar unha hipótese sobre os seus momentos de ocupación e inserilo nos seus respectivos contextos históricos. Xa foron mencionadas outras intervencións previas en asentamentos fortificados *indefinidos* (Torres dos Mouros, Fortaleza do Galiñeiro ou Monte Aloia), máis os resultados destas, por desgraza, non conseguiron definir a realidade histórica na que se situarían estes lugares. Igualmente, tamén foi moi interesante e produtivo o traballo de Arqueoloxía Pública e Social realizado ao longo desta intervención.

Unhas das ferramentas que permitiu definir o asentamento do Faro de Budiño foi o estudo da súa cultura material móbel, maioritariamente a cerámica. Este mesmo traballo foi realizado para o resto de asentamentos estudados, realizando pesquisas nos museos por se foran depositados materiais procedentes destes xacementos. Isto nunca fora antes feito, é dicir, en ningún traballo publicado a respecto destes asentamentos fortificados menciónase unha revisión dos materiais depositados nos respectivos museos. Mentres que para algúns xacementos os resultados foron escasos e pouco definitorios, para outros, si que permitiron afondar no coñecemento e acoutar estas *indefinición* crónica. Así mesmo, os materiais exhumados durante a escavación no Faro, en combinación cas datacións radiocarbónicas, permitiron ampliar os datos a respecto dunha cultura material pouco coñecida, como é a comprendida entre os séc. V e X e.c.

